



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 98

**Sesión plenaria**  
**18 de outubro de 2022**

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Comparecencia

#### 1.1 42475 (11/CPP-000106)

Do vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, por petición propia, para informar sobre a situación en Galicia en relación coa asignación dos fondos europeos en materia industrial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 14.10.2022

### Punto 2. Mocións

#### 2.1 42368 (11/MOC-000118)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pérez Fernández, Rosana**

Sobre a política ambiental da Xunta de Galicia nas rías galegas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 36128, publicada no BOPG núm. 334, do 22 de xuño de 2022, e debatida na sesión plenaria do 4 de outubro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 14.10.2022

#### 2.2 42377 (11/MOC-000119)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio**

Sobre o control financeiro do Servizo Galego de Saúde exercido polo Consello de Contas (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 41162, publicada no BOPG núm. 388, do 20 de setembro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 4 de outubro de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 14.10.2022

#### 2.3 42410 (11/MOC-000120)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma**

Sobre o impulso da economía circular en Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 39636, publicada no BOPG núm. 371, do 31 de agosto de 2022, e debatida na sesión plenaria do 4 de outubro de 2022 )

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 14.10.2022

### Punto 3. Propositions non de lei

#### 3.1 22203 (11/PNP-002011)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e catro deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para loitar contra o despoboamento e a masculinización do rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 29.09.2021



**3.2 39048 (11/PNP-003362)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e seis deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para o cumprimento do cofinanciamento do 50 % da Lei de dependencia e para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno sexa equitativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 367, do 25.08.2022

**3.3 41242 (11/PNP-003491)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para defender a frota galega da pesca de artes de fondo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

**3.4 41560 (11/PNP-003513)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e sete deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa información e o seguimento da situación do viaduto do Castro, na autovía A-6

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

**3.5 41735 (11/PNP-003530)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Parlamento Europeo o rexeitamento da inclusión da quenlla na Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 05.10.2022

**3.6 41906 (11/PNP-003545)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa súa política fiscal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 05.10.2022

**Punto 4. Interpelacións****4.1 28908 (11/INT-001443)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a política eólica e medioambiental en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022



**4.2 30713 (11/INT-001519)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis**

Sobre a segregación do alumnado por xénero nos centros de ensino concertados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

**4.3 41947 (11/INT-002045)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa emancipación da mocidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 05.10.2022

**Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****5.1 42473 (11/POPX-000081)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as medidas urxentes que ten previsto adoptar en materia de sanidade para poñer fin á situación de colapso na que se atopa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 14.10.2022

**5.2 42474 (11/POPX-000082)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para atender as necesidades de saúde mental

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 14.10.2022

**Punto 6. Preguntas ao Goberno****6.1 37271 (11/POP-005333)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Sanz Arias, Cristina e seis deputados/as máis**

Sobre as medidas e os programas que a Xunta de Galicia ten previsto desenvolver no ano 2022 en apoio ao comercio de proximidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 02.08.2022

**6.2 42459 (11/PUP-000282)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Presas Bergantiños, Noa**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de manter as traballadoras sociais que integran actualmente as Oficinas de Atención á Víctima

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 14.10.2022



**6.3 38672 (11/POP-005759)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre os estudos ou informes existentes ou previstos por Augas de Galicia en relación cos terreos e co proxecto do parque empresarial de Pontecesures

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 26.08.2022

**6.4 37722 (11/POP-005467)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis**

Sobre a inclusión por parte da Xunta de Galicia nos orzamentos para o ano 2023 dunha partida suficiente para executar as obras da estrada autonómica PO-363 que permita mellorar a mobilidade e a seguridade en Redondela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 02.08.2022

**6.5 38556 (11/POP-005715)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Ojea Arias, Eduardo e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do cumprimento do acordo acadado no Parlamento de Galicia para comunicar Valdeorras con Galicia pola estrada OU-533

Publicación da iniciativa, BOPG nº 367, do 25.08.2022

**6.6 37657 (11/POP-005431)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Ferro Iglesias, José Luis e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia respecto das actuacións levadas a cabo en relación co pazo de Meirás

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 02.08.2022

**6.7 42469 (11/PUP-000283)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia**

Sobre a valoración do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades do cese do director xeral de Formación Profesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 14.10.2022

**6.8 37454 (11/POP-005392)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre os novos programas que puxo en marcha a Xunta de Galicia en 2021 para o desenvolvemento do Plan de saúde mental de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 02.08.2022

**6.9 42115 (11/POP-006345)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación coa reapertura do centro sociocomunitario Porta do Camiño, en Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 394, do 14.10.2022



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

*O señor presidente comunica as ausencias de dona Carmen Aira Díaz, dona Rosalía López Sánchez e dona María Encarnación Amigo Díaz, así como as súas respectivas delegacións de voto. (Páx. 12.)*

### ***Alteración da orde do día***

*O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da orde do día, de forma que o punto correspondente ás mocións se vai anticipar á comparencia do vicepresidente primeiro, que figura como primeiro punto da orde do día. (Páx. 12.)*

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández, sobre a política ambiental da Xunta de Galicia nas rías galegas. (Punto segundo da orde do día.)**

*Intervención do grupo autor da moción: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 12.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 15) e Sra. Suárez Sarmiento (P). (Páx. 18.)*

*Nova intervención da señora Pérez Fernández (BNG). (Páx. 21.)*



**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre o control financeiro do Servizo Galego de Saúde exercido polo Consello de Contas.** (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 27.) e *Sr. Rey Varela (P)*. (Páx. 30.)

*Nova intervención do señor Torrado Quintela (S)*. (Páx. 32.)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre o impulso da economía circular en Galicia.** (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 35.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 38.) e *Sra. Díaz Mouteira (P)*. (Páx. 42.)

*Nova intervención da señora Castro Rey (S)*. (Páx. 45.)

**Votación das mocións**

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández, sobre a política ambiental da Xunta de Galicia nas rías galegas: *rexeitada por 31 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 47.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre o control financeiro do Servizo Galego de Saúde exercido polo Consello de Contas: *rexeitada por 31 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 48.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre o impulso da economía circular en Galicia: *rexeitada por 31 votos a favor, 42 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 48.)

**Comparecencia do señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, por petición propia, para informar sobre a situación en Galicia en relación coa asignación dos fondos europeos en materia industrial.** (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 48.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 56.), *Sr. Fernández Alfonso (BNG)* (Páx. 59.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 63.)

Réplica do Goberno: *Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López)*. (Páx. 66.)



*A señora presidenta (Candia López) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 71.) Nesta rolda interveñen a señora Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 71.), o señor Fernández Alfonzo (BNG) (Páx. 73.), a señora Nóvoa Iglesias (P) (Páx. 75.) e o señor Sr. vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación (Conde López). (Páx. 77.)*

*Suspéndese a sesión ás dúas e quince minutos da tarde e retómase ás catro.*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para loitar contra o despoboamento e a masculinización do rural. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica a existencia dunha emenda do propio grupo autor da proposición non de lei. (Páx. 79.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 80.)  
Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. González Albert (BNG) (Páx. 83.) e Sra. Candia López (P). (Páx. 85.)*

*Nova intervención da señora Rodríguez Dacosta (S). (Páx. 88.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para o cumprimento do cofinanciamento do 50 % da Lei de dependencia e para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno sexa equitativa. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 90.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 90.)  
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 93.)  
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Ortega Otero (S). (Páx. 97.)*

*O señor Pazos Couñago (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 100.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para defender a frota galega da pesca de artes de fondo. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica a existencia dunha emenda do propio grupo autor da proposición non de lei. (Páx. 103.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Pérez Fernández (BNG). (Páx. 104.)*





Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 106.) e *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 109.)

*Nova intervención da señora Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 113.)

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa información e o seguimento da situación do viaduto do Castro, na autovía A-6.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 115.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 115.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 118.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 121.)

*O señor Balseiro Orol (P) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 124.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Parlamento Europeo o rexeitamento da inclusión da quenlla na Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 126.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 127)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Pérez Fernández (BNG)*. (Páx. 130.) e *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 133.)

*A señora Otero Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 137.)

*A señora Pérez Fernández (BNG) pide a palabra por inexactitudes da señora Egerique Mosquera (P)* (Páx. 138.). *Intervén a señora Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 139.), *con réplica da señora Egerique Mosquera (P)* (Páx. 139.) e *un diálogo posterior entre a señora vicepresidenta segunda da Mesa (Prado Cores) e o presidente.* (Páx. 140.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa súa política fiscal.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 140.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 144.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 148.)

*Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 152.)



### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación da Proposición non de lei autoemendada do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para loitar contra o despoboamento e a masculinización do rural: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 154.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para o cumprimento do cofinanciamento do 50 % da Lei de dependencia e para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno sexa equitativa: *aprobada por 40 votos a favor, ningún voto en contra e 31 abstencións.* (Páx. 154.)

Votación da Proposición non de lei autoemendada do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para defender a frota galega da pesca de artes de fondo: *rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 154.)

*O señor presidente e o señor Balseiro Orol (P) manteñen un diálogo sobre a votación da seguinte proposición non de lei.* (Páx. 155.)

Votación do punto 3 da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa información e o seguimento da situación do viaduto do Castro, na autovía A-6: *aprobado por 57 votos a favor, ningún voto en contra e 14 abstencións.* (Páx. 155.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, agás o punto xa votado, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa información e o seguimento da situación do viaduto do Castro, na autovía A-6: *aprobada por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 155.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Parlamento Europeo o rexeitamento da inclusión da quenlla na Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestre: *aprobado por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 156.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa súa política fiscal: *rexeitado por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 156.)



Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa súa política fiscal: *rexeitado por 17 votos a favor, 40 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 156.)

*Suspéndese a sesión ás oito e vinte e oito minutos do serán.*



*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustifican a súa inasistencia e delegan o seu voto —todo iso de acordo co artigo 84.7 do Regulamento da Cámara— dona Carmen Aira Díaz —que o delega na súa portavoz, dona Ana Pontón Mondelo—, dona Rosalía López Sánchez e dona María Encarnación Amigo Díaz —que o delegan no portavoz, don Pedro Puy Fraga—.

### ***Alteración da orde do día***

**O señor PRESIDENTE:** E, sen máis, comezamos cunha alteración da orde do día que xa foi comentada. Imos substanciar en primeiro lugar as mocións. E despois, ao terminar o debate e a votación das mocións, substanciaríase a comparecencia do vicepresidente primeiro.

Comezamos, polo tanto, coas mocións.

### **Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández, sobre a política ambiental da Xunta de Galicia nas rías galegas**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Bo día, señorías.

Presidente, bo día. Moitas grazas.

Hoxe volvemos traer a debate o estado e a situación —cada vez peor, baixo o noso punto de vista— das rías galegas. E traémolo porque nos preocupa pero, sobre todo, porque lles preocupa aos sectores que viven directamente delas, o sector pesqueiro, o sector marisqueiro e o sector mexilloeiro, fundamentalmente.

Con esta moción queremos propoñer a elaboración e o desenvolvemento dun plan estratéxico para a recuperación das rías galegas, un plan que entendemos que necesariamente ten que contar co propio sector do mar, cos centros de investigación da Xunta de Galiza e coas universidades, alén doutras entidades relacionadas co mar, un plan que cremos que ten que contemplar distintos aspectos —na nosa moción recolleemos algúns pero iso non quita, efectivamente, que poida contemplar calquera outro—.

Recolleemos aspectos como o control estrito de vertidos aos ríos e ao medio mariño, o saneamento integral das rías con EDAR de sistema separativo, o estudo ría por ría dos princi-



pais factores que inciden na perda de produción e a execución das medidas acaídas —segundo os resultados deses estudos que se efectúen— para recuperar os bancos marisqueiros —sobre todo, os que sufriron descensos de produción—.

Propoñemos a promoción de *hatcherys* públicas, ou mixtas, para surtido de semente propia e primar, dende logo, as especies autóctonas e procurar, en colaboración cos centros de investigación, as cepas máis resistentes aos parasitos e enfermidades habituais na nosa costa.

Propoñemos, ¡como non!, o potenciamento dos centros de investigación da Consellería do Mar e da colaboración entre estes e as universidades.

Como digo, propoñemos un plan que contemple cando menos, ¡cando menos!, estes aspectos que acabo de nomear, pero tamén outros que non recollemos aquí pero que terían cabida. Propoñemos un plan, en definitiva, rigoroso, calendarizado e, sobre todo, que estea dotado de orzamentos. Somos conscientes de que a posta en marcha dun plan desta envergadura non é unha proposta para un exercicio, que ten que ser obrigatoriamente plurianual, pero debe contar co concurso de todas as administracións para o seu funcionamento, a comezar pola europea.

O Estado español recibiu e está a recibir miles de millóns de euros dos fondos Next Generation. Non teño tempo agora de entrar nos criterios de distribución deses fondos nin noutros aspectos cos que non concordamos. Estes recursos deben utilizarse —os dos fondos Next Generation, entre outros— para dar resposta ás necesidades do país. E aí a Xunta tería e ten moito que dicir, e ten moita responsabilidade. Nós consideramos que mellorar o estado das rías galegas, das que viven miles de persoas directa e indirectamente, e recuperar e mellorar a súa produtividade debe ser precisamente unha das prioridades máximas do Goberno da Xunta de Galiza.

E, claro, cando falamos de prioridades, cando falamos de prioridade máxima, non nos estamos a referir aos remendos que vén aplicando a Consellería do Mar dende hai anos, e dos que volveu fachendear aquí a conselleira no último pleno con motivo da nosa interpelación; remendos que só buscan tapar problemas puntuais segundo teñan maior ou menor atención mediática pero que non van á orixe precisamente deses problemas. Por exemplo, a conselleira falaba o outro día de dúas ordes de axudas, con cartos, evidentemente, do FEMPA, non con recursos propios —por certo, noutro momento, porque agora non daría tempo, entraremos tamén a valorar a baixísima, por non dicir ridícula, execución por parte da Consellería do Mar dos cartos que veñen do FEMPA—. Ben, falaba de dúas axudas, unha para actividades marisqueiras sostíbeis e outra para a mellora da xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas. Falaba a conselleira de que dende o ano 2010 ata o ano 2021 se destinaron a estas dúas ordes de axudas 10 millóns de euros. E a conclusión é que hai moitos cartos gastados, millóns de euros só nestas dúas actuacións, pero o resultado é o que reflicten os propios datos da Consellería: unha redución brutal en todas as especies, precisamente máis acentuada aínda nese período que citaba a conselleira, de 2010 a 2021.

E cando falo de redución brutal, falo de redución brutal. No 2010 producíronse no noso país 696.335 quilos de ameixa babosa e no 2021 producíronse 212.207 quilos da mesma especie.



No 2010, por exemplo, producíronse 547.000 quilos, no conxunto das rías, de ameixa fina; e no 2021, 159.172 quilos. Ameixa xapónica —a máis resistente, a que promove e promociona a Consellería precisamente nesas *hatcherys*, que practicamente non existen—, 1.240.000 quilos en 2010 e un 1.323.000 no ano 2021. Ameixa rubia, 497.000 quilos no 2010 e 194.000 no 2021. E aquí, por exemplo, na ameixa rubia, non houbo *marteilia*, como achacaba ou como argumentaba a conselleira para a baixada do berberecho. E houbo as mesmas chuvias para todas estas especies, para todas estas especies de ameixas que acabo de citar, que as chuvias e as condicións naturais foron outra das causas que aduciu a conselleira precisamente para xustificar a redución do berberecho.

E así todo, así todo. Datos dei o outro día, o día da interpelación, un bo feixe deles. O do berberecho, efectivamente, é unha barbaridade, porque pasamos —nese período que citou a conselleira— de 1.419.000 quilos no 2010 a 757.000 quilos no ano 2021. Pero, claro, teremos que dar por bo o argumento da *marteilia* aínda que, efectivamente, non se corresponda na súa totalidade coas causas desta baixada.

É dicir, hai 10 millóns de euros en dúas ordes de axudas do 2010 ao 2021. E o resultado, señorías, ¿cal foi? Se despois de tantos anos de xestión, de conservación, de protección, de recuperación —segundo a Consellería—, segue caendo a produción, ¿non habería que ter feito algo xa? ¿Non habería que ter analizado precisamente as causas principais desa redución? ¿Non habería que ter ido ao fondo do problema, ver as causas e, a continuación, encetar as medidas acaídas?

Outro exemplo. Deixando á marxe o cambio climático, a produción marisqueira está ligada directamente á mellora das condicións ambientais e ao saneamento das rías. O saneamento das rías non é un obxectivo en si, senón o primeiro paso para recuperar as rías e a súa produtividade. O caso máis ilustrativo disto que estou a dicir é a ría de Ferrol. Investíronse millóns de euros, ¡millóns de euros!, na ría de Ferrol; sobre todo en instalacións de saneamento, en depuración etc. —absolutamente necesarias, efectivamente—. Pero ¿mellorou a produtividade da ría de Ferrol? A produtividade da ría de Ferrol está, como todo o mundo sabe, en mínimos históricos. Co cal os millóns investidos en sanear as rías non poden ser un obxectivo en si, senón precisamente un dos pasos, un dos primeiros pasos, para mellorar a produtividade —da que se fala moi pouco—.

Outro exemplo é o das zonas C. A conselleira retrucou os datos que eu lle dei o outro día e gabouse de que —e leo textualmente— «as zonas C pasaron de ser o 15,3 % do total en 2009 a ser o 9,2 % na actualidade». E díxoo así, textualmente. Pois si, efectivamente, ímoslle dar a razón. Diminuíron as zonas C, pero —e aí está o truco do discurso da conselleira— non disminuíron en bancos marisqueiros. Falou de que hai máis zonas A que en 2009, pero non dixo que non coinciden con bancos marisqueiros. En moitos casos, por exemplo, coinciden coa ubicación das bateas, cos polígonos das bateas.

Dixo textualmente que podemos presumir de que temos o maior número de zonas A de toda España. Claro, pero faltoulle dicir que tamén somos os que temos —con diferenza— moitísimos máis bancos marisqueiros de toda España e os que máis marisco producimos.





Hoxe temos 14 zonas —no día de hoxe, insisto— de marisqueo no noso país nas que non se pode extraer marisco para a venda. Dezaseis anos despois de entraren en vigor os regulamentos europeos que prohiben comercializar marisco de zonas C e sendo un dos principais produtores de toda Europa, temos 14 zonas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Remato, presidente.

Outro exemplo dos datos que deu a conselleira —e remato con isto—, no único, practicamente, co que concordamos, é que dixo que hai un centro de asesoramento para a promoción de semente de *hatcherys* en Ribadeo, un centro en toda Galiza no país eminentemente marisqueiro de toda Europa, un centro pero non de produción, non unha sementeira, senón de asesoramento de sementeira.

Polo tanto, nós entendemos que, efectivamente, os datos se poden interpretar de moitas maneiras, e ata se poden retorcer, como fixo a conselleira, para que digan eses datos o que un quere que digan.

Rematei, presidente. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pérez Fernández. Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Señora Pérez, xa veu vostede de verde para provocar, xa sabe, xa sabemos, como vai ir o debate. Porque isto dos debates parlamentarios nos que se sabe como se vai argumentar e como van terminar ás veces é un pouco sorprendente. Pero, en definitiva, e sobre a cuestión que trae hoxe aquí, señora Pérez, que foi motivo de debate na última comisión... (*Pronúnciense palabras que non se perciben.*) (*Pausa.*) Son a dez e cuarto aínda, non se me acendan tanto, teremos un pouco de tempo pola mañá.

Digo que foi motivo de debate a situación do sector marisqueiro en relación con moitos factores que explican a caída do sector marisqueiro —e, fundamentalmente, ademais, cun eixe central no saneamento das rías— na última Comisión 8ª, con preguntas que levamos dende o Grupo Socialista e propostas que levou o Bloque Nacionalista Galego, rexeitadas pola maioría deste Parlamento, polo Partido Popular, como non podía ser doutra maneira, para seguir a tradición. Ademais, estamos nun momento tamén de certa relevancia. Abríronse algúns bancos marisqueiros para libre marisqueo e temos un problema engadido de saneamento sobre o que hai un montón de promesas pero ningún cumprimento; e, polo tanto, nós cremos que segue sendo pertinente falar desta cuestión.



Nós adiantamos que imos ter un voto favorable sobre esta iniciativa. Dende logo, imos facelo convencidos de que hai moitas liñas de actuación que son necesarias, que deberíamos ter sobre as nosas rías, que hai tempo que deberíamos ter e que non se están mantendo —entre elas, algunhas das que están aquí recollidas—. Polo tanto, imos votar a favor.

E facémolo intentando aportar un diagnóstico que nós levamos sostendo durante anos e que leva consigo tamén o rexeitamento habitual do Partido Popular. Non entendemos moi ben por que. Ou, o que é peor, si que o entendemos, pero parécenos unha explicación un pouco estraña. E ten que ver co seguinte. Galicia ten un problema coa produción marisqueira e, polo tanto, tamén, en certa maneira, coa súa produtividade —non para algúns poucos produtores, pero si en xeral para a maior parte deles—. ¿Por que? Vou dar un dato —algúns ofrecéronse aquí agora, na última intervención, pola señora Pérez, que deu uns datos moi interesantes, pero hai algún que a nós nos parece sorprendente—.

Miren, en 2009 había —imos redondear— 6.500 permex en Galicia. Os permisos marisqueiros estaban en torno aos 6.500. O goberno que entrou en 2009 comprometeu a bombo e prato superar os 8.000 permisos marisqueiros en breve tempo. Superar os 8.000, ese foi o compromiso. Hoxe rondamos, tristemente, os 3.500. É dicir, aquel goberno que comprometeu subir os permisos marisqueiros atópase hoxe con que os reduciu practicamente á metade —algo máis da metade pero practicamente a metade—. ¿Por que? Porque o mar non anda ben, que é unha cousa que eu escoitei de xente veterana do mar —que o explica cunha certa humanización do mar, como fala a xente que vive do mar: «o mar non anda ben, non está ben, e hai anos que non están ben»—.

Iso si, atopámonos con que hai unha explicación fabulosa sobre esta situación que dá a Xunta de Galicia, e é que todo funciona razoablemente ben. Dende hai unha década ou vinte anos non hai unha baixada de produción. Debatemos isto a semana pasada na Comisión 8ª. Creo lembrar que foi o xoves, se non me equivoco. E o venres estiven con algunha xente que traballa no mar, nalgúns portos, nalgún porto, e sorprendíanse destas afirmacións da Xunta de Galicia, como tamén da que fixo a directora xeral o outro día na Comisión respecto de que non hai perda de produción, de que a situación vai ben, de que se extrae o mesmo agora que o que se extraía antes. E, a verdade, sorpréndenos tamén, porque impide facer un debate con sensatez.

Miren, o outro día eu facía un pequeno exercicio de repaso dalgunhas noticias de prensa. Voulles ler algúns titulares ou algúns extractos dalgunhas novas de prensa recollidos sobre o marisqueo en Galicia. «É o mesmo de sempre ou aínda peor, o libre marisqueo xa non convence a case ninguén.» Sobre a ría de Arousa: «Frustración e desánimo nun inicio do libre marisqueo en Arousa, peor do esperado.» «Patróns maiores urxen a Xunta a culminar a rexeneración.» «A campaña arrincou sen grandes esperanzas.» Todos estes son titulares de medios ou declaracións extraídas de entrevistas coa xente do mar, con patróns maiores.

Eu explicaba o outro día na comisión que estes titulares teñen, ademais, unha curiosidade entre si. Non son deste ano senón que son de varios anos atrás, collidos en varios anos distintos. E é porque todos os anos atopamos o mesmo problema —e cada vez peor, como di algún deles; por certo un patrón maior—, que é o mesmo de sempre ou aínda peor. Recibín





como explicación —é certo— por parte da directora xeral que este tipo de afirmacións se dan nos primeiros días da campaña de libre marisqueo. E apuntaba claramente —incidía niso— que era nos primeiros días, que logo todo se calmaba. Esta foi a explicación que recibimos, froito dun intento de saír dos debates no día. Patada para adiante e a seguir, e o que veña detrás que continúe o debate. A argumentación é que iso se dá nos primeiros días pero logo mellora. Miren, eu collín un titular de medios deste último venres: «O libre marisqueo en Arousa se afunde un pouco máis». E pódolles dicir que dentro dunha semana teremos titulares peores, porque o mar non anada ben, e que o ano que vén, se isto segue igual, teremos titulares peores aínda.

Se temos menos permisos marisqueiros é porque o mar produce menos, e iso é un problema. Non atopamos a maneira de explicar como se pode soste que isto está indo ben. Ten que ver con moitas cuestións, pero ten que ver tamén cunha cegueira voluntaria do Goberno da Xunta de Galicia, que argumenta que temos igual produto. E argumenta, ademais, que o rendemento do produto é maior, é dicir, que, en palabras da conselleira, habitualmente, do mar hai que sacar cartos e non marisco ou peixe. Se hai menos permisos marisqueiros —fíxense en que fácil é o argumento—, se o produto é o mesmo e vale máis, tiña que haber algunha xente facendo moreas de cartos, porque lles rende máis e son menos para producir o mesmo. Con menos xente producimos o mesmo e ademais vendémolo máis caro. Tería que haber xente facendo moreas de cartos. E non é así. ¿Por que? Porque non é certo. A Xunta está constantemente argumentando datos que son mentira. E isto é unha cousa que se pode defender aquí nunha comisión, porque a Xunta ten a sensación de que pode vir aquí ao Pleno, ás comisións, dar datos que non explica de onde veñen, son falsos, pero a partir diso construír unha idea: que isto está moi ben porque o dicimos nós. Bueno, a realidade non é esa.

¿Que ocorre? Que é moi difícil combater contra toda esa cegueira, e, polo tanto, imos ter unha dificultade engadida —dígollo xa, señora Pérez— para que o goberno do Partido Popular entenda que as cousas que vostede propón aquí solucionan parte do problema. O problema engadido non é que non o entendan, é que non conciben que exista un problema, e ese é o eixo da cuestión.

Dende hai anos, este goberno vive na autosatisfacción, no autobombo, di que isto vai moi ben, a xente perde os permisos de marisqueo, pero a cousa vai moi ben; a xente que vai ao mar atópase con que hai perdas constantes de semente, pero a cousa seica vai moi ben; a xente produce menos, pero seica vai moi ben; moita xente ten que abandonar os viveiros, pero a cousa vai moi ben; hai riadas e, polo tanto, pérdese porque non houbo ninguén que fose capaz de prever ou de manter sistemas de protección da semente, pero a cousa vai moi ben. E ao final as campañas de libre marisqueo ensinan sempre o mesmo.

¿Que defendemos con respecto a algunhas das medidas que se propoñen aquí? Nós defendemos dende hai moitos anos, evidentemente, que temos un problema de saneamento das rías, claro que si. Por iso a Unión Europea multou sobre esta cuestión xa hai anos, e con varios millóns de euros, porque temos un problema de saneamento das rías, claro que si. Pero é certo que, ademais diso, temos un problema de cegueira sobre iso, sobre ese saneamento.



Hai numerosas promesas. Eu voules expoñer un exemplo. En Vilagarcía eu escoitei en 2011 o por entón conselleiro responsable da cuestión, o señor Agustín Hernández, prometer 11 millóns —que non son poucos, e, se pos un euro diante doutro, aínda che fai un camiño longo— en saneamento da ría. Prometeu 11 millóns. Non apareceu ningún, non apareceron 11 nin tampouco 10 nin 9 nin 1, nin 4 pesos, non apareceu ningún. En 2011 ¡eh! Debía ser que había eleccións municipais xusto no momento. Pero en 2021 a conselleira encargada do asunto —iso si, dez anos despois, se vas prometer, non prometas o mesmo— prometeu 34. ¡É que dá igual, poden prometer 139 tamén se non o van facer!

Nós estamos fartos de escoitar moitas promesas. O Partido Popular promete moi ben, fantástico. Cumprir cumpre moi mal pero prometer promete fantásticamente. E, polo tanto, nós o que demandamos é que as promesas se transformen en realidades. E nós plantexámoslle ao Goberno: se considera que isto vai moi ben e que todas as queixas son infundadas, á xente que perdeu o seu permex porque non hai bicho para sacar do mar ¿que lle explica?, ¿como llo argumenta? E a pregunta xeral é: ¿cara a onde imos? Porque, se hai menos produción e a Xunta sostén que isto vai moi ben, ¿cal é o obxectivo final?, ¿cara a onde queren chegar? Esta é a cuestión que nós trasladamos. O mercado da exclusividade, é dicir, que se produza moi pouco de moi boa calidade para que só algúns o poidan pagar e só algúns se poidan beneficiar, terá algunhas vantaxes para algúns, pero ten moitísimos problemas. Entre eles, que perdemos moita xente vivindo do mar e que perdemos capacidade de extraelo. Pero, a partir de aí, nós preguntamos cara a onde queren chegar, cales son as razóns de que esteamos perdendo produtividade e por que —e esta é a última reflexión e isto nos gustaría escoitar— non van apoiar —se é que non van apoiar— medidas como as que propomos nós en xeral e hoxe —xa que falamos da proposta do Bloque Nacionalista Galego— algunhas das que están aquí a Xunta de Galicia non as quere aprobar. Nós non o entendemos, pero cremos realmente que o problema está en que a Xunta non ve un problema ou, o que é peor, ve o problema pero non lle importa. Incluso podía ser peor e pode ser que vexa un problema e queira que exista un problema. Pode que a Xunta queira que exista este problema. Desexamos que non sexa así, pero, polo de agora, cada explicación é peor que a anterior.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Suárez Sarmiento.

**A señora SUÁREZ SARMIENTO:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Esta moción que imos debater hoxe neste pleno, e que trae a debate o Bloque Nacionalista Galego, baixo o meu punto de vista ten dúas claras intencións: por unha banda, difundir a idea de que as rías galegas están nun estado calamitoso e, por outra banda, difundir a idea de que a Xunta de Galicia non fai nada por solucionalo nin aporta nada para apoiar o sector marisqueiro afectado por esta situación. Eu, evidentemente, non comparto ningunha desas



afirmacións, e tentarei convencelos a vostedes, con datos reais e demostrables, de que sosteer esas afirmacións é un erro.

Imos partir dunha idea común: a produción dalgunhas especies concretas nalgúns puntos das rías galegas non está pasando polo seu mellor momento. Esa afirmación seguro que a compartimos todos. Pero o que é certo e constatable é que a Xunta ten no saneamento integral das rías galegas un dos seus principais obxectivos. Asegúrolles que, tanto o Goberno galego como este Grupo Parlamentario Popular, estamos convencidos de que da calidade da auga das rías galegas depende un ecosistema único no mundo que ten un gran valor ambiental e tamén un gran valor socioeconómico.

Neste punto non estaría mal lembrar unha cuestión fundamental e básica. En España o saneamento, a depuración e o control de vertidos é unha competencia estritamente municipal, pero iso non evita que a Xunta estea a colaborar man a man cos concellos para apoialos nesta materia. De feito, en 2009 o Goberno galego aprobou o Plan de control de vertidos. E grazas a este plan conseguíuse que en dez anos os puntos de vertidos clasificados como contaminantes pasaran de supoñer un 40 % a un 15 % na actualidade. Repito, dun 40 % a un 15 % na actualidade. É dicir, grazas a este plan de vertidos reducíronse nun 25 % na última década os vertidos que son contaminantes. Como digo, o Goberno da Xunta avanzou moito no saneamento das rías galegas pero tamén sabe que aínda queda moito camiño por percorrer. E o importante é que se están poñendo as bases para conseguilo; como, por exemplo, a través dos 14 plans de saneamento local nas rías galegas desenvolvidos nestes anos, nos que se identificaron os problemas e polos que se planificaron obras e investimentos para atallalos.

A Xunta, a través da Consellería de Infraestruturas, ten investidos 1.100 millóns de euros encamiñados a mellorar e garantir a calidade da auga, dos que máis de 500 millóns se centraron precisamente no saneamento das rías. Nos orzamentos deste ano 2022 están consignados 102 millóns de euros para apoiar os concellos nas súas competencias de abastecemento, saneamento e depuración, dos que máis de 40 millóns se concentran especificamente nas nosas rías. Dos máis de 500 millóns dedicados á mellora integral das rías, 400 son de obras que xa están en servizo —por exemplo, nas cidades de Ferrol, no Burgo, Arousa, Muros ou Vigo— e outras que están orzadas e en proxecto, como son as de Foz, Cabanas, en Pontedeume, Rianxo, Pontevedra, Cee, Corcubión e Viveiro.

Vou parar nestes proxectos orzados e proxectados pero que están sen executar por problemas similares.

O primeiro é o de Vilagarcía. As obras de mellora dos colectores de ampliación da depuradora municipal teñen comprometidos por parte da Xunta 33 millóns de euros que permitirán reducir nun 97 % os vertidos deste municipio á ría de Arousa.

No que se refire á ampliación da depuradora é triste dicir que leva nun caixón do Concello máis de sete meses á espera dunha xestión municipal. (*Murmurios.*) Ría, señor Torrado, ría. Eu non río e a xente do mar tampouco ri. Dígolle a verdade. Eu pediríalles aos deputados do PSOE de Galicia que falen cos seus compañeiros do goberno local de Vilagarcía para que axilien ese trámite, porque é vital para o saneamento da ría de Arousa e para a produción ma-



risqueira da zona. Insisto, son máis de 23 millóns de euros xa orzados pola Xunta, que suporían a diminución do 97 % das verteduras á ría, e están parados pola mala xestión dun concello socialista.

No proxecto de Burela estase traballando intensamente na Consellería de Infraestruturas para sacar adiante este importante proxecto pese a todas as dificultades que está a impoñer a Dirección Xeral de Costas, do Ministerio para a Transacción Ecolóxica.

No colector de Vilanova de Arousa —perdoe que tire para a miña zona, que é a que máis coñezo, claro—, miren, hai un proxecto con 7 millóns de euros orzados por parte da Xunta de Galicia para a substitución deste colector, que está en moi mal estado e produce constantes verteduras a ría. Hai que dicir sobre este proxecto que a Dirección Xeral de Costas de Pontevedra lle dera o visto bo, pero en Costas, en Madrid, din agora que non se pode facer así. En consecuencia, hai unha instalación fundamental para a nosa ría, aprobada por Costas en Pontevedra, pero parada por outra decisión tomada desde un despacho de secano en Madrid e que prexudica a pesca e a xente do mar de Galicia.

Dicía que estes tres proxectos teñen problemas similares, pero en realidade o que teñen é un único problema: o bloqueo de gobernos socialistas. Gustaríame neste punto facer referencia á recentemente aprobada Lei de mellora do ciclo integral da auga, lei que persegue, entre outros obxectivos, eliminar as verteduras contaminantes aos nosos ríos e ás nosas rías; lei que, por certo, vostedes votaron en contra, porque desde a oposición reivindicán na rúa o saneamento das rías pero aquí no Parlamento, en canto se trae unha medida que pode axudar a atallar isto, vostedes sistematicamente votan en contra.

Señorías, do mesmo xeito que a calidade da auga, a existencia de brotes e patoloxías naturais pode ser moi determinante á hora de provocar un descenso da produtividade. A marteillose, por exemplo, prodúcea un parasito que provocou entre os anos 2012 e 2015 preto do cen por cento da mortalidade de berberecho. Convén sinalar ao respecto que, grazas ao empeño do persoal científico da Xunta de Galicia, a partir do ano 2016 esta dinámica comezou a cambiar e agora, afortunadamente, podemos falar de que na mostraxe realizada polo Cima o mes pasado nos Lombos do Ulla se rexistrou o maior recrutamento de berberecho da serie histórica.

Todos os aquí presentes sabemos que hai moitos factores dificilmente predicibles, ou incluso incontrolables, que poden influír na produción marisqueira, xa que as rías son un medio natural vivo. Por iso a Xunta está a realizar un seguimento constante do estado dos bancos marisqueiros e traballa intensamente, en colaboración coas confrarías de pescadores, alí onde se detectan descensos de produción investigando as causas e dando respostas.

Á parte do apoio técnico —hai que lembrar que todas as confrarías teñen un biólogo custeado pola propia Consellería—, a Consellería do Mar ten establecidas ordes de axudas ás que poden acceder as confrarías de pescadores, concretamente para acometer proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción. De feito, entre os anos 2010 e 2021 puxéronse á disposición do sector 17 millóns de euros e aprobáronse 284 proxectos polo importe de máis de 10 millóns de euros, aos que hai que sumar case 5 millóns de euros para financiar 45 accións impulsadas



directamente pola Consellería. *(Aplausos.)* Todo isto fixo posible rexenerar máis de 15 millóns de metros cadrados de bancos marisqueiros e a sementeira de máis de 200 millóns de unidades de semente de ameixa.

Ademais do apoio técnico, científico e económico, unha das medidas máis recentes promovidas pola Consellería do Mar é a creación da Rede entre o sector pesqueiro e organismos científicos de Galicia, constituída hai un mes e cuxo obxectivo principal é poñer en común o coñecemento do sector, da Administración, dos científicos e dos técnicos para que entre todos suxiran as accións que hai que levar a cabo na materia para darlles solución a problemas concretos que afecten os bancos marisqueiros e ás baixadas da produción.

É importante sinalar a este respecto que a Consellería do Mar xa ten asignada unha partida de 2,5 millóns de euros, para os anos 2022 e 2023, co obxecto directo de financiar as accións que Rede propoña para mellorar a situación. Confiamos na ciencia, da man do sector e dos profesionais que día a día extraen produtos das nosas rías.

Señorías, unha vez rematada a miña intervención, non sei se conseguín convencelos. Eu o que si sei é que, aínda que o conseguise, nunca o van recoñecer, porque vostedes cren que lles vai ir mellor politicamente transmitindo estas mensaxes catastrofistas ou restando valor á contribución da Xunta como principal e case única administración capaz de apoiar os concellos nos seus esforzos por mellorar as redes de depuración.

Eu creo que se equivocan na súa estratexia, porque levan anos con esta mensaxe e os resultados son os que son. As xentes do mar confiaron sempre no goberno do Partido Popular para solucionar os seus problemas e así o seguen facendo, non hai máis que ver esa bancada e ver esta bancada. *(Aplausos.)*

Señora Pérez, chegan tarde. A Xunta de Galicia xa ten un plan, e teno hai moitos anos, un plan proxectado con científicos, técnicos e, sobre todo, da man dos profesionais e das xentes do mar, un plan que vai xurdindo e vai dando resultados. Eu teño que dicirle que non podemos apoiar esta iniciativa, porque, desde logo, non imos ser cómplices das súas patrañas políticas *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O Partido Popular, o Partido Popular de Galicia, tanto desde o Goberno como desde este grupo parlamentario, seguiremos traballando man a man co sector. Eles sábeno.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Suárez Sarmiento.

Polo grupo autor da moción, a señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Señora Suárez, sinto decepcionala, pero, efectivamente, non nos convenceu, non nos convenceu.

As «patrañas» políticas dos grupos, neste caso da oposición e, nomeadamente, do BNG, baséanse única e exclusivamente nas patrañas que a Xunta de Galiza expón na súa propia





páxina *web* con pelos e señales, ano por ano, que indican que nos últimos vinte anos isto é unha auténtica debacle. As patrañas políticas do BNG baséanse tamén nas patrañas que durante os últimos vinte anos e, especialmente, os últimos dez anos veñen dicindo desde o sector: que a cousa vai mal. Diciao o señor Torrado. A expresión exacta que utilizan é: «O mar está enfermo». Esas patrañas —ou o que vostedes interpretan como patrañas— son, señora Suárez, a realidade, a realidade que vostedes, efectivamente, non queren ver.

Agora vostede, na súa intervención, dedicouse ao mesmo que se dedicou a conselleira o outro día, e ao mesmo ao que se dedican vostedes sempre. E, precisamente, esa intervención da conselleira do outro día é digna dunha análise de texto. Porque, claro, cando se di aquí parece que está dando unha chea de datos que son incríbeis, pero, cando se relé a intervención, resulta que son unha amálgama de cifras que non teñen conexión entre si.

A conclusión de todo o que vostede dixo, do que dixo a conselleira o outro día e do que levan dicindo durante os últimos dez anos é —xa llo dixen na miña primeira intervención—: millóns e millóns de euros nunha man para, segundo vostedes, mellorar os ecosistemas, aumentar a produtividade —cousa que non conseguen—, millóns e millóns de euros nunha man para facer que se fai, e coa outra outros tantos millóns de euros para apoiar e para impulsar proxectos absolutamente nocivos e rexeitados pola totalidade do sector —como, por exemplo, a apertura da mina de San Fins, sen ningún tipo de apoio social (*Aplausos.*) ou para o impulso e ampliación do proxecto da mina de Touro, por exemplo—. Son proxectos, evidentemente, que benefician os amigos do Partido Popular pero que están arruinando dende hai máis de dez anos a miles e miles de galegos e de galegas. (*Aplausos.*)

Quedo máis tranquila agora que dixo vostede que a Xunta ten un plan —de verdade que é para rir, se non fose para chorar—. O plan ao que se está a referir a señora Suárez, e ao que se referiu en gran parte da súa intervención a señora conselleira o outro día, é un organismo que acaban de montar que se chama Rede. Ten un plan despois de dez anos de baixada en picado de todas as especies, da produtividade de todas as especies nas nosas rías; ten un plan que creou —aínda non o puxo en funcionamento— o 7 de setembro deste ano. É dicir, para ser máis ou menos exactos, vostedes estiveron mirando a ver que se facía durante dez anos, e despois de dez anos conseguen constituír un organismo o 7 de setembro que se chama Rede. Pois aviados imos, porque, se temos que esperar outros dez anos —como agardamos agora precisamente por ese organismo— a que ese organismo estableza precisamente cal é a diagnose de cada ría e outros dez anos máis para que se poñan as medidas, realmente naquel momento xa no teremos rías nin teremos mariscadores nin mariscadoras. (*Aplausos.*)

Eu deilles, señorías, unha serie de datos tanto o outro día coma hoxe que non os inventei, son datos oficiais, datos que veñen dos propios organismos da Xunta. Faleilles de que no país eminentemente marisqueiro de toda Europa non temos no día de hoxe nin un centro público de produción de semente. E a semente, señora Suárez, está vindo, pero a mans cheas, de países como Francia ou Portugal. Faleille, señora Suárez —e isto, segundo vostede, son patrañas, pero son datos oficiais da Axencia Tributaria do Estado español, ¿verdade?, que non os inventa o BNG— de que en 2021 Portugal conseguiu ser líder de distribución de ameixas, berberechos e navallas no Estado español con 6,3 millóns de quilos, mentres Galiza baixaba a súa produción. En catro anos, ¡catro anos!, señora Suárez, do 2017 ao 2021, mentres



Portugal incrementaba a produción desas especies nun millón de quilos, Galiza reducía esa mesma produción en máis de 3 millóns de euros, señora Suárez. E en Portugal tamén chove, e en Portugal tamén teñen vertidos. O que pasa é que ao mellor o tema marisqueiro o toman en serio porque del, efectivamente...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...viven miles de persoas. (Aplausos.)

Remato, señor presidente.

É absolutamente incríbel a estas alturas que o Partido Popular cualifique de patrañas uns datos que o Bloque Nacionalista Galego extrae directamente do sector e dos datos oficiais da Consellería. Remato repasando as accións e as actuacións ás que o Partido Popular segue obcecado en opoñerse.

Primeiro, opóñense vostedes ao control estrito dos vertidos aos ríos e ao medio mariño — primeira cuestión—.

Segundo, opóñense vostedes —porque van votar en contra— ao saneamento integral das rías.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Faleille antes da ría de Ferrol. Foron millóns de euros investidos en sistemas de depuración e en sistemas de saneamento, e hoxe a ría de Ferrol é menos produtiva ca nunca.

Terceira cuestión, opóñense a un estudo ría por ría dos problemas e dos factores que están incidindo na baixa produtividade e, efectivamente, a poñer medidas para que isto se solucione...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ... e opóñense —remato, presidente— á creación...

**O señor PRESIDENTE:** Si, remate, por favor.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...de *hatcherys*, de sementeiras, públicas ou mixtas.

Pois ben, sigan vostedes, efectivamente...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o tempo, por favor.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ... instalados nisto, que dentro de dous anos a cidadanía... (A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, señora Pérez Fernández, terminou o seu tempo.

Visítannos hoxe os alumnos de primeiro e segundo de bacharelato do centro plurilingüe Liceo La Paz, da Coruña. Están aquí con nós. Un saúdo cordial para eles e os seus profesores, que os acompañan hoxe. Benvidos ao Parlamento.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre o control financeiro do Servizo Galego de Saúde exercido polo Consello de Contas**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Bo día de novo.

Bo día a toda a xente que nos acompaña. A verdade é que un gusto ver outra vez a tribuna chea. Van atoparse os nosos convidados cun debate un pouco denso sobre números e sobre como se xestiona economicamente o Sergas, a Consellería de Sanidade, que ten o volume máis grande de xestión económica de toda a Xunta de Galicia. Catro de cada dez euros públicos en Galicia destínanse a sanidade.

Pois dentro desa xestión de algo máis de 4.000 millóns de euros —que se di rápido— hai un montón deles que son opacos, non se sabe a onde van, están desviados, e os órganos fiscalizadores de Galicia afirman que se están gastando de maneira ilegal. Esta é a realidade sobre a que a partir de agora imos explicar o porqué, pero que está plasmada así en informes do Consello de Contas, o órgano fiscalizador das contas públicas e o órgano público máis importante sobre a auditoría das contas. Basicamente, estamos falando do entorno de mil millóns de euros, 1 de cada 10 euros públicos en conxunto, que nos últimos anos non se sabe onde están. Gástanse de maneira estraña e opaca, hai prórrogas de contratos que non se sabe a quen nin por que se dan de maneira legal. E, por tanto, temos un problema con isto.

Na última interpelación na que preguntamos ao conselleiro sobre esta situación obtivemos —o que vén sendo un truco parlamentario habitual— na primeira resposta un «non di nada», e na segunda dá argumentos que son falaces, algúns argumentos que —xa que estamos falando en termos económicos— deflatan bastante o debate; é dicir, que o deixan un pouco a unha altura bastante baixa. E vou intentar explicar outra vez os catro grandes puntos que sinala o Consello de Contas e que para nós son preocupantes. Vou intentar explicar cal argumento deu a Xunta de Galicia para explicar por que isto ocorría e como eses argumentos son sistematicamente falaces. Vou falar de catro problemas: a contabilidade é opaca; segundo, non se inclúen todos os organismos de sanidade dentro do orzamento de sanidade —efectivamente, non todo o que se gasta en sanidade aparece nos orzamentos de sanidade, algúns non aparecen—; o uso abusivo da contratación menor, é dicir, da contratación a dedo —o uso extremadamente abusivo—; e o que pasa cos 159 millóns de euros para sanidade





que o Goberno do Estado deu en plena pandemia e que se destinaron a outra cousa e ninguén sabe explicar a que, tiñan que ir a sanidade e destináronse a outra cousa —159 millóns de euros—.

Sobre as catro cuestións, da primeira, da contabilidade opaca, afirma o Consello de Contas que é imposible controlar as contas do Sergas e de Sanidade porque non teñen un sistema fiscal e un sistema contable como deben ter. A argumentación do conselleiro é: O Sergas utiliza un sistema distinto. Pois ese é o problema, que debe facilitar a información que se solicita e debe usar os sistemas contables que se deben usar. Isto é coma se a min me preguntan como utilizo os meus gastos e me dan unha táboa de Excel para explicalo e digo: Non, é que a min, como non me gusta o Excel, non cho vou dicir. Pois non é así, os cartos públicos hai que explicalos. E non se están explicando ben.

Segundo. Non todos os gastos do Sergas van incluídos no orzamento do Sergas. Explícoo — e vou poñer de exemplo as fundacións sanitarias, fundacións de investigación sanitarias vinculadas á Consellería—. Sobre o argumento de por que non se inclúen, di a Consellería: É que non son parte do Sergas. Vamos ser claros. O persoal é do Sergas —cando ten que negociar os convenios negóciano co Sergas—, traballa en centros sanitarios do Sergas, ten os seus contratos de espazos co Sergas, os recursos materiais cómpraos o Sergas, pero o Sergas di: ¡Ah!, teñen financiación propia. ¿Financiación propia? Si, conseguen contratos europeos. Voulles cambiar de terzo para un máis fácil. Isto é o mesmo que afirmar que un grupo de investigación da universidade non depende da universidade porque consegue contratos europeos. Isto é unha falacia absoluta e unha mentira. E, ademais, quen a conta sábeo. Claro que conseguen financiación europea, porque son moi bos os nosos investigadores. Pero ¿quen os contrata? O Sergas. ¿Onde traballan? No Sergas. En centros ¿de onde? Do Sergas. Por tanto, son do Sergas. (Aplausos.) As súas contas non aparecen, non é posible saber o que está pasando con esas contas, non é posible porque non están nos orzamentos. E pasan cousas como que se está utilizando o persoal das fundacións de investigación para contratar, mediante outros sistemas laborais, persoal en precario para o sistema sanitario. E iso está pasando, e, como está pasando, nós queremos que estea nos orzamentos para que a Xunta, polo menos, se vai facer as trampas, teña que sonroxarse un pouco —se é que teñen capacidade— para facelo.

Terceiro, o uso abusivo da contratación menor. Cando falamos da contratación menor, para evitar os tecnicismos, imos ir ao fácil: falamos da contratación a dedo. É dicir, que non hai un concurso público polo que se poidan presentar empresas, senón que quen ten que contratar e pagar decide nese momento a quen se lle paga, porque si. ¿Debe de facerse isto o cero por cento das veces? Non. Hai algunha explicación: se un ten un problema urxente e necesita un directivo comprar un móbil, é obvio que non vai abrir un concurso e tardar un mes e medio en compralo; ou para arranxar unha porta ou terlle que cambiar unha roda a un coche cando está desprazado. Obviamente, isto é así. Pero non é posible que o 85 % da contratación que se fai por este sistema en toda a Xunta de Galicia a faga o Sergas. Son máis de 700 millóns de euros contratados sen publicidade. (Aplausos.) Argumento da Xunta de Galicia: Isto foi ata o 2017 —díxoo o conselleiro como dicindo que iso era doutros, que seu non era—. (Aplausos.) Era ata o 2017, e nese momento cambiou a lei. Pero é que anteriormente a 2017 xa era ilegal, xa era ilegal.



Outra argumentación é que aí eses contratos non só se fan así senón que se prorrogan ilegalmente; é dicir, que contratamos para algo que nos dá servizo un ano pero que se mantén tres. E neses dous anos a maiores ¿como hai que facer? Hai que xustificar e hai que explicar por que se prorroga o contrato. ¿Faino o Sergas? Non. E, por tanto, nós preguntamos: ¿por que non o fai e seguimos pagando contratos, o Sergas segue pagando contratos, que non xustifica?

Dixo algo o conselleiro aquí —que eu agardo que non fose así—. Dixo que este era un sistema avalado polos técnicos da Xunta. Nós preguntámonos: ¿está dicindo o Partido Popular que a Asesoría Xurídica e que a Intervención Xeral da Xunta avalan que prorroguemos ilegalmente contratos? Esta é a táboa, por exemplo, dalgúns que detectou o Consello de Contas. (*O señor Torrado Quintela amosa un documento.*) Sinalei un —podo deixar a táboa sen problema— porque prorroga nun seiscentos por cento o tempo de prórroga, ¡nun seiscentos por cento! Era un contrato para seis meses e durou tres anos. (*Aplausos.*) Argumenta a Xunta de Galicia tamén que isto é o mesmo que fan noutros lugares, e púxose o exemplo de Baleares. Bueno, nós citamos o exemplo de Baleares e a Xunta dixo: Baleares está como Galicia, o 10 % dos contratos fanse así. Pero hai un truco —que quen os pon sábeo—: Baleares usa o 10 % dos contratos así para o 3 % do gasto —é dicir, usa moitos contratos para pagar cousas de pouco valor— e Galicia usa ese 10 % dos contratos para pagar máis do 60 % de gasto, usa contratos para pagar cousas de moito valor. Porque non é o mesmo comprar un móbil de urxencia, pagar a viaxe de urxencia dun directivo, reparar unha porta, que comprar medicamentos, packs grandes de medicamentos, comprar un montón de volume de próteses de cadeira ou comprar un sistema informático. Máis fácil: un contrato menor como o que fai Baleares sería —por poñer ese exemplo— para contratar sen publicidade a reparación dunha impresora; o que fai o Sergas sería comprar todos os ordenadores do sistema co mesmo formato, que é non dicirlllo a ninguén e que alguén decida nun despacho a quen se lle paga. E non é o mesmo gastar 1.000 euros que 600 millóns de euros. (*Aplausos.*)

Por último, no ano 2020, en plena pandemia, o Goberno do Estado atribuíu a Galicia unha serie de fondos extraordinarios, practicamente 1.000 millóns de euros. Máis de 400 deles foron outorgados por criterios sanitarios, porque a emerxencia era sanitaria —se isto o podemos discutir, xa non podemos discutir todo, pero a emerxencia era sanitaria—; e, por tanto, de todas esas contas, de todos eses fondos, algúns que recibiu o Goberno da Xunta de Galicia gastounos en sanidade, pero non todos os que recibiu baixo criterio sanitario os investiu en sanidade. Houbo 159 millóns de euros —vóullelo repetir outra vez, houbo 159 millóns de euros— que se recibiron pola emerxencia sanitaria pero que se destinaron a outra cousa. E vostedes diranme: Bueno, podemos discutir ao que se destinaron, que tamén era importante. Vale, discutámolo, pero para iso fai falta que nos conten a que se destinaron. Porque a realidade é que sabemos que se destinaron a outra cousa pero aínda ninguén explicou a que se destinaron. E nós preguntamos: ¿que era máis importante que a sanidade en plena pandemia?, ¿a que destinaron 159 millóns de euros que nas contas que emite a propia Xunta de Galicia din que non están en sanidade? Están noutro lugar pero non din onde. E, por tanto, nós preguntamos: ¿onde están?, ¡¿onde están?!, ¿que era máis importante que a sanidade?

Nós demandamos, a través da proposta que traemos hoxe, un informe que explique exactamente a onde ían. Non pedimos nada revolucionario, non estamos saíndo ás rúas incen-



diando casas. Nós pedimos un informe que diga a que se destinaron 159 millóns de euros que a Xunta recibiu do Estado en 2020 por criterios sanitarios e que destinou a outra cousa. E adiantámoslles xa unha cousa: nós cremos que xa valeu, porque a argumentación do pleno pasado foi presumir. E aquí toda esta bancada aplaudía ao conselleiro cando dixo: Pois ¿sabe que? Non lle vou contestar. E aplaudiron. Eu creo que vostedes non son conscientes do que aplaudiron. Aplaudiron un goberno presumindo de que non ía contestar, coma se fose algo que vitorear. Non é posible que fosen conscientes. Vostedes entenderon que era un mérito político afirmar aquí nun pleno do Parlamento: Non lles quero contestar a iso.

Nós demandamos este informe, e aí andamos. E se este informe non se aproba e, por tanto, non se trae a esta Cámara, o que imos facer é solicitar dos grupos que todos esteamos a favor de crear unha comisión de investigación para saber o que pasou cos 159 millóns de euros. Moito máis fácil que facer unha comisión de investigación é que vostedes elaboren un informe, que o Goberno faga un informe, firme, que o entregue neste Parlamento e diga onde están os 159 millóns de euros. Se é así, nós veremos que é posible saber onde están e discutiremos se as prioridades eran boas ou non, pero saberemos onde están. Cremos que é lexítimo saber onde están 159 millóns de euros públicos; se non, teremos que apelar a unha comisión de investigación e agardamos non ter que facelo.

Estas son as catro propostas, as catro ideas, resolver estes catro problemas que di o Consello de Contas de Galicia que é necesario resolver porque a Consellería de Sanidade ten unhas contas opacas e necesita explicar estas cousas. Nós tamén demandamos...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...claridade e transparencia no gasto público. E non entenderíamos, se non fose así, non ter o apoio de todos os grupos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Grazas, presidente.

Moi bo día. E moi bo día ás e aos convidados. Agardo que esteades disfrutando aquí no Parlamento galego, cousa que outros non facemos. (*Risos.*)

Indo á cuestión, no anterior pleno, efectivamente, diante da interpelación do Partido Socialista, o conselleiro pretendeu desviar a cuestión obxecto de debate a unha cuestión menor, a unha cuestión técnica. E dicía o conselleiro que, efectivamente, o Consello de Contas, que é o órgano fiscalizador das contas públicas, analizaba aspectos económicos e financeiros da Xunta e realizaba recomendacións. E poñía o acento no das recomendacións. Efectivamente, o Consello de Contas fai recomendacións porque non pode facer outra cousa, porque non ten capacidade punitiva nin de exixir rectificación á Xunta de Galiza. Dígoos porque parece



que fai recomendacións coma se fose unha cuestión de que non pasa nada. E insisto en que, se son recomendacións, é porque non ten capacidade para a exixencia do cumprimento das eivas que detecta.

E tamén o conselleiro facía referencia a que había aspectos mellorábeis que recomendaba modificar, mais que en ningún caso eran eivas de calado que supoñan un problema para o correcto funcionamento da entidade. E tamén xustificaba este abuso continuo a respecto dos contratos menores —que, efectivamente, significa contratos sen publicidade, significa adxudicacións dixitais, é dicir, adxudicacións a dedo— a que era unha especificidade do sector sanitario —en concreto, o farmacéutico—. Bueno, realmente é a tónica xeral que usa o Partido Popular de minimizar, de construír o seu relato sen que se corresponda coa realidade. Porque a realidade da que estamos falando non é unha cuestión técnica, non é unha cuestión menor, senón que do que estamos falando é do xeito en que o Partido Popular xestiona os cartos públicos, do xeito en que o Partido Popular xestiona eses cartos que son de todos e de todas; un Partido Popular tan dilixente, no caso concreto da sanidade pública, á hora de querer ser sempre os campións, de ter instrumentos tecnolóxicos para atender a sanidade pública, que, a pesar de que o informe do Consello de Contas leva trece anos advertindo de que non están facendo ben as cousas, de que hai déficits que non permiten esa fiscalización deste órgano independente, a pesar de que leva trece anos instando para que se modifiquen esas cuestións, resulta que non dá atopado tempo para facer esas modificacións que fagan que o sistema contable do Sergas se adapte ao sistema contable da xestión pública —algo que parece bastante evidente que pida o Consello de Contas—. Polo tanto, a nós resúltanos realmente preocupante que non se acceda a esta cuestión, que non se acceda a que a fiscalización da acción do Goberno se poida facer con luz e taquígrafos.

E o Partido Popular non o fai porque é público e notorio que a súa acción de goberno non vai destinada á transparencia, non vai destinada a ser o máis eficiente posible, non vai destinada a que eses recursos públicos vaian en beneficio da maioría, senón que a súa acción de goberno, maioritariamente, vai enfocada e destinada a favorecer os que máis teñen, a entregarlles recursos públicos aos que máis teñen. A súa acción de goberno vai destinada ás rebaixas fiscais dos que máis teñen para o seu beneficio e non para, por exemplo, a mellora dos servizos públicos. Iso é realmente o que se agacha detrás desa cuestión, porque o Consello de Contas lle leva pedindo trece anos á Xunta de Galiza que mellore a posta en práctica das súas recomendacións, recomendacións que sistematicamente van realizando e que nunha porcentaxe elevada seguen ano tras ano sen cumprirse.

E o tema é que non é soamente é a cuestión do Consello de Contas, que xa de por si sería máis que razoable, porque lle leva dicindo ano tras ano que non atende esas correccións. Son correccións que lle pedía antes desa modificación lexislativa, pola que o Partido Popular se agocha en que eran cuestións que antes non eran obrigatorias, e que, efectivamente, si que tiña que cumprir; cuestións como a incapacidade de planificar, xa que sistematicamente nos orzamentos da Consellería de Sanidade van cuestións que logo modifican porque hai unha non planificación a pesar de saber que van facer esas modificacións. É sistemático ano tras ano e xa lles levamos dicindo que hai un abuso das partidas orzamentarias para imprevistos, que hai un abuso desas cuestións. Porque saben que dese xeito van bordeando a legalidade e conseguen enmascarar o orzamento sanitario. Mais, como dicía, non se trata



soamente de todas estas advertencias do Consello de Contas, que están aí, que son reiteradas e que no último que fixo público seguen estando presentes; senón tamén de ocultar deliberadamente información aos deputados e deputadas con presenza aquí no Parlamento. É dicir, ocultan información para que non se poida facer fiscalización. Ocúltanlla ao Consello de Contas e non pode facer unha fiscalización correcta e ocúltannola aos deputados e deputadas para que tampouco poidamos facer esa fiscalización. Levamos tempo denunciando cuestións a respecto do artigo 9. As últimas denuncias fíxoas o noso compañeiro Dani Castro a respecto da cantidade de peticións de documentación que non chega a este Parlamento. ¿Por que? Porque non hai absolutamente ningunha intención do Partido Popular de que se poida fiscalizar a súa acción de goberno, non hai absolutamente ningunha intención. (*Aplausos.*) Moi ao contrario, a opacidade e a falta de transparencia son a súa norma.

E dicía que non é só coa lexislación anterior ao ano 2016, cando cambiou a lexislación e se fan unha serie de exixencias, senón que durante a última pandemia o Partido Popular perseverou nesa opacidade. O BNG xa trouxo aquí tamén a este Parlamento o informe especial de supervisión dos contratos tramitados pola vía de emerxencia, que na pandemia houbo en certa medida que facer uso desa figura. O Partido Popular é que se desbocou, adxudicou millóns de euros por esa vía de emerxencia, o que significa ningún tipo de trámite, ningún tipo de documentación para esa adxudicación. Hai unha constatación deses contratos de emerxencia, que constituíron un ecosistema perfecto para que proliferase todo tipo de bichería habituada a facer uso dos cartos públicos en beneficio propio. E o que é grave é que o Partido Popular minimizou no pasado e minimiza no presente esa situación. En palabras de Núñez Feixóo chámasele pillaría que houbo sempre, e que vemos como o conselleiro na interpelación do anterior pleno tamén minimizou. É unha simple cuestión menor, practicamente rebaixándose á cuestión contable.

Dende logo, no BNG non nos parece unha cuestión menor. Parécenos unha práctica que hai que desbotar. Non pode haber ningunha dúbida ao respecto da transparencia das adxudicacións dos contratos realizados pola Xunta de Galiza. E insisto en que o Partido Popular non ten absolutamente ningunha intención de que isto cambie. Ten votado aquí en contra neste Parlamento de que se cumpra a legalidade, de que se nos informe e de que se nos traslade a información. Votou en contra de que se realice unha auditoría sobre os contratos adxudicados a empresas de amigos do Partido Popular. Votou en contra de que se realice auditoría externa sobre os contratos tramitados pola vía de urxencia, de emerxencia, e, polo tanto, adxudicados a dedo, e de que se investigue como se usan os millóns de euros adxudicados. E o que si é unha realidade é que trece anos de goberno do Partido Popular deixan, no caso da sanidade, unha sanidade pública na UCI, con problemas de todo tipo, mais as empresas amigas do Partido Popular en moi boa situación económica. E nunha parte moi importante é por esta adxudicación continua, constante, esta choiva fina coa que regan as súas empresas amigas sen pasar por ningún tipo de control, con estas adxudicacións a dedo.

Moitas grazas.

Imos votar, evidentemente, a favor desta iniciativa. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.





Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rey Varela.

**O señor REY VARELA:** Si, moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que sorprende un pouco escoitar a letanía permanente da falta de transparencia e da falta de capacidade de xestión do Goberno da Xunta de Galicia. Agora adórnao o señor Torrado con frases que acaba de pronunciar, como a da opacidade das contas públicas —mire, señor Torrado, eu recoméndolle un pouco de seriedade cando estamos falando de recursos públicos— ou a da continua apelación a que existe falta de información.

Mire, é que non o ía facer, pero trouxen os tres informes dos que está falando utilizando parágrafos incoherentemente articulados sobre o seu contido e falando da necesidade de información. *(O señor Rey Varela amosa varios documentos desde o estrado.)*

Mire, Informe de fiscalización da execución da contratación do Sergas, exercicios 2012 a 2017 —97 páxinas—. Informe de fiscalización selectiva sobre a farmacia hospitalaria —115 páxinas—. Informe de fiscalización sobre a aplicación e suficiencia dos ingresos do Fondo Covid para Galicia —97 páxinas—. Mire, ¿vostede cre que fai falta máis información?, ¿ou será que fai falta máis capacidade para entender o que o Consello de Contas di sobre a capacidade da Xunta de Galicia para executar orzamentos? *(Aplausos.)* Porque, mire, señor Torrado, sen dúbida o Goberno da Xunta de Galicia debe atender as recomendacións do Consello de Contas. E sen dúbida que o Goberno da Xunta de Galicia as atende. Pero para iso —de verdade llo digo dende a humildade— hai que saber o que é xestionar recursos públicos da magnitude que cada ano inviste a Xunta de Galicia e o Sergas en beneficio dos galegos e das galegas.

A diferenza de vostedes, este grupo parlamentario e o Goberno da Xunta de Galicia non cre que estea todo feito e utiliza os informes do Consello de Contas para seguir mellorando, porque esa é a maior aproximación que podemos facer para seguir avanzando en beneficio dos galegos e das galegas. Pero tamén —a diferenza do que vostedes facían cando estaban no Goberno— este goberno da Xunta de Galicia amplía as competencias do Consello de Contas para que os informes do Consello de Contas nos poidan seguir axudando a mellorar a xestión económica e financeira da Xunta de Galicia e do conxunto de administracións públicas da nosa comunidade. Por iso non podo compartir o que se di aquí, que parece que a Xunta de Galicia, o Goberno da Xunta de Galicia, non atendese ás recomendacións do Consello de Contas, ou que non rende as contas sobre a totalidade dos recursos públicos que administra en nome dos galegos e das galegas. Mire, o que di a memoria tramitada neste Parlamento, a última, é textualmente —páxina 21—: «A Intervención Xeral rendeu en prazo a Conta Xeral, que, ademais da conta da Administración xeral, inclúe as contas de 71 entidades instrumentais».

E sobre as recomendacións é que, claro, o que di é o contrario do que di vostede. Hai 96 recomendacións formuladas á Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia contesta 90 e acepta o 78 % das recomendacións. Todo o contrario do que parece indicar vostede cando di que a Xunta non atende ás recomendacións do Consello de Contas.

Di tamén esa memoria —e léollo textualmente, porque o que hai que ler son os informes e non os argumentarios que elabora o partido para vir aquí ao Parlamento—, que o 60 % das



recomendacións están aplicadas ou en proceso de aplicación —incluída a que ten que ver coa normativa de contabilidade pública da que vostede fala, señor Torrado, e que non ten nada que ver co excel que vostede dixo, ten que ver con procedementos moi elaborados que difiren nas diferentes administracións públicas que existen en Galicia—. E, ademais, señor Torrado, eu non lle podo consentir que fale vostede de contabilidade opaca. Non hai nin un só euro da Xunta de Galicia que non estea sometido á Intervención Delegada e á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. No caso do Sergas, ademais, cun dobre sistema implementado nos últimos anos: co control financeiro tradicional baseado en auditorías específicas e co control da xestión orzamentaria.

Mire, señor Torrado, se non o sabe, dígollo eu: ata para comprar un móbil na Xunta de Galicia hai un contrato adxudicado, e non precisamente un contrato menor, do que vostede fala. Trátarei de explicarllo para ver se entende polo menos a nosa explicación. Porque fala dos contratos menores xuntando aí os informes de seis anos e dando un volume que parece dar a entender que ese volume é a maioría da contratación da Xunta —ou xa non, porque agora di que a contratación da Xunta é boa e que é a do Sergas mala—. Mire, é unha porcentaxe menor ao 10 % do gasto do Sergas, inferior ao 10 %. Esa táboa supoño que será do seu partido. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, pero é que non é verdade, é que non é verdade, señor Torrado. É que ¿cal é o orzamento do Sergas, señor Torrado? ¿Cal é o orzamento do Sergas? Fala vostede de 600 millóns en seis anos. Polo tanto, en fin...

Mire, vostede sabe que a maior parte deses contratos responden a gasto farmacéutico. Creo que tamén sabe vostede que a maior parte de prezos de medicamentos están regulados polo Ministerio de Sanidade. ¿Podería vostede, señor Torrado, para ser construtivos, ilustrarnos sobre que método de contratación utilizaría vostede para comprar un medicamento que ten un prezo regulado? ¿Cre vostede, señor Torrado, que hai outra forma de comprar máis rápida e máis eficiente, custando o mesmo, que a que está utilizando neste momento o Sergas? Mire, ¿podería ilustrarnos tamén, señor Torrado, sobre os fondos que viñeron do Goberno central —11,5 para a atención primaria, dos que se ten falado aquí? Se vostedes estivesen xestionando, ¿como sería capaz en tres meses de executar eses 11,5 millóns de euros se chegan en setembro e hai que telos xustificados o día 31 de decembro?

Claro, para iso, señor Torrado, hai que saber o que é xestionar. Non é vir aquí a dicir que todo está mal. Porque, claro, para vir aquí a dicir que todo está mal... Non, as cousas teñen que facerse mellor, pero o que non podemos negar é que estamos avanzando dunha maneira moi considerable. Porque non vaia ser que vostedes, que sempre piden máis recursos para o Sergas, agora veñan con esta proposición, que parece que o que queren é que aforremos na sanidade dos galegos e das galegas.

Mire, é que vostedes só falan dos últimos trece anos. Claro, eu voulles dicir o que dicía o Consello de Contas textualmente no ano 2008. Soaralles o ano 2008. Páxina 41: «É preciso recoñecer que a sostibilidade do sistema está negativamente afectada, o que aconsella con urxencia a adopción de medidas que faciliten a recuperación do equilibrio». Na páxina 113 concreta en 645 millóns —case nada— a insuficiencia financeira do ano 2008, con carencias na definición de programas de gasto, na concreción de obxectivos, na definición de indicadores e na avaliación dos resultados.



Mire, o tempo está rematando e por iso quero dedicar o último minuto a explicarlle —a ver se mo entende— que pasa con eses fondos covid. Claro, é que vostedes están obsesionados con que eses fondos son de Pedro Sánchez e con que aquí teñen que vir poñerse a *medallita*, con que eses cartos graciosamente nolos destinou Pedro Sánchez, cando eses cartos viñeron para combater unha pandemia co esforzo de todos os profesionais sanitarios e co esforzo de todo o pobo galego. (*Aplausos.*) Mire, lea o informe, señor Torrado, lea o informe, non só o que lle subraian. A única condicionalidade dos fondos covid é a financiación do gasto ocasionado por esta enfermidade —páxina 26 do informe—. Páxina 93 do informe: «93,7 millóns que foron ocasionados pola covid e executados pola Xunta non foron imputados ao fondo covid. Resultado de todo isto: o total de gasto executado na covid foi de 611 millóns de euros, por riba —por riba, porque é unha cifra superior— dos 517 millóns recibidos. Iso é o que di a páxina 72 do informe. Claro que as páxinas e o texto non di o que vostede quere dicir, que non se executaron 159 millóns de euros, porque iso non é certo, porque di que se executaron na súa globalidade.

Por iso, señor Torrado, non estean empeñados en repasar o pasado. Temos que falar do presente e do futuro, porque os galegos e as galegas xa avaliaron a xestión económica da pandemia e precisamente a este grupo lle reforzaron a súa maioría e a vostedes os levaron á última posición deste Parlamento. Nós, dende logo, estamos no presente e no futuro. Por iso, o Goberno da Xunta de Galicia está aprobando os orzamentos para o próximo ano, pensando xa no próximo ano. E eses orzamentos, como avanzou o presidente Rueda nesta Cámara, terán un investimento histórico en gasto social, o 90 % dun orzamento expansivo. E terán unha cifra récord para destinar á sanidade, á educación e aos servizos sociais. Iso é servir aos galegos. Iso é pensar no futuro de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rey.

Polo grupo autor da moción, o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

**O señor PRESIDENTE:** ¡Perdón!

Perdoe un momento, señor Torrado.

¡Adriana, Adriana!, (*O señor presidente dirixe as súas palabras á tribuna de invitados.*) é que quería saudar os alumnos que nos visitan hoxe. Vanse rápido e quería saudalos. Son os alumnos de 2º da ESO do Instituto A Pinguela, de Monforte de Lemos. Benvidos ao Parlamento. (*Aplausos.*)

Perdoe, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ¡Por favor!, ¡se son máis importantes ca nós!

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.





**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio manifestado polo Bloque Nacionalista Galego e lamentar o rexeitamento do Partido Popular, especialmente polas formas, tamén quero dicilo, porque a verdade a acusación aquí foi: Señor Torrado, vostede non se entera de nada. Non se preocupe, non é o primeiro do Partido Popular que me di iso. Dinmo constantemente.

Pero, mire, vou intentar explicarlle de onde saen os datos, porque vostede me vén aquí dicir: É que os argumentarios do partido o que lle subraian... Non sei canto sabe vostede do que lle subraian, pero vou empezar por un dato: vostede, cando era conselleiro, utilizaba de maneira absolutamente distinta que o Sergas a contabilidade. Igual é que vostede lle pode explicar ao Sergas como se pode facer, ou igual é que o Sergas non o quere facer. (*Aplausos.*) ¡A ver se imos ter a solución, señor Rey Varela! ¡Xa está! ¡Mire que conciliadores somos! ¡Explíquello vostede, que tivo vostede a responsabilidade dunha consellería que manexaba unha boa cantidade de cartos! Pero vostede non incumpría as normas.

Pero é que nós non elaboramos argumentos. Vostede dime: É que vostede non leu o informe do Consello de Contas. Creo que vostede non estivo aquí na interpelación do pleno pasado. É máis, voulo afirmar. Non estivo. Non estivo e debía —sobre todo se ía facer este debate de hoxe—. Pero non se preocupe, porque, como eu son así, para non olvidarme citeino outra vez hoxe. E o que eu trouxen aquí está nos informes do Consello de Contas. Se eu non podo facer todo ese tránsito de información, en primeiro lugar, é porque non existe. Di vostede varias cousas. Primeiro, que isto é moi complicado. *It's very difficult* todo isto. E despois di que eu non teño nin idea das cousas.

Vamos ver, é nos informes do Consello onde están as dúbidas. E vostede di: Pero os utilizamos para mellorar. ¿Sabe cantos anos hai que o Consello de Contas lle traslada ao Sergas que a súa contabilidade é opaca? Non o sabe. Está ben, está ben que non o saiba. Doulle unha pista: non é do ano pasado, nin do anterior, nin do outro nin do outro... É máis, ano tras ano existe esa queixa. E se vostede escoitase o Consello de Contas —que debería escoitalo na comisión—, sabe que constantemente repiten que é un informe repetido, que repiten constantemente que hai que facerlles caso —se se quere, claro—.

Traslada vostede, ademais, que hai moitas recomendacións que se cumpren. Mire, isto é coma se un profesor de literatura corrixe un texto e ten 1 queixa sobre que a estrutura xeral está mal e 90 sobre que hai comas mal postas. Vostede di: Cumprimos 90 de 91. Xa, pero a importante é a outra. (*Aplausos.*) Si, é que non vai ao peso. Pero, ademais, di: Seguimos mellorando, utilizámolas para mellorar. ¿Sabe de cando é o informe dos contratos a dedo? Vostede, cando leu aquí, igual non se deu conta do ano. É do 2012-2017. ¡Dende 2017 intentando mellorar! Está ben. Cando melloren van ser tremendos. Pero igual non melloraron tanto. Porque vostede di: Iso é o argumentario do partido. Non, non, son estatísticas de contratación pública da Xunta de Galicia de 2019, 2020 e 2021. Son os seus datos, ¡son os seus datos! ¿Sabe canto é o volume do contrato menor? Máis dun 60 % Dun total ¿de canto? Mil millóns de euros de licitación. (*O señor Torrado Quintela amosa un documento desde o estrado.*) Están aquí os datos, pódollos deixar ao señor presidente. Se non, dígolle que están na páxina 17, creo que é posible atopalos. Son estatísticas e balance do ano 2021. ¡Son os seus informes!



Vostede veu aquí a dicir: É que é moi complicado e vostede non coñece os datos. ¡Home!, eu creo que hai que ter un pouco de humildade nas críticas. Eu non lle vou trasladar que vostede non coñeza os datos nin que non leu os informes, non lle vou facer iso. Pero vostede acusoume a min de non facer algo e son os seus datos. Informe de fiscalización da execución de contratos, páxina 24. *(O señor Torrado Quintela amosa un documento desde o estrado.)* Se quere, doullo. ¡Todas as prórrogas listadas!, todas as prórrogas e a porcentaxe de tempo que están en situación irregular, ¡todas! Pero é que isto vén nos informes do Consello de Contas.

Señor Rey —entre vostede e mais eu—, ¿quen é o que non leu os informes do Consello de Contas?, ¿quen é o que non leu os informes do Consello de Contas? Din vostedes: É que gastamos —sobre os fondos covid, que isto é fabuloso— máis do que nos deron. Mire, ¿sabe o que dixo o seu presidente aquí hai un mes no pleno —igual tampouco estaba—? Que eses fondos non os gastaron en sanidade porque —¡ollo!, que isto ten a súa cousa— non eran condicionados para sanidade. ¡Se nesa parte xa estabamos todos de acordo neste Parlamento! —menos vostede, que dixo agora que gastaron máis—. ¡Xa estamos todos de acordo! O que nos preguntamos é onde foron, onde foron 159 millóns de euros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, señor Pazos, se quere intervir... A última vez interveu vostede e hoxe xa o cambiaron. Non o faría tan ben.

O informe, señor Rey, o informe que vostedes din, é a Conta Xeral da Xunta, a Conta Xeral da Xunta 2020. É a Conta Xeral. Fiámonos da Conta Xeral da Xunta, ¿non? Fiámonos. A Conta Xeral di que non hai 150... Pero ¿de onde cre que sacamos o dato? De que na Conta Xeral hai 150 millóns de euros que non aparecen. Vostede di que se gastaron. Sabe vostede máis que a Intervención da Xunta de Galicia, sabe vostede máis. Por certo, fíxese se sabe vostede máis, que a interventora xeral —hoxe directora xeral de Orzamentos— xa explicou aquí unha parte de onde foron eses fondos. Hai que vir máis polo Parlamento, señor Rey. Está complicada a alcaldía de Ferrol pero hai que vir máis. Se xa vostedes, a súa directora xeral de Orzamentos, explicaron que parte deses fondos se dedicaron a outra cousa —non dixo ao que e dixo parte deles, non todos— e agora vólve-me vostede dicir que se gastaron en sanidade, aquela interventora da Xunta e hoxe directora xeral de Orzamentos, ¿estaba mentindo? Porque dixo unha cousa distinta á súa.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Ou ela ou vostede contaron algo que non é certo. Eu, como lle teño aprecio a vostede, créoo. Pero, se vén ela, por respecto tereina que crer, pero vanme facer unha de John Travolta ao estar mirando para os dous lados, a ver se vostedes gastaron un diñeiro que non era seu ou non o gastaron ou non saben onde.

Son os seus datos, señor Rey Varela. E nós o que lles preguntamos, despois de toda esa matraca de intentar dicirme que non me entero, é que faltan 159 millóns de euros que non se sabe a onde se destinaron. Destináronse a algún sitio e queremos saber onde. Hai 700 millóns de euros no Sergas contratados a dedo. Non o fai ningunha consellería de sanidade de España, non o fai ningunha consellería de todas as do Goberno galego. ¿Por que o Sergas? E non ten que ver co contrato de medicamentos, porque as contratacións en sanidade doutras comunidades autónomas se fan ben, con publicidade. Aquí non. ¿Por que? E iso é o que queremos saber.



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor TORRADO QUINTELA:** E o Consello de Contas leva anos dicindo que os contratos son opacos. Iso é o que lle di o Consello de Contas, señor Rey.

*(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

### **Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre o impulso da economía circular en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Hoxe traemos unha moción derivada da interpelación feita hai dúas semanas á conselleira de Medio Ambiente sobre unha cuestión de vital importancia. Pena de que non estean agora aquí todos eses mozos do instituto, porque eles son o futuro do noso país e o futuro do planeta. E eu creo que esta cuestión é vital tamén para o futuro deste. É mudar as políticas medioambientais existentes —e, sobre todo, o sistema económico imperante, como dicía o outro día— desacoplando esa dicotomía entre crecemento económico e consumo de recursos que impera na actualidade.

Falamos da necesidade de camiñar cara a unha economía circular, e exiximos á Xunta hai quince días pois que se puxese as pilas. Pero, para a nosa sorpresa, descubrimos que o Goberno da Xunta era un adalid da sostibilidade. Foi a nosa sorpresa, ou non tanto, porque xa a conselleira nos ten acostumadas a estas noticias. Pero si presenciabamos atónitos como a conselleira sacaba peito polas políticas medioambientais da Xunta durante toda esta década de goberno do Partido Popular. Despois, uns días despois, volvíñ ver o debate. E cada vez que escoitaba víame na obriga nesta intervención de aclarar a realidade galega desmontando a conselleira —mellor dito, as trolas da conselleira, porque tampouco queremos ver a conselleira en anacos—.

E a primeira grande afirmación que facía a conselleira o outro día era que Galicia era un referente para Europa na loita polo cambio climático; na loita polo cambio climático, no papel ou nas notas de prensa que a Xunta envía aos medios, porque na realidade a cousa cambia. As políticas deste goberno caracterízanse por un orzamento moi baixo. O nivel de tolerancia e permisividade ante as agresións dos medios choca frontalmente coa realidade europea e co espírito verde que se está a levar na política española. A realidade é que dende o ano 2009 se producía un descenso drástico do orzamento dedicado ao medio ambiente, un descenso drástico en todas as actuacións ambientais.



Pois miren, a cota máis baixa alcanzouse no ano 2015, que foi menos da terceira parte que no ano 2008 ou 2009. E nos últimos anos si que é verdade que, por presións externas, europeas, españolas ou incluso das diferentes ONG ou dos partidos da oposición, incrementouse ese orzamento, pero, aínda así, non se puido paliar este recorte, situándose o gasto ambiental moi lonxe aínda de recuperar esas cifras do ano 2008 e 2009.

E Galicia, ademais, por outro lado —e xa o falamos en moitas ocasións— ten unha Rede Natura das máis pequenas das comunidades autónomas de España, menos do 12 por cento, fronte ao 27 por cento da media estatal; ou a situación das rías, da que xa se falaba na anterior moción, cun número de verteduras que crece anualmente e con escusas varias da Xunta, como que cada vez controlan máis —por iso aparecen máis verteduras—; ou o número de zonas marisqueiras tipo C en Galicia, que aínda é moi elevado; ou as depuradoras galegas, que moitas están obsoletas (a depuradora de Lourizán, que levaba anos e anos orzada e sen executar, ou incluso a da ría de Noia, que ademais está nunha zona protexida por Rede Natura); e non nos esquezamos de todas aquelas multas durante esta década tanto a nivel europeo como do Estado por este motivo, pola situación das nosas rías.

E podería seguir a miña intervención expoñendo todas estas eivas medioambientais da Xunta de Galicia, pero deixaría sen tocar outras afirmacións da conselleira, que tampouco teñen desperdicio —e valla a redundancia—, pois a outra grande afirmación da conselleira foi que o sistema Sogama é o modelo de Europa, que Europa pon como exemplo de xestión de residuos.

Xa sen entrar a fondo na xestión de residuos levada a cabo pola Xunta durante esta década nin no mínimo cumprimento dos obxectivos europeos e estatais, unicamente entrando a fondo nos resultados visibles que presenta Sogama, esta afirmación é insostible. ¿A conselleira sostén que o modelo de xestión de residuos que propón a Unión Europea entón prioriza a incineración? ¿Onde quedou o principio de xerarquía de xestión, que prioriza a prevención, a recuperación ou a reciclaxe? Este goberno inverte a orde que tanto Europa como España ven como unha excepcionalidade, a incineración ou o vertedoiro, que a Xunta a utiliza como unha prioridade. Os datos de Sogama así o demostran. Eu non estou a inventar nada. O ano 2020 o 56,91 por cento das verteduras que entraron na planta de Sogama foron queimadas, 525.160 toneladas/ano, e o 24,73 por cento de rechazos, máis o 0,19, que foron de forma directa, ou sexa, un total de case o 25 por cento do que entra na planta de Cerceda vai a vertedoiro. Polo tanto, o modelo de xestión de residuos en Galicia, unha década despois, segue a ser o modelo de incineración e de vertedoiro.

Ademais, señorías do Partido Popular, a incineración non destrúe lixo. Como todos sabemos, a incineración transfórmao, transfórmao en fumes contaminantes, en cinzas tóxicas, e mesmo se xeran incluso substancias como as dioxinas e centos de compostos químicos que resultan da combustión; polo tanto, totalmente contrario aos principios europeos de minimización de residuos e de redución de gases contaminantes.

E miren, unha incineradoras como Sogama, que trata cincocentas mil toneladas anuais/ano, orixina máis de dous millóns de toneladas/ano de gases, arredor de cen mil toneladas/ano de residuos perigosos e cincuenta mil toneladas/ano de augas residuais. E ¿onde vai todo iso? Pois ao solo, ás augas ou á atmosfera, pois non hai outro destino posible.



Pero non só en materia de xestión de residuos, senón tamén de incineración e de verteduras directas, en que está moi lonxe dos obxectivos fixados pola Unión Europea na taxa de reciclaxe, porque, segundo os datos do INE, mentres que en 2010 a recollida selectiva era do 15,7 por cento, dez anos despois, unha década despois, que son estes últimos datos que temos de Sogama, en 2020, estamos no 17,58 por cento. Unicamente subimos dous puntos e o obxectivo da Unión Europea, do Plan de xestión de residuos urbanos para 2020, era o 55 por cento; saquen vostedes conclusións.

A seguinte afirmación relacionada co anterior é que a Lei de residuos de solos contaminados de Galicia é unha lei pioneira en España e en Europa; unha lei redactada no ano 2018, que ao final se aprobou un mandato despois, no ano 2021, pero sen mudar unha coma, e iso a pesar de que polo medio se aprobou unha directiva europea con novas exixencias medioambientais para a xestión de residuos, que, por suposto, ao non mudar unha coma, non se tivo en conta. E ¿por que non se tivo en conta? ¿Por que tiveron que aprobar á présa e correndo esta nova Lei de residuos? Pois porque, ante a xestión de residuos, priorizaron adiantarse ao Goberno de España, que estaba a tramitar no Congreso unha lei moito máis ambiciosa e adaptada á nova directiva europea, unha lei estatal que se aprobou hai seis meses e da que ata o de agora non fixeron ningunha adaptación, nin sequera, como digo sempre, aos aspectos relativos á xestión dos plásticos, que na lei galega só un artigo, xustificándose en que se delega á lexislación estatal.

Dende o grupo parlamentario no seu momento planteamos emendas parciais, incluíndo un novo título específico que regulara estes plásticos dun só uso, como fan outras comunidades autónomas; iso que nós menos mal que somos pioneiros. Xa sei que son moi pesada con este tema, pero é que ao final estes son os residuos predominantes, orixinan grandes problemas medioambientais, sobre todo no medio mariño. Creo que ten que ser unha prioridade, ten que ser necesario para este goberno, para a configuración que ten o noso territorio, porque estamos, polo tanto, moito máis expostos a este tipo de contaminación.

E anuncia agora a conselleira un novo Plan de xestión de residuos urbanos, que ademais vén presentar o director xeral o xoves. Eu, entón, non vou facer aquí mención ata que escoite os novos obxectivos do novo Plan de xestión, pero si quero dicir que esperemos que este plan non quede en papel mollado, porque o anterior plan, o que está vixente na actualidade, que era un plan moi ambicioso, ao final incumpríuse totalmente; pero non se cumpriu nin o primeiro dos obxectivos, non se cumpriu nin o inicio da planificación para este período de tempo e non se cumpriu que establecía, por exemplo, a creación entre os anos 2014 e 2017 de diferentes plantas locais de gran capacidade de compostaxe; estamos no ano 2022 e a Xunta aínda está a voltas coas plantas de Vilanova, Cervo e Verín.

Falaba tamén a conselleira dos impostos, dos impostos establecidos na nova lexislación estatal á xestión de residuos. Agora, con esta nova política do Partido Popular de pasar a segadora ao sistema impositivo, do non aos impostos pero si a reducir o Estado do benestar, si a pedir despois a papá Estado que compense todo o que deixamos de recadar, como fixo hai unhas semanas o presidente de Andalucía, a conselleira dixo que non ía gravar os residuos, non ía gravar a xeración de residuos. O que non quere é gravar a incineración; estámolo a ver cos datos que temos na man de Sogama, de máis de 500.000 toneladas/ano; non creo que lles saia a conta impoñer este residuo.





¿Cal é o modelo que defendemos nós, a oposición?, preguntaba a conselleira na súa intervención. Pois mire, só é necesario mirar cara a outras comunidades autónomas e comparar os seus datos, un modelo que priorice a prevención e minimización. E para iso ¿que é necesario? Pois moita educación. A educación ten que ser un catalizador nunha nova cultura de consumo e convivencia baseada na transparencia, no civismo e na sinerxía; é necesario concienciar e informar a nosa poboación. É un modelo de suficiencia de proximidade, que potencia a reutilización e a reciclaxe.

Para iso defendemos nesta moción o aumento no investimento de I+D+i, ata o 1,5 por cento do PIB galego, para combater esas barreiras tecnolóxicas que permitan, ademais, a Galicia posicionarse como líder en novas tecnoloxías, ou incentivos ás empresas que aposten por sistemas de produción circulares, co fin de paliar os maiores custos da produción a pequena escala e do investimento inicial que estes xeren, ou revisar a lexislación actual, que está realizada sobre un modelo de produción lineal e favorece, polo tanto, esa continuidade. Ou, por último, aproveitar a oportunidade deste PERTE de economía circular, que, aprobado polo Goberno do Estado, fixa axudas en 492 millóns de euros e que mobilizará recursos superiores a 1.200 millóns ata 2026.

En definitiva, unha oportunidade para que Galicia avance cara a un novo sistema de produción, participado entre o Goberno da Xunta en colaboración con entidades privadas nas diferentes liñas convocadas para este PERTE de economía circular mediante proxectos que axuden a acadar unha economía máis sostible e eficiente no uso dos recursos, así como tamén que a Xunta axude ao asesoramento técnico da colaboración ás empresas galegas para que estas poidan beneficiarse destas axudas e optar a estes PERTE.

E, polo de agora, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Castro.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Non sei se viron os *Crebinsky*, a curtametraxe de 2002, non a longametraxe posterior; é unha das grandes obras mestras do audiovisual galego; recoméndolles que a vexan; está, ademais, accesible en Youtube e só son doce minutos.

Pois ben, para o caso que interesa, falando de economía circular, vén moi ao conto esta curtametraxe, porque os *Crebinsky* son uns irmáns que viven nun lugar da costa galega e que se dedican a recoller crebas. As crebas teñen que ver tamén coa economía circular; tradicionalmente a xente do mar dedicábase a recoller os refugallos que quedaban na costa, nas praias, para reutilizalos e para reciclalos. Entón, un día chegan á costa uns bidóns dun líquido branco e os *Crebinsky*, pensando que era pintura, utilizan ese líquido para darlle unha man de pintura a un caseto que hai alí, e ao cabo do tempo empezan a xuntarse moscas arredor do caseto. Entón, a un deles ocorréselle probar o líquido e resulta que era leite condensado.

Pois ben, este exemplo dos *Crebinsky* vale perfectamente para a economía circular tal e como a entende o Partido Popular e daba para unha historia como a dos *Crebinsky*, que sería os



Xuntisky. Os Xuntisky o que fan é un decorado falso coa súa política de sostibilidade, a súa política ambiental; intentan maquillar a realidade, intentan facer pasarse por verdes. Eu recordo que a anterior conselleira —non se sabe onde está— de medio ambiente utilizou unha vez un programa aquí que era *verdear*; *verdear*, diso se trata, ¿non?

Vostedes son os campións do *greenwashing* e do ecopostureo, porque a realidade é que as súas políticas van exactamente na dirección contraria; as súas políticas son políticas lineais, empezando pola política de residuos, pasando pola política forestal, a de mobilidade, a enerxética; son políticas lineais de usar e tirar.

E o exemplo por excelencia de todo iso é o seu buque insignia, é Sogama. Sogama é a perfecta antítese da economía circular; consiste en producir, en recoller, en transportar, en xuntar nun sitio, en secar, en queimar. O único circular que hai aí é o negocio de Naturgy, iso si que o teñen perfectamente deseñado, as portas circulares, a circularidade, porque Naturgy factura para secar o lixo e tamén factura despois pola enerxía producida; (*Aplausos.*) perfecta circularidade.

Pois ben, Estratexia galega de economía circular. (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) Vostedes presumen do que non teñen, presumen dunha Estratexia 2020-2030 que está absolutamente desfasada, padece de obsolescencia programada, é xenérica, e o peor de todo aínda por riba é que non está desenvolvida, é puro postureo, facer que se fai, que é ao que se dedican vostedes, pura propaganda; calquera día van vostedes inventar —non sei— a economía cuántica e van dicir que Galiza é líder mundial pioneira en economía cuántica, porque, iso si, pioneiros e precursores son de todo.

Pois ben, este documento da estratexia ten cen páxinas expositivas que veñen basicamente repetir o que di a planificación europea da economía circular. E despois ten unha parte propositiva, que foi capada, literalmente capada, do documento que fixeron as universidades, porque había cousas que molestaban, especialmente no tema da política de residuos. Pero voulles explicar cales son as eivas que ten este documento.

En primeiro lugar, non hai dirección nin impulso político, non hai ningún departamento político que se dedique a impulsar esta estratexia. Eu rétoos a que busquen este documento na web. (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) ¿Saben onde está? Está no Sirga, no Sistema de información sobre residuos, porque para vostedes é un residuo. Este documento non serviu para nada, non o utilizaron para nada, convertérono nun residuo colgado na páxina web da Xunta de Galiza. (*Aplausos.*)

Non hai transversalidade, porque non é unha prioridade de todo o Goberno. Non hai un plan de acción realista e medible en prazos e resultados. Non hai ningún tipo de avaliación e seguimento do desenvolvemento. Non hai orzamento vinculado a ningunha das liñas de actuación. Este documento non ten nin unha soa cifra de previsión de investimento orzamentario en ningunha das liñas de actuacións. Pero ¿que clase de estratexia é esta? E non hai avaliación e seguimento; polo tanto, non hai resultados. Non hai ningún lugar da web da Xunta onde se faga unha avaliación de cada unha das liñas que diga en que fase está, porque hai un plan previsto ata o 2023. O que hai é un auténtico *bluff* cos titulares, a propaganda, coma sempre.



Voulles ler algúns titulares de cando presentaron esta estratexia no 2019: «A Xunta destina 865 millóns de euros á Estratexia galega de economía circular». 865 millóns, jaquí non aparece ningunha cifra orzamentaria! ¿De onde sacaron este diñeiro? Isto ¿que é?, ¿o Euromillón? E, claro, despois din: «producirá un retorno de 6.000 millóns de euros...». —¿onde está a avaliación dese retorno?— «...e permitirá a creación de 12.000 postos de traballo». Pero ¿que tipo de datos nos poden vostedes presentar dos postos de traballo creados por esta estratexia? ¿Os resultados? A nada, colgados no Sirga, ja nada!

E voulles poñer algúns exemplos. Unha das liñas de actuación que prevía este documento era a contratación pública verde. ¿Que nos poden dicir vostedes de contratación pública verde? ¿Que guías?, ¿que plans?, ¿que liñas de actuación? ¿Que resultados hai desa liña de actuación? Porque dicían vostedes: «a Xunta valorará o compromiso ambiental das empresas para adxudicar contratos a partir de 2020». E non hai ningún plan, ningunha guía de contratación pública verde.

Segundo, economía circular como motor demográfico. Será do drama demográfico. *A los hechos me remito.* ¿Onde están os resultados?

Terceiro, «crearemos tres ecopolígonos industriais». Será que os van pintar de verde, como os Crebinsky, porque, se non, non vexo por ningún lado os ecopolígonos industriais.

Fomento do consumo circular. Aquí temos que dicirlles que podían aprender un pouco de quen o está facendo ben, por exemplo, de Inditex. (*Murmurios.*) Si, si, si, gustoulles, ¿non? Pois si. Sabemos que se poñen moi nerviosos con Inditex ultimamente..., (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor BARÁ TORRES:** ...que están moi preocupados. (*Aplausos.*) Xa vimos o outro día como o vicepresidente da Xunta nunha rolda de prensa atacaba a portavoz nacional do BNG. Están moi preocupados, saíron en tromba, están nerviosos. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor BARÁ TORRES:** Pois ben, podían aprender dos comedores circulares de Inditex, que está traballando coas principais empresas do sector primario. Podían aplicar ese método, por exemplo, aos comedores escolares, ás residencias, aos hospitais públicos (*Aplausos.*) e traballar cos sectores produtivos do país. Cun modelo, por certo, que a única institución neste país que o está desenvolvendo é un concello, que é o Concello de Ames, (*Murmurios.*) co impulso dunha concelleira do BNG. ¡Tomen nota e aprendan! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

(*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) Ben... Reláxese, señora Prado...,

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor BARÁ TORRES:** ...reláxese, tranquilícese... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.





**O señor BARÁ TORRES:** Xa sei que se poñen nerviosas. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Non mordan tanto o anzol, ¡home! (*Risos.*) Silencio, por favor. ¡Non mordan tanto o anzol, home! (*Risos.*) (*Aplausos.*) Silencio, ¡home, por favor! (*Murmurios.*) Ben, pero xa está, pero xa está, xa foi. (*Risos.*)

Silencio.

**O señor BARÁ TORRES:** Mire, o grande anuncio desta estratexia foi no seu día que presentaron unha rede de reparación e reutilización. E no 2020 presentaron unha web que era «Galicia pensa en circular», a web galega que se chama «mellor reparar que tirar». Pois ben, eu tamén os invito a que abran esa web e encontrarán isto: (*O señor Bará Torres mostra un documento.*), está fóra de uso, (*Risos.*), fóra de cobertura. (*Aplausos.*) Esta é a política de reutilización, a gran rede que presentaban. (*Aplausos.*) Esta é a realidade da súa estratexia de economía circular, son un auténtico fiasco, un desastre.

Estamos diante dunha grande oportunidade perdida, porque este é un sector que ten un gran potencial, efectivamente, de xeración de riqueza, de xeración de emprego; que o pode crear ademais nas zonas rurais, nas zonas costeiras, a través da nova fase na que estamos nestes momentos de economía circular, que xa non é só a economía circular senón que é a bioeconomía.

E hai países que son punteiros, que levan vinte anos traballando neste sector, e hai comunidades no Estado español que tamén son pioneiras e punteiras, por exemplo, Euskadi —deberían viaxar un pouco máis—. ¿Sabe o que fixo Euskadi? Euskadi foi a Finlandia, foi a Dinamarca, foi a Holanda, foi a Austria. Foi hai quince anos mirar as mellores experiencias e agora estaas aplicando e levando a cabo iniciativas que son un exemplo. Por exemplo, cun organismo —que é o Ihobe— dedicado precisamente a fomentar estas políticas, dentro, por certo, dunha consellería que se chama Desenvolvemento Económico, Sostibilidade e Medio Ambiente, que ten competencias en materia de competitividade, de industria, de agricultura, de pesca, de política alimentaria, de sostibilidade ambiental. En fin, deberían tomar exemplo de quen o fai ben e non ser un desastre como son vostedes.

En fin, vou rematando, señor presidente.

E o que quería dicir é que imos apoiar esta iniciativa, aínda que sen moito entusiasmo, a verdade, porque nos parece moi moi de mínimos, e porque, ademais, ten un punto que non nos convence moito, que é que se aplique unha estratexia galega que xa vimos que naceu morta e que non dá máis de si. Pero, ben, hai outros aspectos da proposta que nos parecen interesantes e por iso a imos apoiar.

E queremos dicir —para rematar— que o BNG ten un proxecto absolutamente claro, que esta vai ser unha prioridade absoluta dun goberno do BNG na Xunta de Galiza, por razóns de cohesión territorial. Porque, como dixen, é fundamental para o desenvolvemento cohe-



sionado do territorio e sobre todo das zonas rurais e das zonas costeiras, que teñen aí un gran potencial de crecemento. Por razóns socioeconómicas, porque hai un gran potencial de creación de emprego, sobre todo no ámbito das pemes e da economía social. E tamén do liderado que están impulsando as mulleres neste ámbito en todo o mundo e tamén en Galiza. E, sobre, todo por convicción ambiental...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...porque a axenda ambiental vai ser unha prioridade de verdade dun goberno do BNG.

Mentres, teremos unha mala copia dos Crebinsky, mentres a economía circular entendida como as portas xiratorias do Partido Popular.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Popular, señora Díaz Mouteira.

**A señora DÍAZ MOUTEIRA:** Grazas, presidente.

Señorías.

Señor Bará, Grupo do Bloque Nacionalista Galego, a verdade é que non deixan de sorprender pondo en valor hoxe Inditex, mañá cambiarán de opinión. Pero si chama a atención non porque poñan en valor Inditex, é que polo menos cambian de opinión en algo, porque o seu argumentario sempre é o mesmo de sempre, (*Aplausos.*) o mesmo de sempre.

E miren, tanto señor Bará como señora Castro, Galicia xa pasou hai anos da teoría á acción. A teoría téñena vostedes, esa teoría de que Galicia xa vén de pórse as pilas hai tempo. En economía circular Galicia xa ten unha estratexia.

Esta deputada vai intentar aclararlle á señora Castro, porque di que quere aclarar a realidade galega; pero, se me permite, voulla aclarar nesta intervención. Hai anos que Galicia está a impulsar o cambio dese modelo económico e produtivo lineal por outro máis eficiente e racional baseado na recuperación dos materiais. É un modelo baseado nunha estratexia sinxela, comprensible, baixo un criterio multiterritorial: repensar, redeseñar, refabricar, reparar, redistribuír, reducir, reutilizar, reciclar e recuperar; estratexia na que, señora Castro —e así o reflicte na súa moción—, xa se implicaron activamente os principais axentes da actividade galega, porque se pensa na Galicia do presente e se pensa na Galicia do futuro, xerando dende a aprobación desta estratexia novas oportunidades de negocio e fomentando sobre todo que as empresas sexan máis competitivas.

Señora Castro, Galicia —claro que é como dixo a conselleira— é unha comunidade pioneira. Pero vostedes, señorías da oposición, non o ven porque miran cara aos lados e non son ca-



paces de comprender a realidade que teñen. Pero ¿cal é esa realidade —insisto— na que vos tede di que ten que aclarar? Pois unha comunidade autónoma adiantada —mal que lle pese— que soubo e sabe cumprir co compromiso coa economía circular. E demostrouno en decembro de 2019 coa aprobación desa Estratexia de economía circular, que pretende previr o esgotamento dos recursos, pechar os ciclos de enerxía dos materiais, facilitar o desenvolvemento sostible, seguindo a converter Galicia nun referente no cambio de modelo de produción.

Nesta estratexia establécense oito eixos de actuación e, por cada eixo, propostas, propostas co fin de conseguir impactos positivos en recursos como a auga, o aire, a enerxía, os alimentos, o chan, a xestión de residuos..., sempre atendendo ás necesidades específicas galegas.

Pero nesta estratexia, señorías, non só se fala en pasado, como semella ou se deduce da súa primeira parte da súa moción, señora Castro. Para o desenvolvemento desta estratexia o Goberno galego segue a contar e contará coa sociedade civil, co tecido empresarial e cos diferentes axentes das administracións públicas, porque este é un obxectivo común e, sobre todas as cousas, un obxectivo de futuro.

Un futuro concentrado en oito eixos: ecodeseño, actividades e modelos de servizo, educación e sensibilización, industria, produción de alimentos, urbanismo, xestión do ciclo da auga e xestión de residuos. Con todos estes eixos, propostas e obxectivos, calquera pode concluír e deducir cales son os axentes dos que se precisa a súa implicación para alcanzar unha economía climaticamente neutra, eficiente no uso de recursos e circular, pero sempre, señora Castro, contando coa sociedade civil, sempre contando co tecido empresarial e sempre contando coas administracións. É que, señorías, non hai outro xeito.

E tal é así que dende a Xunta de Galicia se está a contribuír coa publicación dunha serie de ordes de axudas non só para entidades locais e entidades privadas. E ¿que se procura con elas? Fomentar actuacións encamiñadas á prevención, protección, mellora e coñecemento ambiental, mobilizando, señorías, máis de 10 millóns de euros entre entidades públicas e privadas, pendentes de adjudicar preto de 5 millóns.

No día de hoxe véñse de anunciar tamén que a Xunta destinará máis de 55 millóns de euros a mellorar a xestión e tratamento de residuos no conxunto de Galicia. E parécelle que non se está a traballar na xestión de residuos. Os proxectos financiados contribuirán a mellorar a xestión dos residuos e, máis concretamente, biorresiduos, residuos téxtiles, aceites de coíña usados e residuos especiais; no ámbito privado, tamén enfocado fundamentalmente na reutilización e reciclado de residuos téxtiles.

Das sesenta propostas, señor Bará, e medidas identificadas na estratexia, xa se puxeron en marcha ao longo destes anos varias delas; así que esta estratexia se está a desenvolver. Repito: xa se puxeron en marcha, xa se puxeron campañas de sensibilización e concienciación á cidadanía, á poboación xeral, como Pilabot, Camiño da reciclaxe, Únete ao reto. Xa se puxeron en marcha implicando a industria; si, señorías, implicando diferentes sectores, como os áridos, outros de materiais de construción reciclados, madeira, téxtiles... E estanse a incorporar criterios na súa utilización tanto no ámbito lexislativo como en iniciativas como a



contratación de obras públicas en madeira, en colaboración coa Axencia Galega da Industria Forestal.

Señora Castro e señor Bará, volvemos falar de Sogama. É que, de verdade, utilizan vostedes o mínimo argumento para meter Sogama. É que este grupo parlamentario, o Goberno galego e a consellería tomámolo como unha nova oportunidade de falar da referencia que supón Sogama en Europa e en España. A valoración enerxética dos residuos continúa a estar por riba do depósito en vertedoiro, señora Castro, que, por certo, é a xestión que leva a cabo un dos concellos máis grandes de Galicia.

Como xa vimos, un dos eixos da estratexia galega é a xestión de residuos, á que se recorre co principio de xerarquía, co fin de implantar sistemas de prevención e preparación para a utilización, recollida separada, preparación para a reciclaxe e compostaxe de calidade. Sobre este último, a estratexia do Goberno galego aposta pola aplicación das diferentes modalidades de compostaxe *in situ*, buscando o mínimo transporte tanto de residuos como dos fertilizantes obtidos, garantindo sempre a máxima calidade ambiental.

O modelo de xestión de Sogama, señorías, facilitou a concentración de investimentos para proxectos como a compostaxe industrial, transporte por ferrocarril electrificado, eliminación de vertedoiros ilegais, con importantes esforzos para a recuperación da fracción orgánica. Aí está a posta en marcha da nova planta de compostaxe industrial de Sogama, en trámite instalacións públicas para xestionar esa fracción como privada xa autorizadas, e en trámite varias plantas —ás que vostede, señora Castro, tamén se referiu— que reforzan a rede de infraestruturas de proximidade, como xa temos falado noutras ocasións en sede parlamentaria.

¿Querían que falásemos de Sogama? Pero esta deputada tamén vai falar de Nostián e de Lousame, que din que aposta pola compostaxe. Pero as cifras, señorías, de depósito en vertedoiro reflicten un fracaso total deste modelo. Por certo, falan vostedes moito das bondades deste modelo e só teñen que mirar —como dicían vostedes— que só existe en España, e, dos cinco sistemas, dous en Galicia. E o que é curioso é que poñen sempre de referencia vostedes a Europa e ningún país europeo avanzado ten apostado por este modelo. E o Goberno central, falando vostedes de Europa, vén dicir e pronunciándose claramente e textualmente: «non cumpren coa Directiva marco de residuos».

Señorías, logo de todo o exposto, eu creo que queda acreditado o compromiso, a vontade, o traballo e o esforzo do Goberno galego para a implantación da economía circular. Falan vostedes do I+D+i+T para combater as barreiras tecnolóxicas. Miren, todo o Goberno, todo no seu conxunto, porque a economía circular é meta de todos, traballa para rachar coas barreiras tecnolóxicas e crear redes que estimulen a economía circular. Toda a sociedade seremos quen de prolongar a vida útil dos produtos, de garantir a redución dos residuos e do consumo enerxético.

Señora Castro, xa se está a traballar no Goberno de Galicia. ¿Como non se vai estar traballando, tanto na consellería como na Xunta? Se non, non estaríamos a dar eses pasos precisos para implantar a economía circular.



Hai incentivos ás empresas, con liñas de apoios para as pemes galegas no ámbito da economía circular neste ano 2022, campañas de concienciación como Consuma educa, Consuma responsable, Consuma videoteca, E-Commerce e Consumo xénero.

Vénse traballando dende hai moito tempo co tecido produtivo, aínda que en moitas ocasións nos atopamos cun deseño de PERTE por parte da Administración do Estado que non se axusta ás necesidades das empresas.

Existe unha aposta no I+D+i co foco na sustentabilidade, na dixitalización, nas persoas. Non boten balóns fóra. Falen vostedes co Goberno do seu partido en Madrid e teñan a ben ampliar o alcance dos PERTE, do PERTE da economía circular, para que caiban os proxectos tractores de Galicia. Si, PERTE que están fragmentados, que impiden que poidan financiar proxectos transversais de entidade que contribúan a un verdadeiro cambio de modelo económico; de escasa dotación, que impide que proxectos de gran calado obteñan financiamento suficiente para saír adiante.

Mire, señora Castro, a Xunta de Galicia ten unha estratexia, ten unha estratexia para un novo modelo de economía cun horizonte 2030; ten unha nova estratexia viva, cambiante, adaptable a cada circunstancia na que xogan un papel esencial as empresas, na que xoga un papel esencial a cooperación cos concellos na xestión de residuos; un plan que conta, sobre todo, coa cidadanía, porque temos que contar con ela para a Galicia do futuro; e conta coa cidadanía, de xeito particular cos máis novos.

En definitiva, señorías da oposición, señor Bará, señora Castro, en economía circular Galicia ten unha estratexia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Mouteira.

Agora saudamos o segundo grupo dos alumnos de 1º e 2º de bacharelato do Centro Plurilingüe Liceo La Paz, da Coruña. Benvidos ao Parlamento, e tamén á súa profesora.

E agora si, é o turno do grupo autor da moción. Neste caso, señora Castro, ten a palabra.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas as mozas que hoxe nos acompañan.

Estamos a falar aquí de economía circular, de mudar as políticas medioambientais da Xunta cara a poder ter un futuro, porque todos sabemos que só temos un planeta e, se non o coidamos, pois ao final quedaremos sen el.

E a señora Díaz, representante do Partido Popular, dicía que a Xunta xa estaba en acción. Non sei cal é a acción do Partido Popular. ¿Os datos de xestión de residuos é a acción que defende? ¿Son eses datos de xestión a acción que defende o Partido Popular? Creo que o me-



llor é que vostedes se deixen de postуреos e, polo menos, cumbran. Decía o señor Bará que todas estas propostas contidas na Estratexia galega de economía circular quedaban moi curtas, non eran ambiciosas, pero cumbran polo menos as que teñen escritas no papel, que non quede todo en papel mollado. Impliquen a sociedade civil, o tecido empresarial galego e os diferentes axentes das diferentes administracións públicas do noso territorio.

E revisen tamén esa estratexia, porque teñen que incluír na mesma estas alternativas ao modelo de incineración de Sogama, porque é un modelo que non cumpre as exixencias europeas. ¿Como non imos falar de Sogama nunha iniciativa sobre economía circular? ¿Como non imos falar da empresa que xestiona os residuos de máis do 90 por cento dos concellos galegos? ¿Como imos deixar isto á marxe?

E a verdade é que os datos son os que son, e os datos que eu expuxen aquí antes son os datos oficiais de Sogama, non os invento eu. Son os datos oficiais de 2020, que din que do 57 por cento... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —a xestión dos residuos do 90 por cento dos concellos galegos; creo que reflicte a política de xestión de residuos da Xunta, ¿non?— do que entra incinérase e o 25 por cento vai a vertedoiro. É que son os datos oficiais.

¿É este o principio de xerarquía na xestión de residuos que defende a Unión Europea? ¿É o que prioriza a incineración e directamente o destino a vertedoiro? Creo que é necesario e moi importante mudar —dicía antes— ademais a educación e a sensibilización, acorde ademais coa realidade galega. Porque ao final a realidade galega muda dun territorio a outro. E creo que é importante transmitir a toda a cidadanía os impactos asociados a esta xestión de residuos, tanto os vinculados á xeración derivada das nosas pautas e consumos ou estilos de vida como tamén ás necesidades de xestión en canto a colectores que ocupan espazo público, camións de recollida, infraestruturas, cheiros...

Creo que, ademais, como dicía o señor Bará —e eu compárto—, a economía circular é unha oportunidade e xera negocio. Ademais, xera un negocio e unha oportunidade de emprego de calidade e en cantidade. E estámolo a ver noutras comunidades autónomas. Falaba o señor Bará do País Vasco, pero tamén en Cataluña ou Aragón, onde o 2 por cento do seu produto interior bruto contribúe a esta economía circular e xera o 2,6 por cento de emprego neste territorio.

Decía antes que temos a oportunidade con este PERTE, que contribuirá ademais de maneira decisiva aos esforzos que está a facer este goberno, o Goberno de España, en canto a dispoñibilidade de materias primas e reducir así a vulnerabilidade ante as crises globais, como a que estamos a vivir neste momento, en cifras como 492 millóns de euros en dezaioito instrumentos, divididos en dúas liñas de accións: unha para as empresas do téxtil e moda, os plásticos, as enerxías renovables, con 300 millóns de euros; e despois outra, máis transversal —dicía vostede que non era transversal—, para implantar a economía circular na empresa, con 192 millóns de euros. E dígolle que o que ten que facer o Goberno da Xunta é axudar estas empresas galegas con todos eses trámites de xestión necesarios para que estas si que poidan acceder a este PERTE.

Ademais, o Ministerio de Transición Ecolóxica entregou xa a Galicia 91,37 millóns de euros, asignados a Galicia nestes dous últimos anos en materia medioambiental, para aspectos





como a conservación da biosfera, a dixitalización do ciclo da auga, a mellora do abastecemento, a redución das perdas de auga en pequenos municipios —7 millóns de euros— ou incluso un apoio á implementación da normativa de residuos.

Falaba vostede do anuncio de onte da conselleira dos 55 millóns de euros neste novo orzamento para a implantación desta normativa nova de residuos. Dígolle que dese anuncio 24 millóns de euros veñen do Goberno de España para a implantación desta normativa.

Polo tanto, a política do Partido Popular é: o Partido Popular convida, o Goberno da Xunta convida, pero o Goberno do Estado paga. Esa é a política que seguen vostedes.

O Plan de xestión de residuos urbanos, como lle dicía, un fiasco. Non puxeron nin o mínimo interese. A verdade é que era un plan ambicioso, que apostaba ademais por aspectos como a proximidade na xestión dos residuos, recoñecía a imposibilidade de Sogama de xestionar todo ese volume de residuos e falaba de buscar alternativas e creación de novas plantas. ¿Onde quedou iso? ¿Onde quedou o investimento en plantas de Lousame ou de Nostián para mellorar a eficiencia, que a Xunta contribúa tamén a mellorar a xestión destas dúas plantas? Non sei onde quedou iso.

Pero imos falar xa aquí dos obxectivos, porque non se cumpriron nin de lonxe. Non sei que avaliación vai facer o Goberno da Xunta deste plan, pero non querría ser eu a que fixera esta avaliación con estes datos.

E, por último —e xa conclúo—, señorías do Partido Popular, o tempo esgótase, hai que ir máis lonxe e facer as cousas máis rápido, xa que ou marcamos un punto de inflexión ou chegamos a un punto de non retorno.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Castro.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos á votación das mocións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández, sobre a política ambiental da Xunta de Galicia nas rías galegas*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*



**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de don Julio Torrado.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre o control financeiro do Servizo Galego de Saúde exercido polo Consello de Contas*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona Paloma Castro.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre o impulso da economía circular en Galicia*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Continuamos coa orde do día.

**Comparecencia do señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, por petición propia, para informar sobre a situación en Galicia en relación coa asignación dos fondos europeos en materia industrial**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a intervención, ten a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López):** Presidente, señoras e señores deputados, bo día a todos e a todas.

Non é esta a miña primeira comparecencia nesta cámara para explicar o traballo que estamos facendo desde Galicia para optar aos fondos europeos Next Generation. Non é a primeira, pero si nos gustaría que fose a última na que teñamos que facer constar as nosas inxerencias polo modo en que o Goberno está xestionando estas axudas.

Primeiro de todo, porque Galicia non o merece. Levamos case dous anos de traballo conxunto co tecido produtivo galego, pequenas e medianas empresas, grandes empresas trac-



toras, centros tecnolóxicos, universidades e axentes económicos e sociais, para poder presentar unha serie de proxectos —nos que despois afondarei— que non merecen esta falta de resposta.

En segundo lugar, porque o tempo apremia. E as consecuencias en que podería derivar esta mala praxe que vimos apreciando por parte do Goberno en todo o que está a ser o proceso de asignación e execución dos fondos europeos poden resultar unha oportunidade perdida que non nos podemos permitir.

O obxecto desta comparecencia é, polo tanto, advertir da posibilidade de que isto chegue a ocorrer e chamar a atención sobre o que significaría perder este tren, sabendo que na candidatura de proxectos que presentamos a estes fondos está a locomotora de transformación industrial de Galicia. Neste sentido, coido que o resultado do traballo que levamos feito ao longo deste tempo reflicte claramente cales son as aspiracións, pero tamén nos dá unha idea de a que estaríamos renunciando se as nosas propostas non son atendidas na súa xusta medida.

Señorías, desde que en xullo de 2020 o Consello Europeo aprobou para os estados membros o fondo excepcional de axudas para a recuperación Next Generation, Galicia leva feito un traballo de fondo pero tamén de forma. Deseñamos unha estratexia aliñada cos criterios marcados pola Comisión Europea e o Plan nacional de recuperación e resiliencia e levámola ao diálogo social, co cal nos volveremos reunir nos próximos días. Reunímonos ata trinta veces co Goberno para trasladarlle as nosas prioridades; dúas delas directamente foron encontros que mantiveron o presidente Feijóo e o presidente Rueda con Pedro Sánchez. E mantivemos e mantemos unha canle de diálogo aberta con sectores produtivos.

Porque se algo define o xeito de proceder da Xunta de Galicia en todo este proceso é a confianza que temos na colaboración público-privada. Así entendemos a política industrial e así é como estamos tratando de implicar a propia iniciativa privada para impulsar proxectos transformadores na nosa industria e no noso modelo produtivo, que é o que nos pide Europa. E o exemplo témolo na Sociedade Impulsa, unha sociedade público-privada que está a servir de instrumento e de apoio para promover en Galicia iniciativas empresariais tractoras. Iniciativas empresariais tractoras como son as que compoñen o punto forte da candidatura galega aos fondos Next Generation, que todos vostedes xa coñecen, onde prima a innovación, a economía circular, as renovables ou a mobilidade sustentable; iniciativas empresariais tractoras sobre toda a cadea de valor, señorías, que reflicten como é o noso modelo de política industrial e como é a axenda industrial de Galicia: transformadora, sostible, innovadora e creadora de emprego cualificado.

O papel da Sociedade Impulsa neste sentido está a ser moi importante á hora de traer investimento privado e concretamente á hora de conseguir socios industriais para que tres proxectos clave que forman parte do polo para a transformación de Galicia poidan ter lugar en Galicia.

O primeiro deles, a fábrica de fibras téxtiles que Altri prevé implantar no municipio de Palas de Rei. Trátase dunha iniciativa que comporta 800 millóns de euros de investimento para



levantar en Galicia unha das principais plantas de produción de eliocel de Europa. Supón unha forte aposta pola nosa cadea monte-industria, pero está claro que o seu impacto é transversal a sectores como o téxtil e que vai ser moi relevante en termos de competitividade de emprego cualificado e sustentabilidade, porque é un emblema do que significa a economía circular.

Xunto con Altri, outro dos proxectos que se foron consolidando ao amparo da Sociedade Impulsa é o que están promovendo Repsol, Naturgy e Reganosa, que estudan implantar unha planta de produción de biometano e fertilizantes a partir de residuos gandeiros; unha iniciativa que vén dar unha nova vida á zona de Cerceda despois de que o Goberno decidise deixala orfa a nivel industrial co peche da central térmica de Meirama. Estamos falando dun proxecto tecnicamente solvente que é froito de moitos meses de traballos previos e que tamén seleccionamos como candidato para acceder ao fondo de transición xusta. É grande en cifras, 14,6 millóns de euros de investimento, e a previsión de xerar seiscentos postos de traballo, pero, sobre todo, señorías, é grande en obxectivos, polo seu compoñente innovador, polo seu beneficio ambiental, polo apoio ao rural e por estar enmarcado no reto da transición enerxética. *(Aplausos.)*

En terceiro lugar, como outra das iniciativas da candidatura galega aos fondos europeos, na que tamén colabora a Sociedade Impulsa, temos que destacar o proxecto que promoven Reganosa e EDP Renovables para construír unha planta de hidróxeno verde nas Pontes, unha iniciativa declarada xa como proxecto industrial estratéxico e que está en tramitación na Xunta de Galicia; un proxecto que describe con todas as súas letras o significado da transición enerxética xusta, aquela que ofrece alternativas onde máis se necesitan, no marco do binomio industria-sostibilidade. Supón un investimento de ata 156 millóns de euros e vén ser pioneira en Galicia e estratéxica para a reindustrialización de toda esa contorna, cunha capacidade instalada inicial de 20 megavatios aínda que podería chegar a 100 megavatios e para producir 14.400 toneladas de hidróxeno ao ano.

Ademais destas tres iniciativas que integran o polo para a transformación de Galicia nas que colabora a Sociedade Impulsa, a Xunta de Galicia está promovendo outros proxectos. De forma concreta, o proxecto que Ence estuda poñer en marcha tamén nas Pontes é outra das propostas que podemos circunscribir neste obxectivo de identificar alternativas industriais para as zonas de transición xustas.

Trátase, como saben, dunha iniciativa para crear un polo de economía circular e biomateriais como papel tisú, que contempla un investimento de 355 millóns de euros, a creación de máis de mil empregos entre directos e indirectos e unha produción estimada de máis de cen mil toneladas anuais de fibras de papel, completando así un dos obxectivos que tiñamos marcados no sector madeira-industria, que é precisamente completar a cadea de valor de Ence en Galicia. Cremos que non só vai supoñer un reactivo para a actividade industrial desta comarca, senón que vai converter tamén toda esta zona nun enclave estratéxico para a bioeconomía en Galicia.

Century e Showa Denko son outras das grandes empresas que confiaron en Galicia para ampliar o seu plan de negocio. A primeira, Century, xa declarada como proxecto industrial es-



tratéxico pola Xunta de Galicia, vén sumarse a esta lista de iniciativas industriais que estou mencionando e que van contribuír a suplir o impacto que ten para As Pontes o peche da central térmica. Unha fábrica de pneumáticos das máis avanzadas do grupo, que, segundo a empresa, vai supoñer un investimento de máis de 522 millóns de euros, coa previsión de producir doce millóns de pneumáticos ao ano para coches, camionetas e avións.

Por outra parte, Showa Denko, como saben, ten como obxectivo instalar na Coruña unha nova planta dedicada á fabricación de ánodos de grafito para baterías eléctricas, e tamén opta aos fondos Next Generation. Implica un investimento de ata 300 millóns de euros e verdadeiramente vai contribuír a posicionarnos como unha industria subministradora de materiais indispensables para a mobilidade eléctrica, que no momento actual está afectada pola crise dos semicondutores.

Por outra banda —e seguimos con proxectos concretos e proxectos industriais que se están promovendo por parte da Xunta de Galicia na candidatura aos fondos Next Generation—, hai nesta selección de proxectos estratéxicos que lles estou a relatar dous en concreto que converten Galicia nun caso de éxito no eido da innovación e nos sectores emerxentes. Falo de forma concreta dos sectores aeroespacial e biotecnolóxico.

Por un lado, o polo aeroespacial de Galicia actualmente é un dos proxectos máis ambiciosos neste sector en España, que xa ten en execución 320 millóns de euros de fondos público-privados. Acompañánnos socios tecnolóxicos multinacionais de referencia na industria aeroespacial: Airbus, Babcock e Telespazio, que son os novos adxudicatarios e que teñen que lle dar continuidade ao traballo xa feito por outras compañías de referencia no sector como son Indra e Boeing. Da man destas empresas tractoras o que conseguimos é xerar todo un ecosistema de pequenas e medianas empresas e centros de coñecemento que xa están desenvolvendo o seu labor ao redor do polo aeronáutico, con quen agora, ademais de seguir desenvolvendo proxectos de I+D, van permitir consolidar a pegada industrial e gañar proxección internacional. Aspiramos a poder investir ata 220 millóns de euros adicionais de cara ao ano 2026 se esta proposta finalmente ten encaixe no PERTE aeroespacial.

Por outro lado, se falamos do sector biotecnolóxico, temos que mencionar tres proxectos que van ser moi importantes para que Galicia se considere como biorrexión: a planta de vacinas que proxecta Zendal no Porriño, cun investimento de 111 millóns de euros; as futuras instalacións de Indukern en Monforte de Lemos, xa anunciadas e comprometidas, para a fabricación de produtos farmacéuticos, que van contar cun investimento de 33 millóns de euros; e o novo complexo industrial de Lonza, que adquiriu máis de cen mil metros cadrados de solo na Plisan e que prevé investir 200 millóns de euros. Confiamos, señorías, en que todos eles teñan un papel relevante no PERTE de saúde de vangarda.

Igual que confiamos, señorías, en que os principais proxectos de eólica mariña que se están impulsando por parte da Xunta de Galicia teñan un lugar destacado no PERTE do naval. Refírome de forma concreta á planta de San Blas e de estruturas de eólica mariña flotante que Naval Nervión quere instalar no porto exterior de Ferrol, cun investimento de 25 millóns de euros, e a previsión de crear cen novos postos de traballo e catrocentos empregos directos que se poden manter; unha iniciativa que en breve xa lles adianto que completaremos con



outras que se están proxectando en punta Langosteira en colaboración coa Autoridade Portuaria da Coruña.

Outro apartado de proxectos estratéxicos de Galicia no marco dos fondos europeos Next Generation ocúpao o sector agroalimentario, con propostas concretas: Estrella Galicia, que quere innovar no eido das bebidas funcionais con novas solucións a partir da biotecnoloxía, cun investimento de 410 millóns de euros no polígono de Morás; o grupo Profand, que contempla instalar dúas novas plantas produtivas, con tecnoloxía adaptada, cun investimento de 105 millóns de euros; Jealsa, a través da súa iniciativa de economía circular e sustentabilidade We Sea, que recolle un investimento de 112 millóns de euros para unha planta de biorrefinería mariña; ou Cafés Candelas, coa súa nova planta de produción en Lugo, cun investimento de 14 millóns de euros. Todos estes proxectos, señorías, están esperando o seu encaixe no PERTE do sector agroalimentario.

E, por último, deixo para o final desta selección de iniciativas estratéxicas industriais para o desenvolvemento da nosa axenda industrial o proxecto de Stellantis. E fágoos porque a situación na que se atopa é verdadeiramente preocupante. Dáños pé a expoñer con toda claridade as inxerencias das que falaba ao comezo desta comparecencia cando me refería aos erros de xestión que cremos que o Goberno está cometendo cos fondos europeos Next Generation.

Señorías, convídeos a que reparen no significado da palabra incerteza: falta de coñecemento seguro e claro de algo. Pois ben, todo o que rodea o proxecto de Stellantis en Vigo e a posibilidade de que finalmente poida ser financiado, ou non, con cargo aos fondos europeos son incertezas. E son incertezas provocadas pola mala praxe do Goberno. A factoría de Stellantis de Vigo permanece á espera de saber de forma segura e clara se finalmente vai recibir fondos para poder instalar en Balaídos a plataforma que necesita para producir os novos modelos eléctricos do grupo a partir do ano 2026, cun investimento, señorías, de 600 millóns de euros.

Vostedes coñecen perfectamente que este investimento é vital para o futuro de Stellantis Vigo, e así nos gustaría que o entendese tamén o Goberno. Por iso, xa lle pedimos a convocatoria dun novo PERTE do vehículo eléctrico e conectado para poder dar encaixe ás iniciativas que quedaron fóra e que van quedar fóra da primeira edición do PERTE.

Nada menos que iniciativas presentadas por quen é o primeiro produtor de vehículos en España, que fabrica, señorías, o 42 por cento de todos os vehículos que se fabrican no noso país. Gustaríanos que para iso o Goberno convocase, primeiro, o grupo de traballo, ao que se comprometeu o pasado 16 de setembro; xa pasou máis dun mes e o acordo do Goberno estase incumprindo, incumprindo con Stellantis e incumprindo cos gobernos de Galicia, Aragón e Madrid para consensuar precisamente un novo PERTE e poder emendar así os erros cometidos. Sorprende, señorías, esta falta de interese ante a relevancia que ten este investimento.

Porque o certo é que o PERTE do vehículo eléctrico e conectado, señorías, resultou ser a historia dun fracaso. ¿Como, se non, definirían vostedes cando preto de 2.400 millóns de euros





quedaron sen adxudicar? O 80 por cento dos fondos quedaron sen adxudicar. E ¿como definirían vostedes se temos en conta que os investimentos dos principais construtores en España, como Stellantis e Ford, simplemente quedaron fóra desta convocatoria? ¿Iso non é un fracaso?

Señorías, estamos falando da mala praxe do Goberno na xestión dos fondos europeos, e falamos de mala praxe no deseño das convocatorias e falamos de mala praxe na asignación das axudas. E non o di a Xunta de Galicia, estano a dicir os informes da CEOE e trasládannolo os propios empresarios, o propio tecido produtivo galego. Son demasiadas convocatorias e todas atomizadas. Falta unha xanela única á que as empresas poidan acudir e presentar o seu proxecto. Os prazos, en moitos casos, son inasumibles e os proxectos que resulten adxudicatarios das axudas teñen que desenvolverse antes do 30 de setembro do ano 2025. As intensidades de axuda son insuficientes. As empresas atopan moitas dificultades para incorporar unha porcentaxe mínima das PEME, un 40 %, e de centros de coñecemento. Hai moitas dúbidas, señorías, non resoltas, por parte do Goberno, con respecto á compatibilidade con outras axudas existentes, así como con respecto ás posibilidades de cofinanciamento.

Señorías, desde que o Consello de Ministros aprobou o primeiro PERTE en xullo do ano 2021 —digo ben, xullo do ano 2021— lévanse aprobado un total de 11 PERTE, cunha dotación anunciada que ascende a máis de 33.000 millóns de euros de investimento público, practicamente o 50 % de toda a dotación que está prevista nos fondos europeos adicados a proxectos industriais.

Falamos do PERTE e do vehículo eléctrico conectado; saúde de vangarda; PERTE de enerxías renovables, hidróxeno renovable e almacenamento; cadea agroalimentaria; nova economía da lingua; economía circular; dixitalización do ciclo da auga; PERTE aeroespacial, microelectrónica e semicondutores; e, finalmente, o PERTE de economía social e dos coidados.

Ademais, está pendente a aprobación dun novo PERTE orientado á descarbonización da industria, que desde Galicia cremos urxente para que as empresas do sector electrointensivo como Alcoa San Cibrao poidan facer fronte ao impacto do prezo eléctrico, que xa lles resulta cinco veces máis caro que en 2020. Señorías, anunciouno o Goberno o pasado 17 de febreiro, e xa pasaron 243 días —oito meses— sen que aínda fose aprobado polo Consello de Ministros.

Como dicía, en total, son máis de 33.000 millóns de euros de investimento público relacionado cos PERTE. Pero agora veñen os defectos de forma e de fondo.

Segundo datos que deu a coñecer a propia vicepresidenta e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, Nadia Calviño, deses máis de 33.000 millóns de euros só se convocaron polo momento 9.372 millóns de euros; é dicir, o 30 %. Non sabemos, señorías, que está a pasar coas convocatorias do restante 70 %. Temos 24.000 millóns de euros que están nos caixóns dos diferentes ministerios.

Chaman a atención, en segundo lugar, as diferenzas que existen entre os diferentes PERTE aprobados. Por exemplo, en volume de orzamento público, contrastan as cifras de investi-



mento do PERTE de semicondutores, 12.250 millóns de euros, cos que se destinan ao PERTE do naval, 300 millóns de euros.

Chama a atención, en terceiro lugar, que aínda non se anunciase e non se dese solución a novos PERTE que estamos reivindicando desde as diferentes comunidades autónomas, e, concretamente desde Galicia, aos PERTE de bioeconomía, forestal, téxtil ou da industria cultural.

Pero, sobre todo, señorías, o dato máis elocuente sobre o que está a ser o nivel de execución destas axudas é que o tempo medio que transcorre desde que o Goberno aproba un PERTE ata que se lanza a convocatoria industrial é de 195 días, máis de medio ano; e digo «tempo medio». Pero trasládolles a situación dos PERTE relevantes para Galicia.

A convocatoria do PERTE do naval aínda non está feita despois de 212 días —sete meses de espera—; o PERTE agroalimentario convocouse oito meses despois da súa aprobación; é dicir, pasados 252 días; e non sabemos, nestes momentos, se vai incluír o sector mar e industria, como lle estamos a pedir desde Galicia.

Pero isto non é todo. Estamos á espera de que se convoque o groso do PERTE aeroespacial, e xa pasaron 200 días, seis meses desde o seu anuncio. O mesmo que co PERTE de saúde de vangarda, que o 30 do mes que vén —novembro— haberá un ano desde que foi aprobado, e aínda nada se sabe da convocatoria industrial. Por non falar do PERTE da descarbonización, que simplemente non está aprobado por parte do Consello de Ministros, e, como saben, se no ano 2023 non están asignados os fondos, perderanse.

¿Cales son as consecuencias de todo isto? Pois que as diferentes convocatorias non están tendo a recepción esperada e que mesmo podería haber dificultades para absorber no prazo previsto os recursos que se asignan a cada unha, e disto saben moito os empresarios.

O prazo é, polo tanto, o que nos preocupa, señorías. Se desde o 13 de xullo do ano 2021, cando se aprobou o primeiro PERTE, o Goberno tan só foi capaz de convocar o 30 % do investimento previsto, ¿alguén do Goberno nos pode explicar como pretenden adxudicar en apenas o ano que queda os 24.000 millóns de euros que aínda teñen pendentes? ¿Pódenos explicar o Goberno como se van asignar os 7.700 millóns de euros adicionais que se aprobaron por parte da Comisión Europea polo comportamento do produto interior bruto en España?

As nosas preguntas son moi sinxelas: ¿cando se van convocar de novo os fondos que non se están asignando nas convocatorias resoltas? ¿Cando se van convocar os 2.400 millóns de euros pendentes do PERTE do vehículo eléctrico e conectado que quedaron sen asignar? ¿Cando se van convocar os 3.781 millóns de euros que aínda non se convocaron do PERTE de renovables e hidróxeno? ¿Cando se van convocar os 412 millóns de euros que aínda quedan por convocar do PERTE da saúde de vangarda? ¿Cando se van convocar os 1.365 millóns de euros que quedan por asignar no PERTE agroalimentario? E ¿cando se van convocar os 200 millóns de euros que están sen convocar do PERTE do naval?

O Goberno, señorías, ten un remanente de fondos aínda pendente de convocar e, como dicía ao principio desta comparecencia, o tempo aprema. O tecido empresarial, os sectores in-



dustriais e os centros de coñecemento agardan por unhas axudas que Europa —Europa, e non o Goberno— puxo á disposición de todos.

Falaba ao comezo do que podería supoñer que Galicia perdese o tren dos fondos europeos. Creo que todo este Parlamento pode estar de acordo en que sería perder unha oportunidade irrepertible para modernizar e dar músculo ao noso tecido empresarial.

Por iso hoxe, señorías, a nós gustaríanos contar co apoio desta Cámara para pedir ao Goberno que axilice os procedementos e que descentralice a xestión destas axudas para que poidamos poñelas en mans das comunidades autónomas e, polo tanto, dos empresarios. Creo que este Parlamento ten que asumir a súa responsabilidade cos empresarios e co tecido produtivo.

Desde logo, señorías, non é un dato nada positivo nin para España nin para Galicia saber que o Ministerio de Industria, que se reservou o 100 % da xestión destes fondos, tan só teña comprometido nestes momentos o 17,5 % do crédito incluído nos orzamentos xerais do Estado do ano 2021 e 2022; e digo comprometido, non pregunto polo executado, porque aí non hai transparencia. ¿Pódese falar dun maior fracaso na xestión dos fondos europeos adicados e destinados ás empresas que teñen que xerar emprego?

Señorías, traballemos xuntos nesta Cámara para poñer á disposición da iniciativa empresarial estes recursos (*Aplausos.*) e traballemos xuntos nesta Cámara para darlles unha resposta ás empresas, porque Galicia está preparada. Está preparada porque temos un marco normativo, a través da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia. Está preparada porque xa temos aprobada unha Lei de áreas empresariais, porque temos unha oficina, Galicia Empresa, que atende e dá resposta ás necesidades das empresas e porque temos figuras administrativas como os proxectos industriais estratéxicos de interese autonómico e as iniciativas empresariais prioritarias.

Señoría, nesta comparecencia trasladei os principais proxectos que forman parte da candidatura Next Generation Galicia, proxectos empresariais que se están tramitando, que están en construción ou que están en desenvolvemento, proxectos reais coñecidos polo Goberno e que están esperando a que ese goberno poida darlles resposta a eses proxectos que responden cos criterios establecidos pola Comisión Europea. Os fondos non son do Goberno, son fondos europeos que están destinados ao tecido produtivo do noso país. (*Aplausos.*)

Señorías, falamos de 4.670 millóns de euros que están —como dicía— en desenvolvemento, en construción ou en tramitación administrativa e de dezaseis iniciativas empresariais prioritarias, cun investimento de 760 millóns de euros: Cortizo, Albo, Oviganic, Sogama, Ignacio González Montes, Bioenergías de Lugo e Sarreaus, NovaFrigsa, Agroamb, Hornos de Lamas-telle, Armonía Green Galicia, Cafés Candelas, Forestal do Atlántico, Bioenergía A Coruña, Reginor e Green Umia. Dezaseis proxectos en tramitación como iniciativa empresarial prioritaria.

Señorías, falamos de dous proxectos de interese estratéxico xa aprobados pola Xunta de Galicia e en tramitación: o polo de Reganosa e EDP Renovables e a factoría de neumáticos de Sentury; de 531 millóns de euros á factoría de Sentury e de 156 millóns de euros ao polo de Reganosa. Falamos dun proxecto de interese autonómico: Grupo Santos, declarado de inte-



rese autonómico no último Consello da Xunta, 26 millóns de euros. E, ademais, de proxectos como Altri, a planta de fertilizantes que están promovendo Reganosa, Repsol e Naturgy, o proxecto de Ence, o proxecto Zendal, Indukern, Lonza, Stellantis, Nervión, Estrella Galicia, Profand, Gealsa... ¿Que máis motivos podemos ter neste Parlamento para traballar todos xuntos pola defensa do emprego en Galicia, pola defensa do desenvolvemento destes proxectos, con fondos europeos, que pon a Comisión Europea á nosa disposición.

En definitiva, señorías —e finalizo—, a pasada semana o Foro Económico de Galicia apelaba a reforzar a imaxe de marca de país. Desde a Xunta de Galicia non podemos estar máis de acordo coa importancia que a marca Galicia se asocie á estabilidade, á innovación e á sustentabilidade.

A candidatura de proxectos aos fondos Next Generation leva a marca Galicia. Polo tanto, o único que pedimos —e no que nos gustaría que houbo unanimidade nesta Cámara— é que os fondos Next Generation cheguen a Galicia para apoiar os grandes proxectos que precisa a nosa industria. O Goberno, señorías, non ten escusas para dicirlles que non ás empresas nin para dicirlles que non a Galicia. Ao contrario, no traballo que levamos feito da man do tecido económico e social para dar forma aos grandes proxectos que van transformar a nosa economía ten argumentos e motivos dabondo para dar un si: si ao tecido empresarial galego e si a Galicia. Oxalá o escoitemos e oxalá na miña vindeira comparecencia poidamos estar falando de boas noticias para Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señor Conde.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Na primeira quenda, por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia, ten a palabra dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señora presidenta.

Bo día, señoras e señores deputados. Bo día, señor vicepresidente primeiro.

Señor Conde, nós, os socialistas, pensabamos que hoxe viña vostede comparecer nesta Cámara para explicarnos a execución dos fondos europeos asignados a Galicia, fundamentalmente os que xestiona directamente a Xunta de Galicia. Pero hoxe vemos como vostede novamente... Señor conselleiro, ¿non lle chegou o tempo? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu xa sei que vostedes están acostumados a queixarse do tempo. É o que fai o expresidente Feijóo no Senado, pero eu coñezo bastante ben —e non fago esas triquiñuelas— como é o funcionamento parlamentario. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Vostede é o vicepresidente e volve outra vez, coma sempre e como xa nos ten acostumados, a confrontar co Goberno do Estado e a interpretar ese acto, con esa cara de buenismo, de publicidade e propaganda da Xunta de Galicia.



Vostede, señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, leva sendo conselleiro de Industria dende decembro de 2012; é dicir, leva dez anos consecutivos. E o noso Estatuto de autonomía de Galicia recolle que a nosa comunidade ten competencia exclusiva no fomento e na planificación da actividade económica en Galicia e tamén na planificación industrial. Pero vostede, en cada comparecencia pública que fai dende que é presidente do Goberno o señor Pedro Sánchez, ten a escusa perfecta: todo o malo é culpa do Estado e todo o bo é grazas á Xunta de Galicia. A verdade, señor conselleiro, é unha actitude bastante patética para alguén que ten a obriga de gobernar na nosa comunidade. Vostede debería asumir a nefasta ou inexistente planificación económica e xestión industrial na nosa comunidade durante os dez anos que leva vostede como conselleiro con competencias exclusivas na materia.

O Partido Popular leva gobernando trece anos ininterrompidos na Xunta de Galicia, sendo un goberno incompetente na planificación económica e incapaz en política industrial na nosa comunidade, limitándose a xestionar o que teñen sen ter un proxecto de país. Porque, mire, se o Goberno do Estado ten a culpa de todo, señor vicepresidente primeiro, ¿para que serve a Consellería de Economía, Industria e Innovación da que vostede é titular e con competencias exclusivas nas súas áreas? Eu espero que na segunda quenda vostede nos dea esta información.

Mire, o Goberno galego —antes co expresidente Feijóo e agora co presidente Rueda— leva dende o 2018 instalado nesa confrontación, da que vostede acaba de facer unha mostra máis. Están máis preocupados de inventar un relato que de xestionar e resolver os problemas da nosa cidadanía e do noso tecido produtivo. En pandemia vostedes confrontaron con todas as medidas aprobadas polo Goberno de Pedro Sánchez e acordadas con todas as comunidades autónomas en conferencias sectoriais. Vostedes votaron en contra de cada unha das medidas necesarias para axudar a cidadanía e para axudar as empresas no seu conxunto para que ninguén quedase atrás e para que todos e todas puidésemos avanzar co impulso do Estado. Confrontaron e votaron en contra dos ERTE, do ingreso mínimo vital ou do incremento do salario mínimo interprofesional. Por certo, señor conselleiro, infórmoo de que onte, na presentación do *Estado da pobreza en Galicia*, a Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión Social recoñecía que estas medidas foron fundamentais para que en 2021 en Galicia houbera 4.000 galegos e galegas menos en situación de pobreza ou exclusión social.

Vostedes tamén confrontaron e votaron en contra das axudas para as familias e das axudas para as pemes. E confrontaron e votaron en contra de que viñesen eses 140.000 millóns de euros dos fondos Next Generation ao noso país; uns fondos que vostede sabe que son para seis anos, que deses fondos case 70.000 millóns de euros son recursos directos e dos que España xa recibiu eses 33.000 millóns de euros dos que vostede falaba. E, claro, mentres vostedes se adican a confrontar, pois non adican ese tempo a xestionar e a executar os fondos que recibían do Goberno de Pedro Sánchez, amosando unha vez máis que este goberno é incapaz e é un goberno incompetente.

Fíxese, señor conselleiro, no ano 2020 —no peor da pandemia, cando as necesidades sanitarias se multiplicaron exponencialmente—, vostedes deixan sen executar uns 202 millóns de euros de fondos transferidos por ese goberno malísimo, malísimo de Pedro Sánchez: 159





millóns de euros de fondos covid destinados a sanidade e 42,5 millóns de euros para fondos de compensación interterritorial. É dicir, 202 millóns de euros que non tiveron impacto na nosa cidadanía en prioridades como sanidade ou reequilibrio territorial, cando peor o estabamos pasando en pleno 2020. O dito, señor conselleiro, esta Xunta de Galicia é unha Xunta de moito pico e de pouca pa.

E, como lle dicía antes, vostedes votaron en contra de que chegasen a España eses 140.000 millóns de euros, dos que vostede falaba hai un momento e dicía que eran fundamentais — xa non o recordo exactamente—, que non podían ser unha oportunidade perdida ou unha vacina —como dicía o outro día a voceira do Partido Popular—. Pero recórdolle —porque creo que o sabe perfectamente— que o PP foi o único partido político da oposición que foi a Bruxelas intentar que eses fondos non chegasen a España e, polo tanto, que non chegasen a Galicia, e foron tamén os únicos que foron a Europa criticar a xestión dos fondos.

En fin, señor conselleiro, contésteme, por favor: ¿que pasaría se saíse ben ese voto en contra do Partido Popular, as súas artimañas e as súas críticas? ¿Que pasaría, señor conselleiro? ¿Como iamos saír desta crise sanitaria, económica e social na que nos sumiu a pandemia? Porque vostede falaba de oportunidade perdida que non nos podemos permitir; curioso, señor conselleiro, porque se, por vostedes fose, sería unha oportunidade perdida —que non o iamos permitir—, porque non teríamos xa no noso peto —como empregan vostedes— eses fondos europeos.

Pois mire, señor conselleiro, o primeiro: que non estariamos hoxe nesta comparecencia falando de fondos Next Generation e non estariamos sentando xa as bases do cambio produtivo atendendo ás persoas e ao noso tecido produtivo. E Galicia non tería xa 1.895 millóns de euros dos fondos Next Generation adxudicados, máis os 441 millóns de euros dos fondos React-EU; é dicir, 2.300 millóns de euros destinados xa á nosa comunidade para recuperar-nos das gravísimas consecuencias da pandemia e agora da crise provocada pola invasión de Putin a Ucraína. E vostede sabe perfectamente que, deses 2.300 millóns de euros —empregando esa linguaxe do expresidente Feijóo—, a Xunta de Galicia ten xa no seu peto 1.538 millóns de euros que debe xestionar directamente. Ou, dito doutra forma —e seguindo esa liña expresiva do expresidente Feijóo—, a Xunta de Galicia estase forrando cos fondos Next Generation achegados polo Goberno do Estado, encabezado por Pedro Sánchez, en máis de 2.300 millóns de euros.

Eu espero, señor conselleiro, que na segunda quenda nos fale a todos os deputados e deputadas desta Cámara de como vai a execución deses 2.300 millóns de euros que ten xa no seu peto a Xunta de Galicia. Porque os socialistas esperamos que non teñan que devolver nin un só euro e que execute o cen por cento dos fondos que reciben, que son fundamentais para a nosa sociedade e que son fundamentais para a nosa economía.

Señor conselleiro, vostede sabe que nos fondos Next Generation para Galicia xa se levan resoltas máis de 110 convocatorias, con máis de 2.900 participantes, entre entidades locais, organismos públicos, empresas e centros de investimento, persoas, asociacións e fundacións. E vostede sabe tamén que Galicia tamén recibiu fondos: por exemplo, 10,6 millóns de euros no proxecto piloto de inclusión para perceptores do ingreso mínimo vital; 6 millóns





do Plan complementario de ciencias mariñas 2021; 6,2 millóns de euros do Plan complementario de ciencia e comunicación cuántica 2021; 12,3 millóns de euros do Plan complementario de ciencia biodiversidade 2022; e 2 millóns de euros do Plan complementario de biotecnoloxía aplicada á saúde 2022. E sabe que Galicia participa xa en 7 dos 11 PERTE aprobados polo Estado español.

Polo tanto, agradeceríalle que na segunda quenda que ten vostede nesta comparecencia nos debulle o estado de execución de todos estes fondos recibidos e nos diga como se están xestionando os proxectos que se van presentar á seguinte...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señora Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Remato xa, señora presidenta.

Señor conselleiro, eu a verdade é que non sei se explicarllo ou non —porque supoño que non será descoñecemento e espero que tampouco sexa mala fe—, pero non terei que explicarlle a vostede como se tramitan os fondos Next Generation, ¿verdade que non?, nin como se preparan os PERTE para optar. E vostede sabe perfectamente que estes non son fondos como os anteriores fondos europeos, non son fondos adicados ao territorio, senón que se teñen que presentar aos PERTE que se van aprobando no Estado. Polo tanto, señor conselleiro, espero que na segunda quenda...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...—si— nos informe da execución do que vostedes xa teñen para xestionar na Xunta de Galicia. Iso parécenos fundamental tamén aos deputados e deputadas que estamos hoxe aquí presentes neste Pleno.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Grazas, señora Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, quenda para don Ramón Fernández Alfonzo.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Obrigado, señora presidenta.

Bo día.

Iniciaba hai quince días a miña intervención nesta tribuna, nun debate sobre os PERTE, dicindo que o BNG sempre participa nestes debates dun xeito construtivo. Hoxe vou comezar lembrando que cando no ano 2020 a pandemia da covid-19 paralizou a nosa vida, nos confinou nas nosas casas, nos arrebatou seres queridos, colocou a nosa sanidade en situación de *shock* e provocou unha grave crise económica, Galiza xa estaba en crise. No ano 2020 Galiza xa estaba en crise; unha crise diferente, sen dúbida, pero claramente en crise, que se manifesta en última instancia nunha crise demográfica, grave e profunda. Galiza perde po-



boación, en liñas xerais —aínda que teñamos épocas en que medremos un pouco—, pero Galiza perde moita poboación en relación co Estado español, que aumenta significativamente. Mais sobre todo a nosa principal característica é que somos un país envellecido. Non gañamos poboación e a que temos é cada vez maior, cada vez máis vella, até o punto de que a propia Xunta, no noso Plan estratéxico 2022-2030, di expresamente que un dos principais problemas ou hándicaps para a recuperación económica de Galiza é a nosa situación demográfica. Así que a nosa crise demográfica, igual que a pescadilla, xa morde a súa cola, xa pechou o círculo, xa non é só consecuencia dunha crise económica, senón que, ademais, se converte nun problema para resolver a crise.

Son moitos os factores que nos conduciron a esta situación: a falta de expectativas e de oportunidades laborais, entre os máis importantes. Así expresado, ou con parecidas palabras, será a resposta que lles dean á maior parte das persoas do noso país se lles preguntamos por que marchan, por que un fillo nada máis, por que tan tarde...: falta de expectativas e de oportunidades laborais. Supoño que nisto coincidiremos.

E a destrución de gran parte da nosa industria durante os anos de goberno do Partido Popular ten unha importancia decisiva na creación deste contexto de falta de expectativas e oportunidades. Galiza perdeu máis de 15.000 empregos no sector industrial durante os trece anos de goberno do Partido Popular. Saen vostedes a máis de mil empregos destruídos por cada ano de goberno.

Os peches máis recentes son os da antiga Alcoa da Coruña, Vestas, en Viveiro, ou Siemens-Gamesa, nas Somozas, pero pouco antes pecharan Isowat, tamén na Coruña, ou Poligal, en Ferrol, e moitas outras, sen esquecer os miles de empregos que se perderon no sector naval da ría de Vigo, en permanente situación de crise.

A crise industrial é, sen ningunha dúbida, unha das causas principais da falta de oportunidades e da nosa crise demográfica. Precisamos industria. Galiza precisa dun gran acordo, dunha gran aposta pola reindustrialización. E o plan para transformación, recuperación e resiliencia debía ser unha oportunidade, debía ser a ocasión para materializar ese gran acordo, xa que reserva unha porcentaxe moi importante do total de fondos a proxectos industriais na medida en que, efectivamente, son vitais para un crecemento sólido. Pero parece que os grandes planetas tenden a aliñarse para que isto non sexa así.

O planeta PSOE no Goberno do Estado decidiu reservarse en exclusiva a xestión e a execución destes fondos, e isto foi un erro grave por dúas razóns: a primeira, porque as competencias en planificación económica, e concretamente en industria, corresponden no noso caso ao Goberno galego; e a segunda, e directamente derivada da anterior, porque o Goberno estatal carece da experiencia e das capacidades administrativas e de xestión necesarias para executar estes fondos en prazo e con éxito.

E para nós, para Galiza, pode ter, ademais, unha consecuencia engadida; de feito, parece que vai ser así, que os proxectos das empresas galegas non van estar entre os grandes proxectos prioritarios. ¿Por que? Por falta de peso político. Porque durante estes anos de goberno do Partido Popular non só destruíron 15.000 postos de traballo no sector industrial, senón



que tamén depreciaron e reduciron o peso e a relevancia política de Galiza no contexto da política estatal.

O outro gran planeta, o Goberno Galego e o Partido Popular de Galiza, escenifican de cando en vez as súas denuncias aquí no Parlamento galego e reivindicán apoio para os seus proxectos, e aínda hai quince días mesmo solicitaron un PERTE singular para Galiza. Pero despois ¿que fan? ¿Que fan nas conferencias sectoriais? ¿Que fai o presidente da Xunta cando se entrevista co presidente do Goberno español? ¿Que fai á parte de dar un paseo por Madrid, visitar os amigos e recibir ordes? ¿Cambia algo cando o presidente da Xunta visita ao presidente do Goberno español? Nada, non cambia nada.

Cando o presidente de Cataluña fai unha reclamación, manifesta interese por un proxecto ou solicita un investimento, ten no Congreso, en Madrid, un grupo de deputados e deputadas que se van encargar de que ao presidente do Goberno español non lle resulte fácil ignorar Cataluña. E o mesmo pasa cos proxectos que chegan de Euskadi; teñen peso. Euskadi e Cataluña teñen peso político porque teñen deputados e deputadas no Congreso aliñados cos seus respectivos gobernos. E esa actuación coordinada leva anos marcando a diferenza; é unha evidencia que a ninguén lle escapa.

E hoxe, precisamente, cando máis necesario é recibir investimento e apoio público dos gobernos, os grandes proxectos industriais van seguir un criterio de repartición tan vello como o mundo: tanto tes, tanto vales.

¿Cantos deputados e deputadas galegas no Congreso estarían polo labor de formar unha fronte común na defensa dos proxectos estratéxicos para Galiza? ¿Cantos? Apenas un, o señor Néstor Rego, deputado do BNG. (*Aplausos.*) (*Risos.*) ¿Que fan os 10 deputados e deputadas galegos do PP no Congreso en Madrid? Nin se sabe. Pero xa lles digo eu o que non fan: non reivindicán os proxectos da Xunta de Galiza. Fíxense que clase de partido é o Partido Popular que nin sequera os seus deputados e deputadas en Madrid apoian os proxectos que a Xunta di que son estratéxicos.

Aquí piden un PERTE singular para Galiza e falan da necesidade de apoiar Stellantis Vigo, mais en Madrid piden un novo PERTE para o sector da automoción a nivel estatal; nada dun PERTE singular para Galiza. Aquí, na Galiza, falan de que os PERTE deben ter un sistema de cogobernanza no que participen as comunidades autónomas e en Madrid falan de diálogo coas comunidades autónomas, e hai unha diferenza substancial e moi evidente entre cogobernar e dialogar.

O BNG dixo desde o primeiro momento que era vital para Galiza que os fondos se descentralizasen, que as competencias en planificación económica e de industria son do Goberno galego e que a Xunta debería facer respectar o seu marco competencial para poder deseñar e desenvolver o noso propio plan de recuperación. Desde o primeiro momento desde o BNG chamamos ás outras forzas políticas desta Cámara e á Xunta de Galiza a rachar coa concepción subsidiaria e sucursalista do Goberno galego e das súas competencias respecto do Goberno do Estado e dos chamados intereses xerais. Galiza non pode permitirse por máis tempo —non podemos permitírnos por máis tempo— conducirse no escenario da política española



con esa mentalidade subsidiaria e sucursalista que sempre nos coloca os últimos da fila. Énos moito hora de facernos respectar e de sermos nós, galegos e galegas, a sociedade galega, quen marque obxectivos, prioridades e prazos. E nesta tarefa son vostedes un atranco.

Desde o BNG sempre participamos dun xeito construtivo nos debates, sempre críticos, mais sempre con propostas, especialmente nestes momentos de crise. Mais nunca, nunca, apoiaron vostedes ningunha proposta que significase nalgunha medida coller a iniciativa e liderar o país. (*Aplausos.*) Nunca apoiaron promover ese gran plan de reindustrialización tan necesario, autocentrado, partindo da realidade das nosas capacidades e das nosas necesidades; protagonizado, en todo caso, xestionado e executado polo Goberno galego; liderado polo Goberno galego. Nunca obtivemos o seu apoio, nunca. E a razón é sempre a mesma, está no denominador común das nosas propostas: o feito de estar pensadas desacomplexadamente para favorecer Galiza, un pecado orixinal que vostedes non queren compartir.

Son vostedes e a súa disciplina de partido, a súa obediencia a Madrid, un atranco para a recuperación de Galiza. Non teñen vostedes proxecto nin solución para esa falta de expectativas e oportunidades que está na orixe da nosa crise demográfica; nin proxecto nin solución, e o que é peor, nin intención de chegar a telo. Son vostedes un atranco para Galiza.

Os seus proxectos estrela adolecen todos desa falta de liderado por parte da Xunta, adolecen de falta de visión estratéxica a longo prazo, adolecen de falta de transparencia e adolecen de falta de respaldo e peso político.

A súa frase talismán é «acompañamento», e abrázanse vostedes a calquera proxecto que lles presenten dun xeito acrítico e negligente para tratar de ocultar o feito de que carecen de proxectos. Non teñen vostedes un proxecto propio para liderar a transformación da mobilidade e do sector da automoción, limítanse a facer seguidismo do que di Stellantis, e iso provoca ridículos como que Galiza sexa o único país do mundo que non se pelexa por ter unha fábrica de baterías.

Non teñen vostedes un proxecto propio para liderar o sector naval galego, transformalo e resitalo no mercado mundial. Limítanse a facer seguidismo do que di Pymar, e iso vén de provocar que Galiza perda o primeiro posto da construción naval do Estado español en favor de Asturias. Non teñen vostedes un proxecto propio para explotar e desenvolver os recursos enerxéticos do país. Limítanse a facer seguidismo do que di o cártel das grandes eléctricas, e iso tradúcese en que, sendo ricos en recursos enerxéticos, haxa empresas e familias que non poidan pagar a factura.

Constituíron unha sociedade para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos, a Sociedade Impulsa, e negan vostedes reiteradamente a máis mínima explicación de como funciona, como se seleccionan os proxectos, quen os informa, que persoal traballa nesa sociedade ou a quen lle subcontratan o traballo.

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señor Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Escuridade total sobre a sociedade que debe impulsar os proxectos estratéxicos de Galiza —e remato xa—.



Non están vostedes á altura das circunstancias. Galiza precisa de impulso e de empuxe sen complexos, sen interferencias de Madrid nin obediencias a *lobbys* empresariais. Precisamos que dunha vez Galiza conte, que dunha vez Galiza vaia primeiro. E para iso é imprescindible que o Goberno galego teña a vontade e a determinación de liderar o país. O outro, o acompañamento, xa sabemos a onde nos conduce, a unha crise demográfica que xa está pechando o círculo.

Máis nada e obrigado. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señor Fernández.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra dona Marta Nóvoa Iglesias.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Benvido, señor vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, a este Parlamento. Grazas por vir informar sobre a situación real da asignación dos fondos europeos en materia industrial para Galicia por parte do Goberno de España e tamén da forte candidatura galega á que o Goberno de España segue sen dar resposta, señora Rodríguez Rumbo, tras máis de trinta reunións mantidas sobre o tema.

E, como dixoxostede, non é a primeira vez que vén a este Parlamento. Fíxoo ao abeiro da Comisión de Reactivación, unha comisión creada neste Parlamento por mor da pandemia da covid-19, cuxo ditame se aprobou en xullo do 2021, por certo, co voto en contra das señorías da oposición, tras máis de 50 comparecencias e 155 informes. Esa é a colaboración e a cooperación que demandan aquí as súas señorías.

E, señor Fernández Alfonso, o que temos que dicir sobre o BNG é que o BNG, o señor Rego, foi o que apertou o botón a favor do señor Sánchez en Madrid, e a cambio de nada, señor Fernández Alfonso; a cambio de nada. Ese é o haber que ten o BNG en Madrid: soste o señor Sánchez alí e aquí, en Galicia, en todos os sitios onde poden, co Partido Socialista Galego. Esa é a súa realidade.

E, señora Rodríguez Rumbo, eu sinto que lle moleste. Parece que lle molesta que o señor vicepresidente veña hoxe contar a verdade sobre a situación dos fondos europeos. Parece que lles molesta, a pesar da propaganda e das visitas continuadas de ministros a Galicia, que veñen visitar Galicia, pero a comprometer, cero; cero asignacións para os proxectos industriais de Galicia. Moita propaganda, señora Rodríguez Rumbo, desa que lle gusta a vostede.

E a realidade, señorías, é que España se paralizou no mes de marzo do 2020 pola pandemia da covid-19, sumindo a economía española nunha profunda crise, unida a unha incerteza xerada por falta dunha solución a modo de vacuna. E, neste caso, a situación da crise eco-





nómica foi afrontada de distinta forma pola Unión Europea en relación con outras situacións de dificultade anteriores, creando os fondos Next Generation, entre os que está o Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia, no que dende Europa se asignaron 140.000 millóns de euros a España, dos que a metade, aproximadamente, son a fondo perdido.

E resultou que a mala situación económica de España provocou que fose un dos primeiros países en recibir os fondos Next Generation por parte da Unión Europea. Pero, lamentablemente, ese liderado non continuou, pois España resulta ser o último país en execución.

E é que, como acaba de dicir vostede, señor vicepresidente primeiro —utilizando datos proporcionados pola propia vicepresidenta Nadia Calviño—, dos 33.000 millóns de euros autorizados pola Comisión Europea, en España tan só hai convocados 9.372 millóns de euros; cifra ínfima no cuantitativo e precaria, moi, moi precaria, no cualitativo. Señorías, nin se mobilizan os fondos europeos coa velocidade axeitada nin chegan á economía real da sociedade española. En resumo, se houbese que destacar dous cualificativos para definir o plan aprobado polo Goberno de España no Real decreto 36/2020, de fondos europeos, serían os de decepción e frustración.

E, por suposto, señora Rodríguez Rumbo, que o Partido Popular a nivel estatal votou que non a ese decretazo. E, por certo, un decreto que leva 62 prórrogas para ser tramitado como proxecto de lei. Nese ámbito de democracia que vostedes tanto defenden, 62 prórrogas leva ese decretazo sen tramitar como proxecto de lei.

E, mire, o Partido Popular claro que votou que non, pero non porque non estivésemos de acordo coa asignación de fondos europeos, non. Votamos que non porque nos parecía un plan mal deseñado, improvisado e con moita falta de transparencia; ¡vamos!, con toda a pinta de que os fondos europeos serían asignados a dedo polo señor Sánchez. Nada máis lonxe da realidade, ¿verdade, señora Rodríguez Rumbo?

E, mire, non llo di o Partido Popular, dílo tamén Europa. Díxolle a semana pasada que aínda segue agardando pola implantación dun sistema de auditoría e control da repartición de diñeiro prometido hai máis dun ano. Miren (*A señora Nóvoa Iglesias le un documento.*): «*Riesgo de congelación de los fondos europeos. Hacienda no ha cumplido la implantación del sistema de auditoría y control de reparto del dinero prometido hace un año*». Isto, señora Rodríguez Rumbo, pon en risco as seguintes convocatorias de fondos europeos. E a realidade —e non é que o diga o Partido Popular, dío o tecido empresarial— é que tan só o 16 % das empresas españolas pensan en pedir algunha axuda destes fondos. Ademais da gran porcentaxe de fondos que quedan desertos nas convocatorias sacadas ata o de agora. E vostede fala de que son as convocatorias... Explíquenllelo vostedes aos empresarios, que son eles os que non queren presentarse ás convocatorias, señora Rodríguez Rumbo.

O Real decreto de aprobación de fondos do que vostede tanto presume definiu un proceso de xestión totalmente inoperante. E todo pese á propaganda feita polo presidente do Goberno de España e os seus ministros, adxudicando fondos para proxectos dos que despois nunca máis se sabe. E a propaganda é do tipo que lle ensino, mire (*A señora Nóvoa Iglesias mostra e le un documento.*). A principios do mes de setembro a ministra portavoz dicía en





Vigo isto: «*Los fondos europeos nos van a salir por las orejas. Hay un compromiso absoluto con Stellantis*». ¿Señora Rodríguez Rumbo, a vostede parécelle normal dicir isto tras denegarlle os fondos para un proxecto liderado pola maior fábrica de vehículos de España en colaboración coa industria auxiliar? ¿A vostede parécelle normal vir a Vigo, vir a Galicia, a señora ministra portavoz, despois de denegarlle os fondos a Stellantis e deixar sen convocar máis de 2.000 millóns de euros do PERTE do vehículo eléctrico e conectado? ¿A vostede parécelle razoable, señora Rodríguez Rumbo? ¿Esta é a forma de xestionar os fondos europeos por parte do Goberno de España? ¿Vannos saír polas orellas? Señora Rodríguez Rumbo, dígame vostede —e rétoa— na seguinte intervención un só proxecto da candidatura galega que vai apoiar o Goberno de España, e ten un segundo turno para poder dicilo. (*Aplausos.*)

Señora Rodríguez Rumbo, aínda seguimos agardando, como lle acaba de dicir o vicepresidente, por unha reunión cos gobernos de Galicia, de Asturias, de Aragón e de Madrid para sacar unha convocatoria que poida beneficiar Stellantis, a maior fabricante de vehículos de España. E vostede vén aquí dicir ¿o que? A min paréceme excelente os millóns de euros para proxectos que acaba de dicir vostede para ciencia e outros. Dígame vostede un só proxecto da candidatura de proxectos tractores —os PERTE son para proxectos tractores—, dígame vostede un, só un, señora Rodríguez Rumbo.

E á parte do PERTE do vehículo eléctrico, do que —insisto— quedan máis do 80 por cento dos fondos sen comprometer, temos que engadir a eternidade que supón agardar, como dicía o vicepresidente hai uns minutos, máis de cinco meses desde que se aproba o PERTE ata que sae a convocatoria. Con este ritmo, señorías, é imposible acadar os compromisos de execución destes fondos.

E seguimos agardando polo PERTE da descarbonización da industria, anunciado en febreiro, do que se poderían beneficiar empresas como Alcoa ou outras empresas de enerxía, porque, señoría, señora Rodríguez Rumbo, teñen abandonadas as empresas altamente consumidores de enerxía en España e en Galicia, nomeadamente Alcoa, Megasa e Ferroglobe. Están asfixiando a industria, levan anos —e non é a culpa da guerra, da invasión de Rusia en Ucraína— sen solución, cun prezo estable, pagando un 65 por cento máis de prezo que, por exemplo, os seus países competidores, como Francia. E iso sen ningún tipo de axuda que poderían sacar, señora Rodríguez Rumbo.

E tamén agardamos pola convocatoria doutros PERTE para os sectores da bioeconomía, para a industria forestal, para o sector téxtil ou para a industria cultural. E é que desde que o Goberno central, señora Rodríguez Rumbo, decidiu xestionar o cen por cento dos fondos destinados para industria, a través dos PERTE, —insisto— aínda ten sen convocar máis de 23.600 millóns de euros. Despois de quince meses de recibir a aprobación da Comisión Europea, só ten lanzado convocatorias por valor de 9.372 millóns de euros.

E, señoría, a min a verdade é que me resultou sorprendente e cabe preguntarnos por que, por que o Partido Socialista votou no pleno pasado en contra de solicitar para Galicia os 7.700 millóns de euros adicionais para un PERTE, para uns PERTE destinados a economía, a bioeconomía, o forestal, o téxtil ou a cultura. ¿Por que vostedes votaron que non a que Galicia poida xestionar este PERTE?, ¿por que? Explíquemolo. Se vostede vén presumir aquí de que



Galicia, de que a Xunta de Galicia ten a competencia en industria, dígame por que. ¿Como lles explica iso a todos os galegos? É que apertaron o botón de non. Vostede vén aquí, fai o seu discurso e nunca anuncia o seu voto, porque sabe perfectamente que iso non é facer o ben para Galicia. (*Murmurios.*) Non, non, votaron que non a que ese PERTE se xestione desde Galicia e despois vén aquí dicir que a Xunta de Galicia ten a competencia en industria. Pero, señora Rodríguez Rumbo, por favor, un pouco de rigor.

Miren, alá vostedes e a súa conciencia. A realidade é que a propaganda xa non tapa o fiasco duns fondos que tiñan por obxectivo transformar a economía e non están chegando, e, como acaba de dicir o vicepresidente primeiro, a Airef estima un impacto de tan só un 0,8 por cento para este ano e un 2 por cento para o vindeiro ano 2023. O Banco de España, que revisa á baixa o ritmo de execución, prevé que ao final do ano 2022 o Goberno só teña concedidos 11.778 millóns de euros. Esta é a realidade, señora Rodríguez Rumbo, a súa realidade. Hai dúas semanas non quixeron chegar a un acordo neste parlamento nunha proposta máis que razoable.

Agardo que hoxe, tras as cumpridas explicacións e o poder de convencemento que por suposto ten o vicepresidente primeiro, o señor Conde, se poñan dunha vez, señora Rodríguez Rumbo, dunha vez, o Partido Socialista de Galicia, do lado de Galicia e da súa industria e se aparten do seguidismo do señor Sánchez, distancia que, por certo, baróns doutras comunidades socialistas están a tomar xa; por algo será.

Nada máis pola miña parte e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Nóvoa.

Para réplica, ten de novo a palabra o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación, don Francisco José Conde López.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señora presidenta.

Loxicamente, agradecer a intervención dos portavoces dos diferentes grupos parlamentarios. E paso a intentar responder e, polo tanto, a abrir un debate, porque para iso son as comparecencias, sobre o contido da comparecencia.

Eu si quería empezar, dende logo, por destacar cal é a comparecencia que pediu o Goberno esta mañá, que foi para falar da execución dos fondos europeos en materia industrial.

Señora Rumbo e señor Fernández, eu creo que se equivocaron por un momento de cámara. Eu laméntoo. Seguramente vostedes pensaban que estaban no Congreso dos Deputados e, polo tanto, se sentían na obriga de defender o Goberno de Pedro Sánchez, seguramente. Pero non, están no Parlamento de Galicia e aquí, señora Rodríguez Rumbo, señor Fernández, vimos defender os intereses dos galegos e das galegas e da industria galega. (*Aplausos.*)

Señora Rumbo, ¿como pode falar de que aforramos cartos, cando o Goberno ten 24.000 millóns de euros nun caixón, sen convocar —é que é moi grave— despois de dous anos?



E, señor Fernández, ¿como pode vir aquí facer un discurso tan catastrofista de Galicia, como, por certo, sempre fai o BNG, cando a nosa recuperación do produto interior bruto en Galicia é a mellor da media estatal dos últimos anos e cando Galicia segue batendo récords de exportacións e, polo tanto, de competitividade do seu tecido produtivo? Creo que de novo se equivocou simplemente de comparecencia.

Señora Rodríguez Rumbo, o Goberno queda cos fondos e nin os adxudica nin os transfere. Esa é a realidade. E vostede sabe que o Goberno quedou para si co cen por cento dos fondos europeos Next Generation en materia industrial. Eu creo que, dunha forma sosegada, o Partido Socialista continuamente traslada neste parlamento a responsabilidade da Xunta de Galicia e as competencias da Xunta de Galicia en política industrial; é así. A Xunta de Galicia ten as competencias en materia de política industrial. Pero o curioso é que non nos queren apoiar cando reclamamos que o Goberno transfira os fondos de política industrial que recibe de Europa para poder exercer as nosas competencias. ¿Onde está vostede? ¿Con Pedro Sánchez e coa ministra de Industria, que queda co cen por cento dos fondos en materia de política industrial e, polo tanto, impide que o Goberno de Galicia poida exercer as competencias en política industrial? ¿Onde está situada, señora Rodríguez Rumbo: como portavoz aspirante de Pedro Sánchez ou defendendo os intereses dos galegos e das galegas neste parlamento?

Creo, sinceramente, que deberíamos centrar o debate —insisto— dunha forma sosegada. O Goberno está facendo unha apropiación inxustificada dos fondos europeos en materia industrial, intentando que a Xunta de Galicia non poida exercer as súas competencias. Creo honestamente que todos os grupos parlamentarios deberíamos unirnos para opoñernos, como así fixo a Xunta de Galicia e este goberno, ante o Goberno do Partido Socialista e de Podemos.

Recórdolle, señora Rodríguez Rumbo, que vostedes se abstiveron cando plantexamos solicitar a xestión directa dos fondos europeos de Galicia; está nas actas deste parlamento. E vostedes, o Partido Socialista de Galicia, votaron en contra para solicitar ao Goberno que destine os 7.700 millóns de euros adicionais que vai recibir de Europa para novos PERTE como pode ser o PERTE de Stellantis ou o PERTE de Altri; está tamén nas actas deste parlamento.

Señora Rodríguez Rumbo, con toda cordialidade, deixen de topar os fondos europeos a Galicia. Os fondos europeos non son do Goberno do Partido Socialista e de Podemos. Os fondos europeos son dos galegos, das galegas, dos españois, das empresas, e, polo tanto, creo que realmente deberían de cambiar a súa posición. O seu Goberno confunde os fondos europeos, estaos a confundir, parece non decatarse de que son de todos, e empéñase simplemente en utilizalos en beneficio dos seus intereses electorais e partidistas. E esta é a realidade.

E doulle os datos, porque realmente creo que é como hai que trasladar nun debate destas características. Recórdolle que o seu Goberno, antes de convocar o PERTE do coche conectado, anunciou o investimento en SEAT. Recórdolle que o seu Goberno, antes de convocar o PERTE de automoción, anunciou o investimento dunha fábrica de baterías en Extremadura. Recórdolle que o seu Goberno asinou un convenio co Goberno de Extremadura para crear o Centro Ibérico de Investigación e Almacenamento Enerxético de forma



directa. E recórdolle —isto é moi grave— que o seu Goberno asinou un acordo con ArcelorMittal para abordar a descarbonización da súa planta, incluso un convenio, sen que o resto de empresas saiban cal vai ser o contido desa convocatoria. Creo que son datos suficientemente graves.

As min gustaríame preguntarlle que lles trasladaría nestes momentos aos traballadores de Alcoa —da que está parada a súa planta de aluminio—, aos traballadores de Ferroatlántica —que teñen os tres fornos parados e se está deslocalizando a súa produción— e que lles diría aos traballadores de Celsa e Megasa cando ven que o seu Goberno está asinando un convenio con ArcelorMittal comprometendo fondos dun PERTE que aínda non se coñece a súa convocatoria e non lles está dando unha resposta ás necesidades que ten a nosa industria. Mala praxe, señora Rodríguez Rumbo, mala praxe.

E eu, sinceramente, creo que para ter un posicionamento a estas características debería de falar o Partido Socialista de Galicia co tecido produtivo galego. Debería de falar coas empresas, que teñen proxectos e que están intentando ter unha resposta por parte do Goberno. Os empresarios teñen cara e ollos e teñen proxectos que queren que teñan unha resposta dende o punto de vista dos proxectos europeos.

Eu vin aquí falar de mala praxe, porque é mala praxe o que está facendo o Goberno. No seu deseño dos PERTE estableceron demasiadas convocatorias e todas moi atomizadas, cunha escasa subvención e prazos inasumibles. Falen cos empresarios. Están impondo condicións que distan moito dos plans, dos programas e dos proxectos territoriais que lexítimamente estamos promovendo dende as comunidades autónomas. E falta información necesaria para o seu seguimento. Séntense coas pequenas e medianas empresas, cos proxectos industriais que temos en Galicia e seguramente chegarían a outra conclusión.

E todo isto se traduce, señora Rodríguez Rumbo, nunha lentitude na execución por parte do Goberno en axudas e licitacións desertas. Pídalle os datos ao delegado do Goberno. Convocatoria do financiamento Activa, 140 millóns de euros convocados, 12 millóns de euros asignados.

Señora Rodríguez Rumbo, vimos falar aquí da industria en Galicia e dos fondos europeos, que está xestionando o Goberno —insisto— sen dar unha resposta ao tecido produtivo.

Falábame vostede, aínda que non era o obxecto da comparecencia, pero voulle dar un dato, da execución dos fondos Next Generation. O obxecto da comparecencia, señora Rodríguez Rumbo, era os proxectos en materia de política industrial, porque así está reflectido na propia solicitude da comparecencia. Seguramente o Goberno debería trasladarlle outro tipo de información, pero recollo o guante. Vostede suma, de forma intencionada —pero é que isto é moi habitual—, as transferencias que recibe a Comunidade Autónoma pola súa participación nas conferencias sectoriais cos fondos que se lles asignan ás empresas en diferentes convocatorias de concorrència competitiva. E preguntame a min se estou xestionando eses fondos. ¡Home, un pouco de rigor! A Xunta de Galicia non recibe os fondos que se asignan en concorrència competitiva, que son ordes de axuda centralizadas. Eu pediría un pouco de rigor, polo menos, porque, se non, é imposible ordenar o debate.



Eu entendo que loxicamente o Goberno, que si traslada esas cifras, sume, pero non se poden sumar, son elementos que non se poden sumar, se queremos falar de como se está executando por parte da Xunta de Galicia os fondos que recibimos das diferentes conferencias sectoriais.

Doulle o dato: a Xunta, ata estes momentos, tan só recibiu 933 millóns de euros, 933 millóns. Pero debería saber que eses fondos tan só se poden executar coas condicións establecidas polo Goberno nas diferentes conferencias sectoriais, e, polo tanto, a Xunta de Galicia e o resto de comunidades autónomas non temos ningún tipo de marxe para destinar estes fondos aos plans territoriais que temos en Galicia. Esta é a realidade.

E a realidade é que, cando vostede recompila os 933 millóns de euros que se lle teñen transferido á Xunta de Galicia nas diferentes conferencias sectoriais, señoría, tan só 12 millóns de euros, o 1,7 por cento, teñen que ver con política industrial. E ¿eses proxectos sabe para que son? Para a xestión de residuos, que ademais a maioría teñen que destinarse a entidades locais.

Polo tanto, señora Rodríguez Rumbo, se queremos ter un debate serio e rigoroso cos empresarios, coas pequenas e medianas empresas, cos centros tecnolóxicos, que queren transformar o noso tecido produtivo cos seus investimentos, creo que merecen un pouco de respecto e traer aquí os datos que realmente os afecta dende o punto de vista do desenvolvemento da actividade industrial.

Señor Fernández, fálame vostede dos diferentes elementos da suposta crise que vostede ve en Galicia, que vostedes sempre ven nubes negras por riba de Galicia. Equivócase, loxicamente, de comparecencia, pero eu voulle responder. A min resultoume curioso cando fala vostede da situación de determinadas empresas, como se a situación de Alcoa fora unha responsabilidade da Xunta de Galicia, cando Alcoa está parada porque o Goberno que vostede apoia, simplemente, non establece un prezo eléctrico competitivo, que esa é a realidade.

Pero resultame curioso que vostede, como sempre, se olvida dos traballadores de Ence, olvídase dos traballadores de Elnosa, dos traballadores das Pontes. Para vostedes hai sempre traballadores de primeira e de segunda, traballadores do Bloque e traballadores que ¡boh!, estes dá igual. Pois vai ser que non, aquí estamos para defender todos os traballadores. (Aplausos.)

O que si lle agradezo na súa intervención, señor Fernández, é que, efectivamente, estamos de acordo co diagnóstico; efectivamente, eu agradézolle que recoñeza por fin que, efectivamente, o Goberno se está apropiando de forma inxustificada dos fondos europeos en materia industrial e que, polo tanto, non podemos exercer as nosas competencias. Pero, ¡home!, cando imos á causa, entón xa non estamos de acordo, porque que vostede me traslade aquí que falta peso político en Galicia e que que fai o presidente cando vai a Madrid e intente frivolizar cunha reunión do presidente da Xunta co presidente do Goberno onde formalmente o propio presidente do Goberno compromete fondos para Stellantis e para Altri e despois simplemente o presidente do Goberno incumpre, e vostede frivolicie coa defensa dos intereses de Galicia que fai o presidente da Xunta, ¡home!, eu creo que un pouco de respecto.





Eu entendo que vostedes teñen o foco noutro sitio. Vostede falaba do seu deputado en Madrid, que pasa por Madrid, pero é que non está en Madrid, non está defendendo os intereses. Eu entendo perfectamente que vostedes están cómodos falando con Bildu e con Esquerra (*Aplausos.*), pero non, aquí queremos falar dos fondos europeos.

Falan de cogobernar e de dialogar; cogobernar e dialogar, interesante posicionamento. É que vostedes están apoiando, teñen un acordo co Partido Socialista. Se foran minimamente coherentes, en lugar de estar negociando con Bildu e con Esquerra, deberían de rachar o acordo que teñen firmado co Partido Socialista —esa é a coherencia política, esa é a defensa dos intereses de Galicia— e a partir de aí, seguramente, un mínimo posicionamento en defensa dos propios empresarios. O demais é un exercicio de hipocrisía política. Eu entendo perfectamente que vostedes xogan pola mañá aquí a dicir unha serie de cousas que poden quedar ben e que pola tarde plantexen outras que, realmente, intenten branquear a súa imaxe. As declaracións da señora Pontón sobre Inditex son unha anécdota que xa algúns do seu partido, loxicamente, se encargaron de emendar.

Vostedes —imos poñer os debates— non cren na iniciativa privada. (*Murmurios.*) Polo tanto, a partir de aí, loxicamente, é moi difícil establecer un diálogo. Nós vimos aquí defender a iniciativa privada e vostedes, simplemente, rexeitan de forma permanente a iniciativa privada. Todos coñecemos as súas propostas de forma reiterada nesta cámara. Vostedes pretenden nacionalizar as eléctricas, pretenden nacionalizar o sector naval, propoñen a creación de bancos públicos, crear a Axencia Pública de Enerxía, propoñen pechar Ence, propoñen pechar As Pontes, pechar Elnosa. Esas son as súas propostas en termos económicos.

A partir de aí eu entendo perfectamente que o Bloque non crea no tecido empresarial, entendendo perfectamente que non defendan a activade económica; iso si, iso si, das empresas témonos que acordar cando lle interesa ao Bloque. E, polo tanto, cando teñen que branquear a súa imaxe, reúnen coas empresas, e cando teñen que intentar buscar un rédito político, reúnen coas empresas, incluso van visitar grandes empresas. (*Murmurios.*) Un pouco de coherencia e menos hipocrisía, menos hipocrisía (*Aplausos.*)

Señores deputados, estamos intentando trasladar dunha forma obxectiva cal está sendo a política do Goberno en materia de execución de fondos europeos en materia industrial. O Goberno estableceu un procedemento a través dos PERTE. Teñen sen desenvolver aínda o Real decreto 36/2020, que establecía o regulamento de funcionamento dos PERTE; levan dous anos e dos 33.000 millóns de euros que teñen aprobados teñen convocados no *Boletín Oficial do Estado* o 30 por cento. Ese é o dato.

Igual que o dato é que nas convocatorias que teñen convocadas nese 30 por cento está habendo un fracaso evidente de deseño. E o PERTE de automoción é un claro exemplo; de 3.000 millóns de euros téñense adxudicados 600, 2.400 millóns de euros sen adxudicar.

Mentres tanto, señorías, Stellantis non ten unha resposta, nin dende o punto de vista industrial nin dende o punto de vista eléctrico. Unha ministra dicindo que apoia a subestación e outra ministra dicindo que non vai desenvolver a subestación. Por favor, que nos deixen





de marear, que xa está ben, xa está ben, porque Stellantis é un sector que xera vinte mil empregos en Galicia e non o merecemos.

E a partir de aí seguimos: con Altri, con Showa Denko, coas plantas de hidróxeno e un longo etcétera sobre que o Goberno simplemente garda silencio e está executando os fondos europeos cos seus intereses partidistas electorais.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señor vicepresidente.

Imos coa quenda de dúplica.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, dona Matilde Begoña Rodríguez.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señora presidenta.

Mire, señora Nóvoa, é a segunda vez que di que vostedes votaron en contra daquel proxecto porque se ía adxudicar dunha maneira. Pero mire, é o mesmo proxecto do que se está a falar agora, é o mesmo proxecto de xuño de 2020, exactamente o mesmo. Polo tanto, se por vostedes fora, non chegarían 140.000 millóns de euros a España (*Aplausos.*) nin estaría xestionado ou tería que xestionar a Xunta de Galicia 2.300 millóns de euros, que ten, como di o expresidente Feijóo, no seu peto.

E, señor Conde, non falaba de aforrar; digo do que di o expresidente, o seu compañeiro, que se sentaba aí, ¿sabe?, que di que se forra, non que se aforra, que se forra, e daquela vostedes fórranse con 2.300 millóns de euros. É lamentable, ¿verdade, señor Conde? É lamentable ter que escoitar iso por alguén que foi o presidente da Xunta de Galicia durante trece anos, pero é o que di el, non o digo eu, señor Conde.

E mire, señor Conde e señora Nóvoa, a verdade é que vostedes falan de distribución discrecional. Eu comprendo que vostedes non entendan que o resto das administracións non fan como a Xunta de Galicia, porque vostedes non son exemplo de ninguén. Vostedes si que redistribúen os fondos que son de todas e de todos os galegos en función da cor política, e tróuxenlle varios exemplos. Polo tanto, vostedes non son exemplo de nada. Nese caso, a verdade é que soa ata un pouco ridículo que veñan aquí falar de distribucións a dedo.

E vostede, señor Conde, tamén nos fala de que nos equivocamos de foro e que este non é o Congreso dos Deputados. Permítame que lle diga que iso debería telo en conta vostede, vostede, porque cada vez que vén aquí vén falar en contra do Goberno; claro, como os medios de comunicación en Galicia recollen só a vostedes, iso é o que vai saír. E así confrontan co Goberno unha vez máis. Pero vostede ten responsabilidade aquí, en Galicia. Xestione a súa carteira, a súa consellería, que é o que lles pedimos os galegos e as galegas.

E, por certo, eu xa sei que vostedes están acostumados a montar manifestacións á entrada do Parlamento cando non goberna o Partido Popular, pero os socialistas somos absoluta-



mente respectuosos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, señor Conde— coas institucións, e ademais respectamos escrupulosamente o resultado das urnas, gústenos máis ou gústenos menos. Vostedes non, vostedes non, señor Conde.

Mire, como lle dicía antes, señor Conde, consideramos que no seu caso non é descoñecemento e —vólvolle insistir— espero que tampouco sexa mala fe, aínda que tamén pode ser por esa falta de tempo, posto que atacar o Goberno, preparar o relato e construír todo iso tamén leva o seu tempo.

Pero voulle recordar unha vez máis que xa en xuño de 2020 a Comisión aprobou o Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España, con eses 140.000 millóns de euros aos que vostedes votaron en contra, cunha felicitación por ser o primeiro país europeo en aprobar a norma, que xa ten recibido España máis de 33.000 millóns de euros e que xa se está traballando na addenda ao Plan de recuperación.

E vostede tamén debería de saber —e estou segura de que sabe— que os fondos Next Generation non son fondos de cohesión nin son fondos Feder, señor vicepresidente primeiro, polo que non hai repartición previa por territorios, senón que se distribúen a través de políticas panca. Porque supoño que ten lido o documento aprobado pola Comisión; de todas formas, se non o ten, non se preocupe, que eu llo podó pasar.

Vostede sabe que este plan se estrutura en catro eixos transversais e se concreta en dez políticas panca e trinta compoñentes, que artellan o programa de reformas e do investimento. E vostede sabe tamén que o Estado asigna os recursos do plan ás comunidades autónomas mediante acordos acadados cos criterios obxectivos de distribución fixados nas conferencias sectoriais, que son os órganos de colaboración sectorial nos que participan todas as comunidades autónomas, e que se teñen desenvolvido máis de cen conferencias sectoriais para a xestión e execución dos investimentos nos ámbitos das súas competencias.

E vostede mesmo dicía na súa primeira intervención que vostede asistira a máis de trinta conferencias sectoriais... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), ben, ou reunións co Goberno. En calquera caso, señor vicepresidente primeiro, cónstame que vostede aplaude bastante entusiasticamente as propostas do Goberno nesas reunións; non obstante, non se corresponde co que vostede fala aquí. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, señor conselleiro, e sábeo perfectamente, sábeo perfectamente. (*Aplausos.*)

Tamén sabe que ao longo do período plurianual as comunidades autónomas van xestionar ata o 54 por cento dos fondos. E a Xunta de Galicia xestiona xa —ou debería xestionar xa— de forma directa un 60 por cento dos fondos asignados á nosa Comunidade, é dicir, 1.137 millóns de euros dos 1.895 millóns de euros despregados xa para políticas públicas na nosa comunidade: vivenda, mobilidade sostible, promoción de renovables, restauración de ecosistemas, renovación de edificios públicos, educación, emprego e formación profesional, inclusión e servizos sociais, etc., etc., etc.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Rumbo.



**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Remato xa, señora presidenta.

Ben, eu non lle vou explicar —porque non teño tempo— como funcionan os PERTE. Sabe que hai un documento —ao mellor non o sabe— no que se establece como se distribúen. Eu, se quere, tamén llo paso, señor vicepresidente, porque vexo que aquí ou intenta enredar ou realmente non o ten moi claro.

Pero, mire, xa para rematar, posto que non teño máis tempo —e non falemos dos eólicos, xa teremos ocasión noutros momentos—, mire, señor Conde, vostede é vicepresidente primeiro dun goberno que ten competencias exclusivas en planificación empresarial e en xestión industrial...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...polo que traballe, déixese de publicidade e propaganda, déixese da confrontación e traballe. E dígolle máis, señor Conde: menos pico e máis pa, que para iso o votaron. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Rumbo.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Ramón Fernández Alfonzo.

**O señor FERNÁNDEZ ALFONZO:** Obrigado, señora presidenta.

Señor Conde, o investimento caeu na Galiza desde o ano 2009, a formación bruta de capital caeu na Galiza desde o ano 2009 un 30 por cento. E vostede sabe perfectamente que esta é unha das causas da crise industrial, é un dos grandes problemas da nosa economía, porque sen investimento non hai futuro. Visto en termos relativos —que pode ser máis correcto—, cando no ano 2009 o investimento representaba case un 25 por cento do PIB, no ano 2021 apenas superou o 15. Cando se anunciaron os fondos do Plan para a recuperación, os gobernos dixeron: é unha grande oportunidade; e así era, efectivamente, unha grande oportunidade para corrixir a tendencia, pero as oportunidades hai que aproveitálas, sobre todo se imos ter que pagalas, teñan ou non teña éxito, sobre todo se imos ter que pagalas a escote, por igual, consigamos máis ou menos cantidades deses fondos.

Por iso, señor vicepresidente, desde o BNG, cando falamos de fondos para a recuperación, insistimos en tres en feitos: temos a necesidade, parece que temos a oportunidade e temos sobre todo a responsabilidade de acertar, de facelo ben e de estar á altura desas necesidades. O Goberno galego ten unha gran responsabilidade e non está á altura.

Durante estes trece anos de goberno do Partido Popular o investimento caeu case dez puntos do PIB —como lle dicía—. Durante estes trece anos de goberno do Partido Popular destruíronse quince mil empregos no sector industrial. Durante estes trece anos de goberno do Partido Popular a crise demográfica na Galiza xa é unha pescadilla que morde a cola, e non cambian vostedes o paso nin por equivocación.



O Goberno do Estado está prexudicando Galiza con esta decisión de reservarse en exclusiva a xestión dos fondos para os grandes proxectos industriais. E, loxicamente, isto pode e debe facer parte do debate político neste parlamento pola súa transcendencia para a sociedade galega. Pero debería vostede ter o pudor, señor vicepresidente, de presentarse a este debate cos deberes feitos, coa súa responsabilidade debidamente atendida.

Debería presentarse a este debate con proxectos elaborados desde unha perspectiva de país, proxectos elaborados pensando no que precisa Galiza, pensando nos sectores estratéxicos da nosa economía, na transformación e na capacitación, e non ao ditado dunha ou doutra grande empresa. (*Murmurios.*) E deberían vostedes, Xunta e Partido Popular, poñerse a traballar con urxencia e determinación para que Galiza gañe peso e relevancia política no Estado español, para que as nosas demandas e os nosos intereses sexan prioridades e, sobre todo, para que se respecten as competencias de planificación económica e de industria do Goberno galego.

Tanto tes, tanto vales, téñao presente. ¿Na conta de quen computan os dez deputados e deputadas galegas que o Partido Popular ten no Congreso en Madrid? Na de Feixóo pode ser, na de Galiza é claro que non.

¿Que actuacións realiza a Xunta de Galiza para facer valer as súas competencias? Comece por aí, por defender as nosas competencias, para poder pilotar nós a nosa recuperación económica e poder corrixir as tendencias en investimento, en emprego industrial, e sobre todo para poder corrixir a tendencia demográfica. Non son eu quen pinta un panorama desolador, son vostedes no seu Plan estratéxico os que din que a crise demográfica galega é un *handicap* para a nosa recuperación.

Vostede hoxe aquí describiu dun xeito meridiano un problema claramente político. Primeiro, «o Goberno do Estado secuestra a xestión dos fondos, excédese»; segundo, «os proxectos galegos están en risco, hai mala praxe e hai outros proxectos noutros territorios que pesan máis que os nosos». ¿Cal é a solución que propón? ¿Para que exactamente está pedindo o noso apoio? ¿Cal é o titular que quere para mañá se así nos entendemos? ¿O vicepresidente Conde solicita o apoio do Parlamento galego para que denuncie que hai mala praxe na xestión dos PERTE? Iso é unha frivolidade. ¿De verdade veu ao Parlamento para isto, sen solucións e sen propostas? ¿De verdade non vai vostede nin exixir a xestión dos fondos e o respecto ás competencias do Goberno galego?

Veú vostede hoxe aquí, e despois de pintar e describir claramente un problema político de primeira orde, de irrelevancia do seu Goberno, non se lle ocorre nada mellor que comentar sobre a axenda de Ana Pontón. Non están vostedes á altura. (*Aplausos.*) Asegúrolle que co goberno de Ana Pontón Galiza gañará moitas cousas, pero sobre todo gañará en representantes que tomen en serio Galiza e que tomen en serio as súas responsabilidades de goberno.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, dona Marta Nóvoa.



**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidenta.

Bo día de novo.

A ver, señora Rodríguez Rumbo, fala vostede de respecto institucional. Pero se vostedes non se respectan nin entre vostedes mesmos, que en plena convocatoria de eleccións ou en plena campaña electoral piden o voto para outros partidos, para o BNG ou para Vox. Por favor, ¿que respecto institucional lle piden ao Partido Popular se nin se respectan entre vostedes mesmos? *(Aplausos.)*

E fala vostede de enredar. Enredar é dicir que nos dan 2.300 millóns de euros cando é mentira, é falso; son 933 millóns de euros; e acáballo de explicar ben clariño o señor Conde. E díxenlle na primeira intervención que tiven: dígame vostede cando suba aquí un só proxecto tractor dos PERTE que o Goberno central teña asignado a Galicia. Ningún. ¿Sabe por que non dixo vostede ningún? Porque non hai ningún, cero, señora Rodríguez Rumbo. Esa é a súa realidade.

E vostede fala aquí duns fondos europeos magníficos e de que o Partido Popular do Estado votou que non. Claro que votamos que non, porque están mal deseñados, porque son opacos e porque sabemos que non transformarían a economía. E deille os datos: que vostedes mesmos deixan sen executar máis do 70 por cento dos fondos, señora Rodríguez Rumbo. E dinllo os empresarios, que só hai un 16 por cento que pensan presentarse a unha convocatoria; non llo di o Partido Popular, dillo o propio sector.

E a realidade é que eses fondos teñen unha data de caducidade, e vostede sábeo, e imos ver o que pasa. E estes fondos son —valla a redundancia— a fondo perdido, imos ver que pasa cos outros 84.000 millóns de euros en base de préstamos. ¿Quen se vai presentar se non son capaces vostedes de convencer as empresas de que se presenten a estes proxectos, a estas candidaturas? ¡Veña!

E vostede fala de axudar a industria. Veñen vostedes sempre presumir do seguidismo do señor Sánchez e de todas esas medidas; e mire, noticia de hoxe pola mañá: «*El tope al gas desangra a fábricas y comercios. Subidas de hasta el 300 por cento en la factura de la luz*». Señora Rodríguez Rumbo, recoméndolle que lea a noticia: facturas para empresas de 50.000 euros no mes de xullo; tras o tope do gas, 150.000 euros. ¿Esa é a axuda do Partido Socialista á industria?, ¿esta, señora Rodríguez Rumbo? *(A señora Nóvoa Iglesias mostra un documento.)* A súa medida fabulosa do tope do gas. *(Murmurios.)*

Mire, Galicia non ten un problema industrial, ten un problema de ámbito enerxético e causado polo Partido Socialista. *(Murmurios.)* Galicia non tiña en risco ningún emprego ata que chegaron vostedes ao Goberno, non tiña en risco as centrais térmicas, non estaba en risco Alcoa, non estaba en risco Ence, non estaba en risco toda a cadea do sector mar-industria. *(Murmurios.)* Vostedes cando chegaron ao Goberno puxeron en risco toda a industria de Galicia. *(Aplausos.)* Esa é a realidade. Si, por unhas decisións, ideoloxía sectaria *(Murmurios.)* *(Aplausos.)*, ideoloxía sectaria de pechar tecnoloxías antes de ter unha alternativa. ¿E o Bloque Nacionalista Galego? Cómplice, señor Fernández Alfonso.





E vostede vén aquí falar de empresas. ¡Pois claro que somos amigos das empresas! Agora vostedes queren facerse amigos das empresas, das grandes empresas, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡benvido, señor Fernández Alfonso! (*Murmurios.*), ¡benvido, benvido! Agora, deberíalles caer a cara de vergonza, a min daríame moito moito pudor... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) colgar a americana e ir visitar Inditex... (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Silencio.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** ...e que o señor Arroxó se estea manifestando contra o señor Ortega dicindo como dicía: «*Amancio explotador*». ¡Deberíalle de caer a cara de vergonza! (*Aplausos.*) Pero a vostedes non, porque non a teñen. Esa é a realidade, non a teñen.

Pero, ben, igualmente, o Grupo Parlamentario Popular está encantando con que o Bloque Nacionalista Galego apoie a grande empresa. (*Murmurios.*) O próximo que teremos que ver, señorías, seguramente será a señora Pontón cun eólico ao lado. (*Murmurios.*) A min xa non me queda nada por ver. (*Risos.*) Estou segura de que ocorrerá. Pero, mire, todo a modo de propaganda.

E a solución do BNG xa a sabemos, señor vicepresidente: é unha tarifa galega, que antes era dun 30 por cento, tería que rebaxar un 30 por cento, agora xa a baixaron ao 10 por cento. Pero é que a tarifa galega é unha responsabilidade do Goberno do señor Sánchez, si, e vostedes levábana no famoso pacto de Ana e Adriana. ¿E sabe que ocorreu? Que cero éxitos para o seu único deputado do BNG, que o único que fixo foi votar que si; agora, ¿conseguir algo para Galicia? Nada, cero, señor Fernández Alfonso. ¿E a outra proposta? Nacionalizar empresas, ¡oia!, porque nacionalizar as eléctricas... Aquí estamos todos os días falando do impacto do eólico, nacionalizar empresas. (*Murmurios.*) Si, esa é outra das súas propostas para solucionar... (*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Silencio. A señora Marta está no seu turno de palabra.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Eu, señora Rodríguez, se vostede quere, pode logo facer un vídeo deses tan bonitos que fai, (*Risos.*) ¡fágao vostede, señora Rodríguez Rumbo, pero non está no uso da palabra!, (*Aplausos.*) ¡non está no uso da palabra! Logo xa pon o disfrace e fai un vídeo deses bonitos. (*Aplausos.*)

Si, pero non, mire, a realidade é que o que queren vostedes é nacionalizar empresas, (*Murmurios.*) porque miren... (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Bará, terá o seu turno seguramente despois para falar, e xa o tivo. Se quere ser portavoz de industria, dígallo a Fernández Alfonso, (*Risos.*) pero tocoulle a el.

Mire, señor Fernández Alfonso, a súa proposta de nacionalizar empresas —o outro día viámolo, o señor Rego expresouno no Congreso dos Deputados—, entón, cando nacionalicemos as enerxéticas, acabouse o impacto do sector eólico ou da enerxía fotovoltaica, ou das centrais hidráulicas, ou de calquera outro tipo de tecnoloxía enerxética; acabarase, señorías, cando sexan empresas públicas nacionalizadas, (*Murmurios.*) nese momento xa non haberá impacto.





Miren, a verdade é que teñen tan pouco rigor que se lles cae a careta, porque intentan con esa parafernalia de ir visitar unha grande empresa que a xente os crea. E non os cren, señoría, non os cren. Levan moitos anos colocándoos aí e colocando o Partido Popular deste lado.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, dona Marta.

Pecha o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Industria e Innovación.

**O señor VICEPRESIDENTE PRIMEIRO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN (Conde López):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señores deputados, agradecer unha vez máis as intervencións dos representantes dos diferentes grupos parlamentarios sobre un tema de verdadeiro impacto para Galicia e para o seu tecido produtivo, porque creo que podemos estar de acordo en que Galicia non pode perder o tren dos fondos europeos e, polo tanto, temos unha oportunidade precisamente para desenvolver eses proxectos estratéxicos que poidan contribuír á transformación do noso tecido produtivo.

Na miña comparecencia intentei trasladar que, efectivamente, Galicia ten feito os deberes, a iniciativa privada ten feito os deberes e temos unha serie de proxectos estratéxicos vinculados coa economía circular, con novas fontes de enerxía renovables, coa biotecnoloxía e coa mobilidade do futuro, que son o verdadeiro motor desa transformación industrial para Galicia, e, polo tanto, temos a responsabilidade —niso está traballando a Xunta de Galicia—, co propio tecido produtivo, de poder desenvolver eses proxectos.

Trasladeilles na miña comparecencia máis dunha trintena de proxectos que están en desenvolvemento e en tramitación ou incluso en construción, máis dunha trintena de proxectos que suporían un investimento público-privado de máis de 4.500 millóns de euros.

Creo que paga a pena buscar eses acordos para que, efectivamente, o Goberno, que se apropiou ao 100 por cento dos fondos industriais en materia de Next Generation, dea unha resposta, porque é a resposta o que están esperando as nosas empresas, os nosos autónomos e o tecido produtivo no seu conxunto.

Son proxectos estratéxicos, señorías, nos que levamos traballando case dous anos. E témolo feito en colaboración co tecido produtivo, respectando esa iniciativa privada, que é a que verdadeiramente pode xerar emprego. E estámolo facendo colaborando con ese tecido e establecendo ese marco de colaboración a través da oficina de proxectos tractores do Igape e tamén contando co traballo da propia Sociedade Impulsa. Son proxectos reais, proxectos en tramitación, algún deles en construción, e a gran maioría deles están esperando por unha resposta do Goberno en materia de fondos europeos.

Son proxectos, señorías, que o Goberno coñece perfectamente. Trinta reunións que mantivemos con diferentes representantes do Goberno de España, o presidente Feijóo e o presidente Rueda en dúas ocasións co propio presidente do Goberno. E tivemos ocasión de



trasladarlles ás tres vicepresidentas as prioridades que ten Galicia no eido dos proxectos europeos. E fixémoslo, señorías, seguindo as indicacións do propio Goberno.

Hai un ano a vicepresidenta primeira solicitounos que estableceramos cales eran as prioridades que tiña Galicia nos proxectos estratéxicos. No mes de outubro do ano 2021 trasladámoslle esas prioridades concretas, con proxectos coñecidos polo Goberno. Non hai unha resposta a ningunha das propostas trasladadas por parte da Xunta de Galicia.

Incluso desas xuntanzas sacamos compromisos concretos, explicitados polo propio presidente do Goberno, e compromisos para fondos europeos en prioridades establecidas en iniciativas como a de Altri ou a de Stellantis. Pero, señorías, os feitos —que para iso está a política, para concretar os compromisos en feitos— dinnos todo o contrario. E isto é o que hoxe queremos poñer en evidencia e compartir con esta cámara. Queremos poñer en evidencia esa mala praxe do Goberno en todo este proceso. Porque consideramos que está a suñar un obstáculo para un aproveitamento eficiente dos fondos.

Falamos de mala praxe no deseño das convocatorias, excesivas convocatorias, moi atomizadas, e, sobre todo, os empresarios non teñen unha xanela onde presentar o seu proxecto e ter un apoio concreto a ese proxecto. Mala praxe na asignación das axudas e mala praxe na propia execución dos fondos.

Este é o balance, non é un balance positivo, e a Xunta de Galicia non se gaba dese balance, porque ese balance prexudica o noso tecido produtivo.

Dende que o Consello de Ministros aprobou o primeiro PERTE en xullo do ano 2021, o PERTE do vehículo eléctrico e conectado, lévase aprobado un total de once PERTE, cunha dotación de 33.000 millóns de euros. Non hai explicación posible para entender por que tan só se convocaron polo momento o 30 por cento deses fondos. Non hai explicación ningunha para entender por que o tempo medio que transcorre dende que o Goberno aproba un PERTE ata que se lanza a convocatoria industrial supere os seis meses. E non hai ningunha resposta por parte do Goberno a como se van asignar os 7.700 millóns de euros adicionais que nos ten asignado a Comisión Europea, precisamente para reforzar os PERTE ou establecer novos PERTE.

Por iso, señorías, pedimos o apoio desta cámara, porque entendemos que estamos a tempo de rectificar e que, sobre todo, o Goberno cambie o rumbo. E sabemos que, cando o Goberno de España cambia o rumbo e rectifica, acerta.

E traemos propostas concretas para compartir con esta cámara. Dúas propostas concretas. A primeira é que o Goberno convoque un novo PERTE para o sector da automoción cos 2.400 millóns de euros que quedaron sen adxudicar; unha proposta razoable. Teñen un compromiso de crear un grupo de traballo coas tres comunidades autónomas afectadas e Stellantis, levamos máis dun mes esperando a convocatoria do grupo de traballo, a convocatoria.

E traemos outra proposta: é sinxelamente que o Goberno axilice os procedementos e que, na medida en que o considere axeitado e na medida en que as comunidades autónomas temos competencias en materia de política industrial, descentralice a xestión desas axudas



e, polo tanto, poidamos establecer unha cogobernanza efectiva e, polo tanto, darlle unha resposta ao tecido produtivo.

Son propostas moi concretas que entendemos que facilitarían dende logo que os proxectos estratéxicos das comunidades autónomas, nomeadamente os proxectos presentados pola Xunta de Galicia, e os proxectos das diferentes pequenas e medianas empresas poidan ter unha resposta.

Nós entendemos, con toda sinceridade, que o Goberno comete un erro se pensa que os fondos Next Generation son propiedade do Goberno; é un erro. Os fondos Next Generation son un recurso de Europa que puxo á disposición dos estados membros para impulsar precisamente a recuperación económica. E se fai falta, señorías, se fai falta, acudiremos a Bruxelas para reclamar o que entendemos que lle corresponde ao noso tecido produtivo. *(Aplausos.)*

Polo tanto, señorías, pedímoslle ao Goberno un si a Galicia e un si á nosa industria. Son dúas peticións moi concretas, se ben é certo que o Goberno nestes momentos —e non sabemos por que— está actuando de maneira desleal con Galicia e está tratando de forma inxusta as empresas. Equivócase, comete un erro tremendo: confundir a política co desenvolvemento industrial do noso país.

Por iso, señorías —e finalizo—, hoxe falamos en nome de todo o tecido empresarial de Galicia, falamos en nome das empresas tractoras, das pequenas e medianas empresas, dos autónomos, dos centros tecnolóxicos, das universidades; falamos na defensa do desenvolvemento industrial do noso país, na defensa do modelo de transformación industrial e dixital do noso tecido produtivo; e o que lle pedimos ao Goberno é máis axilidade, máis equidade, máis diálogo e que nos permita ás comunidades autónomas participar nesa xestión directa para que as axudas teñan un impacto territorial maior. Do contrario, será unha oportunidade perdida para Galicia, que, coa unanimidade desta cámara, creo que temos a obriga todos de evitar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor Conde.

Suspendemos a sesión ata a tarde, reanudándose ás 16.00 h.

Bo proveito.

*Suspéndese a sesión ás dúas e quince minutos da tarde e retómase ás catro.*

**O señor PRESIDENTE:** Reanudamos a sesión co punto 3 da orde do día, proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para loitar contra o despoboamento e a masculinización do rural**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unicamente unha autoe-menda do Grupo Parlamentario Socialista.



*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Carmen Rodríguez Dacosta, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débense engadir dous novos parágrafos na parte resolutiva da proposición non de lei que quedarán redactados cos seguintes contidos:*

*1-«En colaboración coas asociacións de mulleres do rural, elaborar o Estatuto da Muller Rural Galega antes de que remate o actual período de sesións, para logo ser incorporado na futura Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.*

*2-Establecer unha liña específica de axudas dirixida a mulleres titulares de empresas que desenvolven actividade directa no sector primario que sexa compatible coas recibidas a través da Política Agraria Común.»).*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e todas.

O día 15 de outubro celébrase, como saben, o Día Internacional das Mulleres Rurais, unha oportunidade para reflexionar sobre o seu papel para o desenvolvemento social, promover o seu recoñecemento e a implementación de medidas específicas para garantir o pleno e efectivo gozo dos seus dereitos.

As mulleres rurais representan unha cuarta parte da poboación mundial e, segundo datos publicados polas Nacións Unidas, desenvolven unha función e contribución decisivas na promoción do desenvolvemento agrícola e rural, a mellora da seguridade alimentaria e a erradicación da pobreza no rural. Con todo, existen barreiras estruturais discriminatorias que limitan a participación das mulleres dentro dos seus fogares, comunidades e nacións, e o pleno gozo dos seus dereitos humanos.

E, aínda que a problemática que sofren as mulleres no rural é un tema sempre acertado para debater nesta Cámara, é este un mes no que para o Grupo Parlamentario Socialista, abordalo de maneira específica é preceptivo. Atendendo á realidade galega e á súa estrutura demográfica, cun desplome de nacementos que marca mínimos históricos nos últimos anos, temos que incidir na chamada masculinización. Este proceso rexístrase sobre todo en pequenos concellos do interior, son aqueles concellos nos que o censo está dominado polos homes fronte ás mulleres; a maioría deles localízanse na provincia de Ourense e de Lugo. Tendo en conta que nacen máis mulleres e que ademais elas teñen —temos— unha maior esperanza de vida, a masculinización é considerada loxicamente unha anomalía demográfica que, segundo os expertos, é un factor máis que contribúe ao despoboamento do rural nas zonas en que se produce.



O despoboamento do rural galego é un feito derivado do desmantelamento dos servizos públicos e privados. A poboación do rural cada vez conta —e témolo dito nesta tribuna en moitas ocasións— con menos servizos sanitarios, educativos e de servizos sociais para a infancia e para as nosas persoas maiores. Vemos como se desmantelan servizos bancarios, transportes públicos, sanitarios, educativos... Ademais non esquezamos un feito fundamental, o problema vén porque os pobos se masculinizan, envellecen e ao final desaparecen. A masculinización dos pobos prodúcese porque as mulleres encontran moitas dificultades á hora de pór en marcha o seu proxecto de vida no rural.

E, falando de emprego, imos dar un dato que revela unha situación totalmente insostible, a diminución das mulleres ocupadas no sector agrario, gandeiro e forestal en Galicia entre o 2008 e o 2022 triplica a caída que hai no resto do Estado. O mesmo acontece coa comparativa se facemos 2008-2021 a ano pechado.

A caída no Estado é un 15,4 % no ano 2022; en Galicia, nos dous primeiros semestres obviamente, un menos 44 %. En Galicia pasamos de 31.094 ocupadas na agricultura, gandería e forestal no ano 2008 a 17.389 neste ano 2022, unha caída de 15 puntos máis que os homes.

A Federación de Asociacións de Mulleres Rurais de Galicia, Fademur, afirmaba que case a metade das persoas traballadoras no campo en Galicia en 2011 eran mulleres: un 43 % fronte a un 57 % de homes, pero agora son só un pouco máis dun terzo: un 35 %.

Unha das causas que explican esa situación é que as mulleres no campo —e na pandemia isto agravouse— se teñen que ocupar de todos os aspectos relacionados con coidados de familiares, dos seus fillos, das súas fillas, das súas persoas maiores, ou incluso de ambos. As afectadas explican que teñen que optar entre renunciar ás súas perspectivas persoais e laborais para ocuparse da súa familia, ou optar por trasladarse a un lugar onde a situación sexa distinta, con servizos públicos que cubran as necesidades de conciliación, as cidades.

A brecha de xénero no sector primario está crescendo. Con anterioridade a poboación rural estaba equilibrada na agricultura e nos últimos anos —como dicía— hai unha diferenza que se agrava ano tras ano. O Goberno galego ten a obriga de facilitar que a agricultura e a gandería sexan oportunidades para as mulleres.

O emprego na agricultura galega foi un dos poucos que se salvaban no ano 2020, pero no ano 2021 volvíase á senda negativa dos últimos exercicios. As grandes damnificadas desta baixada son as mulleres. Dende o ano 2017 ata agora hai un 21 % menos de persoas traballadoras na agricultura galega, sendo o peor dato a nivel nacional só superado por Aragón, mentres que o descenso no apartado masculino foi a metade, un 11 %.

Por iso, a Federación de Asociacións de Mulleres Rurais o 8 de marzo fixo un chamamento para que as Administracións opten pola discriminación positiva en todas as políticas e iniciativas de apoio ao emprendemento e apoio ao medio rural, e redobren esforzos para impulsar o acceso das mulleres á titularidade compartida. Lembro a diferenza nos tempos de cotización que segue a existir entre as traballadoras e traballadores do sector agrogandeiro, unha situación discriminatoria que se traduce en menos dereitos e acceso das mulleres a



pensións inferiores a aquelas que os seus compañeiros homes perciben ao final da súa vida laboral. Fronte aos 38 anos de media que cotizan os homes, as mulleres soamente o fan unha media de 20.

A lei de fomento do acceso á titularidade compartida, que antes comentaba, segue sen dar os froitos desexados. Dende a súa posta en marcha no 2012, tan só 31 explotacións galegas se acolleron a esta fórmula, 2021 pechaba con unicamente cinco novas incorporacións máis das rexistradas un ano antes; un avance lento que reafirma a necesidade dunha maior implicación das Administracións para conseguir unha aplicación efectiva desta lei.

A pesar do seu papel esencial e do traballo que de facto desempeñan no medio rural, as mulleres seguen a manterse maioritariamente nun segundo plano. A pesar de que o 57 % das receptoras da PAC son mulleres, as achegas que perciben son un 40 % inferiores ás que chegan aos homes, ¿por que?, porque as explotacións xestionadas por elas adoitan ter un carácter máis familiar e teñen un tamaño ata un 55 % inferior.

Por iso, este Grupo Parlamentario Socialista celebra a incorporación da perspectiva de xénero como un dos obxectivos estratéxicos que rexerá a política agraria común no novo período 2023-2027. E, polo tanto, é obriga da nosa Comunidade Autónoma implicarse de xeito decidido para conseguir que este novo enfoque reverta nun medio rural máis igualitario, contribúa de xeito efectivo a diminuír a brecha de xénero existente no sector agrogandeiro e fomenta unha maior participación das mulleres.

A taxa de desemprego feminino nos núcleos rurais está un 25 % por riba do masculino, e o 87 % das traballadoras que solicitan reducións de xornada ou renuncia ao emprego para asumir o coidado de fillos, maiores ou dependentes son mulleres.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista a miña compañeira e voceira de Igualdade, Noa Díaz, instaba a Xunta a iniciar a elaboración do estatuto da muller rural de Galicia, unha ferramenta imprescindible para conseguir a plena igualdade entre as mulleres e homes do rural, unha iniciativa que foi presentada —como dicía— polo PSdeG como proposta de resolución no debate do estado da Autonomía e que foi aprobada por unanimidade de todos os grupos. Sinalaba que a ruralidade é un factor de vulnerabilidade que tamén se debe ter en conta nas políticas de igualdade, polo que son precisas políticas transversais para o territorio rural con perspectiva de xénero. É preciso desenvolver políticas transversais para o rural con perspectiva de xénero, fornecendo as ferramentas que garantan os dereitos das mulleres que viven no rural. O estatuto servirá para garantir o recoñecemento profesional tanto das mulleres que viven directamente do sector como das que traballan na transformación dos produtos derivados.

Tamén nesta proposición solicitamos que se reverta a situación de que Galicia sexa a comunidade autónoma que máis emprego feminino destrúe na agricultura, cunha aposta firme e medidas concretas e transversais. Tamén pedimos establecer unha liña específica de axudas dirixida a mulleres titulares de empresas que desenvolven a actividade directa no sector primario que sexa compatible coas recibidas a través da política agraria común. Porque estamos a falar de dificultades que teñen as mulleres no rural e, nomeadamente, no sector agrario e gandeiro.





Decidimos autoemendarnos para rachar coa situación de discriminación das mulleres que desenvolven unha actividade directa no sector primario e que non poden ser beneficiarias do programa Emega, de apoio á posta en marcha, mellora e reactivación de iniciativas empresariais constituídas por mulleres. Como saben, unha parte do programa Emega recolle expresamente que estas axudas están sometidas ao réxime *de minimis*, polo que as empresas dedicadas á produción primaria dos sectores agrícolas non poderán ser beneficiarias desta convocatoria galega. O que solicitamos é que se estableza unha liña ou programa específico de axudas dirixida a mulleres que traballan ou emprenden actividades directas no sector primario que sexa compatible coas que se reciben a través da política agraria común. ¿E como? Pois de igual xeito que establecen as deputacións da Coruña ou Lugo, cuxas axudas son compatibles e, en caso de estar suxeita ao réxime *de minimis*, indican a obrigatoriedade de declarala.

Solicitamos o voto favorable desta iniciativa sobre a muller rural en Galicia. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora González Albert.

**A señora GONZÁLEZ ALBERT:** Boa tarde a todas e todos.

Case tres lustros leva o Partido Popular recortando investimento público no medio rural, empezaron a facelo nada máis retornar ao Goberno en 2009, nese mesmo ano recortaron máis de 1.400 millóns de euros aos recursos destinados a políticas de apoio e dinamización do medio rural; comezaron —digo— nese 2009 e mantiveron esa tendencia até este mesmo ano. Só botando unha ollada á execución orzamentaria do último orzamento, vemos que esta Xunta do Partido Popular deixou sen investir o 21 % dos orzamentos de Medio Rural. E as principais damnificadas desta falta de recursos son, evidentemente, as mulleres. Porque máis aló dos titulares, hai unha realidade que afrontar, que é a situación de desigualdade das mulleres, que é xeneralizada en todo o país e que está agravada pola pandemia da covid-19 e esta crise posterior que estamos a vivir, e que é moito máis acusada aínda no medio rural. Son, polo tanto, as mulleres as máis afectadas por estes recortes de orzamentos, de políticas, de servizos e de futuro.

Quería facer referencia ao informe que coñecemos onte sobre a pobreza en Galiza no ano pasado, que arroxa uns datos que non podemos deixar de lado porque son tremendos. Un dato que de entrada racha moitos mitos; polo menos para esta que lles fala e cría que no rural sempre había un maior colchón do que hai no urbano, pois este informe desbota ese mito e dinos que a taxa de pobreza está en Galiza tres puntos por riba no rural a respecto dos contornos urbanos, e chega até un 10,2 % de pobreza —se falamos de pobreza severa— no rural. E isto é a porcentaxe de persoas que viven en fogares cun ingreso máximo de 530 euros mensuais nun fogar dunha única persoa, ou de 1.112 no de dous adultos e dous nenos ou nenas. Eu quero remarcar estes datos: 530 euros mensuais para unha única persoa ou 1.112 para unha unidade familiar de catro persoas.

E se vemos os datos por sexos nese mesmo informe, vemos que en 2021 a pobreza severa foi en Galiza do 8,6 % para os homes, cunha baixada importante respecto do ano anterior, máis



de 1 punto e medio, e do 9 % para as mulleres, aí si que houbo unha subida a respecto de 2020. Nós en Galiza ostentamos a máis elevada porcentaxe de pensións por baixo do limiar da pobreza de todo o Estado, tanto para mulleres como para homes. E, nese sentido, quero dicir que máis da metade das mulleres pensionistas deste país, máis da metade, concretamente o 56,6 %, teñen pensións por importes por baixo do limiar da pobreza. Isto ten que ser unha prioridade para este país. E se cruzamos estes datos de pensións cos datos de pobreza no rural, os resultados son absolutamente demoledores.

A situación do noso rural —coñéceno ben as dúas poñentes desta iniciativa— ten grandes particularidades marcadas pola orografía, pola distribución da nosa poboación, polo territorio, polo despoboamento, pola falta de relevo xeracional, polo envellecemento. Todas son unhas condicións que condicionan —perdón pola redundancia— a vida en xeral pero a das mulleres en particular. Son uns condicionantes que facilitan o aumento da desigualdade ante a pasividade dun Goberno cunha visión —teño que dicir— netamente patriarcal das políticas que hai que aplicar. Vou reiterar o dato que dixo tamén a portavoz do Partido Socialista referida á PAC, porque así como os datos de 2020 reflectían que o 57 % das persoas perceptoras da PAC no noso país son mulleres, o mesmo dato reflicte que estas mulleres cobran —como dixo a portavoz— un 40 % menos que os homes. E este 40 % traducido a números representa case seis mil euros de diferenza na percepción do que reciben os homes: de 9.700 eles a 4.100 euros as mulleres, que é moito maior; ou sexa, reciben máis do dobre do que perciben as mulleres. E se imos ao IGE, os salarios no sector son de 16.600 euros de media para os homes e de só 12.636 para as mulleres. É dicir, que as mulleres do noso rural traballan, ano tras ano, tres meses gratis, sen que as políticas que a Xunta pon en funcionamento estean a reverter esta situación. E tampouco existe igualdade no cobro das pensións, xa que un 80 % dos homes cobran a pensión íntegra, fronte ao 5 % das mulleres. Só dezoito delas se deron de alta como cotitulares dunha explotación agrogandeira desde o 2012, na última década, cando a estimación é que son 35.000 as que traballan en granxas familiares sen estaren dadas de alta. E moitas mulleres, ademais, están nesa zona de sombra que é a poboación inactiva e temos que impulsar que saian desa zona de sombra, que pasen a ser poboación activa, e moito mellor aínda, ocupada. Eu creo que queda bastante claro que a incorporación da muller ao tecido produtivo do rural é unha cuestión pendente para todos e para todas nós, e moito máis para a Xunta de Galicia, que é quen ten a capacidade de facer políticas activas.

E para que as mulleres do rural melloren, o primeiro que hai que facer é mellorar o rural en xeral, porque está sumido no día de hoxe nunha serie de círculos viciosos dos que é difícil saír se non hai auténticas políticas, auténtica vontade política que favoreza a fixación de poboación, nunha banda; e, doutra banda garantir rendas medias que permitan a vida digna dos seus e das súas habitantes. En resumo, se o rural non mellora social, demográfica e economicamente, non o vai facer tampouco a muller dentro del; polo tanto, é unha cuestión estrutural.

E para poder mudar esta situación repito que hai que ter, primeiro de nada, vontade política para facelo. Por iso, para facelo hai que coñecer antes de nada a situación real das mulleres no rural, como primeiro paso para poder mudala. En campos como a independencia económica, a conciliación, a representación das mulleres na toma de decisións, a eliminación de estereotipos sexistas ou a promoción da igualdade de xénero.



É verdade que as mulleres do rural se teñen organizado, autoorganizado, para reivindicar a súa igualdade, e está moi ben que o fagan. Pero a sociedade e nós, como políticos e como políticas, non podemos cargar nas mulleres a responsabilidade de acadar a súa propia igualdade, porque é a sociedade no seu conxunto quen ten a obriga de garantir dereitos básicos para todas e todos os seus membros, e máis se son dereitos relativos á igualdade.

Hoxe mesmo, o Consello da Xunta aprobou o Proxecto de orzamentos para 2023 e poderemos ver nos próximos días a través deles o interese real que o Partido Popular ten neste tema, ademais dunha forma medíbel, medíndoo a través do nivel de esforzo e do investimento aí reflectido, onde se denotará perfectamente que importancia ten para o Partido Popular a causa das mulleres na Galiza.

E nós como sociedade temos un reto —primeiro, como sociedade e segundo, como representantes políticas desa sociedade—, que é poñer nun primeiro plano o traballo da muller no rural, moitas veces invisibilizado, moitas veces pouco valorado. Hai que mudar ese abandono continuado do Partido Popular á muller do rural por unha política real de apoio a ese medio rural. Iso precisa, de verdade, que se invistan recursos alí onde se deba.

Nós temos catro propostas principais en catro liñas de traballo principais. Primeiro, a través de medidas concretas para o emprendemento feminino no rural, medidas que faciliten o empoderamento das mulleres, con dotación orzamentaria correspondente para iniciativas nadas das mulleres do rural e no rural. En segundo lugar, un plan de discriminación positiva de servizos públicos nese medio rural para facilitar a conciliación laboral e profesional das mulleres, onde as xornadas poden ser dobres e até triplas. Polo tanto, escolas infantís, centros de atención aos maiores, servizos sanitarios dignos e educativos de calidade e de proximidade, boas comunicacións etc.; é dicir, medios no rural. En terceiro lugar, modificacións no sistema fiscal que teñan en conta que dificultades específicas ten emprender no noso rural; polo tanto, bonificando aquelas persoas, aquelas mulleres, que teñen iniciativas locais. E, en cuarto lugar, unha liña de axudas específicas de fomento da innovación no rural, porque non se pode poñer a competir polas axudas I+D+i a pequenas empresas con grandes sociedades, moito máis se nacen de mulleres.

E —para rematar— nós imos apoiar esta iniciativa. Alégrame infinitamente que o PSOE se autoemendara porque cando vimos a primeira proposta de acordo entendiamos que era unha proposta, pois iso, para chegar a un acordo e para que saíra de aquí un voto unánime, pero non lle puñan deberes á Xunta. E eu creo que é moi importante, despois de todos estes anos, que a Xunta teña deberes e que poidamos validar aquí se, ademais de votar, despois os poñen en práctica. Polo tanto, reiterar o noso voto favorable.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora González Albert.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Candia.

**A señora CANDIA LÓPEZ:** Moitas grazas, presidente.



Boa tarde a todos.

Eu tamén quería comezar a miña intervención recordando precisamente que este 15 de outubro celebrabamos o Día Internacional das Mulleres Rurais. Ese recoñecemento que dende o ano 2007 as Nacións Unidas quixeron facer ao papel da muller no rural, e, dende logo, destacando o seu papel no desenrolo, na seguridade alimentaria e na erradicación da pobreza. E tal día coma hoxe, eu precisamente quería ter ese recoñecemento e ese aplauso a todas as mulleres do noso rural —avoas, nais, fillas— que coidan de seus pais, que educan os seus fillos, que lideran proxectos empresariais no sector primario, no sector turístico, no sector, en definitiva, agroalimentario, que participan activamente no tecido social, que concilian, que estudan, que traballan... Agora algúns din esas mulleres empoderadas, que chaman «moto-mamis»; eu, se mo permitides, vou apostar por esas mulleres referentes, esas mulleres bravas que viñeron do noso rural e que son motivo do noso enorme orgullo. (*Aplausos.*)

Eu tamén quero recordar, en aras a esa masculinización, que non coincido, e quero contextualizalo tamén. Quero recordar outra muller, unha muller lucense, Marica Campo, que recentemente recibía o Premio das Letras da Cultura Galega no ano 2022. Que foi unha das pioneiras en destacar o papel da muller no noso rural, e —algúns dos vosos compañeiros coincidirá comigo— escribiu a letra dalgunha das cancións ás que puxo música Fuxan os Ventos, que estes días fai 50 anos que se estreaban e gañaban en Mondoñedo o seu Cancioneiro. Pois esa excelente muller, Marica Campo, no seu poema, que contextualiza ese rural absolutamente con nome de muller, tampouco me gusta dicir feminizado —vou ler só unha estrofa porque non me dá tempo a todo—, dicía: «*Muller, fartura de loita / ¿Que che hei decir eu, muller? / Se ti es como a terra nosa / E a terra coma ti é!*» Non hai dúbida ningunha de que a nosa cultura popular, a nosa sabedoría, sempre lle deu un nome de muller ao noso rural. (*Aplausos.*)

Pero se se parte dunha análise irreal, cando se fai un diagnóstico equivocado, pois non imos acertar no tratamento nin na curación. É certo que o problema demográfico é un reto de todos, eu podería traer datos de comunidades autónomas, de provincias, de concellos gobernados por partidos políticos que vostedes representan. Pero como non aposto —como dicía aquel, que moitos políticos usamos as estatísticas como os borrachos as farolas, para apoiarnos e non para iluminarnos—, entón, non vou usar esas estatísticas para querer concluir no que din vostedes. E vou dar un dato, un dato que tampouco o dixo o Partido Popular, estes días atrás —o 13 de xuño do 2022, concretamente— e vén ao de desmentir que o problema demográfico ten unha relación directa cun desmantelamento dos servizos públicos e privados que vostedes ata a saciedade repiten, con iso de que repetir unha mentira moitas veces pode converterse en verdade, pero que a realidade normalmente é o suficientemente clarificadora como para desmentila. E remítome a ese artigo do 13 de xuño do 2022 que dicía nun recoñecido xornal: «*El entorno de Lugo gana vecinos y empresas con el tirón de Outeiro de Rei, Friol y Castro de Rei*». E analizaba os sete pequenos concellos de mercado —marcadísimo— carácter rural que rodean a capitalidade da miña provincia, Lugo; e mentres eles ganaban en poboación, puntualizaba que a capital lucense —que tiña ese reto dos 100.000 habitantes— pasou dos 98.519 no ano 2018 aos 97.996 no 2021. Seguramente que non ten nada que ver —ou si— quen goberna uns e outros concellos, pero o que si queda claro é que son concellos que vostedes identificarían como desmanteladores, en comparación co con-



cello que vostedes identificarían como o lugar do mundo onde todos queren ir vivir, que é unha gran cidade, e desmente claramente o que vostedes dicían.

Eu non lle vou recordar, sobre todo ao Partido Socialista, como está valorando a sociedade as políticas de igualdade que está poñendo en marcha o seu Goberno, e tampouco llelo vou dicir eu. Unha enquisa que facía un xornal nacional dicía que practicamente o 60 % dos enquisados dicían que as políticas de igualdade que tiña en marcha o Goberno —que podería dar aquí para, dende logo, moitos chistes pero a cousa non é para chistes— as cualificaban de «mal» ou de «regular».

Entón, tendo en conta que non quero que nunha iniciativa importante, e no mes que deberíamos dicir das mulleres rurais, sirva para discusión, si lle vou dar un único dato: as últimas convocatorias de axudas de medio rural reflicten claramente que a proporción de axudas recibidas polas mozas que se incorporan por primeira vez á actividade agraria supera claramente a porcentaxe de mulleres que as reciben nos plans de mellora, é dicir, as que xa estaban dadas de alta.

Todos coñecemos que nas ordes de axuda teñen unha discriminación positiva, contan dous puntos a maiores dentro dos criterios de priorización das axudas, e incluso nalgunhas máis. Por exemplo na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á nova participación en réxime de calidade, as mulleres contan ata cinco puntos. Nós, que entendemos a igualdade como aquela en que, nunha situación de absoluta liberdade, un pode decidir onde vivir, en que traballar e como dedicar a súa vida —que iso é o que entendemos nós que é a igualdade real e efectiva, non lle vou dicir eu a ningunha muller onde ten que ir vivir—, si que defendemos dende a Xunta de Galicia plans como o de fixación da poboación no medio rural; un plan ambicioso orzamentariamente, que superou os 230 millóns de euros para o período 2017-2020 e que puxo en marcha programas moi importantes —que comprenderán que aquí por cuestión de tempo, non podo resumir—. Por exemplo, outra das apostas que creo que hai que destacar é o Programa de impostos cero no rural —por certo, moi valorado polos galegos e as galegas—; ou considerar a nosa comunidade con menor tributación para comprar unha vivenda habitual no rural, que é precisamente a comunidade de España con menores impostos para os menores de 35 anos; a lei —que uns se abstiveron e outros votaron en contra— para a mobilización de terras e a loita do abandono, que é a Lei 11/2021; os plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo ou os instrumentos que crea esta lei, especialmente as agrupacións de xestión conxunta. Todo isto, xunto con estas axudas que citaba eu antes como o único dato que superan un orzamento de 37,5 millóns de euros, é para garantir e modernizar as actividades agrogandeiras no noso rural.

Se vostedes queren mandar unha mensaxe positiva, que me parece necesaria e nun contexto, ademais, onde vostedes saben que máis pronto que tarde Galicia vai contar cunha nova lei galega para a igualdade entre homes e mulleres, na que saben tamén que se introducirá ese estatuto das mulleres rurais e do mar. Por suposto, se queren mandar unha mensaxe positiva, conten con nós. Se o que pretenden é incluso usar un mes, un ano, ou unha efeméride —como a que dicía— dun recoñecemento tan importante para as nosas mulleres para aproveitar novamente e criticar sen fundamento e con absoluta demagogia en moitos casos a xestión da Xunta, pois aí, evidentemente, non nos poden ter. E dígollo sen acritude, porque,





ademais, as que me precederon no uso da palabra son dúas compañeiras que respecto e coas que sempre temos uns debates absolutamente enriquecedores.

Pola súa parte, o 19 de maio o Consello da Xunta aprobou o VIII Plan estratéxico de igualdade entre mulleres e homes do ano 2022 ao 2027. Conta cun orzamento de 935 millóns e medio de euros. Nos eixos transversais estaba o apartado de «Ruralidade», que me parece, dende logo, moi importante recordar hoxe aquí. É bo recordar tamén o plan Emprega muller, que ten un orzamento de máis de 35 millóns de euros, ou a Rede dos polos de emprendemento, que van estar distribuídos por toda a comunidade autónoma e que algúns deles xa están en funcionamento. Tamén é bo recordar as convocatorias das axudas da Secretaría Xeral de Igualdade ou o programa Medrando xuntas, as axudas económicas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, ou moitos dos convenios de colaboración que subscriben para apoiar o asociacionismo. Pero eu non quero esquecerme especialmente de dous proxectos que a Xunta de Galicia puxo en marcha e que son absolutamente admirados polo resto das comunidades autónomas cunha realidade demográfica similar, como poden ser o das casas niño ou o das casas do maior, que, ademais de xerar oportunidades de emprego —por suposto, dunha maneira gratuíta—, permitiron servizos de conciliación e permitiron unha boa atención aos nosos maiores e aos nosos nenos.

Insisto e remato xa sen consumir o meu tempo. O paro caeu nas principais variables nas catro provincias galegas e nas sete cidades en torno a todos os sectores económicos, pero, concretamente, o desemprego tamén baixou con respecto a setembro do 2021 entre os colectivos prioritarios para a Xunta de Galicia, como as mulleres. E en canto ás mulleres no sector da agricultura e pesca, o paro descendeu con respecto a hai un ano.

Hai moito que facer e todas as mulleres galegas nos miran a nós con admiración e seguramente esperando de nós que deamos o mellor.

Non podemos compartir a súa exposición de motivos, e con toda humildade tamén lle digo: non a comparten os galegos e galegas. Por iso, a pesar do 2009, señora Albert, a partir de aí seguimos gobernando e seguen depositando a confianza no noso proxecto político.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Candia.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodríguez Dacosta.

**A señora RODRÍGUEZ DACOSTA:** Grazas, presidente.

Se non soubera —que o sei— que vostede, a portavoz de rural polo Partido Popular, dona Elena, é intelixente, diría ou que non entendeu a iniciativa —que sei que a entendeu— ou que quere modificar a realidade —que a quere modificar—. Porque vostede fala de que si que as tres voceiras nos respectamos no debate, e é certo, pero dicir que fago unha intervención —ou facemos— sen fundamento, con demagogia, sen diagnóstico ou cun diagnóstico incerto, iso a verdade é que é insultante. Porque os datos que a que lle fala utiliza son os datos da enquisa de poboación activa; están publicados, pódeos comprobar.





Pero se falamos das mulleres do rural galego, eu creo que non lle fai falta mirar, estudar ou analizar os datos da EPA. A falla de mulleres en moitos concellos galegos —e vostede coñéceos— é clara; que a muller ten que traballar fóra da casa, na casa, coidar os seus nenos e os maiores, sábeo; que ten moitas menos oportunidades que os homes no rural, tamén o sabe. E vostede fala de que as mulleres se van do rural porque queren. Vostede seguramente si se irá do rural porque quere, e vaise de Mondoñedo a Lugo porque quere, (*Aplausos.*) pero outras moitas queren vivir no rural e para o rural, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) pero queren vivir tamén do rural; traballar alí. (*Murmurios.*)

E tamén faciamos propostas moi claras, como o Estatuto da muller rural, pero non comentou nada ao respecto. A Xunta de Galicia debería actuar con celeridade e eficiencia para que ese Estatuto da muller rural —que aprobaron vostedes tamén no Parlamento de Galicia como proposta de resolución— se convertese canto antes nunha ferramenta efectiva. Esperar a que se tramite a Lei de igualdade, señora Candia, é un erro pola tardanza que vai significar na súa tramitación. E vostede sabe que se pode facer o estatuto e despois incorporar ese estatuto á lei, e non ao revés, pero parece que non lle interesa esa cuestión. Porque se trata de avanzar na igualdade no ámbito rural das mulleres agricultoras e gandeiras, pero, bueno, vostede cre que non é necesario porque estas mulleres viven dunha maneira moi boa, con moitísimos recursos, que o ámbito educativo está totalmente cheo, e tamén o ámbito sanitario, que as posibilidades de emancipación das mozas e mozos... Entón, claro, é difícil que vostede alcance a entender esta cuestión. Pero o novo estatuto contribuiría a promover o acceso tamén ao que falabamos da titularidade compartida, o que vostede tampouco chegou a mentar.

Deberían promover e consensuar fórmulas e ferramentas que promovan o emprendemento feminino no rural, a afiliación das mulleres á Seguridade Social e a saúde no traballo. Porque tampouco falou das pensións que teñen as mulleres no rural, que xa dicíamos que eran moi inferiores ás dos homes. E o Goberno galego ten responsabilidade directa de que Galicia sexa unha das rexións que máis despoboación sofre do Estado e, como consecuencia, non poden negar que esta tendencia provoque que desaparezan miles de explotacións agrícolas ao ano.

Temos un problema de relevo xeracional onde persiste unha relación con sesgo de xénero importante. Se hai unha explotación familiar, certo é que os maiores se xubilan e o relevo recae nas mulleres, pero non por decisión vital propia. Certo é que no rural galego as mulleres encabezan o emprendemento, e por iso o dicía vostede e analizaba só un tipo de axuda relacionada co contorno e coa sostenibilidade. Pero o emprendemento feminino é un pilar fundamental de desenvolvemento sostible e, polo tanto, debe ser promovido, incentivado e respaldado mediante a promoción da representación da muller nos órganos de dirección e a creación de oportunidades necesarias para apoiar a mulleres xoves.

Vostede só falaba de aldeas modelo e falaba da Lei de recuperación agraria de Galicia, pero sen distinción de medidas positivas para esas mulleres. Falaba das medidas que toma a Consellería do Medio Rural para todo o territorio e que, desde logo, non están levando a Galicia a bo porto no rural galego, e vostede sábeo ben. Por iso eu entendía necesario que vostedes votasen a favor do punto 2, pero tampouco falou destas axudas, concretamente do Emega, que impiden que estas mulleres galegas cobren tamén a PAC. Había fórmulas de facelo e había fórmulas de consensualo.



Polo cal, entendemos que non están a favor de realizar o Estatuto da muller rural, tal e como se comprometeran, dunha forma inminente, e tampouco de rachar con esta discriminación que sofren as mulleres nestas axudas da Emega. Tampouco entenden que se necesite xa unha política de choque para que as mulleres —e tamén os homes de Galicia, pero neste caso as mulleres, porque son as maiores damnificadas— teñan un plan de choque que impulse o emprego tanto agrario como gandeiro como forestal nesta Galicia.

Polo cal, non entendemos o seu discurso porque a realidade, fóra desta sala, fóra deste Parlamento, é ben distinta, e todos coñecemos a realidade porque só temos que ir aos nosos pobos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para o cumprimento do cofinanciamento do 50 % da Lei de dependencia e para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno sexa equitativa**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:*

*«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno español:*

- 1. O cumprimento do cofinanciamento do 50% da Lei de dependencia para a participación equitativa de ambas as dúas administracións así como, reclamar as contías adebedadas desde a entrada en vigor da lei, toda vez que ningún goberno desde 2006 achegou as obrigas orzamentarias que corresponden ao estado.*
- 2. Que calquera mudanza na prestación de servizos públicos de carácter social vaia acompañada do correspondente financiamento co obxectivo de garantir de maneira real e efectiva os dereitos sociais recollidos na lexislación.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, presidente.



Non sei se é cousa miña, pero paréceme que hai uns nervios coa candidata do Partido Popular en Lugo... (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) importantes, (*Aplausos.*) ¡importantes! (*Aplausos.*) Bueno, é certo que se a señora Candia fai en Lugo o que fixo antes en Mondoñedo teñen motivos para ter nervios; iso tamén é certo. Pero, bueno, imos ao que imos. (*Risos.*)

Miren, en outubro de 2019, antes da celebración das eleccións xerais, o Goberno galego elaborou a Axenda Galicia; (*O señor Pazos Couñago mostra a axenda.*) un documento que recollía as necesidades prioritarias de Galicia para o novo Goberno central, fose cal fose a composición ou a cor que tivese ese goberno. Nesa Axenda Galicia recollíanse 25 asuntos arredor de cinco eixos estratéxicos esenciais que para a Xunta de Galicia constituían a folla de ruta do noso país e que o Goberno do señor Sánchez transformou na lista negra dos investimentos que non facer no noso país. Recordando eses cinco eixos, falabamos de financiamento, ¿verdade?, que, no día de hoxe, está sen avances, tanto o financiamento autonómico como o que fai referencia ao financiamento local. Reclamabamos o IVE, que finalmente conseguimos grazas a unha reclamación vía xudicial, e reclamabamos transparencia nos Next Generation —que agora pasaron a ser os fondos Next Election, porque a vostedes a xeración que vén lles dá igual, o que lles importa son as seguintes eleccións—. E comprobando os presupostos xerais do Estado para o 2023 no que fai referencia a Galicia, pois, tirando a dramáticos, francamente. Se falamos de infraestruturas, inatendidas, as que solicitabamos, e aínda con algún empeoramento máis, ¿verdade?; da AP-9 non se volveu falar; os trens Abril —¿recordan?, eses que ían chegar antes do verán a Galicia— seguimos esperando por eles e vai finalizar o ano... E, bueno, á parte de non concedernos ningunha das melloras que solicitabamos, temos que sumarlle o problema do viaduto e o derrubamento na A6, ¿verdade?

Se falamos de sectores estratéxicos, pois continuamos con máis do mesmo: Alcoa coa produción de aluminio parada, As Pontes facendo aí unha especie de Ricky Martin, «un pasito pa' lante, un pasito pa' atrás», hoxe pechámola, mañá abrímolos e pasado non sabemos o que faremos; se falamos de Stellantis, fóra do PERTE; da liña de moi alta tensión non se sabe nada; Navantia segue esperando carga de traballo; Ence, pois como estaba, pendente dun fío; e o asunto da pesca tampouco parece que vaia excesivamente ben, ¿verdade?

Cuarto eixo, o compromiso co Xacobeo. Un compromiso inexistente para o Goberno. Fixeron a presentación do Xacobeo en Oviedo, o AVE que nos ía traer moita xente ao Xacobeo quedaron en Ourense e os fondos quedaron en Cataluña.

E o último eixo era a mellora dos servizos públicos; mellora da que temos que dicir que falta bastante compromiso e sobran bastantes exixencias. E diso vai esta iniciativa na que nos centramos hoxe, porque se a falta de investimentos complica o futuro da Galicia máis punxante, os incumprimentos en materia social prexudican a Galicia máis vulnerable. Pedro Sánchez fachendea por segundo ano consecutivo dos orzamentos máis altos da historia de España, pero resulta que nin os maiores ingresos que nunca tivo un presidente do Goberno son suficientes para que o Goberno do PSOE-Podemos cumpra a súa promesa de financiar o 50 % da Lei da dependencia. E nisto hai que recoñecer que o señor Sánchez repite o *modus operandi* do presidente Zapatero: grandes promesas, case sempre carentes de financiamento, e seguindo, iso si, o esquema habitual da esquerda española, ¿verdade?: moita propaganda, moitos anuncios, logo veñen moitos incumprimentos, moita frustración, e, finalmente, a



busca de culpables, que son calquera, menos vostedes; poden ser os homes de negro, o neo-liberalismo, os poderosos, o IBEX 35, ultimamente Putin, e sempre presente o Partido Popular —que sabemos que somos os seus favoritos—.

Este goberno anuncia un plan para incorporar máis persoas dependentes ao sistema; pero, iso si, sen aportar os recursos económicos que se necesitan para atender eses novos dependentes. Galicia neste ano aproveitou e superou en 2021 as 65.000 persoas con dependencia recoñecida, fronte a aquelas 14.000 que nos deixou o Bipartito; pero dificilmente, sen a aportación do Estado —aportación prevista na lei que se aprobou—, se desprejarán todos os beneficios da Lei de dependencia. Esa falla de compromiso de Estado impide dous obxectivos esenciais: o primeiro, incorporar o cen por cento das persoas con dependencia, e, o segundo, aumentar a contía das prestacións e mellorar os servizos.

Un ano máis será a Xunta de Galicia a que arrime o ombro —o ombro e o orzamento, hai que dicilo— para paliar os incumprimentos do Goberno do Estado. O orzamento de dependencia da Xunta de Galicia neste ano 2023 voltará alcanzar un novo récord. De feito, hoxe xa coñecemos que o orzamento de política social para este ano superará por primeira vez na historia os 1.000 millóns de euros, 1.164 millóns de euros, e o gasto social dese orzamento, os 9.368 euros; un gasto social sen precedentes. A cambio, os presupostos xerais do Estado en dependencia marcarán neste 2023 un novo incumprimento por parte do Goberno estatal.

Temos un goberno, o do señor Sánchez, que se permite dicir ás comunidades autónomas como debe ser o modelo de atención á dependencia. Permítese exixir máis e mellores servizos para a dependencia, e, ademais, insiste en acelerar a inclusión de máis beneficiarios da Lei de dependencia, pero, iso si, sen pagar o que debe aportar en dependencia. Porque o presidente Sánchez promete servizos, por exemplo, residencias equiparables a hoteis de cinco estrelas e de gran luxo, pero o que pasa é que paga prezos de hostel. Ese é o problema.

E, iso si, namentres fan isto os seus representantes e apoios nesta Cámara, véñennos aquí criticar aos galegos por un servizo que consideran deficiente e que pagamos na contía que non nos corresponde as galegas e os galegos, tapando o pufo que permanentemente levan acumulado os distintos gobernos do Estado.

Eu creo que incorporar novos usuarios está moi ben, pero implica investir máis recursos para atendelos correctamente. Creo que establecer requisitos de máis persoal nas residencias está moi ben, pero precisa de máis recursos económicos, entre outras cousas, para pagar salarios. E creo que ofrecer novos servizos nas residencias está moi ben, pero iso non pode facelo sen máis recursos para financiarlos. E o caso, señorías, é que o Estado segue sen aportar eses recursos. O Goberno do señor Sánchez pon moi boas intencións e moitos deberes, pero son as comunidades autónomas as que teñen que aportar os cartos. E iso non nos parece razoable, por iso presentamos esta iniciativa.

Eu quero aclarar que a Xunta de Galicia vai continuar aumentando o seu compromiso coa dependencia, faga o que faga o Goberno do Estado. Pero, claro, unha cousa é que manteñamos ese compromiso e outra cousa, que non nos rebelamos ante un incumprimento reiterado dunha lei que cada vez vai acumulando unha maior débeda no conxunto da Comunidade Au-



tónoma galega —xa supera os 2.000 millóns—, mentres nos exigen que fagamos nós o que se negan a financiar vostedes. E iso non parece razoable.

A Xunta vai continuar apoiando a dependencia, vaino facer simplificando a burocracia relacionada con esta materia para alixeirar toda esa carga burocrática que sofren as persoas con dependencia e permitirlles acceder máis rapidamente aos recursos que precisan; continuando co incremento desas máis de 65.000 persoas con dependencia xa recoñecida, que teñen asignado un PIA para poder desfrutar dos servizos que merecen; mellorando os servizos relacionados coa dependencia; implementando un novo modelo de residencias; mellorando as prestacións do SAF; e, incluso, se nolo permiten, aumentando iso que a señora Pontón denominou «proxectos de coidados de persoas maiores», ¡vamos!, o que é unha casa do maior das máis de cen que leva incrementado a Xunta e que financia integramente a Xunta de Galicia. E, ¡home!, neste sentido —eu teño que dicilo—, non nos molesta que a señora Pontón vaia facer unha foto nun recurso financiado pola Xunta de Galicia, pero, polo menos, chámelle polo seu nome e recoñeza quen o está financiando, que é a Xunta de Galicia. Eu xa sei que vostedes ultimamente cambian de opinión como quen cambia de chaqueta, supoño que por iso pasaron por Inditex. Pero, ¡home!, se van comprar a roupa en Inditex, digan que levan chaqueta de Zara con orgullo, (*Murmurios.*) e se van visitar unha casa do maior da Xunta de Galicia, díganos tamén con orgullo e non se avergoñen do ben que está facendo as cousas o Goberno de Galicia. (*Aplausos.*)

En definitiva, o que pedimos desde aquí é que se recupere esa Axenda Galicia, que realmente se lle preste atención e, nomeadamente, en temas de dependencia, que se poñan por fin números a unha achega. Porque realmente a pregunta que nos temos que facer todos é: se cos dous orzamentos consecutivos máis altos da historia da democracia non dá para que o Goberno do Estado aporte o 50 % que lle obriga a lei, ¿a que imos ter que esperar as comunidades autónomas para recibir o financiamento que, por certo, vostedes estableceron legalmente? Cumpran, polo menos, as súas propias leis.

Despois falamos da emenda e comentamos o que a vostedes lles pareza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos Couñago.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Eu, como cuestión previa, se me permiten que lles diga algo, e, nomeadamente, ás súas señorías do Partido Popular —se non, tamén o vou dicir igual—, é que non lles importa a onde vaiamos Ana Pontón, o Bloque ou calquera das que estamos aquí de visita; iso é exactamente igual. O que lles renxe, o que lles proe e o que lles pon moi nerviosos é que nos abran a porta. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Porque vostedes pensan, señorías, que este país





é a súa leira e que aquí só sachan vostedes. Pero este país é a leira de todas e de todos os galegos, e aquí sachamos todas. Entón, poden poñerse todo o nerviosas que queiran. A min téñenme fascinada e encantada —heilles de dicir— de que teñan esa preocupación tan fonda pola axenda política do BNG e, sobre todo, da súa portavoz nacional. Sigán así, que estamos encantadas.

E eu tamén lle digo unha cousa, señor Pazos, xa a respecto da iniciativa. É unha cuestión para a que hai que valer, ¡eh! Hai que valer para vir aquí e dicir o que dixo vostede sen asumir tamén a responsabilidade que teñen. Eu felicítóos, benvidas e benvidos todos á reclamación de que o Goberno español, independentemente de quen governe, pague o que lles debe ás galegas e aos galegos, que é o dereito de todas as galegas e de todos os galegos, porque janda que non votaron en contra das iniciativas deste tipo que trouxo aquí o Bloque Nacionalista Galego cando gobernaba ¿quen? en Madrid!

E imos facerlle tamén un pouco de repaso ao que facía o Partido Popular de Mariano Rajoy a nivel estatal, cando gobernaban en Madrid. Porque, claro, de verdade que é estupendo vir aquí e reclamarlle ao Goberno español que pague o que lle corresponde no financiamento da Lei de dependencia, e con vehemencia, ademais, como sempre, pero claro, ¿que é o que pasaba cando gobernaba o Partido Popular en Madrid? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Que pasaba cando gobernaba o Partido Popular en Madrid, e a lei era a mesma e exixía que a Administración xeral do Estado tiña que poñer o 50 % da Lei de dependencia? Pois cando gobernaba Rajoy non é só que non reclamase o Goberno da Xunta de Galiza e o Partido Popular en Galiza que pagase o 50 % o Goberno de España, que non estaba pagando tampouco, nin aquilo que debía acumuladamente o Goberno de España co sostemento dos servizos de atención e axuda ás persoas dependentes, senón que facían algo peor, que era calar cando recortaban os dereitos, os orzamentos, os recursos e os servizos desas persoas. (*Aplausos.*) E vou dicir canto: 5.000 millóns de euros, ¡eh! ¡5.000 millóns de euros públicos recortados polo Partido Popular de Mariano Rajoy coa aplicación do Real decreto lei 20/2012. ¡5.000 millóns de euros públicos! Non sei se pode agora, no tempo que ten, botar contas de cantas persoas poderían ser atendidas con 5.000 millóns de euros que recortou o Partido Popular.

Menos financiamento, menos orzamento para o sistema de axuda e atención ás persoas con dependencia, pero é que tamén recortaron, incrementaron as listaxes de agarda, incrementaron o copagamento das persoas usuarias, suprimiron as cotizacións á Seguridade Social das persoas coidadoras, a inmensísima maioría —por non dicir a práctica totalidade delas— mulleres, que quedaron ao pairo —ao pairo ¡eh!— coidando persoas dependentes nas súas casas, e, sobre todo, deixaron fóra do sistema aquelas persoas que tiñan un grao moderado de dependencia porque había que esperar; *no tocaba*, para esas persoas.

Entón, eu dígollo con toda franqueza, con toda sinceridade, pero tamén con toda rotundidade: hai que ter valor para vir aquí dar golpes de peito e intentar acusar os demais, os que ten en fronte, de non se sabe moi ben o que, cando o Partido Popular recorta dereitos e orzamento e despois de que o señor Mariano Rajoy, do Partido Popular, do seu partido —que vostede non é un señor de Cuenca *ni el vecino del 5º que pasaba por aquí*— recortase dereitos e orzamentos. Hai que ter valor —insisto, valor— para vir aquí dicir iso.





Mire, nós temos claro —e dixémolo miles de veces; este debate, ademais, tense producido de maneira recorrente nesta Cámara— que o Goberno español actual, o do Partido Socialista e Podemos, non está pagando o que di a Lei de dependencia, que é o 50 % do sistema de axuda e atención ás persoas dependentes. Ese é un feito, é unha realidade palpable e obxectiva.

Tamén é igual de palpable e obxectivo que ningún goberno, desde a aprobación en 2006 da Lei de dependencia, pagou o que tiña que pagar, que é o dereito das persoas usuarias do SAF a recibir os recursos, a atención e os servizos que necesitan. É máis, o investimento actual —que non é o que di a lei, que está situado nun 30 %, non no 50 %— é o máximo que se puxo por parte dunha administración central en dezaseis anos que leva en vigor a Lei de dependencia.

¿É insuficiente desde o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego? Si, para empezar, porque non cumpre co que di a propia lei, pero tamén hai que ter —insisto— un pouquiño de memoria histórica, porque, claro, é que calquera que o escoite pode pensar que isto empezou aquel día. Ou, como tivemos que escoitar hai un momento: *No, es que nos dejó el Bipartito 14.000 personas usuarias* do Servizo de Atención e Axuda á Dependencia. ¿Saben cantas persoas dependentes había atendidas cando gobernaba Fraga? ¡Cero patatero! (*A señora Rodil Fernández representa cos dedos un cero.*) Había cero, no había nada. (*Aplausos.*) Non había nada, nin redes de centros de día, nin había nada, señorías. ¡Nada! Entón, ¡home!, que non empezou todo no ano 2005, ¡eh! Hai que ter algo de pudor.

Non chegaba... ¿Saben canto poñía o Goberno do Partido Popular no Estado español cando tiña que soste a Lei de dependencia o Goberno de Mariano Rajoy? Porque agora é pouco —e nós dicímolo, é pouco e non cumpre co que di a lei—. O 30 % que pon o Goberno de España actual é pouco, pero é que daquela non chegaba nin ao 20 %. ¡Non chegaba nin ao 20 %! ¿Onde estaba vostede daquela ou onde estaba o Partido Popular de Galiza daquela? Dígollo eu: xustificando o incumprimento e aplaudindo coas orellas o recorte de orzamentos e de dereitos das persoas dependentes no conxunto do Estado español e tamén aquí, na Galiza.

Nós estamos a favor de reclamarlle ao Goberno do Estado español o que é de dereito de todas as galegas e de todos os galegos e de todas as persoas dependentes do conxunto do Estado: por suposto, primeiro que pague o que fixa a lei estatal desde o ano 2006, que é o 50 % do sistema de axuda e atención ás persoas dependentes.

En segundo lugar, por suposto, que pague o que debe; que pague o que debe, que, no caso de Galiza —e vostedes dino, ademais, na exposición de motivos—, ascende a máis de dous mil millóns de euros a débeda acumulada con este país desde a entrada en vigor da propia lei no ano 2006.

Pero tamén lle dicimos unha cousa, que é a segunda parte, o segundo punto da súa iniciativa: que é inasumible e é inadmisibile. Porque o que está dicindo o Partido Popular é que hai que negarlles dereitos sociais ás persoas dependentes neste país *hasta nuevo aviso*. E eu preguntolle e dígolle: a ver se na segunda quenda de intervención pode vir vostede aquí explicarlles de que dereitos poden prescindir, ata que diga o Partido Popular que se lles poden recoñecer polo menos no papel, na lei ou formalmente.



Eu quero que veña aquí e o diga porque imos ler a parte da parte resolutiva. O segundo punto di: «...que renuncie á imposición unilateral de novas medidas ou regulacións que supoñan o incremento de custos na prestación de servizos públicos de carácter social en tanto non se alcancen os niveis de cofinanciación do Estado español, do Goberno central, na Lei de dependencia». E eu digo ¿que dereitos se manteñen á marxe? ¿Que dereitos se lles van negar ás persoas dependentes ata que o Estado español pague ou asuma as súas obrigas? ¿Que é o que se lles vai dicir ás persoas dependentes?, ¿que non se lles vai poñer o servizo, o recurso de teleasistencia?, ¿que non se van incorporar máis persoas, que teñen dereito porque son dependentes e teñen unha valoración do seu grao de dependencia e que non poden ter os recursos ou os servizos aos que teñen dereito? ¿Cales son eses recursos e servizos que vostedes lles queren recortar? Eu dígollelo con absoluta franqueza: é inasumible e inadmisibile porque están dicindo *de facto* que se lle negue dereitos á poboación, a unha parte importante no noso país e ademais extremadamente vulnerable. E resulta —dígollelo con franqueza— bastante curioso que se veña aquí con tanta virulencia, cando logo vostedes collen as notas de prensa da Xunta de Galiza e do Goberno español dos consellos interterritoriais e aí non din nada, *ahí venga todo pa'lante*; todo con unanimidade, sen ningunha crítica por parte da Xunta de Galiza. Ampliar dereitos sociais, señorías, é bo, é necesario, e sobre todo fainos avanzar a todas e a todos como sociedade. ¿Que é o que ten que facer o Goberno español? — que é a emenda que nós presentamos ao segundo punto da iniciativa do Partido Popular—, acompañar calquera mudanza na prestación de servizos sociais do orzamento necesario para que eses dereitos recoñecidos no papel sexan garantidos na realidade. Porque vostedes non teñen nin a máis mínima intención nin de ampliar dereitos, nin de mellorar recursos, nin de mellorar servizos.

Aquí o BNG trouxo unha proposición de lei galega de residencias para implantar un modelo que se axuste ao que necesita un país á altura do século XXI: máis humano, descentralizado, máis próximo, máis garantista na protección e na garantía dos dereitos fundamentais das persoas usuarias de residencias. E é que non quixeron dar nin o debate. Non quixeron nin dar o debate. Vostedes non teñen máis intención que utilizar as persoas dependentes como arma arreboladiza para tirarlle ao Goberno de turno do Partido Socialista no pico da cabeza, e iso é moi triste e bastante lamentable, se mo permiten.

¿Nós que poñemos na emenda?, non deixar de recoñecer dereitos; todo o contrario, ampliálos, que é o que merece a sociedade galega no día de hoxe. E que se acompañe esa ampliación de persoas usuarias e sobre todo de dereitos e de recursos cos orzamentos necesarios para poder non só poñelos na lei, senón garantilos na realidade. E aquí hai unha cuestión de fondo —que non é o debate de hoxe pero será o debate nos próximos meses e nos próximos anos, estou segura— que é a cuestión de fondo que hai detrás de todo isto. No feito de que o que estamos é diante, por exemplo, dun sistema de financiamento que ten a comunidade autónoma galega —como todas as de réxime xeral— que o que se fixo foi transferir a competencia política pero non a chave dos recursos económicos para soste eses servizos públicos. Que dependemos das transferencias do Goberno de turno en Madrid, e ese será un debate a abordar se queremos realmente defender o autogoberno e sobre todo garantir as mellores condicións de vida das galegas e dos galegos de hoxe e as que están por vir.

Máis nada. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista. Señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.

A verdade é que menudo papelón, señor Pazos. Eu compadézoo porque vostede, que ten coñecemento dos datos, pois ten que ser un papelón; e sobre todo, se tanto lle importa a dependencia, a verdade é que a metade da intervención estivo falando de todo menos de dependencia, pero bueno.

A verdade é que —repítolle— hai que ter valor para subirse aquí sendo do Partido Popular a pedirlle a un Goberno socialista que repoña os máis de catro mil seiscientos millóns de euros que o propio Partido Popular recortou entre o 2012 e o 2017. Repito, ¡catro mil seiscientos millóns de euros! (*Aplausos.*) ¡Hai que ter valor! (*Aplausos.*) E durante todos eses anos, ¿que facía o Partido Popular en Galicia durante todos eses anos?, entre o 2012 e o 2017 — como diría o seu colega Albert Rivera: «¿lo oyen?, es el silencio—, nada, silencio cómplice co señor Mariano Rajoy fulminando de forma desapiadada totalmente a Lei de dependencia, e vostedes calaban. De verdade, ten un papelón hoxe que non sei como se atreveron a meter esta iniciativa porque non ten lóxica ningunha.

Hoxe o Partido Popular pretende facer con esta iniciativa un dous por un: por unha banda, limpar a súa conciencia facendo crer á cidadanía que lles interesa investir en dependencia, cando fulminaron —repito— case cinco mil millóns de euros das axudas da dependencia. E, por outra banda, de paso librase de cumprir as normativas futuras e presentes que lles fagan facer ter que apoquinar máis recursos para mellorar o sistema de coidados para as persoas maiores e con dependencia. Porque os servizos e as boas atencións teñen un custo e hai que asumilo, como o están facendo outras comunidades autónomas do noso país.

Primeiro, piden o cumprimento do cofinanciamento, o 50 % da Lei de dependencia, que non se cumpre e, xa o sabe, por culpa de vostedes mesmos, que foron os que fixeron o Real decreto 2012, que é unha auténtica arma letal contra a Lei de dependencia, sangrándoa por todos os lados. E agora veñen pedir que reconstruamos a desfeita que fixeron, o propio Partido Popular, e ademais pídeno *ipso facto*; cando vostede sabe perfectamente que en dous anos xa levamos duplicado o que vostedes non fixeron. Isto é —por poñer un exemplo para que me entenda a xente— como se nun edificio grande o presidente da comunidade de veciños se carga os aforros de moitos anos dos seus veciños e veciñas, e cando sae elixido outro presidente se lle exige de inmediato que repoña os cartos que el mesmo fulminou. ¡É que é totalmente o mundo ao revés! Iso é o papelón que leva facendo o Goberno galego dende que Pedro Sánchez é presidente. Nunca o Estado investiu menos na súa aportación á dependencia como cando gobernaba o Partido Popular no Goberno de España, con datos oficiados na man.

E fágolle un reto. Voulle facer un reto, señor Pazos. Ensine aquí na súa réplica a gráfica do investimento estatal dos gobernos, o histórico dos gobernos; a ver se se atreve, ensínea. ¿Vaino facer? (*Pausa.*) Bueno, por se acaso, xa a vou ensinar eu. (*A señora Ortega Otero amosa un documento á Cámara.*) Aquí está, aquí é os anos 2012–2018, este é o investimento do Partido



Popular, e este é o investimento que está facendo o Goberno actual, moitísimo maior. Entón, bueno, temos que ser sinceros e transparentes coa cidadanía, se non mal imos.

E non o digo eu, así o recollen varios observatorios e informes independentes a nivel estatal tamén. Como o publicou en xullo deste ano a Fundación de Estudos de Economía Aplicada en España, que literalmente di sobre a dependencia a nivel estatal: «*El sistema ya tiene 16 años y aunque la pandemia ha sido aterradora, los cimientos han sabido aguantar con dignidad. Destacamos dos sucesos que condicionan positivamente gran parte de los resultados: primero, la reducción de las listas de espera, un 50 % menos a nivel nacional respecto a 2015 y, segundo, el aumento de la partida para dependencia de los presupuestos generales del Estado de este Gobierno*». Último observatorio da dependencia elaborado pola Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, tamén —e cito textual—, outro informe diferente: «*El plan de choque para la dependencia del Gobierno de España pone fin a ocho años de recortes del sistema de atención a la dependencia que han afectado gravemente a su desarrollo*». Repito: «*El plan de choque para la dependencia del Gobierno de España...*» —deste Goberno de España, señor Pazos— «*...pone fin a ocho años de recortes del sistema de atención a la dependencia que han afectado gravemente a su desarrollo*».

Os datos non son discutibles, son os que son. Ano 2020, o Goberno de Sánchez aportou 94,8 millóns de euros ao financiamento da dependencia en Galicia. Ano 2021, aínda máis, incrementa o 47,7 máis ata os 140 millóns de euros. E mentres, ¿que fixo o Goberno galego en 2021?, pois diminuír o gasto autonómico da Xunta en 22,55 millóns. ¿E vostede vén aquí a pedir que fagamos o que vostedes están facendo ao contrario? ¿Vostedes piden que nós incrementemos os recursos cando xa o estamos a facer dende o Goberno de España, cando vostedes están diminuindo? ¿Parécelle ético iso, diante da cidadanía? ¿Intentar enganar a opinión pública cun tema tan sensible?

O Goberno galego é o Goberno autonómico que maior aportación estatal recibe para a dependencia e dos que menos inviste por habitante dependente. ¿Que fan cos cartos vostedes?, señorías do Partido Popular, ¿que fan cos cartos? Mentres o Goberno de España aumenta o financiamento ata máximos históricos —xa o dixo a señora Rodil tamén—, a Xunta diminúe. En lugar de aproveitar o incremento do Goberno para mellorar os servizos de dependencia, como fan outras comunidades autónomas —que é o mundo ao revés—, vostedes recortan en dependencia e bótanlle a culpa ao Goberno central, que é realmente o que está a incrementar estes recursos. Pero o PP alá polo ano 2006 non se escondía. De feito vostede é consciente de que no pacto de Estado polo Sistema para a autonomía e atención á dependencia no Congreso dos Deputados no ano 2016, aquí hai unha firma que falta, que é a sinatura do Partido Popular. Non o firmaron, por algo sería. Por algo sería. E agora estase demostrando por que, porque non cren no sistema de benestar.

Os datos cantan claros, señorías do Partido Popular, e son obxectivos. Cando goberna o Partido Popular en España, recortan case cinco mil millóns de euros e cando goberna o Partido Socialista, incrementáanse ata duplicarse nos últimos dous anos.

E, para máis inri, a segunda parte da iniciativa do Partido Popular aínda é máis perversa, porque o que busca é o escaqueo das súas responsabilidades. Queren incumprir as novas



medidas ou regulacións que supoñan o incremento de custos na prestación de servizos públicos de carácter social. Ou sexa, non queren incrementar recursos no ámbito social nun momento excepcional; e arrimar o ombro como están a facer o resto de comunidades autónomas, o propio Estado e tamén as administracións locais. Non queren apoquinar, por exemplo, para que exista un novo modelo de atención para persoas maiores. Queren que sigan a ter déficit de cuidadoras, que continuemos como unha das comunidades autónomas que menos inspectores temos para supervisar as residencias. Nin tampouco queren adaptar os centros residenciais a fogares máis pequenos. Tampouco queren investir no máis importante, na rede de recursos que temos para que as persoas maiores ou con dependencia poidan permanecer nas súas casas coa máxima autonomía posible o máximo de tempo. Porque iso é o que queren a maioría das persoas maiores en Galicia, vivir nas súas casas con calidade de vida o máximo tempo posible.

¿E saben, señorías do Partido Popular, en que se traduce todo isto? En que despois de todo o que vivimos coa pandemia en Galicia e de ser das comunidades autónomas con máis persoas maiores, aínda non temos un novo modelo de atención para persoas maiores ou dependentes. E iso que o Goberno galego se encargou de publicitalo durante máis dun ano cun comité de expertos de alto segredo —que non nos enteramos ata hai pouco de quen formaban parte del—. E gustaríanos, por certo, saber canto lle custou este comité de expertos a todos os galegos e as galegas porque o novo modelo brilla pola súa ausencia. E antes falaba vostede de hoteis de 5 estrelas, non, as persoas maiores non piden hoteis de 5 estrelas, só piden vivir con dignidade os últimos anos das súas vidas, que para iso estiveron traballando todos estes anos levantando o país (*Aplausos.*) e merecen unha calidade e cuidados dignos, (*Aplausos.*) non piden hoteis de 5 estrelas.

«Non temos persoal suficiente». Vou ler unhas palabras textuais porque isto é a gravidade do asunto do que estamos a falar, e ás veces temos que contextualizar con casos concretos. E a gravidade do asunto resúmese nestas palabras das traballadoras dunha residencia pública galega e vou dicir o nome, a Residencia Concepción Arenal: «Non temos persoal suficiente. Non se cumpren os pregos acordados. Non hai enfermeiras 24 horas para os cento cincuenta residentes. Dámoslles a cea ás 7 da tarde e non comen ata as 9 e media da mañá do día seguinte. Erguémoslos ás 7 da mañá e temos cinco minutos para facerlles o aseo; deixámolo na silla agardando que poidamos darlle o almorzo sobre as 9 e media e temos tres minutos para iso, se queima non hai tempo nin de soprar. O que máis doe é que para moitas persoas maiores somos as únicas persoas que ven ao día e nin tan sequera podemos escoitalos e falar un rato por falta de persoal. E iso levámolo á casa e ten consecuencias sobre a nosa saúde física e mental». E remata dicindo, señorías: «É moi triste que a xente que levantou este país teña que comer por menos de tres euros ao día». ¿E isto é o que vostedes queren que votemos aquí a favor? ¿Non arranxar este tipo de cuestións, que son competencia deste Goberno galego? ¿Queren que votemos isto? Non conten co noso voto, co Partido Socialista, non conten con ese voto para escaquear das súas obrigas, que para iso lles votou a cidadanía. Estean á altura dos momentos que estamos a atravesar e traballen con responsabilidade e dilixencia, que para iso a cidadanía lles deu a confianza de catro maiorías absolutas. Non só para presumir, como acostuman a facer neste hemiciclo, senón para que exerzan con dilixencia, sensibilidade e responsabilidade as competencias que lles tocan. Deixen de escapar das súas responsabilidades botándolle a culpa ao Estado, cando este é o Goberno que máis cartos apoquinou a Galicia...





**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando.

**A señora ORTEGA OTERO:** ...da historia para axudas á dependencia.

Remato, presidenta.

A falta de dilixencia na coordinación do investimento por parte do Goberno galego ten peaxe para as persoas neste país, en Galicia. E por iso Galicia, sendo das comunidades autónomas que máis recibe do Goberno de España para a dependencia, é a que menos inviste. Por iso, mentres a revalorización das pensións por parte do Goberno de Sánchez en Galicia pasou a máis de mil euros, o PP mandáballes unha carta, cando gobernaban eles, que valía máis o selo do que subían as pensións. Por iso o salario mínimo co PP era de 735 euros e agora é máis de 1.000. Por iso en Galicia temos das peores listas de espera do país porque moita xente morre antes de que lle chegue a axuda da dependencia. Porque mentres outras comunidades coa metade de habitantes reforzan cun centenar de técnicos...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, dona Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** ...os equipos de valoración, aquí en Galicia non se está a facer.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

**A señora ORTEGA OTERO:** E por iso, mentres o PP enviaba cartas ás coidadoras dos seus fillos con dependencia e tamén aos coidadores dos seus pais, quitáronlles non só esa prestación, senón a cotización especial. E por iso toda a crítica que vostede acaba de facer está facéndoa a vostedes mesmos, ao seu partido, porque foi o único responsable de todos os recortes que viviu este país...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Rematou o seu tempo, señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** ...na dependencia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Pecha o grupo autor da proposición non de lei. Ten a palabra don Alberto Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** A verdade é que non por previsibles deixan de ser sorprendentes. Primeiro voulles ler o motivo deste enfado monumental do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista Obreiro Español: «O Goberno adquire nesta lexislatura o compromiso de achegar o 50 por cento estable que corresponde á Administración xeral do Estado para o financiamento da Lei da autonomía persoal e de atención a persoas en situacións de dependencia» — pacto de Ana e Adriana —. Parece que lles molesta que lles exixamos que cumpran as súas promesas. ¡É unha cousa sorprendente! E veñen aquí a dicir as cousas que dixeron. ¡É alucinante!





Miren, vou empezar por facer algunha aclaración. Mire, señora Pontón, as portas de Inditex tivéronas abertas sempre. O que pasa é que antes ían a esa porta cuspirilles na cara. (*Murmurios.*) Alégranos o cambio. (*Aplausos.*) Polo menos, se van visitar Zara que sexa para falar ben dunha empresa galega. ¡Alégranos, benvidos! (*Aplausos.*)

A partir de aí, miren, a min faime moita graza cando veñen con estas cousas dos recortes do PP. Eu non sei se se acordan de que ao PP —como case sempre, por outra parte— lle tocou xestionar a ruína que deixaron vostedes no Estado. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, parécelles gracioso. Falaban vostedes da carta que lles enviaba o Partido Popular aos cidadáns, ¿non? Voulles falar da carta que lles enviaron vostedes. É certo que foi a carta de despedida. Teño que dicir que a carta tivo forma de publicación no *Boletín Oficial do Estado*. (*O señor Pazos Couñago amosa un documento desde o estrado.*) Era o maior recorte de dereitos da historia de España. Concretamente, o recorte e a conxelación do salario dos funcionarios: o 5 % de rebaixa, esa que negan vostedes. ¡Home!, eu, se queren, invítoos un día a que falen cos empregados da casa e lles pregunten se lles recortaron ou non lles recortaron a tres millóns de funcionarios o salario, se houbo conxelación das pensións, supresión do cheque bebé, supresión de 600 millóns en axudas ao desenvolvemento, atraso da idade de xubilación aos 67 anos porque non podíamos pagar as xubilacións, recorte de investimento público de máis de 6.000 millóns de euros, transferencias ás comunidades autónomas recortadas en 1.200 millóns de euros e, por certo, recorte de 670 millóns de euros na Lei de dependencia —¡que eses a vostedes sempre lles esquecen, señora Ortega!—. É que os primeiros que recortaron en dependencia foron vostedes. Como parece que ten certa dificultade, eu, se quere, déixolle a copia do *Boletín Oficial do Estado* coas medidas asinadas por José Luis Rodríguez Zapatero.

Cando ensina vostede unha gráfica co investimento, ten que contar as cousas. (*O señor Pazos Couñago amosa un documento desde o estrado.*) Primeiro, «*el Gobierno ha destinado en dependencia 4.500 millones más que en la última legislatura del PSOE*». Este goberno era o de Mariano Rajoy. Hai unha diferenza, claro. E é que para comparar o que se inviste hai que comparar o que se recada. E a vostedes iso sempre lles esquece, porque vostedes saben de gastar. De xestionar e das contas públicas, diso, como que lles dá bastante igual. Pero, bueno, son estas cousas que a un lle sorprenden. Por certo, como me sorprende que me diga que Fraga non dedicaba nada á Lei de dependencia. ¡Home, como que non había Lei de dependencia! Claro, é que dificulta bastante facer unha aportación a unha lei que non existía. (*Murmurios.*) Iso a verdade é que é complicado. (*Aplausos.*) Iso é complicado. (*Aplausos.*)

Señorías, a miña iniciativa non vai de se ampliamos ou non ampliamos dereitos. De feito, dereitos estamos ampliando ano a ano. Xa lles dixen o investimento que imos facer en políticas sociais este ano. A miña iniciativa o que di é se esa ampliación de dereitos a decide a Xunta de Galicia, que é a que paga, ou nola impón o Goberno do Estado, que nos aumenta as dificultades, que nos aumenta as exixencias, pero que, mentres, nos manda á señora Ortega a botarnos a bronca aos que pagamos o 70 % da factura. E ela, que defende ao que paga o 30 %, vén aquí sacar peito. É que é unha cousa francamente curiosa.

E encima dime a min que veño facer un papelón. Con todo cariño, ¡eh!, facer un papelón é vir aquí defender os postulados dun Partido Socialista que se dedicou a boicotear a súa cam-



pañña electoral pedindo o voto para o BNG e para VOX. Iso si que é facer un papelón. Eu ao que veño aquí é a contar a verdade das cousas, que é o que, por certo, lles molesta a vostedes. Bueno, chegou ao punto de dicirnos aquí que Albert Rivera «es mi colega». ¡Pero se firmaron vostedes un pacto de goberno con el! Pero vostede ¿está de broma ou que? ¿Vostedes cren que os españois non se acordan das cousas que van asinando vostedes? ¡É que é unha tomadura de pelo! Era o seu socio de goberno preferente, ¡preferente! Asinaron un pacto de goberno con el e hoxe vén aquí dicir que era un amigo do Partido Popular. Vostedes perderon o pouco sentido que tiñan, dígollo de verdade. É unha cousa realmente increíble.

No colmo da desfachatez vénme falar aquí do comité de expertos. A representante do partido político que inventou dous comités de expertos —un médico e un económico— que tiveron que recoñecer por escrito que non existían vén aquí falar do comité de expertos. (*Murmurios.*) ¡Papelón o seu, señora Ortega! (*Aplausos.*) ¡Papelón o seu! (*Aplausos.*) ¡Home, un pouquiño de seriedade! (*Aplausos.*)

Miren, nós estamos aquí para traballar para mellorar a situación dos nosos maiores, e ímolo seguir facendo. O que non imos admitir son as imposicións. Porque a señora Rodil na súa emenda pide —con bo criterio, ¡eh!, eu iso compárto— que se se cede unha nova competencia, veña con financiamento. Bueno, iso xa está na lei, outra cousa é que se cumpra ou non, pero xa está na lei. Pero non, o problema non é ese, señora Rodil. O problema é que na última interterritorial o que quixeron é cambiar o modo de prestación dunha competencia que xa temos —neste caso, a das residencias— dicindo canto se ten que incrementar o custo de prestación dese servizo pero sen poñer un euro para iso. E a iso é ao que nós dicimos que non estamos dispostos. O novo modelo de residencias vaise implementar e vaise facer, coma sempre, buscando un equilibrio entre a prestación mellorada que queremos todos para os nosos maiores...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...e os recursos dos que dispón a Comunidade Autónoma. O outro é esta cousa que fai a señora Ortega, o de «*invito yo y después, oye, de la factura que se haga cargo la Xunta*». Porque iso é o que lle gusta a vostede.

En fin, estamos acostumados a isto pero, ¡home!, ¡que veña vostede aquí dicir explicitamente que vostede o que di é que é o Goberno do Estado o que ten que poñer as obrigas e as comunidades autónomas o que temos que facer é pagar...!

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Comprenderá vostede que ata aquí podíamos chegar.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Que me di da emenda?

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Polo tanto, siga vostede co seu papelón.

Respecto da emenda —se a señora Rodil gusta— pois podemos falar e intentar buscar un entendemento cordial...,



**O señor PRESIDENTE:** De acordo.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...que estou seguro de que, coma sempre, non contará co apoio dos que teñen unha cara moi dura. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

(*Aplausos.*)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para defender a frota galega da pesca de artes de fondo**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha autoemenda do grupo parlamentario autor da proposición non de lei.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 41242 (11/PNP-003491),*

*Emenda de adición*

*Engadir na parte resolutiva os seguintes puntos:*

*“—Convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o tecido social do país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.).*

*—Esixir da Unión Europea e do Goberno do Estado a posta en marcha de medidas que compensen as consecuencias socioeconómicas derivadas da decisión da CE e garantan os ingresos económicos da frota afectada.*

*—Elaborar e levar a cabo un plan de continxencia que reduza ao mínimo o impacto social e económico da entrada en vigor da prohibición da pesca de artes de fondo en 87 caladoiros nas frotas máis afectadas e nas comarcas onde se localizan.*

*—Levar a cabo todas as medidas necesarias dirixidas a evitar o despezamento dos buques e a manter os postos de traballo na frota afectada.*

*—Instar o Goberno español a:*

*a) Despregar todas as acción que como Estado membro poida exercer para lograr a anulación do Regulamento imposto pola CE.*

*b) Iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da CE.”)*



**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Señorías, vai alá máis dunha semana dende a entrada en vigor do acto de execución da Comisión Europea sobre a prohibición da pesca de artes de fondo en 87 caladoiros do Atlántico. Vai máis dunha semana pero os efectos xa se están a notar, sobre todo nos barcos do pincho que operan no Gran Sol, aínda que a norma inicialmente non parecía ir destinada a estas embarcacións. Neste momento os barcos máis prexudicados non son precisamente aqueles aos que a Comisión Europea parecía dirixirse dende un principio, os de arrastre. Son os do palangre, que xa fan cola nestes momentos para entrar en zonas non prohibidas para non interferir cos que xa están faenando.

Pero non só os do Gran Sol. Temos palangreiros aquí en Cedeira, por exemplo, que recibían do Ministerio as coordenadas para poder faenar o día antes á entrada en vigor da prohibición, e que xa recibiron avisos do Centro de Seguimento de Pesca por estar en zonas aparentemente prohibidas. E digo «aparentemente» porque as coordenadas remitidas polo Ministerio non coinciden coas que eles manexan, coas que o seu equipo —certificado polo organismo que establece a Administración estatal— lles sinala.

Pero isto que estou relatando case se pode considerar apenas un detalle comparado co que vai vir para unha frota afectada xa por unha extrema incerteza e por unha importantísima vulnerabilidade económica. Polo de pronto, a máis dun mes xa da publicación da prohibición, o Ministerio aínda segue a remoer na presentación do recurso. Iso cando a Xunta xa o descartou definitivamente —despois, iso si, de prometerllo ata a saciedade ao sector e de prometerlle que esgotaría todas as vías legais para reverter a decisión da Comisión—.

Tampouco aínda hoxe hai petición de moratoria. E diante do atraso dos novos informes —que ían ser en principio en novembro e agora xa se atrasaron ata mediados de decembro, o cal, ademais, vai impedir que estean en aplicación eses mesmos informes ata ben entrado o ano 2023— nin a Xunta nin o Estado actúan máis alá de manifestar —así, coa boca pequena— o seu desacordo con este atraso.

Tampouco hai —nin vai haber, parece— convocatoria do Consello Galego de Pesca. Non fai falta. Diante dunha decisión absolutamente terrible para a frota galega, ¿para que imos artellar e organizar unha resposta unitaria de todo o sector do mar e de todo o tecido social do país? Non fai falta, por iso a Xunta non convoca o Consello Galego de Pesca. Debe ser que non lle parece suficiente golpe o que supón esta prohibición. E o que é máis grave de todo é que tampouco existe vontade ningunha de ninguén —absolutamente de ninguén, desde a Unión Europea ata a Xunta de Galiza— para articular medidas económicas que palíen, cando menos, toda esta desfeita.

O pasado luns, o 10 de outubro, xusto ao día seguinte de entrar en vigor a prohibición, o director adxunto da DG Mare advertiu na reunión da Comisión de Pesca —e leo textualmente—



que «non existen mecanismos comunitarios para respaldar economicamente o sector». Existen mecanismos comunitarios para destruír e para arruinar un sector, e existen reiteradamente ao longo dos anos, pero non existen, segundo o director xeral, para respaldar economicamente o sector.

Pero non quedou aí a cousa, non só foi o director xeral da Unión Europea —o director xeral adxunto—, tamén o Ministerio de Pesca, por boca do director de Ordenación Pesqueira, o señor Gandarías, resposta á petición de axudas polo sector pesqueiro, sen ningún tipo de escrúpulos, que só hai dúas opcións. Unha son as paradas temporais, amparadas polo FEMPA —que, como todo o mundo sabe, só cobren doce meses durante todo o período do FEMPA, é dicir, do 21 ao 27 só cubrirían doce meses en sete anos—. E outra son os despezos. Ou sexa, elixan vostedes entre *lo malo y lo peor*. E isto dío con toda tranquilidade un cargo político do Ministerio de Pesca que nin pediu moratoria aínda hoxe nin presentou aínda recurso ningún. É unha resposta absolutamente inxustificábel a deste señor, a deste cargo político, que, unha vez máis, nos amosa claramente en que mans estamos e o nulo interese que hai en evitar amarres e redución de embarcacións, de frotas e de postos de traballo. Dicir que non existen mecanismos económicos é tanto como dicir que imos eliminar douscentos barcos dun plumazo, coas súas correspondentes tripulacións, e que non imos facer absolutamente nada. Quedamos mirando para eles mentres, efectivamente, os quitamos do medio.

Despois da decisión da prohibición, que se tomou —como todo o mundo sabe— sen o apoio unánime do Consello, sen a aprobación do Parlamento Europeo, sen os informes científicos e técnicos suficientes, sen diálogo co sector e sen a avaliación socioeconómica do seu impacto e das gravísimas consecuencias, despois de todo isto, desta decisión, agora imos ter que aturar —polo que parece— outra decisión aínda peor, ou outra irresponsabilidade aínda peor: a dos responsábeis políticos, que teñen a obriga de velar polo mantemento da frota e dos postos de traballo, que o único que fan é fuxir da súa propia responsabilidade deixando a frota pesqueira galega unha vez máis, unha vez máis, totalmente abandonada.

Nós, dende o BNG, cremos que esta situación está a ser xa paradigmática dunha inacción política insoportábel, insoportábel a estas alturas, diante da decisión da Comisión Europea. E entendemos que non caben máis excusas —nin excusas, nin mentiras, nin manipulacións—, porque a xente xa chega un punto no que non pode aturar máis. Nós entendemos —e isto é o que propoñemos na nosa proposición non de lei— que é hora de que a Xunta de Galiza convoque o Consello Galego de Pesca, de que presente o recurso xudicial —independentemente do que faga o Estado español e independentemente da sorte que corra precisamente ese recurso xudicial—. É hora de que a Xunta de Galiza lidere precisamente a loita contra esta decisión absolutamente arbitraria. Por certo, decisión —que é algo que se di pouco pero que moitas persoas saben— que non é de agora. O acto de execución si, pero provén dun regulamento do ano 2016 que o Partido Popular apoiou entusiasticamente na Unión Europea. E isto é bo que se vaia sabendo.

Nós cremos que a Xunta de Galiza ten que exixir por todos os medios á Unión Europea e ao Goberno do Estado medidas que compensen economicamente os armadores, as empresas e as tripulacións. E tamén cremos que é hora de que ela mesma, a propia Xunta, como Goberno galego, elabore un plan de continxencia que reduza ao mínimo o impacto económico desta





decisión, tanto nas frotas máis afectadas como nas comarcas ás que afecta de cheo esta decisión, ás que xa está afectando de cheo esta decisión. Entendemos e propoñemos, polo tanto, na nosa proposición non de lei que a Xunta de Galiza ten que desprezar todo tipo, absolutamente todo tipo, de accións para impedir os despezaementos. Non os ten que impulsar nin promover, aínda que sexa tacitamente ou ás agachadas. Ten que poñer toda a carne no asador para impedir máis despezaementos.

E o Goberno do Estado —e así o propoñemos—, precisamente como Estado membro dentro da Unión Europea, ten, dunha vez, que presentar o recurso e presionar —seguir presionando se é que algunha vez o fixo, e, se non, comezar a presionar— para que se anule un regulamento que non ten nin pés nin cabeza, que puxo xustamente o tiro sobre frotas que nada teñen que ver coa esquilación dos caladoiros nin coa falla de sostibilidade, senón moi ao contrario. Polo tanto, non é novo o que estamos propoñendo pero si, dende logo, é revolucionario ao lado doutros acordos que se aprobaron aquí por unanimidade e que ían todos, evidentemente, nunha mesma liña: rexeitar, pedir e solicitar, *como mucho*.

Bueno, pois nós cremos que xa vén sendo hora de que alguén actúe. En teoría temos unha conselleira do Mar e en teoría tamén temos un presidente da Xunta, que si viaxou a Latiñoamérica pero aínda non o vimos viaxar á Unión Europea diante dunha decisión que pode eliminar douscentos barcos e miles de postos de traballo, señor Balseiro.

Máis nada e moitas grazas polo de agora. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pérez Fernández.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

A verdade é que, señora Pérez —compartindo moito da súa exposición—, vostede nos achacaba tanto ao Grupo Parlamentario do PSdeG como ao Partido Popular que fomos reiterativos nesta Cámara ao traer iniciativas neste senso desde hai xa meses, alertando da situación que nos viña enriba e que por desgraza está operativa dende o pasado 9 de outubro. Achacábanos que traíamos esas iniciativas, e agora son vostedes os que traen estas iniciativas. E eu xa lle dicía que, por desgraza, temía que íamos ter que seguir insistindo neste tema. Pero eu o que non lle podo permitir son algunhas das afirmacións que hoxe fixo vostede nesta tribuna deixando caer que por parte do Goberno central se estaba a manipular e a enganar o sector. Porque o propio sector pesqueiro sabe que o ministro Planas estivo dende o primeiro momento a carón do sector e que segue estando no día de hoxe. (*Aplausos.*) E chegou vostede a dicir que é hora xa de que o Ministerio empece a presionar porque —deixou caer— «non sei se algunha vez o fixo». E aí están os acontecementos de tantas e tantas veces que o ministro Planas foi quen de levar este tema ao Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea.



Non nos cansaremos de dicir que o PSdeG estivo en contra desta decisión dende o primeiro momento por motivos de forma —e vou volver repetilo porque niso seguramente tamén se basearán moitas das partes do recurso que vai interpoñer o Goberno central—, porque non é verdade que se consultase o sector nin tampouco os Estados membros. Tamén o estivo por motivos de fondo, porque a Comisión Europea se extralimitou incluíndo —como ben dicía tamén a señora Pérez— outras artes de pesca neste regulamento de execución —como, por exemplo, o palangre de fondo— que non estaban consideradas nun primeiro momento; ou tomando medidas tamén en augas de menos de 400 metros de profundidade, decisión que sabemos que despois a Comisión Europea tivo que rectificar, pero pola presión do Goberno español.

Aí si que presionou, señora Pérez, o ministro Planas. E tivéronse só en conta os informes da pegada do arrastre. Xa o propio IEO di que o traballo se basea nos efectos sobre os ecosistemas mariños vulnerables que teñen artes de arrastre de fondo móbiles, pero non temos a mesma información sobre as artes fixas. Os informes nos que se baseou a decisión da Comisión Europea non son actuais —témolo dito moitas veces nesta Cámara—. Non son actuais os do ICES e tampouco se tiveron en conta algúns outros informes, como foron os do IEO. E quizais unha das cousas máis preocupantes —e aí concordamos os tres grupos— é que se levou a cabo sen un verdadeiro estudo de impacto socioeconómico, como marca a propia política pesqueira común. E tampouco se tiveron en conta as medidas de protección xa establecidas polos Estados membros.

O sector está tamén canso de tantas xustificacións dadas pola Comisión Europea, porque segue erre que erre apoiada en mentiras e en falsos dogmas. Segue a dicir que usou a mellor información científica dispoñible. É mentira, polo que acabo de dicir. Non se tiveron en conta os últimos informes do ICES e nin sequera se tiveron en conta os informes do IEO. Di que esta decisión vén froito dunha consulta co sector, unha nova mentira por parte da Comisión Europea. Di que este regulamento de execución é froito da escoita á sociedade civil. ¿A quen escoitou a Comisión Europea máis aló dos *lobbies* medioambientalistas? Ou, por exemplo, di a propia Comisión Europea que o impacto socioeconómico estivo no centro do debate, cando todas sabemos que iso é mentira porque iso é propiamente o que estivo pedindo o Goberno central e tamén o estivemos a pedir dende este propio Parlamento galego, que pediamos un verdadeiro estudo de impacto socioeconómico da medida.

A realidade —e tamén o dixó a señora Pérez— é que hoxe, unha medida que parecía ir encamiñada a prexudicar o arrastre de fondo, ao final á que máis está a prexudicar é a unha frota máis selectiva. Estamos, por exemplo, a falar do anzol e do palangre, que é sostible e ten menor pegada de impacto ambiental. Pero, claro, tamén dicía a señora Pérez que esta decisión non é froito só dun acto de execución que se acaba de aprobar recentemente, é que isto vén de moito máis aló. Isto vén do ano 2016, que foi cando se aprobou o regulamento que sustenta a decisión da Comisión Europea de limitar a pesca de fondo en 87 caladoiros do Atlántico. E cómpre preguntarse o que fixo a Xunta de Galicia como principal potencia pesqueira europea e que fixo dende o ano 2016. Cómpre tamén preguntarse quen gobernaba na Xunta de Galicia e no Estado no ano 2016. Cómpre tamén preguntarse quen eran os eurodeputados nese momento. Cómpre tamén preguntarse quen eran os representantes de España no ICES.



Polo tanto, agora, no momento no que nos atopamos, nós coincidimos en que, chegado este momento cun acto de execución en aplicación dende o pasado 9 de outubro, o único que cabe é recorrer esta decisión lesiva para os intereses da nosa frota, decisión inxusta e sen ningún tipo de fundamento científico. Hai que interpoñer a demanda pero, dende logo, cunha fundamentación técnica que é moi complexa. O que nós queremos é conseguir un resultado efectivo desta anulación. Polo tanto, instamos o Goberno central —e xa dixó que vai interpoñer ese recurso—, pero o que queremos é que o faga da mellor forma posible para que este barco chegue a bo porto e se reverta esta decisión tan lesiva na Comisión Europea.

Pero tamén lle pedimos ao propio Goberno central que manteña conversacións permanentes coa propia Comisión Europea para intentar limitar a aplicación deste regulamento naméntres non se resolve o recurso que vai interpoñer o Goberno central. Porque, froito destas negociacións —por moito que vostede quixera obvialo, señora Pérez— e da insistencia do ministro Planas, se logrou aclarar que por parte da Comisión Europea se deixase por escrito que o veto é por debaixo dos 400 metros, o que implicará que os barcos de arrastre poderán manter a súa actividade en 41 destas 87 áreas vetadas. ¿Chégannos? Non, xa lle digo que non estamos satisfeitos con isto. Pero froito das negociacións vaise limitando o alcance desta medida. Froito destas negociacións tamén temos —e hai que recoñecerlle ao ministro Planas que sempre está aí a carón do sector— o incremento que onte se conseguiu para este ano na cota da pescada sur, que se incrementou nun 84 por cento. Os datos do IEO deron a razón ao que levaba reclamando o Ministerio de Pesca. Non sei por que non lles gustan estes datos, porque ao final benefician o propio sector. Polo tanto, é bo ir da man entre as propias administracións cos datos científicos, porque o froito de ir por sitios distintos é o que estamos agora a analizar con este veto da Comisión Europea.

Polo tanto, dicir que por parte do Goberno central non se fixeron cousas é fallar totalmente á verdade. Porque, como dicía, logrou incluír en varias ocasións na orde do día do Consello de Ministros de Pesca Europeo este tema para manifestar rotundamente o seu rexeitamento. É máis, España foi máis aló, foi quen de paralizar este acto de execución no Consello Consultivo. Despois a potestade é da Comisión Europea, que o levou para adiante. Pero, incluso despois de aprobarse e publicarse este acto de execución por parte da Comisión Europea, no Consello de Ministros de Pesca Europeo do pasado 26 de setembro o ministro Planas volveu reiterar a necesidade de suspender a aplicación deste regulamento, de proceder á súa revisión inmediata cos datos científicos actualizados, que xa ten no seu poder a Comisión Europea —por moito que diga que non—. E, de novo, houbo un rexeitamento total do comisario de Pesca europeo. Rexeitou as peticións de España.

A semana pasada o ministro Planas anunciaba que España vai interpoñer o recurso ante os tribunais europeos. Claro, evidentemente hai que fundamentalo ben para, dende logo, gañalo en Luxemburgo. Onte mesmo celebrouse unha nova reunión en Madrid para continuar coa preparación do recurso. Nos próximos días a secretaria xeral de Pesca do Ministerio manterá unha reunión coas comunidades autónomas e co propio sector pesqueiro. Polo tanto, o Goberno xa o manifestou e está a traballar na interposición dese recurso.

E, claro, nós tamén botamos en falta que a Xunta de Galicia non sexa máis proactiva. Levamos pedindo dende hai moito tempo dende o PSdeG —e por iso compartimos a iniciativa



que hoxe trae o Bloque Nacionalista Galego a debate — que a propia Xunta de Galicia presente tamén ese recurso directamente ante as institucións comunitarias — e pedímosllo directamente á conselleira na súa comparecencia—. E ¿por que o pediamos? Porque a propia conselleira, semanas atrás, dixo: «Independentemente do que faga o Goberno central, a Xunta de Galicia presentará ese recurso». Pero agora recúa. Polo tanto, o Goberno central vai presentar ese recurso. E a Xunta de Galicia debería tamén amosar ese apoio ao sector presentando tamén ese recurso.

Despois vemos como o señor Rueda di nesta Cámara que o maior problema que temos hoxe na comunidade autónoma galega é este veto da Comisión Europea á pesca de fondo pero vemos como el fai outras viaxes que non son a Bruxelas para poderse reunir co comisario de Pesca... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois si, polo menos foi e intentouno. Quen non fixo foi o señor Rueda, que lle correspondía por ser o presidente da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Polo menos, intentalo. É que xa llo dixemos dende o Partido Socialista. Non lle estamos a pedir ao señor Rueda realmente un resultado, porque sabemos que é moi difícil cambiar a vontade da Comisión Europea; pero, polo menos, que o intente.

E, para ir rematando —porque o Bloque Nacionalista Galego se autoemendou—, nunha das novas peticións pide tamén medidas de apoio económicas para a frota que está a sufrir estes prexuízos. Dende logo nós tamén temos rexistrado xa iniciativas nesta Cámara nese senso, nas que pediamos tamén esas medidas e esas compensacións. Polo tanto, nós concordamos co que pide hoxe o Bloque Nacionalista Galego...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...—remato, presidente—, porque esta decisión ten un impacto social e económico moi forte nas frotas afectadas que non tivo en conta a Comisión Europea. Polo tanto, concordamos en que son necesarias medidas de axuda ao propio sector. Se ben, entendemos que o fundamental é que o Goberno central presente ese recurso para poder revertir a decisión da Comisión Europea. Dende logo, entendemos que é un recurso complicado e que hai que darlle tempo para que o presente con todos os fundamentos que poidan levar este barco a bo porto e que se anule a decisión da Comisión Europea.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Parece que o Bloque Nacionalista Galego non quedou satisfeito cos acordos, cos feitos, e trae xa a estas alturas unha PNL que neses termos case aprobamos en pleno e en comisión. Nós



tampouco estamos satisfeitos, tamén teño que avanzárllelo aquí, e vaia por diante. Pero aquí hai máis cousas.

Dixo a señora Pérez que queren ser revolucionarios. Quizais queren con esta iniciativa innovar nalgún sentido. Imaxino que ao mellor o que queren tamén é emendar algún erro en Bruxelas, ou quizais insistir en que non teñen nada que ver co comisario que realmente tomou a decisión de impoñer ese veto. Pero si, si teñen que ver. E, ademais, seguen falando coma se non fose con vostedes.

Eu digo que non temos problema en debater, non temos problema en argumentar, non temos problema en defender as posicións. Pero é que xa o fixemos en moitas ocasións, xa tivemos varios debates e chegamos a unha conclusión —ademais, os tres grupos deste Parlamento— : que o executivo comunitario actúa de mala fe, que non revisou esa medida —como se comprometera— segundo os datos e as reunións que tivo en Galicia. É dicir, que a decisión a tiña tomada de antemán.

Pero hoxe, señorías, estamos ante a proposta dun novo acordo que, como dixen, xa temos acadado e aprobado por activa e case por pasiva. Estamos ante peticións agora á Xunta de Galicia, pero creo eu que, por parte do Goberno galego, xa están máis que demostrados todos os seus feitos e todo o seu traballo, e nin que dicir ten por parte deste Parlamento: tres acordos por unanimidade, comparecencia da conselleira do Mar e, por se non o saben, o pasado 4 de outubro unha carta asinada por Pedro Puy Fraga, Ana Pontón Mondelo e Luis Álvarez Martínez na que se rexeitan os ataques que sofre o sector de arrastre de fondo e na que se reitera a urxente necesidade de solicitar á Comisión Europea que rectifique e anule o novo Regulamento 2022/1614 da Comisión, do 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas vedadas. Polo tanto, esta carta remitiuse ao comisario europeo de Pesca e Medio Ambiente, remitiuse ao presidente da Comisión de Pesca e remitiuse ao representante permanente de España ante a Unión Europea. Eu creo que por iso hoxe o posicionamento deste Parlamento está máis que claro.

Pero creo que no seu conxunto o que pretende hoxe o Bloque Nacionalista Galego é outra cousa. E, polo tanto, eu vou continuar o debate case nos mesmos termos onde o deixei a última vez, porque nós seguimos cos mesmos acordos, na mesma posición e igual de reivindicativos que estivemos sempre. Vou continuar onde o deixei en varios puntos.

A señora Otero falou moito do señor Planas e da súa acción. A min paréceme ben, pero temos outro ministro, que é o ministro Alberto Garzón, ao que, quince días despois, a min me gustaría preguntarlle se xa ten unha opinión sobre este veto, a todo un ministro de Consumo dun goberno de España do Partido Socialista e de Podemos (*Murmurios*.) —si, si, un ministro do Goberno de España tamén— que non lle prestou atención a un tema de vital importancia para o sector pesqueiro.

En segundo lugar, esa foto errada, esa visita fallida, do señor González Formoso a Bruxelas. Foi unha foto que caducou en vinte e catro horas —polo tanto, claro, é que son golpes de efecto, fogos artificiais que se botaban nalgún momento e que agora xa están todos caducados, con moitas preguntas, ademais, sen responder— e un artigo impreciso do que tam-





pouco me quero esquecer, no que se falaba de detalles e imprecisións acusando a outros partidos do que non fixeron.

E segue o Partido Socialista de Galicia pedíndolle ao señor Rueda que vaia á Bruxelas defender o sector da pesca. Paréceme ben, e outra vez insisto en que seguramente o señor Rueda o defenderá bastante mellor que o Partido Socialista de Galicia e que o propio Bloque Nacionalista Galego, porque, pola súa banda, ¡nada de nada! E xa lles dixen, ademais, que, se se traslada a Bruxelas, o faría con documentos científicos, con argumentos sólidos, e non de baleiro e sen fundamentos, como fixo o propio secretario do Partido Socialista de Galicia.

Señora Pérez, señores do BNG, chegados a este punto, nós cremos que vostedes deberían romper en Bruxelas cos Verdes. Deberían deixar de tapar o posicionamento que apoian os seus socios en Bruxelas. E deberían deixar de intentar tapar con outras proposicións non de lei todas as decisións que toman alí en Europa. Porque saben —e é certo— que nós agradecemos que ás veces Ana Miranda apoie as propostas e as emendas do Partido Popular —ela mesma, a deputada do Bloque Nacionalista Galego—, pero non é capaz de convencer os 71 deputados máis que teñen os Verdes e Alianza Libre Europea. Polo tanto, só cun voto non somos quen, non somos capaces, de poder retirar un dos vetos máis importantes e máis letais... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (A señora Egerique Mosquera amosalle á Cámara un documento.)* Miren, en lugar de que a voceira dos Verdes estea copiando a Ana Miranda cando escribe *(Risos.)*, mellor sería que ela puidese explicarlle cal é o problema dese veto en Galicia. Porque este grupo é o grupo que vetou esas zonas, é o grupo no que está o Bloque Nacionalista Galego en Bruxelas. *(Aplausos.)*

Imos a unha das últimas votacións no Parlamento Europeo. Mire, sobre este tema houbo unha emenda do Grupo Popular que solicitaba a suspensión do regulamento de execución polo que se prohíbe a pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico. Houbo discrepancias no Partido Socialista, entre os deputados socialistas houbo discrepancias, e a única deputada dos Verdes que a apoiou foi Ana Miranda. Como dicía antes, é de agradecer, pero foi a única. Non foi quen de convencer os 71 deputados do seu grupo para que tamén apoiasen esa emenda. E non é quen de convencer do fundamental e do importante, que é retiralo ademais para o funcionamento, para a convivencia e a realidade social e económica de Galicia.

Ben, é curioso. Miren, na primeira emenda —que era a petición da revisión do regulamento—, o grupo que máis votou a favor da revisión foi o do Partido Popular, cun 94 por cento de votos; o 12 por cento foi do Partido Socialista e o 3 por cento foi do Bloque Nacionalista Galego. *(A señora Egerique Mosquera amosalle á Cámara un documento.)* Poden velo claramente, non quero perder o tempo dando todos os votos. Poden velo vostedes nas actas do Parlamento europeo. *(Murmurios.)*

Na segunda emenda, a suspensión do regulamento de execución, o grupo que máis votou a favor foi tamén o Partido Popular, cun 88 por cento fronte ao 10 por cento do Partido Socialista e o 2 por cento do Bloque Nacionalista Galego. ¡Olo!, porque de ter a porcentaxe maior, como a que tivo do Partido Popular, podería estar agora suspendida e podería estar agora nun proceso de revisión. Insisto, de ter a porcentaxe dos socialistas e do Bloque Nacionalista



Galego/Verdes en igualdade de condicións que a do Partido Popular, estaría agora nun proceso de suspensión.

E despois, no voto final, na resolución, Ana Miranda e Nicolás González Casares votan a favor do texto final e Paco Millán Mon e Gabriel Mato votan en contra do texto final. Polo tanto, alguén terá que explicar por que votaron a favor do texto final o deputado do Bloque Nacionalista Galego e o do Partido Socialista de Galicia. E así se van escribindo as decisións, se van tomando as decisións e se vai coñecendo cal é a realidade. Porque cren que ao estar en Bruxelas aquí non nos enteramos. E si que nos enteramos, porque aquí están as actas para coñecer todo o que se fai alí.

E ata aquí temos case todas as novidades dende o último debate. Como dixemos xa tivemos varios debates, e o último foi hai quince días.

Hai que lembrar, polo tanto, esta petición no Parlamento Europeo, por instancia do Partido Popular, da revisión do veto á pesca de fondo, con 319 votos a favor, 212 en contra e 31 abstencións. E, ademais, hai que lembrar o compromiso do Goberno de España de presentar o recurso. Imos agardar —esperamos que non moito—, pero que o Goberno de España, polo tanto, presente o recurso.

E non me quero esquecer —fixo referencia tamén a señora Pérez a este tema— de dous feitos —dous feitos decepcionantes, a verdade—. O primeiro é que a revisión que se ía facer en novembro pasa para decembro; polo tanto, xa estamos ampliando, aprazando, un mes, o que non é nada satisfactorio. E despois asistimos á non comparecencia do comisario de Medio Ambiente e Pesca —é dicir, a falta de respecto absoluta—, que manda ao segundo da DG MARE, unha persoa, un político, tamén lituano coma el, do seu partido e nada receptivo ás peticións fundamentais da frota galega —o que nos fai ser moi pesimistas—. Este home nin tan sequera fixo referencia á posibilidade de excluír o palangre. Dixo «toda», a diferenza, como saben vostedes hoxe, do Instituto Oceanográfico, que di que avala a posibilidade da exclusión do palangre con informes científicos. Non lle fixo ningún caso á sensibilidade da frota. É, polo tanto —insisto— un político, o segundo da DG MARE, colega e compañeiro do señor Sinkevicius, que son os que están adoptando estas medidas e estas decisións letais para frota galega.

Ben, o BNG presenta esta PNL, que nós estaríamos dispostos a apoiar unha vez máis, cun acordo unánime. Pero rexistrou unha autoemenda que non imos aceptar porque contribuiría aos seus obxectivos, á súa fuxida cara adiante. A min tamén me gusta recordar sempre o que pasou. Porque chegamos ata aquí e agora o Bloque Nacionalista Galego foxe cara adiante, xoga ao despiste. Nós non queremos despistes, nós queremos coherencia. E a coherencia sería, señores do Bloque Nacionalista Galego, romper cos Verdes definitivamente en Bruxelas, que son os que ignoran, son os que desprezan, son os que co seu medioambientalismo radical non nos entenden, non, señores do Bloque Nacionalista. Non entenden o sector pesqueiro de Galicia. O medioambientalismo radical dos Verdes cos que vostedes están asociados en Bruxelas son os que están a cargarse —van permitirme a expresión— a frota galega e o sector pesqueiro galego. *(Aplausos.)* ¡Sen excusas, sen excusas!

Xa remato, presidente.



Cómpre agora lograr a moratoria, que o Goberno non comparte. É unha proposta que fixo a conselleira do Mar, que cre que sería interesante que, ata que o recurso tivese unha solución ou se determinase algunha decisión, houbera unha moratoria, cousa que non respalda o Goberno de España. E cómpre agora, polo tanto, presentar ese recurso o antes posible.

Como digo, señora Pérez, nós votaríamos a favor dos primeiros dous puntos, que son os que vostedes rexistraron nun primeiro momento, e para os que temos o apoio por unanimidade desta Cámara. Non queremos entrar no seu xogo e non queremos ir con vostedes. Porque apoiar a autoemenda, como digo, sería tapar moitas cousas que vostedes queren tapar, sería picar o seu anzuelo e sería rendernos. E iso, dende o Grupo do Partido Popular, non o imos facer. Imos seguir loitando para que este veto se poida reverter e a frota siga respirando.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Egerique.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Pérez Fernández.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señora Egerique, teño que recoñecerlle que aproximadamente desde o minuto 3 da súa intervención desconectei, desconectei. *(Murmurios.)* Empezou vostede a falar de porcentaxes, de deputados, de votacións, da acta... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estamos falando do que estamos falando, e agora volve dicir do que estamos falando. Entre outras cousas, por exemplo, vostede dixo que o Bloque Nacionalista Galego ten unha deputada — efectivamente, ten unha eurodeputada — e que non conseguiu esta eurodeputada convencer a todo o grupo dos Verdes-ALE para que votasen en contra deste regulamento. Mire, señora Egerique, o Partido Popular Europeo ten 179 deputados. *(Aplausos.)* O Partido Popular español ten 12 deputados. A presidenta da Comisión Europea, a señora Von der Leyen, é do Partido Popular Europeo. *(Aplausos.)* E con todo iso, señora Egerique, non foron capaces vostedes de modificar os votos na Comisión Europea. ¿Como se come isto? *(Aplausos.)* ¡Non, non, xa sabemos, xa sabemos que si, que ten vostede razón, que *la culpa es de Ana Miranda!* ¡Xa o sabemos, señora Egerique! Ese é o seu problema. O seu problema é que o Bloque Nacionalista Galego sexa a segunda forza política deste Parlamento, que teña representación no Congreso dos Deputados e, para máis inri, que o Bloque Nacionalista Galego teña representación na Eurocámara. Iso é o que lles proe a vostedes. *(Aplausos.)* ¿Sabe por que? Próelles porque ata o momento en que chegou o BNG ao Parlamento Europeo o Partido Popular español facía e desfacía como lle daba a gana e non lle daba contas a ninguén. *(Fortes murmurios.) (Protestas.)* ¡Ah!, pero agora o Bloque Nacionalista Galego descóbrelles o petate e iso é o que lles molesta. *(Aplausos.)* Moi ben, señora Egerique, quedou clarísimo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Tranquilidade, tranquilidade!

¡Silencio, por favor, silencio! ¡Silencio e tranquilidade! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Fortes murmurios.)* Tranquilidade, que aínda quedan tres, ¡eh!, aínda quedan tres pro-



posicións non de lei. Vamos ir con calma, vamos ir cun pouco de calma; se non, isto prolongarase máis. Eu teño que descontar aquí. Vostedes verán.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Señores deputados e deputadas do PP —a comezar polo señor Pazos—, se tivesen vostedes unha milésima parte do xenio que demostran aquí e do balbordo que montan aquí nas institucións onde o tiñan que ter, outro galo nos cantaría, (*Aplausos.*) ¡outro galo nos cantaría, señor Pazos! (*Aplausos.*) (*Protestas.*)

Ben, dicía a señora Egerique que non ía apoiar... Bueno, dicía que a estas alturas trae o Bloque Nacionalista Galego unha iniciativa sobre este tema. Non, señora Egerique, cónteo todo, non faga como a conselleira que fala das zonas C pero das que non están nos bancos marisqueiros. ¡Cónteo todo! Faga vostede o favor de mirar o rexistro e ver cantas veces trouxemos o tema, incluída unha proposta de declaración institucional que vostedes rexeitaron sistematicamente, ¡sistematicamente! (*Aplausos.*) Ben, entón non diga que o traemos agora *ex novo*.

Pero é máis, é que resulta que a autoemenda que lle facemos á nosa propia PNL é, efectivamente —e isto si que é coherencia, señora Egerique—, o mesmo que recolleron as emendas do Bloque Nacionalista Galego que lles presentamos ás PNL do Partido Popular e que, evidentemente, o Partido Popular, *que es el partido del solo si es si*, ¿verdade?, pois votou en contra. Claro, coma sempre, ¡coma sempre! (*Aplausos.*)

Remato, señorías, porque xa vou ter que rematar.

Dicía que era revolucionario este acordo en comparación cos que temos aprobado nesta Cámara, señora Egerique, porque o que temos aprobado ata agora —iso si, tres veces, tres veces por se non chegaba unha—, xa o dixen noutra ocasión, foi rexeitar publicamente os ataques. ¿Que quere dicir rexeitar publicamente?, ¿que nos poñemos na praza do Obradoiro e os rexeitamos publicamente, incluída a conselleira e o presidente da Xunta?, ¿que quere dicir? Todo en abstracto, coma sempre, o Partido Popular.

Segundo —o que temos aprobado, que o trouxo o Partido Popular—, demandar ao Goberno de España que defenda a importancia deste sector. Ben, é o que se lle supón, ¿non? Para iso é o Goberno do Estado español.

Terceiro, que se lle solicite ao comisario de Medio Ambiente que teña en conta as opinións do sector. Nin sequera son capaces de escribir que se lle faga unha consulta ao sector. Non, que se lle teñan en conta as súas opinións, *a ver si es negro, gris o amarillo*.

E que apoiemos tanto o imprescindible recurso do Goberno de España —imprescindible é o do Goberno de España, pero o da Xunta de Galiza dá igual, porque total a Xunta de Galiza só é o goberno do país onde se concentra a principal frota da arrastre e de palangre e a máis afectada por esta decisión europea. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Remato, presidente.



E, por último, as proposicións non de lei do Partido Popular tamén din que lle reiteremos ao Goberno do Estado a urxente necesidade de solicitarlle á Comisión Europea que rectifique o novo regulamento.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Señora Egerique, a estas alturas xa está claro —e non só polo labor de Ana Miranda— quen defenden que.

Moitas grazas. (*Prolongados aplausos.*) (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pérez Fernández.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa información e o seguimento da situación do viaduto do Castro, na autovía A-6**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luís Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 41560 (11/PNP-003513),*

*Emenda de adición*

*Engadir dous novos puntos na parte resolutiva co seguinte texto:*

*“3. Incluir nos orzamentos do Estado de 2023 as partidas necesarias para levar a cabo as obras de reconstrución do viaduto do Castro.*

*4. Esixir responsabilidades pola deficiente execución desta obra.”)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, o pasado 7 de xullo rexistrouse o primeiro dos colapsos que afectaron o viaduto do Castro na autovía A-6. Nove días despois producíronse novos desprendementos nesta infraestrutura situada no Bierzo, nun punto próximo á vila lucense de Pedrafita do Cebreiro —que o señor Carballo, que é nativo deste concello, coñece ben—. Desde entón, hai xa catro meses, a principal vía de conexión de Galicia coa Meseta a través da provincia de Lugo continúa pechada ao tráfico.





Esta incidencia, como xa tivemos ocasión de debater nesta Cámara, foi cualificada por responsables do Ministerio de Transportes como un colapso sen precedentes na rede viaria española. E é sen precedentes —tamén coincidirán as señorías comigo— porque superamos os catro meses desde que aconteceu este derrubamento. Catro meses despois de que tivesen lugar estes feitos seguímonos facendo as mesmas preguntas, preguntas no día de hoxe sen respostas.

E permítanme que formule as preguntas en alto. ¿Como é posible que veña abaixo unha infraestrutura desta importancia en apenas vinte e cinco anos de actividade? ¿Como é posible que colapse un viaduto nunha vía que viña de ser sometida a unha reparación de urxencia e tras investir nesta reparación 26 millóns de euros? ¿Como é posible que, transcorridos catro meses destes feitos, aínda non se coñezan —ou, en todo caso, non sexan públicas— as causas do derrubamento? Preguntámonos: ¿hai algo que nos queira ocultar o Goberno de España?, ¿tivo coñecemento o Ministerio nesa reparación dalgunha deficiencia que permitise sospeitar o colapso que despois tivo lugar?, ¿cal pode ser o motivo polo que o goberno de Pedro Sánchez non ofrezca información clara e transparente ao Goberno galego, aos cidadáns, aos usuarios frecuentes desta vía e aos transportistas?

Precisamente achegar esa información, que debe ser unha información clara, transparente e periódica, foi un dos compromisos adquiridos polo presidente do Goberno, Pedro Sánchez, durante o encontro que mantivo co presidente da Xunta, Alfonso Rueda, o pasado mes de xullo. Comprometeuse a constituír unha mesa entre ambas administracións para seguir de preto todo o referido ao colapso desta autovía.

A pesar do tempo transcorrido desde ese acordo, nin Moncloa nin o Ministerio —salvo algún anuncio por aí de Transportes— teñen convocado e reunido esa mesa de seguimento á que se comprometeron. Teñen que comprendelo: unha vez máis, un engano; e unha vez máis, un incumprimento.

E o protagonista, o de sempre. O protagonista é o de sempre: o presidente socialista Pedro Sánchez. E é contra Galicia. Por razóns que non acabamos de entender, Sánchez despreza a Galicia. E nós cremos e defendemos que reunir esa mesa de seguimento é hoxe máis necesario ca nunca.

Primeiro, para que nos faciliten información, para que aclaren as causas, os traballos que seguen para determinalas e as razóns polas que aínda non se fixeron públicas.

Segundo —e non menos importante—, para facer un seguimento e estudo das solucións provisionais implantadas para sortear o viaduto colapsado. De feito, a circulación pola autovía segue interrompida e o novo desvío provisional non convence a usuarios nin a transportistas. E hai incluso quen, dun xeito temerario, falaba de recuperar a circulación en sentido á Coruña no viaduto contiguo ao colapsado sen coñecer as causas que levaron ao desplome do viaduto xemelgo.

Señorías, isto non é xerar alarma. A alarma prodúcese cando vostedes ocultan ou non queren ofrecer toda a información dispoñible para que estes veciños, usuarios e transportistas poi-



dan ter garantía dunha circulación segura por ese treito. Como comprenderán, señorías, non ofrece moita ou ningunha confianza se aínda descoñecemos os factores que levaron ao desplome do viaduto colapsado e como previlos.

En terceiro lugar, esa mesa de seguimento debe servir para dar transparencia a todos os trámites dirixidos á construción da vía e aos seus prazos. Queremos saber o que pretende facer o Ministerio, precisamos un cronograma con datos e investimentos programados, porque, despois do que está a pasar cos trens Avril, comprenderán que vostedes non ofrecen ningunha confianza; como tampouco nos ofrece ningunha confianza que non se recolla unha partida específica nas contas xerais do Estado do ano 2023 para reconstruír o viaduto da autovía do noroeste. Hai quen argumenta que se trata dunha obra de emerxencia e por iso non aparece nos orzamentos. Nós pensamos que non ten sentido que unha actuación de tanta envergadura e que precisa un gran investimento non teña consignación orzamentaria para o ano 2023 con independencia de que se empregue a vía de emerxencia para esa contratación. E moito tememos que a ausencia desa partida supón un risco certo de que vostedes queiran retrasar a solución do que hoxe é un dos principais problemas de comunicación que ten a nosa comunidade autónoma; unha circunstancia que está a causar grandes problemas de seguridade viaria, prexuízos aos transportistas e perda de competitividade das nosas empresas —feitos nos que afondarei na seguinte intervención—.

Señorías, hai xente que deixou de vir a Galicia porque o colapso do viaduto fixo retroceder vinte anos a nosa comunicación coa Meseta. Hai transportistas que incluso están valorando mobilizarse porque o desvío alternativo non vale. Iso si, ao Goberno non lle valeu ningunha das propostas que fixo a Xunta de Galicia. O desvío alternativo non permite a circulación de vehículos pesados e tampouco de transportes en caso de neve —climatoloxía moi habitual, se vostedes coñecen un pouco a zona, durante os invernos na montaña lucense—.

Conclúo.

A Moncloa, antes incluso de coñecerse os orzamentos xerais do Estado, vén aplicando un inxusto castigo a Galicia; un castigo para unha das comunidades que acumula máis necesidades en materia de infraestruturas estatais. Os galegos non entenderemos que socialistas e nacionalistas non apoiem, como compromiso de mínimos, esta demanda de información e demais transparencia cando se trata de garantir a seguridade e a operatividade da futura reparación dunha das arterias de comunicación esenciais para Galicia. Polo cal, pedímoslles ao Bloque Nacionalista Galego e ao Partido Socialista que reflexionen. E pedímoslles, sobre todo, que apoiem esta iniciativa, que adquieran un compromiso con Galicia, cos galegos e coas galegas.

Señorías, non nos vale que agora veñan vostedes aquí e que digan que no día de onte unha ministra do Goberno de España que se pasea por Galicia —iso si, sen traer nada, non sei se veñen de vacacións— diga que vai convocar esa mesa. Esa mesa non está convocada, esa mesa era un compromiso que adquiriron dous presidentes, o presidente de España, o señor Sánchez, e o presidente que se senta nese escano, o da Xunta de Galicia, o señor Rueda.

Unha vez máis, a estas alturas o presidente de España non cumpriu. E ese é o resumo desta iniciativa, primeiro, porque vostedes non fan público por que colapsou ese viaduto; porque



vostedes temerariamente din que nalgunha ocasión van abrir o outro, que está a escasos dous ou tres metros e que é idéntico; e porque vostedes investiron 26 millóns de euros, que daban para facer ese viaduto, que é de 580 metros, e, unha vez que o fixeron, unha vez que os investiron, caeu abaixo. ¿Vostedes imaxinan que a Xunta de Galicia fixese un edificio, metese os mobles dentro e, cando o fosen inaugurar, caese ese edificio para abaixo? ¿Que estarían dicindo os socialistas e nacionalistas neste Parlamento? ¿Que lle estarían chamando a este goberno e que lle estarían chamando a este grupo parlamentario? Pois iso é o que quere saber o grupo maioritario desta Cámara, iso é o que quere saber Galicia e iso é o que quere saber o goberno dos galegos e das galegas, que é este goberno que se senta nos bancos azuis.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Grazas, señor Balseiro.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Señor Balseiro, vostede é moi vehemente nas súas intervencións. Quero tranquilizalo e recordarlle que o BNG xa votou a favor na anterior ocasión en que se trouxo este tema aquí, no mes de xullo. Votou a favor de que se tomasen todas estas medidas. Creo que hai un acordo ao respecto, e o BNG xa presentou medidas semellantes e propostas semellantes no Congreso dos Deputados —entre elas a creación, xa no mes de xuño, dunha comisión de seguimento—.

Dito isto, temos que comezar facendo unha denuncia pública e lamentar a actitude do Goberno español, a través da ministra de Transportes, a señora Raquel Sánchez, e da secretaria de Estado, a señora Isabel Pardo de Vera, neste tema e en xeral en todo o que ten que ver coas infraestruturas e a mobilidade en Galiza, unha actitude que se caracteriza pola falta de sensibilidade, pola falta de respecto e polo uso partidista das institucións. E nas últimas semanas estamos vendo de xeito reiterado comparecencias da ministra e da secretaria de Estado con anuncios e con promesas que se fan en visitas a alcaldías do Partido Socialista. Son visitas claramente electoralistas, con anuncios e declaracións, ademais, que son unha tomadura de pelo; como, por exemplo, o que acaba de dicir recentemente a señora ministra onte na Coruña a respecto do tema do tren, a respecto do tema das cercanías, desa escandalosa exclusión de Galiza nas novas cercanías que se acaban de anunciar, e tamén con respecto á conexión Vigo-Porto.

Temos que lamentar esta falta de respecto institucional, esta falta de diálogo e de información que non se dá aos grupos parlamentarios e tampouco ao Goberno galego. E temos que dicir que isto non é un menosprezo só ao Goberno galego, é un desprezo a todas as galegas e galegos. É moi grave e temos que denunciálo publicamente. E por moito que a Xunta tamén o faga —que fai reiteradamente a falta de respecto institucional e o partidismo—, non é escusa e non é xustificación. Por moito que a Xunta xogue reiteradamente ao regate curto e a facer oposición seguindo as consignas que lle mandan desde Xénova, non é xustificación que o faga o Goberno central. O Goberno galego e todas as galegas e galegos deben ser informados das previsións e das decisións, en xeral, sobre todas as materias e, neste caso,



sobre a A-6. Non se pode informar pola prensa. E tomen nota, señorías do Partido Popular, porque vostedes fan o mesmo, ou, se cadra, peor.

Temos tamén que denunciar a falta de investimentos esenciais en materia de infraestruturas que se anuncian nos orzamentos de 2023 e tamén a falta de execución, hai que dicilo, dos últimos orzamentos. Porque, segundo as cifras que se fixeron públicas por parte da Intervención do Estado, non se executaron 2.800 millóns de euros desde 2015 a 2021, e houbo gobernos dunha e doutra cor.

Estes orzamentos do Estado do ano que vén son especialmente inxustos con Lugo en materia viaria e en materia ferroviaria. Moitas obras, ademais, levan anos de retraso, como é o caso da autovía de conexión con Santiago, a A-54; ou a autovía de conexión con Ourense, a A-56; ou a conexión ferroviaria de primeira, non de segunda, con Ourense. E creo que non é moito pedir que Lugo teña unhas conexións dignas por ferrocarril coa Coruña, Ferrol e Santiago, que son realmente as conexións que utiliza maioritariamente todos os días a poboación de Lugo —ou as que debería utilizar— e deberían ser prioritarias nos orzamentos. Polo tanto, os orzamentos do Estado teñen que recoller eses investimentos e o BNG, como xa anunciou, vai presentar emendas nese sentido.

Os orzamentos do Estado teñen que recoller tamén unha partida para acometer a reconstrución do viaduto do Castro, na A-6, e por iso o BNG presentou unha emenda complementaria da proposta do Partido Popular, que esperemos que teña unha acollida favorable do grupo maioritario, porque o que pedimos con esa emenda é que se inclúa nos orzamentos do ano 2023 unha partida para acometer estas obras.

Máis alá do espectáculo, que continúa, que montaron sobre os desvíos provisionais —bastante lamentable, porque creo que é un exemplo de política oportunista, de política partidista, de política rastreira, de tirarse os trastos entre os gobernos e de acusacións—, pois para o BNG, máis alá diso, as prioridades neste momento están claras. Ademais desta cuestión orzamentaria e de prazos que hai que deixar claros para a execución destas obras, pensamos que nestes momentos é absolutamente prioritario que se dean explicacións claras sobre as causas do afundimento do viaduto. É certo que a ministra anunciou onte —nunha destas visitas electoralistas á Coruña— que habería unha próxima reunión da Xunta co Goberno de Castela e León, pero o normal, o razoable, o lóxico, se houbese unha relación respectuosa a nivel institucional, é que houbese xa desde hai moito tempo unha comisión de seguimento das obras na que se dese conta de todas as novidades e de todos os avances ao respecto. Tense que dar unha explicación clara e precisa sobre as causas dese afundimento, sobre as circunstancias da adxudicación e da execución das obras, sobre se se executaron con présas electorais, sobre a solución construtiva escollida e se iso supuxo un aforro, e sobre as causas dese fallo construtivo. Tamén hai que dar unha explicación clara sobre eses contratos de urxencia, de emerxencia, que se utilizaron para supostamente corrixir esas deficiencias, que foron dous contratos. Un é de xuño de 2021, de 11 millóns de euros; e outro, de maio de 2022, de 14,82 millóns de euros —supoño, señor Balseiro, que eses non lles deu tempo a executalos, 14,2 millóns, porque o viaduto se afundiou dous meses despois, e estarán aí pendentes de gastar—. En total, son 26,8 millóns de euros que precisan explicacións e transparencia.



E tamén presentamos unha emenda para que haxa unha exixencia de responsabilidades, porque isto todo non pode pasar coma se non pasase nada. Ten que haber responsabilidades ou ben da Administración do Estado ou ben da empresa adxudicataria. E tamén presentamos unha emenda neste sentido que esperamos que teña unha acollida tamén favorable.

Ben, non debemos esquecer —e non é por ser malpensadas aquí no Grupo do BNG— que a adxudicataria deste contrato é unha empresa coñecida, moi coñecida nos círculos dalgúns —non sei, por instalacións deportivas que hai por Madrid e noutros ámbitos—, que é Fomento de Construcciones y de Contratas, que curiosamente foi obxecto recentemente, xunto con outras empresas —un grupo, podemos dicir, «mafioso» de empresas que se chamaban, entre si, o «G7» e no que están, por exemplo, Acciona, ACS, Fomento de Construcciones y de Contratas, Ferrovial, OHL ou Sacyr—, dunha multa de nada máis e nada menos que 204 millóns de euros por parte da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia por amañar e repartir contratos de todas as administracións do Estado, incluída a Xunta de Galiza. Isto é realmente moi grave. Di a resolución da CNMC que se reunía semanalmente, entre 1992 e 2017, para concertar e repartir adxudicacións de estradas, hospitais ou aeroportos. E a verdade é que chove sobre mollado. Chove sobre mollado porque houbo recentemente tamén outras dúas multas a estas e outras empresas por repartir contratos de mantemento de estradas e tamén por repartir concursos públicos de ADIF por máis de mil millóns de euros. Esta é unha gran trama de corrupción das construtoras, na que hai responsabilidades ben por acción ou ben por omisión. E creo que é lóxico e razoable que pidamos responsabilidades, que pidamos luz e taquígrafos, que pidamos que caia quen caia. Dada a gravidade dos feitos, ademais, pensamos que debería haber responsabilidades penais, non só multas económicas. ¡Isto é moi grave! Aquí parece que sae moi barato roubar, e roubar a mans cheas, como levan facendo todas estas mafias de construtoras durante todos estes anos.

Pois ben, unha vez informado, e coñecidas as causas, nesa comisión de seguimento que debería estar creada hai moito tempo, o que se debe facer é unha auditoría tamén de todas as obras que se fixeron nesa infraestrutura e noutras coas mesmas solucións construtivas.

E para rematar, e para resumir, o Goberno debe informar con claridade, con rigor e con respecto, e non con declaracións nos medios senón en sede parlamentaria aos grupos políticos —e tamén debería haber unha comisión de seguimento—, sobre a reconstrución do viaduto, sobre como se vai facer, en que prazos, con que orzamentos, de onde van saír eses orzamentos; e con prazos —xa digo— realistas e críbeis, non como acostuman. Porque xa están dando prazos que moito tememos que non se van cumprir. ¿Con cargo a que partida se vai executar esa obra? E tampouco nos vale a explicación do procedemento por urxencia, porque o procedemento por urxencia é un procedemento administrativo para axilizar os prazos pero non é un procedemento de adxudicación, que iso require partidas, require orzamentos. Por iso pedimos que haxa nos orzamentos de 2023 partidas para acometer estas obras. Pensamos que Lugo e Galiza merecen —e exixen— información, respostas, responsabilidades e solucións viábeis, fiábeis e seguras.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.





Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Pois empezo pola intervención do señor Bará, que utilizou case os cinco primeiros minutos da súa intervención para criticar o Goberno central, para dicir que é malo malísimo co que aconteceu no viaduto da A-6 e poñer a coletilla: «E con todas as infraestruturas que teñen que ver coa provincia de Lugo». Mire, señor Bará, vostede vén aquí dicir que o Goberno central falla ao respecto institucional con respecto ao Goberno galego, cando sabe que é mentira porque houbo varias reunións entre ambas administracións. Ademais vén para falar e criticar eses orzamentos xerais do Estado, ese proxecto para o ano 2023. Vostede fala da provincia de Lugo, para a que se contemplan máis de 138 millóns para avanzar no ferrocarril. Eu coincido con vostede en que estaba moi obsoleto e que son necesarios moitos cartos para poder paliar o déficit de investimento por parte do Partido Popular nos últimos anos do goberno de Mariano Rajoy. Pero, claro, é que despois, cando son eses orzamentos, nin está nin se espera o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)* Porque nunca son quen de apoiar os orzamentos, que son moi beneficiosos para a nosa comunidade autónoma —e neste caso para a provincia de Lugo, da que vostede estaba a falar—. *(Aplausos.)*

E só por rematar co Bloque Nacionalista Galego, que pedía de novo depurar esas responsabilidades, exixir xa esas responsabilidades, é coñecido o posicionamento do PSdeG. Nós sempre dixemos que, en función do que se extraía deses informes que avalían as causas, se hai que depurar responsabilidades, que se depuren. Pero cremos que, de momento, non estamos nese momento ata que se coñezan realmente as causas. É que é máis, señor Bará, vostede fixo aquí de fiscal pedindo xa responsabilidades penais por este tema. Vostede dixo aquí «pedir responsabilidades penais». Nós non dicimos que non haxa que depurar responsabilidades, sempre e cando así se extraía dos informes de investigación que están en marcha.

E, señor Balseiro, vostede empezaba a súa intervención preguntando como é posible que colapse esta infraestrutura. Non nolo preguntará ao Grupo Parlamentario Socialista, imaxino. Imaxino que a mirada debería de ir ao Grupo Parlamentario Popular. ¿Quen licitou esa obra? ¿Quen inaugurou esa obra? ¿Foi o Partido Socialista? *(Aplausos.)* Non, foi o Partido Popular. *(Aplausos.)* E agora diríxese a mirada a esta bancada porque colapsou esta infraestrutura.

Despois pregúntase como é posible que catro meses despois non coñezamos as causas. ¿Como é posible que catro meses despois non tivésemos nin sequera un desvío provisional na estrada do Courel, que o que aconteceu no Courel non é nada comparable co que aconteceu no viaduto da A-6? *(Aplausos.)*

Mire, señor Balseiro, a verdade é que é un feito. É un feito que se desplomou un viaduto construído hai apenas vinte anos; polo tanto, algo fallou —aí coincidimos con vostede—. E levamos pedindo dende o primeiro momento que se investiguen as causas con rigorosidade. Ás veces as présas nestes temas de infraestruturas, por rematar un pouquiño antes as investigacións, por rematar antes o traballo dos técnicos, non nos traen boas lecturas. Polo tanto, hai que investigar as causas do accidente con rigorosidade —o que levamos pedindo dende o PSdeG dende o primeiro momento e tal como o apoiamos coa iniciativa que trouxo



a debate no mes de xuño o Partido Popular—. Tamén nós pediamos a posta en funcionamento deste viaduto da A-6, pero tendo en conta sempre e por riba de todo a seguridade do tráfico, das persoas e con base nos informes técnicos. Xa llo dicía daquela naquel debate: deixemos traballar os técnicos, que son os que saben da materia.

Tamén solicitamos ao Estado —como dicía— que se leve a cabo esa investigación técnica exhaustiva que aclare os motivos do afundimento; e repetía —como dicía anteriormente referíndome ao Bloque Nacionalista Galego— que, se hai que depurar responsabilidades, se depuren. E tamén pediamos un plan de control do tráfico con alternativas provisionais. Iso todo pediámolo dende o Partido Socialista dende o primeiro momento.

Pero, mire, señor Balseiro, non lle corresponde a un deputado facer a intervención que hoxe vostede fixo aquí e sembrar dúbidas sobre a seguridade das actuacións no viaduto da A-6. (*Aplausos.*) Señor Balseiro, non pode sembrar dúbidas e meterlles medo aos usuarios. Señor Balseiro, en política non todo vale, e vostede debería sabelo, que é un político veterano. Chegou a dicir: «¿Hai algo que nos está a ocultar o Goberno central?», «Son temerarias as declaracións por parte do Ministerio». Non, mire, señor Balseiro, temerarias son as súas declaracións. E, mire, se vostede cre que o Goberno central está a poñer en risco —como así está a dicir— a seguridade dos usuarios e das usuarias, vaia onde teña que ir, denúncieo onde o teña que denunciar. Non siga a sembrar esa dúbida, non vaia ser que pase algo nun futuro e vostede sexa cómplice porque xa sabía que non se estaban a dar todas as medidas de seguridade. (*Aplausos.*) Polo tanto, un pouquiño de estar á altura do cargo que vostede ocupa. (*Aplausos.*)

Miren, abandonen dunha vez as teorías da conspiración. Están todo o tempo a ver pantasma onde non as hai. Deixen esas teorías e deixen de lanzar mensaxes sobre a falla de seguridade das infraestruturas. Recoñeza que o Goberno central actuou de forma inmediata xa reunindo e tamén dándolle información á Xunta de Galicia dende o primeiro momento. Respondeu dunha forma eficaz e responsable, como se lles pide aos nosos representantes políticos que actúen ante situacións como esta, que —como vostede ben dicía— foi un colapso histórico nas infraestruturas. Deixen que os técnicos traballen nas mellores solucións, porque é unha situación complexa, unha situación sen parangón.

A propia conselleira está a actuar dunha forma totalmente irresponsable. Xa nos ten acostumados. Sempre está poñendo en dúbida a chegada dos avances a Galicia por parte do Goberno central. Negaba que chegaría o AVE a Galicia, negaban as bonificacións das peaxes da AP-9. E aí están. Pero, mire, no tema do viaduto da A-6, ademais de estar actuando dunha forma irresponsable, a conselleira —e agora tamén vostede— está tamén poñendo en dúbida e cuestionando os propios técnicos da Xunta de Galicia, que dende o primeiro momento estiveron a colaborar e a aportar o seu criterio xunto cos expertos e técnicos do Ministerio. Polo tanto —repito—, deixemos traballar os técnicos ante un tema tan complicado que implica a seguridade para as persoas. As présas non son boas.

E, mire, xa lle avanzo, señor Balseiro, que nós de novo imos apoiar a iniciativa que hoxe trae a debate o Partido Popular, porque lle piden ao Goberno algo que xa está a facer. A propia secretaria de Estado e unha ministra —como dicía vostede, unha ministra que apareceu por



aquí por Galicia— asumiron un compromiso. É certo que o compromiso estaba entre os dous presidentes, entre o presidente do Goberno de España e o presidente da Xunta de Galicia. Pero a propia ministra dixo que o informe sobre as causas que produciron este derrubamento estarán nos próximos días e que será convocada esa reunión entre ambas administracións para analizar tamén as solucións definitivas e para informar das causas do derrubamento.

Polo tanto, á diferenza do que fan vostedes cando moitas veces argumentan que non poden apoiar a iniciativa que se trae a debate porque a Xunta de Galicia xa o está a facer, nós, como o Goberno central xa o está a facer e somos distintos ao Partido Popular, si que imos apoiar a iniciativa que hoxe traen a debate. E estea tranquilo, señor Balseiro, que nesa reunión se darán as explicacións de todas as periciais que se fixeron tras o derrubamento.

Pero, mire, tres meses despois do sinistro abríase o novo ramal de desvío do viaduto do Castro co obxectivo de reducir así a afluencia de vehículos a través da travesía de Pedrafita. Era o que estiveron a pedir durante todo o verán, ¿non?, porque se estaba a colapsar esa travesía de Pedrafita. Agora ese novo desvío será empregado por todos os vehículos que circulen en sentido a Madrid —ademais, adicionalmente, polos transportes especiais en franxa nocturna—. Ademais, hai que recordar —porque parece que aquí o Goberno central non fixo nada— que todos eses transportes especiais que ao longo deste tempo non puideron empregar a autovía A-6, cando tiveron que empregar outras autopistas como a AP-53 ou a AP-9, pois tiveron bonificacións do cen por cento por parte do Goberno central.

E hai algo que dicía o señor Balseiro que era moi irresponsable. Por un lado, pedímoslle axilidade ao Goberno central para que reabra ese viaduto, e, cando o propio Goberno central está a dicir que as previsións con toda seguridade son que no próximo verán se poida ter reconstruído un dos viadutos da A-6 que servirá como alternativa ao actual desvío, o señor Balseiro tamén o pon en dúbida. Por un lado, urxen a que se realicen estas melloras nesta infraestrutura e, por outro lado, poñen en dúbida o que se fai. Polo tanto, a verdade é que a coherencia do Partido Popular é tremenda.

E agora o Bloque Nacionalista Galego únese ás declaracións totalmente irresponsables da conselleira de Infraestruturas, que moitas veces nos di nesta Cámara que, claro, que, como non somos enxeñeiras de camiños, non entendemos o tema das infraestruturas. A verdade é que ela de orzamentos —e agora parece que tamén o Bloque Nacionalista Galego— non ten nin idea. Porque sabe que este trámite para reconstruír o viaduto da A-6 vai polo procedemento de urxencia e que non é necesario consignar estes cartos nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2023. Polo tanto, é vir aquí —non sei— para botar unha cortina de fume, porque saben vostedes que hai orzamento suficiente no día de hoxe para eses procedementos de emerxencia. Pero agora parece que o Bloque Nacionalista Galego pois compra o discurso do Partido Popular.

E, miren, a mesma dilixencia que lle pide o Partido Popular ao Goberno central debería pedila tamén no tema doutra infraestrutura que tamén afecta a nosa provincia, como foi o derrubamento da estrada do Courel. Tardaron corenta e catro días en adxudicar o desvío provisional, e non digo a solución definitiva. Abriron ao tráfico este desvío provisional o 5 de agosto.



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Remato, presidente.

¡Son catro meses e medio para abrir un desvío provisional no Courel, que non é nada comparable co que aconteceu na A-6! E despois de máis de seis meses dende o derrubamento non coñecemos cal era a solución definitiva para poder reestruturar esa estrada. ¡Oh, casualidades da vida!, o Partido Socialista trae unha pregunta a esta comisión e o mesmo día esta propia conselleira coa alcaldesa do Courel presentan cal é esta solución.

Polo tanto, miren, señorías do Partido Popular, van a rebufo do Partido Socialista.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Benvidos sexan. (*Aplausos.*) E, polo tanto, fágannos caso nalgunhas cousiñas, que mellor lles irá.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Balseiro.

**O señor BALSEIRO OROL:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Bará, pódolle dicir que eu estou moi tranquilo. E créame que estou moito máis tranquilo na tribuna do Parlamento que no escano. Creo que teño a veteranía suficiente para que xa non haxa case nada no Parlamento que me poña nervioso, porque, en primeiro lugar, creo no que defendo. (*Aplausos.*) E ao mellor vostedes non poden dicir o mesmo. Porque hoxe tamén xa vou moito máis tranquilo para a casa, non por escoitalo a vostede, pero si por escoitar a persoa do Bloque Nacionalista Galego que interveu antes ca vostede. Hai poucos días dicía na tribuna do Parlamento que se manifestaban para que España non entrase na Unión Europea —falando de pesca—, que sería tanto como que non teríamos onde pescar. E hoxe defendía aquí que tiñan unha eurodeputada na Unión Europea, que era a señora Ana Miranda —que coincido perfectamente co que dixó a portavoz de pesca— e que está dentro do grupo dos Verdes, que é o que queren ocultar vostedes, que é o que queren ocultar vostedes. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E, señora Otero, ¡menudo papelón fixo vostede aquí!, ¡menudo papelón lle mandaron facer a vostede aquí! Se non fose polo moito que a aprecio, diría: ¡menuda cara lle botou vostede na tribuna do Parlamento! Non o vou dicir, ¡eh!, xa dixen que non o ía dicir, (*Risos.*) (*Aplausos.*) ¡Non o vou dicir!, ¡non o vou dicir! (*Risos.*) Xa dixen que non o ía dicir. (*Risos.*) (*Murmurios.*)

Di vostede que habería que preguntarlle ao Grupo Popular por que colapsou ese viaduto. Non, mire, ao Grupo Popular non lle hai que preguntar iso, (*Murmurios.*) ao Grupo Popular hai que dicirlle que, grazas ao Grupo Popular e grazas aos gobernos do Grupo Popular, as



autovías chegaron a Galicia. (*Aplausos.*) Cando vostedes gobernaban, ¿sabe onde terminaban as autovías?, ¿sabe onde terminaban? (*Fortes murmurios.*) ¡En Benavente! (*Aplausos.*) ¡En Benavente! (*Aplausos.*) Pero, claro, vostede ocultou aquí un dato que non é pequeno. É dicir, vostedes fan unha obra de emerxencia nese viaduto, gastaron 26 millóns de euros. Xa que quere falar de técnicos, imos falar de técnicos, que din os técnicos que non valería 26 millóns de euros facer ese viaduto novo. E unha vez que din que o van abrir, o viaduto cae. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*). Entón, ¿que lle quere mesturar vostede ao Grupo Popular ou ao Goberno do Partido Popular? (*Murmurios.*)

Pero non só di iso vostede, di que estamos xerando dúbidas. ¿A vostede parécelle xerar dúbidas que cae un viaduto aquí, e vostedes levan catro meses e non dan ningunha explicación no día de hoxe por que caeu ese viaduto despois de gastar 26 millóns de euros? E o viaduto xemelgo, idéntico, que está a dous metros dese, din vostedes que queren abrillo con dirección cara á Coruña. ¿Parécelles que iso é sementar dúbidas?

Digan vostedes cales foron os motivos de por que colapsou ese viaduto, e aí si que lle darán tranquilidade á poboación. Poderase abrir o outro ou non se poderá abrir o outro. Agora non serán tan irresponsables vostedes como abrir un viaduto xemelgo, que hai dous metros de diferenza, idéntico ao outro, sen dicir por que caeu o que caeu. (*Murmurios.*) Iso é un pouco de sentido común.

Voume posicionar, señor presidente, sobre a emenda, porque ademais xa sei que me vai dicir vostede o que dicimos da emenda; xa sabe vostede que non hai ningún problema. Pois, señor Bará, nosoutros ímoslles aceptar, se lle parece a vostede, o punto 3. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Di que é lamentable a ausencia de orzamentos, no cal coincidimos. Xa dixen que se podía contratar como unha obra de emerxencia. É normal que unha obra da envergadura que ten que estea reflectida nos orzamentos.

Pero é que no punto que propón vostede como o punto 4 é o punto número 1 noso. Mentres non digan as consecuencias, mentres non saibamos as consecuencias, nosoutros seremos os primeiros en pedir responsabilidades neste tema. E parécenos que hai responsabilidades neste tema. Pero primeiro terá que dicir o Goberno por que ese viaduto colapsou.

Polo que, se lle parece, nós aceptaríamos como engádega o punto 3, e o punto 4 parécenos que co punto 1 noso neste momento está correcto.

E termino, señor presidente, sinalando que, primeiro, querer comparar xa a estrada do Courel, unha estrada secundaria, con todos os respectos para os veciños do Courel, que teñen tanto dereito a ter unha vías de comunicación, igual que a poden ter os veciños de Madrid. Pero eu crín que vostedes xa non ían volver tocar ese tema, despois da resposta do director xeral, despois da resposta da señora conselleira nesta comisión. Pero xa que o tocou, voullo explicar.

No tema do Courel, desde o minuto un, sóbose cales eran os problemas. Desde o minuto un, non se tardaron catro meses en facer o que dixo vostede. Non. Catro meses tardouse en dar un acceso recentemente consensuado co concello, consensuado cos veciños do Courel, pero o acceso deuse moito antes.





Polo que eu pensei que vostede xa non ía tocar ese tema, pero, claro, eu tamén entendo a posición que lle tocou a vostede do seu grupo. Tocoulle a vostede, púidolle tocar a outro calquera. Ademais, dentro do difícil que era vostede non o fixo mal. (*Murmurios.*) Porque, claro, din na miña terra: envaináronlle un morto que non é fácil defendelo na tribuna do Parlamento. ¿Por que? Porque vostedes, primeiro, algo teñen aí que vostedes non queren dicir, e vano ter que dicir, porque iso é unha irresponsabilidade, catro meses despois.

Efectivamente, nós estamos de acordo en que traballen os técnicos...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BALSEIRO OROL:** ...pero os técnicos se vostedes lles mandaron traballar creo que catro meses dan para traballar. Indiscutiblemente hai que ter en conta a envergadura desa obra e o montante que ten esa obra. Pero fagan obras, non gasten os cartos e despois que caian as obras.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Parlamento Europeo o rexeitamento da inclusión da quenlla na Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestres**

**O señor PRESIDENTE:** Hai emendas do Grupo Parlamentario Popular e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Teresa Egerique Mosquera, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un segundo parágrafo:*

*«Así mesmo, insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que inicie de xeito inmediato todas as xestións necesarias ante as autoridades europeas e internacionais para evitar que se aplique este nivel de protección inxustificada para a quenlla co conseguinte e negativo gran impacto socioeconómico global.»)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Rosana Pérez Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*



*Débase engadir, despois da parte resolutiva da proposición non de lei, un novo punto:*

*<<- O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno español que reclame da Unión Europea o cumprimento do establecido na propia PPC e que calquera decisión sobre a inclusión da quenlla no Apéndice II de CITES se fundamente en informes científicos, na avaliación do impacto socioeconómico e na consulta ás partes interesadas.>>)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Dicía o señor Balseiro cando estaba a rematar a súa intervención, cando lle estaba dicindo ao Bloque Nacionalista Galego que ía aceptar só unha parte da súa emenda, a primeira era meter nos orzamentos xerais do Estado do ano 2023 esa partida para a reconstrución do viaduto do Castro. O segundo que pedía o Bloque Nacionalista Galego era depurar responsabilidades, e non vaia ser que lle aprobemos algo, porque ao mellor, como dicía vostede con respecto ao Partido Socialista, algo teñen vostedes por aí. Polo tanto, non lle aceptaban a emenda ao Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Vaiamos ao tema, a un novo agravio que pode vir das institucións comunitarias. Eu creo que é necesario que nos adiantemos neste Parlamento galego porque é un novo ataque. Neste caso cambiamos de palangre de fondo, como falabamos anteriormente no veto da Comisión Europea, agora imos falar do palangre de superficie. Pero a verdade é que no fondo o que parte tamén é unha situación cunhas premisas moi parecidas ao que está a acontecer co veto da Comisión Europea á pesca de fondo, porque aquí tamén se pretende levar adiante unha decisión sen diálogo co sector, sen base científica e tamén sen un estudo de impacto socioeconómico.

E do que estou a falar é da proposta que fixo Panamá para incluír a quenlla no apéndice II da CITES. E a verdade é que é bastante chocante que esta proposta parta de Panamá e a valide a propia Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Europeo. E digo que é sorprendente porque precisamente Panamá non se caracteriza por ser un referente na pesca legal e regulamentada. Pero o que é máis chamativo é —como dicía— que as institucións comunitarias compren este discurso de Panamá en contra dos intereses científicos.

Ben, coñecemos o que implica estar incluído nese apéndice II da CITES, porque sabemos que nel se recollen esas especies que, aínda non estando agora necesariamente ameazadas de extinción, poderían chegar a estalo se non se adoptan unhas medidas que controlen estritamente o seu comercio.

A inclusión desta especie no apéndice obriga, entre outras cousas, a obter un certificado CITES para a súa comercialización, con todos os problemas e as cargas burocráticas que isto carrega e que estivemos a ver e a sufrir non hai moito co tema do marraxo dientuso; algo que ben saben os nosos palangreiros de superficie.

O argumento para a súa inclusión, o argumento de Panamá, é o suposto parecido con outros escualos, que si están ameazados e cos que podería confundirse. E este condicional, <<cos que



podería confundirse», a verdade é que nos retrotrae a esa decisión, e novamente volvemos falar do veto da Comisión Europea á pesca de fondo, que dicía que había que adoptar medidas naqueles espazos marítimos vulnerables e naqueles nos que poderían existir eses espazos.

Polo tanto, a proposta de Panamá non conta co apoio da comunidade científica. En xullo os propios expertos do Comité de Pesca da FAO deixaban patente os seus reparos a esta iniciativa pola falla de sustento científico.

Neste senso tamén se ten manifestado a ICCAT, que é a Comisión para a Conservación do Atún do Atlántico, que ademais ten asumida a encomenda de garantir a conservación e a ordenación das especies dos tiburóns asociados ás súas pesqueiras. A ICCAT afirma que a inclusión da quenlla no apéndice II da CITES non contribuirá á conservación das dezanove especies de escualos coas que segundo Panamá puidera confundirse a quenlla. E a ICCAT fundamenta en que esta confusión non se dará por varias razóns:

Primeiro, porque a maioría deses escualos cos que Panamá di que podería confundirse a quenlla ou a tintorera están asociados a zonas costeiras e á plataforma continental, cuxo hábitat non se solapa co da quenlla. Ademais, nesa área está regulado e é obrigatorio que os buques desembarquen todas as partes do tiburón: corpo, aletas e carcasas. E a quenlla ten todas estas partes distintas ás das demais especies. Polo tanto, é case imposible, por non dicir imposible de todo, que se confundan estas especies.

Segue incidindo a ICCAT que ademais existen observadores a bordo para identificar estas capturas, existindo tamén unha aplicación desenvolvida pola FAO que permite identificar as aletas da quenlla dun xeito claro, porque se diferencian morfoloxicamente moi claramente das outras especies de tiburóns que poderían estar ameazadas.

A ICCAT fai estas puntualizacións despois de estudar e analizar as medidas adoptadas pola Organización Rexional da Pesca das partes contratantes e tamén dos stocks de quenlla.

A ICCAT publicou esta nota sobre a proposta de inclusión da quenlla no apéndice II da CITES despois de que pedira tamén asesoramento a Xapón, que como Galicia está preocupado polo impacto desta medida, que pon trabas á comercialización dunha especie que —hai que incidir— non está sobreexplotada nin está en camiño de sobrepesca.

Polo tanto, recordan desde a ICCAT que xa existen en vigor trece medidas que son vinculantes e que son efectivas para protexer estas especies. E ademais non nos cansaremos de repetir tamén nesta Cámara que a nosa frota palangreira de superficie cumpre escrupulosamente e realiza unha pesca sostible e respectuosa co medio ambiente. Pois dentro destas trece medidas vinculantes que di a ICCAT que xa están efectivas está o límite de capturas, está tamén a obriga de desembarcar integramente os exemplares.

Nesta Cámara témonos pronunciado en diversas ocasións sobre a práctica do *finning*, que é a de cortar as aletas do tiburón a bordo. É algo que non realiza a nosa frota, que si que realizan outras frotas, e que o que pediamos era igualade no xogo, que se nós non realizamos esta práctica, que tampouco a realicen outras frotas.



Ademais, no seo da ICCAT existe un órgano específico que avalía exclusivamente os stocks destes escualos. Como dicía, tamén financia un programa de investigación e recompilación de datos que inclúen o mercado para coñecer o hábitat e a súa migración. E a maiores de todo isto —di a ICCAT— tamén teñen desenvolvida unha guía de identificación para estas especies que —como din dende a ICCAT— só habería que aprender a usar.

Polo tanto, o Goberno de España, o sector e a comunidade científica non comparten os argumentos dados por Panamá para a inclusión da quenlla no apéndice II da CITES. Nós, este grupo parlamentario, tamén compartimos este rexeitamento e desbotamos os argumentos dados por Panamá. De levarse a cabo, esta decisión de novo tan inxusta e lesiva para a nosa frota, neste caso de palangre de superficie, carrexaría graves prexuízos económicos e sociais.

De novo, atopámonos cunha decisión que se pretende levar a cabo de xeito unilateral, sen ter en conta o sector, sen ter en conta os estados membros e, o que é o peor, sen ter en conta os informes científicos.

Por iso o que buscamos hoxe con esta iniciativa que traemos a debate é facer unha fronte común e apoiar o noso sector neste novo ataque, que principalmente afectaría á Guarda, Burela, Marín e Vigo, por seren os principais portos de palangre de superficie.

Polo tanto, o que pedimos hoxe é que a Xunta de Galicia se dirixa aos grupos políticos con representación no Parlamento Europeo para revertir esta proposta. Debemos ir todos da man para revertir esta proposta tan lesiva, porque aínda hai oportunidade de facelo na futura votación no Pleno do Parlamento Europeo.

O que lle pedimos hoxe á Xunta de Galicia é que neste caso sexa máis proactiva, o que non foi no suposto do veto da Comisión Europea á pesca de fondo. Porque a pesar de todo este rexeitamento da comunidade científica, dos gobernos, do Goberno de España, o certo é que o pasado 8 de setembro na Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Europeo se aprobou a proposta que ten como finalidade a inclusión da quenlla no apéndice II da CITES, con 58 votos a favor, 6 abstencións e 1 en contra. E aquí todos os grupos europeos, todos nos que estamos integrados os tres grupos con representación nesta Cámara, votaron a favor. Si, e o outro día deixáballes o resultado da votación da Comisión de Medio Ambiente do pasado 8 de setembro, o Grupo Parlamentario Popular Europeo, no que estamos tamén adscritos os socialistas e no que está tamén adscrito o Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, entre as tres forzas temos que intentar convencer os partidos políticos con representación no Parlamento Europeo para que revoguen esta decisión.

Esa votación indignou o propio sector e tamén a comunidade científica, nomeadamente a ICCAT. A propia comunidade científica di que limitar o comercio da quenlla non axudará tampouco a protexer outros tiburóns.

Polo tanto, precisamos neste caso facer piña aquí tamén os tres grupos con representación nesta Cámara autonómica e que a propia Xunta de Galicia, en defensa do noso sector, en defensa da nosa comunidade autónoma, que vai ser a máis afectada con esta decisión de levarse



adiante, se dirixa aos grupos políticos con representación no Parlamento Europeo para que na próxima votación no pleno rexeiten esta inclusión da quenlla no apéndice II da CITES.

Aínda queda esa oportunidade para que esta ameaza non se leve adiante. Eu creo que a frota, o noso sector, merece que esteamos ao seu carón de xeito unido, non dicindo mentiras de que algúns non votaron a favor desta inclusión. Estou a dicir que os tres grupos votaron a inclusión da quenlla no apéndice II da CITES na Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Europeo e debemos de reverter...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...esta situación no Pleno do Parlamento Europeo —e remato, señora presidenta—, porque a frota galega de palangre e de superficie xógase a súa viabilidade con esta decisión, xa que non podemos pasar por alto que Galicia é a primeira potencia en Europa en captura de quenlla, e que ademais realizan esta actividade dun xeito sostible e respectuoso co medio ambiente.

Polo tanto, entendo que hoxe debería de saír por unanimidade a proposta que hoxe traemos a debate.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Otero.

Quenda para o Grupo do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona Rosana Pérez.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señora presidenta.

Boa tarde outra vez.

Eu fíxome moito no que fan ou no que facemos os deputados e as deputadas cando aquí nesta tribuna están falando compañeiros e compañeiras, dá igual de que grupo político sexan. E teño observado que, cando se dan os debates de pesca, a maioría dos deputados e deputadas, ou unha gran parte —non me atrevo a dicir que sexan a maioría—, fan como fixen eu antes cando falou a señora Egerique, pois desconectan.

Pero eu quero recoñecerlle aquí, señora Otero, unha virtualidade enorme aos debates sobre as cuestións pesqueiras. Xa non servirán para outra cousa, de verdade, pero para o que si serven clarísimamente é para que tanto o Partido Popular como o Partido Socialista expliquen e digan unha e outra vez e nos poñan no lugar que eles queren, dentro dos grupos que eles queren no Parlamento Europeo. Si, señora Otero, porque vostedes no Parlamento Europeo, igual que o Partido Popular, forman parte dun grupo. ¿É así? Correcto. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdoe un momento, imos por partes. Vostedes forman parte dun grupo, e vostedes, é dicir, o Partido Socialista Español, non votan sempre no mesmo sentido que votan outros deputados europeos do mesmo Grupo Socialista. ¿É así? Correcto. O mesmo vale para o Partido Popular, *ídem de lienzo*.





Ben, pois o Bloque Nacionalista Galego está dentro dun grupo que se chama ALE, que está en coalición con outro grupo que se chaman Verdes. ¿A que si, señora Egerique? Que gañas tiña de oílo, jeh! Hoxe xa pode ir tranquila para a casa. (*Aplausos.*) E dentro dese grupo no que está o Bloque Nacionalista Galego, Alianza Libre Europea, o Bloque Nacionalista Galego vota en cada asunto o que considera que ten que votar.

Entón, é verdade que houbo unha votación sobre este asunto na Comisión de Medio Ambiente, pero non todos os grupos que estamos aquí votamos a favor desta inclusión na CITES da quenlla porque votaron os grupos aos que pertencemos no Parlamento Europeo.

Señora Otero, señora Egerique, isto xa vale para uns e para outros: o Bloque Nacionalista Galego vota polo Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

E dito isto hai que recoñecerlle outra virtualidade aos debates sobre pesca, e é que aqueles deputados e deputadas que non estean entretidos con outras cousas teñen a oportunidade de aprender unha chea de cousas. Porque non hai moito tempo —non sei se lembrarán, algúns seguramente si—, falamos aquí do marraxo. O marraxo, ¿verdade?, ¿recorda? Perfectamente, é unha boa alumna; si, señor. Ben, pois falamos aquí do marraxo. Claro, o marraxo —como dicía a señora Otero— non é exactamente igual que a quenlla, pero pertence... Se estiveramos no Parlamento Europeo diríamos que pertence ao mesmo grupo, aínda que non votan igual o marraxo e a quenlla, ¿vale? Non votan igual, (*Aplausos.*) pertencen ao mesmo grupo.

E ademais aprendemos que a Unión Europea, segundo a señora Otero, neste caso vai ou quere perpetrar outro agravio. Non quere perpetrar outro agravio, quere perpetrar outro golpe durísimo. ¿Principalmente a que frota? ¿A ver se o adiviñan? Á frota galega, evidentemente. E din aquí os deputados do PP e do PSOE cando falan da Unión Europea que *quiere hacer otro agravio, que la Unión Europea decidió, que la Unión Europea va llevar a cabo, que prohíbe*. ¿E quen vén sendo a Unión Europea? Claro, porque a min gustaríame saber quen vén sendo a Unión Europea para vostedes.

Señor Balseiro, aproveitando, para o Bloque Nacionalista Galego en materia de pesca, a Unión Europea segue sendo a que arruína a pesca galega. (*Aplausos.*) E este que estamos a tratar é outro exemplo. Falabamos co marraxo, efectivamente, do palangre de fondo e agora —non me digan vostedes que non aprendemos— falamos coa quenlla do palangre de superficie.

Pero, en definitiva, ¿de que falamos? Outra vez, a Unión Europea, ese ente abstracto no que non está nin o PP nin o PSOE, que dá golpes de mil en mil. Frota de arrastre de palangre, mil tripulantes, *a fuera de un plumazo*. Frota de palangre de superficie, mil tripulantes, cento vinte buques fóra doutro plumazo. Claro, isto é así. Ese ente abstracto vai de mil en mil eliminando, efectivamente, arruinando, señor Balseiro, a frota galega.

E ademais faino con base nuns informes tan espectaculares, tan rigorosos —a Unión Europea, jeh!—, que neste caso concreto fundaméntase a proposta de meter a quenlla no apéndice II da CITES. E, para quen non o lembre, o apéndice II da CITES non é que diga que esa especie en concreto ten problemas. Non, o que di é que hai que deixar de comercializala. E



entón vainos volver pasar, *con la inestimable colaboración del Miteco*, como nos pasou co marraxo, señora Otero: o Ministerio de Pesca permitía pescalo e o Ministerio de Transición Ecolóxica prohibía vendelo. Isto é o que pasaba. ¿E que acabou pasando? Vostede sábeo, que é da Mariña, ¿verdade? ¿Verdade que o sabe? Unha gran parte tirárona e outra gran parte malvendérona. Pois isto é o que nos vai pasar con isto.

Pero dicíalles que a grande Unión Europea, onde o Partido Socialista e o Partido Popular non están, toma decisións con base en informes, como esta que van tomar agora, que di exactamente que a quenlla ou o tiburón azul «debemos restrinxir» —di, leo textualmente— «a comercialización da quenlla ou tiburón azul porque existe un parecido visual con outras especies de tiburóns que están protexidas». E como existe un parecido visual con outras especies protexidas, pois imos prohibir tamén esta. Estes son os grandísimos informes técnicos e científicos nos que se fundamenta a gran Comunidade Europea, onde non están nin o Partido Popular nin o Partido Socialista.

Ben, dicía que van de mil en mil porque, evidentemente, ¿quen pesca quenlla neste planeta? Os galegos, como pescaron sempre todo tipo de especies. Aprenderon a pescar todo tipo de especies; a medida que os ían botando duns caladoiros aprenderon a pescar noutros. Pois ben, agora que están supermodernizados, cunha tecnoloxía punta, que son exemplo de sostibilidade dende hai moitos anos, levan observadores a bordo, en fin, de todo, pois agora a Unión Europea di que a frota non pode pescar. A frota que ten apelido, que ten nome, ¿verdade?, que ten xentilicio. A frota galega é a que non pode pescar, porque resulta que a quenlla supón entre o 60 por cento e o 70 por cento de volume de capturas para os palangreiros de superficie galegos. É dicir, case a totalidade do que pescan. E a frota galega resulta que representa o 90 por cento da produción europea. Ou sexa, ¿agravio? Pois si, vale, se vostede o quere cualificar de agravio, chamámoslle agravio, pero agravio á frota galega.

E nós, evidentemente, xa nos tememos o peor despois de todo o que está pasando con base nestes informes tan rigorosos cos que decide a Unión Europea. E digo «decide» porque xa decidiu, xa tomou unha decisión na Comisión de Medio Ambiente, efectivamente, señora Otero. Agora vostede o que nos propón é que a Xunta lles solicite aos grupos políticos do Parlamento Europeo... Ou sexa, que a Unión Europea e o Parlamento tiñan grupos políticos, pero *no son el PP y el PSOE*, jeh!, son outros. Ou sexa, o Parlamento Europeo ten grupos políticos, ¿verdade? Vale. Pois vostede o que quere é que a Xunta de Galiza lles diga aos grupos políticos do Parlamento Europeo que rexeiten a votación no pleno. Pero é que a votación no pleno, señora Otero, foi o 4 de outubro. Si, compróbeo. Non sei, descoñezoo porque a Unión Europea é moi grande. Entón, descoñezoo se aínda quedan máis decisións no Pleno europeo, pero houbo unha votación no Parlamento Europeo o 4 de outubro. E o Parlamento Europeo decidiu apoiar a incluso da quenlla no apéndice II da CITES.

Non importa, nós estamos de acordo en dirixirnos...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señora Pérez.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...—remato, señora presidenta— nós estamos de acordo en dirixirnos ao Parlamento Europeo e aos grupos políticos do Parlamento Europeo. Pero en-



tendemos que, ademais de dirixirnos a eses grupos, e de aí a nosa emenda, tamén creo que é bo que a Xunta de Galiza inste o Goberno español a reclamar da Unión Europea —dese ente abstracto— o cumprimento do establecido na propia política pesqueira común. E a política pesqueira común di no papel que calquera decisión sobre a inclusión do apéndice II da CITES debe fundamentarse en informes científicos e socioeconómicos. Aquí, como sempre, non existe ningún dos dous.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas, presidenta. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Pérez.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra dona Teresa Egerique Mosquera.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidenta.

Boas tardes de novo.

Señora Pérez, pois si acaba de dar vostede un paso de xigante ao dicir por fin que o Bloque Nacionalista Galego está cos Verdes en Bruxelas. Pero eu sigo pedindo de boa fe que rompan con eles, porque os Verdes son realmente os que están en contra da pesca. E quere confundir aquí vostede e quere confundir o Bloque dicindo que a Unión Europea está en contra da pesca. Non, non, non, os que están en contra da pesca coas políticas medioambientalistas radicais son os Verdes, e son os que están tomando decisións que son as prexudiciais para Galicia. (*Murmurios.*)

Ben, resulta que o BNG ten...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Deixen intervenir, por favor.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** ...un *superman*, Néstor Rego, e a unha *superwoman*, Ana Miranda, que realmente parece que son aquí os que toman todas as decisións e acadan todos os acordos. Pero á hora da verdade, como dixo vostede, é un voto en cada cámara, e, ao final, o único que están facendo é mirar para os intereses do nacionalismo galego, non para os intereses dos galegos e das galegas.

Polo tanto, se vostedes están asociados cun grupo, igual que sustentan o Goberno de España no Congreso dos Deputados, igual están asociados cun grupo en Bruxelas. E iso é unha liña de traballo concreta. Nós non temos nada que agochar.

De todas formas, fixo vostede algo que a honra, que é recoñecer aquí que están por fin cos Verdes, porque nas notas de prensa (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) vostedes aos Verdes non os poñen, poñen só Alianza Libre Europea. Entón, eu doulles a en hora boa por iso, pero sigo pedíndolles de boa fe que rompan con eles.

E mire: a verdade é que para desconectar no minuto un, eu creo que despois rebateu a todo o que dixen eu. Eu creo que estivo atenta os dez minutos que falei, e a verdade é que se de-



fendeu vostede moi ben, que estamos aquí para iso; espabilou vostede bastante. Polo tanto, dime a min que son selectiva, pero aquí vostede fala de Von der Leyen e fala dos deputados do PP. Pero eu falo do comisario de Medio Ambiente e de Pesca, que é o que tomou a decisión. E outra vez teño que lembrar que é do seu grupo. Entón, tamén vostede foi selectiva aquí falando duns e doutros.

É certo como dixeron as dúas voceiras que me precederon que nos topamos de novo coa Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Europeo. Topámonos de novo co que leva facendo ultimamente máis dano ao sector pesqueiro galego; outra vez tocado, esperemos que non afundido. E por nós non vai ser porque seguiremos e non desistiremos nunca no empeño de defender o sector da pesca.

A pretensión de Panamá, como dixo a señora Otero, dun país ademais que non ten que presumir moito do seu xeito de pescar, é de incluír a quenlla no apéndice II da CITES, e iso foi respaldado pola Comisión de Medio Ambiente do Parlamento Europeo. E ao oír falar desa comisión agora é poñerse a tremer. A verdade é que oír falar desa comisión e das decisións que toma agora si é certo que cando miramos para Galicia é para estar bastante alarmados. Igual que tamén falar do Miteco, que tamén é poñerse a tremer, porque realmente os intereses da pesca e os intereses da costa galega non os respectan.

Os eurodeputados de Medio Ambiente pronunciáronse a favor de controlar a comercialización da quenlla, aínda coñecendo a postura dos expertos en pesca da Axencia das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura, que é a FAO, que deixaron patentes os seus reparos á iniciativa de Panamá por falla de sustento científico. É dicir, repítese o procedemento: unha vez máis, falta de sustento científico; unha vez máis, decisións incomprensibles; unha vez máis, política ideolóxica medioambientalista radical. É dicir, por querer defender un punto e unha protección dunha fauna que hai que estudar ben se realmente é necesario vedala ou non, unha decisión que outra vez dá de cheo na frota pesqueira galega.

Sería outra vez un veto inxustificado ao noso parecer, un novo erro avalado por Europa, pola Comisión de Medio Ambiente de Europa, pois trátase dunha medida sen sentido, tal e como recoñece a FAO, que literalmente di: «A quenlla non está ameazada e non necesita unha maior fiscalización comercial por estar xa suxeita a múltiples medidas de xestión». Ao que tamén advertiu a FAO de que a inclusión da quenlla na CITES —di literalmente— «pode producir un impacto socioeconómico global que non foi tido en conta».

Repetimos outra vez: falta de rigor científico, impacto socioeconómico importante. Repetimos outra vez o mesmo *modus operandi* que pasou co veto ás artes de fondo.

Ademais, os ditames científicos e dos expertos non recomentan a inclusión da quenlla no apéndice II da CITES porque —digo tamén literalmente— «As recentes avaliacións suxiren que os stocks desta especie non están a ser obxecto de sobrepesca e que se manteñen por encima do rendemento máximo sustentable».

O mesmo percorrido como dixeron vostedes, señora Otero e señora Pérez, que emprendeu o marraxo. E o resultado é dabondo coñecido, con fortes límites ao seu comercio, o que oca-



sionou un caos nos portos, un caos burocrático, toneladas de peixe bloqueadas, en moitas ocasións partidas destruídas e unha prohibición de captura no Atlántico Norte, coas consecuentes perdas económicas para o propio sector.

Por iso sería unha pésima noticia, e máxime co mal precedente —como digo— do marraxo e os despropósitos do Ministerio de Transición Ecolóxica neste caso. Algo que, ademais, xa se recoñece no propio informe da FAO, que di: «sería aínda máis acentuado no caso da quenlla polo seu maior volume de capturas».

Polo tanto, repetimos e repetimos: non atenden aos informes científicos, ás recomendacións dos informes científicos; neste caso non teñen en conta o impacto socioeconómico e, polo tanto, outro golpe forte e importante á frota pesqueira.

Señora Otero, de todas formas é dificilmente entendible que membros do Partido Socialista se queixen nesta PNL dunha resolución do Parlamento Europeo, da que foi tamén ponente o socialista César Luena. Entón, hai que ter en conta tamén un pouco o papel de cada un.

¿Queren agora vostedes instar a Xunta de Galicia a que demande aos grupos do Parlamento Europeo que rexeiten na votación do pleno a inclusión da quenlla no apéndice II da CITES? Ben, esta petición é un pouco surrealista tendo en conta que vostede tamén ten que, primeiro, dirixirse aos propios deputados socialistas, que eu creo que teñen que unificar vostedes a súa decisión, xa que non a teñen unificada. Falamos de votacións e falamos da importancia das maiorías. E falamos de que estar nun grupo tamén exige unha coherencia, e neste caso vostedes deberían unificar tamén unha posición neste asunto.

Falamos dunha resolución que se votou na Comisión de Medio Ambiente o 8 de setembro e no pleno como dixo a señora Pérez o pasado 5 de outubro; en ambas as votacións por puntos.

Na comisión o Grupo Popular foi o único que votou en contra da emenda transaccional número 15, que poderían ler e que era o parágrafo que apoiaba a inclusión da quenlla no apéndice II da CITES, pero pese á oposición dos populares, de todos os deputados populares, saíu aprobada.

No voto final do texto na comisión todos os eurodeputados do Grupo Parlamentario Popular votaron a favor da resolución para o inicio da tramitación parlamentaria. E, posteriormente, ante a falta de colaboración de César Luena e Soraya Rodríguez, a ponente do Grupo Popular non acadou a maioría necesaria para suprimir do texto da resolución a referencia á inclusión da quenlla no apéndice II da CITES. Se imos todos a un, todos a un, e colaboración e non manobras certamente algo torticeiras —vaime permitir a palabra—. En consecuencia, todos os eurodeputados do Partido Popular votaron en contra da resolución.

¿Por que lle dicía o do Partido Socialista? Porque o único que votou en contra foi Nicolás González Casares, e non foi quen de convencer os restantes dezaseis deputados socialistas que estaban alí. A señora Ana Miranda nin tan sequera participou na votación. Coido eu que estaría máis preocupada polas fotografías para intentar indagar... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non participou na votación. *(A señora Pérez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Non participou na votación. Non estou mentindo...





**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Señora Pérez, vostede non está no uso da palabra neste momento.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Non participou na votación. (*Murmurios.*) Non digo nin-gunha mentira...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** ¡Por favor!

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Non participou na votación, por hache ou por be non participou na votación. (*Aplausos.*) Iso quere dicir que non está presente sempre, que ten un grupo socio, que ten a Bildu, que ten aos Verdes, que ten a ALE, que non é un grupo único. Non participou na votación a señora Miranda. Iso está claro e pode comprobalo calquera deputado desta Cámara.

Ben, independentemente da resolución do Parlamento Europeo, que non é vinculante, a Unión Europea xa adoptou a súa posición sobre a vindeira reunión da Conferencia das partes da CITES mediante decisión do Consello de 16 de xuño de 2022. Polo tanto, nin o Ministerio de Transición Ecolóxica nin o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación neste caso foron quen de evitar que o Consello da Unión Europea apoiase a inclusión da quenlla no apéndice II da CITES. E insisto: esta é unha catastrófica decisión.

Polo tanto, moito pedirlle a Rueda que vaia a Bruxelas defender a pesca, moito pedirlle á Xunta que convenza os europarlamentarios para que voten isto, pero ¿onde están os deputados do Partido Socialista?, ¿onde están os ministros do Goberno de España?, ¿onde están para defender os nosos intereses en Europa? Non sabemos, están agochados. Porque eu creo e teño que dicir que a propia ministra de Transición Ecolóxica quizais estea de acordo con esta medida. E deixo aquí a pregunta: ¿quizais estea de acordo con esta medida? Porque co marraxo dientuso xa nos meteu nunha lea bastante gorda.

Nós presentamos unha emenda para que o Goberno inicie as xestións ante as autoridades europeas, que as inicie xa. Temos o precedente —como digo— do marraxo, e moito tivo que ver a xestión do Goberno de España, e queremos evitalo. Polo tanto, temos presentada esa emenda para evitar as decisións letais de Teresa Ribera.

Para rematar, hai que insistir en que cremos que a pretensión de incluír a quenlla no listado de especies protexidas é un despropósito, é un novo ataque inxustificable, e trátase dunha medida carente de argumentos e base científica, un novo veto aleatorio por unha política —outra vez— medioambientalista radical e unha política e unhas decisións profundamente ideolóxicas de esquerdas neste caso. E quero dicilo claramente: nun grupo no que está o Bloque Nacionalista Galego en Bruxelas.

Polo tanto, instamos o Executivo central a que faga as xestións necesarias ante as autoridades europeas e internacionais para evitar que se aplique ese nivel de protección inxustificable para a quenlla, que dea lugar a un grande impacto socioeconómico global.

A nós gustaríanos que incluíra vostede a nosa emenda no seu texto pero, en calquera caso, imos apoiar esta iniciativa, por suposto, porque é fundamental para o futuro da pesca en Galicia.

Grazas. (*Aplausos.*)



**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas, señora Egerique.

Peche da autora da proposición non de lei. Ten a palabra dona Patricia Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, agradecer o apoio do Partido Popular a esta iniciativa. É certo que hai tamén unha emenda do Bloque Nacionalista Galego que é moi parecida á que presenta o Partido Popular. Polo tanto, en aras de chegar a un acordo unánime nesta Cámara, falaremos para ver como pode quedar redactada esa emenda.

A verdade é que á señora Egerique creo que lle fallou un pouco o subconsciente cando dixo: é que nin o ministro de Pesca nin a ministra de Transición apoian a inclusión da quenlla neste apéndice II da CITES. Porque non o apoian, señora Egerique. Porque vostede sabe que tanto o ministro de Pesca como o propio Miteco se teñen manifestado. E neste caso eu coincido, señora Egerique, e fun bastante dura —creo— co Goberno central no tema do marraxo dientuso. E dixen por activa e por pasiva que había que solventar ese problema que había entre poder pescar e poder comercializar. Creo que as miñas verbas están aí, e fun bastante clara. Pero neste senso no tema que nos está a afectar hoxe, que é o tema da inclusión da quenlla no apéndice II da CITES, o posicionamento tanto do Miteco como de Pesca é claro, e están en contra desta inclusión.

Achacábanme as dúas voceiras de que eu intentara terxiversar e falar dos tres grupos con representación no Parlamento Europeo. Eu o que dixen é que os tres grupos nos que estamos integrados os tres partidos políticos con representación nesta Cámara, tanto o Partido Popular como o PSdeG e tamén o propio Bloque Nacionalista Galego, nesa Comisión de Medio Ambiente votaron a favor da inclusión da quenlla. Eu o que dicía é que claro que é certo que tamén eurodeputados do Partido Socialista, non o eurodeputado galego, pero eurodeputados do Partido Socialista votaron a favor da inclusión da quenlla neste apéndice II da CITES. E, polo tanto, a este grupo e ao meu partido quedaralles tamén o traballo para intentar convencer estes eurodeputados para que revertan esta decisión.

Eu tamén convido a que tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Popular fagan o mesmo cos seus representantes políticos. Polo tanto, nese sentido vai tamén a nosa iniciativa: que a propia Xunta de Galicia se dirixa aos grupos políticos con representación no Parlamento Europeo, porque quedan máis votacións no propio Parlamento Europeo para poder revertir esta decisión. Porque vostedes, señorías, saben que ata o mes de novembro hai incluso aberto o prazo para presentar alegacións a estas decisións. Polo tanto, entre todos, xa que nos xogamos moito, porque somos a comunidade autónoma máis afectada con esta decisión.

É certo que as tres voceiras coincidimos en que é unha mala decisión das institucións comunitarias. Ben, a decisión é de Panamá, que tamén a señora Egerique dicía que ben... E coincidimos en que a pesca legal alí brilla bastante pola súa ausencia. Pero dicimos que é unha mala decisión de Panamá que está avalada polas institucións comunitarias. Non facemos o mesmo discurso que o Bloque Nacionalista Galego, de que a entrada na Unión Europea veu para darlle morte á pesca galega, cando non o di este partido, non o di o Partido Socia-



lista, senón que o propio presidente da Alianza Europea da Pesca de Fondo di que tamén se abriron portas aos investimentos noutros países membros, ou temos tamén a oportunidade de reestruturar ao longo dos nosos anos e mudar as formas de pescar e de vender.

Pero o certo é que as últimas decisións que se están a adoptar por parte... Non é un ente abstracto, señora Rosana, claro que non é un ente abstracto, está formado por dirixentes políticos. E, claro, se vostede me achaca a min o que fan os representantes e os eurodeputados do Partido Socialista, no que está integrado o meu grupo, pois eu ao mellor —e nunca o fago— terei que empezar tamén a dicirlle que vostedes están en alianza con ese comisario de Pesca que é tan prexudicial para a nosa comunidade autónoma. E non o estiven a facer, señora Rosana, pero agora veñen vostedes faltar á verdade. (*Murmurios.*) Cando eu na miña primeira intervención dixen que esta decisión prexudicial para a frota de palangre de superficie galega viña avalada por máis pero por tres dos grupos europeos nos que estamos integrados os partidos que hoxe estamos aquí.

Polo tanto, se queremos ver as cousas, vémolos. Eu recoñezo o que fixeron os eurodeputados do Partido Socialista, e algúns votaron a favor da inclusión da quenlla no apéndice II da CITES; pero recoñezan tamén vostedes a parte que lles toca.

Polo tanto, como aínda estamos en posición de poder revertir esta decisión, fagamos entre todos e entre todas ese traballo que nos corresponde. ¿Falar cos nosos compañeiros nas institucións comunitarias? Dende logo. Pero a Xunta de Galicia como Goberno galego da principal potencia pesqueira comunitaria e ademais a que vai saír máis prexudicada de levarse a adiante esta decisión, porque estabamos a falar de que os portos de Burela, de Marín, de Vigo e da Guarda van ser dos máis prexudicados. Polo tanto, vaiamos da man nesta decisión.

Eu, a verdade, é que traía esta iniciativa sen intentar buscar confrontación entre os tres grupos parlamentarios porque creo que no fondo coincidimos en que esta é unha decisión que, de levarse a adiante, suporía un golpe mortal para unha parte moi importante do noso sector pesqueiro, e porque de novo vemos como seguen a chocar na mesma pedra que viamos coa decisión da Comisión Europea no veto da pesca de fondo...

**O señor PRESIDENTE:** Sobre as emendas.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...porque nin vén nin avalada polos avais científicos e nin sequera se contou con ese impacto socioeconómico.

E, presidente, como lle dicía, hai dúas emendas que son moi parecidas, as do Grupo Parlamentario Popular e as do BNG, e intentaremos chegar a un acordo.

**O señor PRESIDENTE:** Vale. Grazas.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** E pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*A señora Pérez Fernández pide o uso da palabra.*)



**O señor PRESIDENTE:** Si, ¿para que quere a palabra, por favor?

Déanlle voz.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Pido a palabra porque lamento que fala das alusións que implican inexactitudes, pola referencia que fixo a señora Egerique.

**O señor PRESIDENTE:** ¿E cal é exactamente a inexactitude?

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Pois a señora Egerique dixo que a señora Ana Miranda non estaba presente na Comisión de Medio Ambiente... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** A ver, ¿cal é?

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** E a inexactitude é que a señora Ana Miranda non pode estar presente nesa comisión porque non pertence a esa comisión. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Non pertence a esa comisión. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Pero ela dixo que... *(Protestas.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, eu non estaba exactamente no debate, así que cóntame ti, vicepresidenta primeira, como foi.

*(A señora Candia López pronuncia palabras que non se perciben.)*

Claro, oia: no fútbol hai o VAR... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Pausa.)*

Estame dicindo a vicepresidenta, que era a que estaba presidindo nese momento, que a propia señora Egerique corrixiu sobre a marcha. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A ver, *(Murmurios.)* eu teño que crerlle á señora vicepresidenta o que me di aquí. *(Murmurios.)* Entón, imos zanxar o debate. *(Murmurios.)*

¿Corrixiu a señora Egerique a inexactitude? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero dígame, ¿corrixiu? *(A señora Egerique Mosquera pide o uso da palabra.)* Pois a ver, dígame.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Digo que eu dixen que Ana Miranda non estaba nesa comisión e non votou. *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** Perfecto.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Non é ningunha inexactitude. *(Protestas.)* ¡Xa está! *(Murmurios.)*



**O señor PRESIDENTE:** Ben, un pouco de calma.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Vostede estaba no debate, señora Rosana. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Entón, o asunto é que non estaba e que non votou.

*(Murmurios.)*

Tranquilidade. O asunto é que non estaba e que non votou. *(Murmurios.)*

**A señora VIPRESIDENTA SEGUNDA (Prado Cores):** O asunto é que se está incumprindo o Regulamento.

**O señor PRESIDENTE:** Bueno, non. Non sei.

**A señora VIPRESIDENTA SEGUNDA (Prado Cores):** Si, si que se está incumprindo o Regulamento... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non é... Non, por favor, non diga... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non diga iso porque non corría présa iso. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdoe, vostede é a vicepresidenta segunda, correspóndelle respecto institucional. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Por favor, señora Prado. Silencio. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Si, ¡home!, por favor. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Igual ca min. *(Aplausos.)*

E eu, que non estou presidindo, antes de tomar unha decisión, o normal é que me asesore. Eu non teño un VAR como teñen no fútbol, ou sexa, que teño que preguntar. Entón, creo que a decisión foi clara. *(Murmurios.)*

Continuamos, que imos xa coa última.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa súa política fiscal**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** En fin, ás veces unha pensa que a manipulación neste país está residenciada fundamentalmente na TVG pero non, tamén chega a esta propia Cámara. *(Aplausos.)* Menos mal que hai vídeos. *(Aplausos.)*

Si, non se poñan nerviosos. Xa lles dixo a miña compañeira Rodil no debate que tivo con vostede que isto non é a súa leira, que nós tamén temos dereito a falar, señor Pazos. *(Aplausos.)* ¡Tranquilícese! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

*(Pronúncianse palabras que non se perciben entre os membros da Mesa.)*





**O señor PRESIDENTE:** Non pasa nada con que perdamos un pouco máis de tempo para aclarar esta cuestión.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Ben, o do tempo... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Por favor, non podo estar entre dous fogos.

Continúe, señora Presas, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Si, pero ¿non me vai restituír aí algúns segundos?

**O señor PRESIDENTE:** Continúe. Tranquila, non se preocupe por iso.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Ben, boa tarde, case noite.

Hai quen nunca limpou un váter e hai quen limpa cincocentos ao mes. «Hai quen nunca limpou un váter e hai quen limpa cincocentos ao mes» é unha frase que se formula na obra de teatro *As que limpan*, da Panadaría Teatro, unha obra que está xirando nestes momentos polo noso país. Unha obra espectacular que vai marcar e que está a marcar xa un punto de inflexión na nosa dramaturxia por moitas razóns, porque neste país afortunadamente, malia todo, vivimos un momento no que, pese á pandemia, pese á crise económica e pese a que a política cultural e orzamentaria do Partido Popular prefire dedicar os recursos que poderían ir a fomentar a nosa cultura ás entradas VIP de concertos para os seus colegas, (*Aplausos.*) segue habendo neste país cultura, industria cultural resistente, vizosa e viva. (*Aplausos.*)

E esta obra de teatro da que lles falaba ás súas señorías a esta última hora da tarde, na que xa a capacidade de atención está reguleira, entre outros méritos, ten o mérito de ser un retrato punzante e demoledor da gran desigualdade social e económica que sostén este sistema económico neste momento na nosa sociedade actual. Faino a través dun grupo de limpadoras e disecciona o modelo económico que fai que unha minoría rica camiñe por riba do lombo dunha maioría social, desa maioría social de clases populares que sofre, ademais da fenda de clase, unha fenda enorme de xénero.

Este é un modelo que poderíamos resumir en dous titulares: un é de hai escasamente un mes, e dinos: «*Galicia sumó doscientos nuevos millonarios en plena pandemia y su riqueza bate récord*». Outros datos poderían ser os de onte da Rede Galega contra a Pobreza, que sacaba o seu último informe, que nos di nada máis e nada menos que 678.000 persoas neste país, un 25,2 % da poboación do noso país, estaba en risco de exclusión ou pobreza no 2021, e que máis da metade, ademais, eran mulleres; un indicador, o da feminización da pobreza, que só fai agravarse.

Isto é así porque nas últimas crises — sexa na financeira, na da pandemia ou, máis recentemente, na crise inflacionista que estamos a vivir nestes momentos— o resultado é sempre o mesmo: aumentan as grandes fortunas, e non o fan de maneira inocua, senón que o fan á custa da maioría social, de que sexan as maiorías sociais as que paguen co seu lombo o prezo das crises cíclicas que ten o capitalismo. Porque, efectivamente, se hai persoas que nunca



limparon un váter é porque hai máis que limparon máis de cincocentos ao mes a cambio dunha miseria.

E aumenta esa minoría rica porque hai un sistema económico e un sistema fiscal que favorece que sexa así, que favorece esa elite minoritaria e que prexudica, evidentemente, a quen está máis abaixo na pirámide, soportando condicións precarias, hipotecando a súa saúde e padecendo ademais unha degradación progresiva e cada vez máis intensa dos servizos públicos.

Esa é basicamente a estratexia do Partido Popular: alimentar a cúspide da pirámide en detrimento de quen está máis abaixo, ou dito doutra maneira: traballar máis para favorecer a minoría do que á maioría.

E hai xusto un ano estaba entrando nesta Cámara un proxecto de orzamentos —os orzamentos que aínda están vixentes— no que o Partido Popular aproveitaba o contexto económico, que xa era lesivo, que xa tiña unha inflación desbocada, para privilexiar máis as rendas máis altas. E así vendíannos con gran propaganda unha reforma fiscal que en realidade era regresiva, unha reforma fiscal pola cal unha desas limpadoras que protagonizan esta obra de teatro tería no mellor dos casos unha gran rebaixa anual duns doce euros ao ano de aforro fiscal, ¡doce euros ao ano! Pola contra, alguén que cobrase máis de sesenta mil euros ao ano —o seu xefe, por exemplo— tería un aforro de arredor de cincocentos.

Pero non contentos desde as bancadas do Partido Popular con non dialogar coa oposición, non ceder a facer ningún tipo de consenso no ámbito fiscal nunha situación como a que xa viviamos hai un ano, de redistributiva a mudanza xa non tiña nada, pero empeorárona os membros do Grupo Parlamentario do Partido Popular, cunha emenda que o que facía era aínda elevar máis a rebaixa fiscal para as grandes fortunas, estendéndoas a persoas que cobraban aínda máis. Polo tanto, empeorando esa situación.

E isto acontecía hai un ano. E ás veces pois pasa como con iso da manipulación, que parece que vemos só o da TVG e nos olvidamos doutras máis sutís, pois nós xa pensabamos que non podían ir a máis. Pero si, efectivamente, levan vostedes uns meses anunciando —dos poucos anuncios que son capaces de facer con este novo presidente— unha nova reforma fiscal na que aínda van ir máis alá. E non teñen outra idea mellor que nun contexto no que a inflación segue desbocada, acaban de saír os últimos datos, e aínda que descendeu un pouco no último mes segue desbocada en Galiza, un 9,2, que é superior aos datos estatais, que están no 8,9.

E tamén onte insistía na miña primeira parte da intervención, onde viamos novos datos da Rede Galega contra a Pobreza, que facía atención en que, por exemplo, algunha das cuestións máis insistentes por parte desta rede era apuntar a que a situación sería peor de non ser por ferramentas extraordinarias que se aprobaron por parte dos diferentes gobernos. E insistía unha vez máis en pedirlle á Xunta a recuperación desa tarxeta básica que suprimiron, porque esa é a situación na que nos atopamos neste momento: cando desde hai máis dun ano e medio sobe a inflación sen fin no noso país, o Partido Popular non só non quere facer unha reforma fiscal que realmente sexa redistributiva, senón que ameaza con aforrar máis cartos



aínda a quen son máis ricos. ¿A cambio de que? A cambio de que a administración pública teña menos recursos, recursos cos que se poderían financiar ferramentas tan importantes como esa tarxeta básica.

E fronte a iso, ¿que fai o Partido Popular? ¿Decide destinar recursos económicos a incrementar en cando menos cen euros a pensións non contributivas? Non. ¿Decide o Goberno do Partido Popular intervir, por exemplo, no mercado da vivenda, que alerta a Rede Galega contra a Pobreza que é o ámbito no que máis empeoraron todos os indicadores? Non. O que decide o Partido Popular é propoñer un gran pelotazo fiscal para rebaixar aínda máis as rendas dos máis ricos. *(Aplausos.)* Algo que nos vai custar —teremos que esperar uns días e unhas horas para ver se realmente coinciden as cifras—, segundo os seus anuncios, uns trinta e catro millóns de euros, que imos perder de recursos nun orzamento que estará moi necesitado de medidas no ámbito social e dos servizos públicos.

E isto ¿para beneficiar exactamente a quen? Pois a sete mil persoas máis ricas do noso país. A esas persoas que estiveron enchendo os seus petos ademais na crise económica provocada pola pandemia, na crise inflacionista e tamén na crise anterior.

Polo tanto, o resultado é evidente nas cifras. Nun país no que case setecentas mil persoas están en risco de exclusión social, o Partido Popular non se ocupa desas setecentas mil persoas, senón da minoría, de sete mil persoas, que son as máis ricas do noso país.

E a proposta defínese soa coas cifras, pero o certo é que ás veces hai cousas que hai que dicir con todas as letras. E esta proposta, da que hoxe —insistimos unha vez máis— se trata de impedir a retirada antes de que sexa oficial e entre neste Parlamento galego, é directamente in-de-cen-te. Non ten outro cualificativo. *(Aplausos.)*

Por iso hoxe queremos insistir na nosa proposta de que retiren ese pelotazo fiscal canto antes, de que o fagan antes de que entren os orzamentos nesta Cámara, porque o certo é que cando rectifican é cando acerta este goberno. Polo tanto, están a tempo porque estamos nun momento de crise e de empobrecemento masivo, porque os indicadores como o da aceptación da inflación son maiores en Galiza, e non podemos permitirnollos o risco de perder ingresos pola vía dos orzamentos e pola vía dos impostos, como serían eses trinta e catro millóns que sabemos polos titulares de prensa de momento, pero que nos aventuramos a dicir que serán máis. E non podemos porque a inflación tamén afecta as contas públicas, tamén encarece a prestación de servizos. Polo tanto, realmente isto o que agocha detrás son recortes.

E para máis inri sabemos que incluso o propio Consello de Contas, un organismo fiscalizador obxectivo, alerta de que as rebaixas fiscais que vostedes aprobaron unilateralmente nos anos que levan gobernando non están avaliadas, non están avaliados os seus efectos. Polo tanto, sabemos o que perdemos, o que deixamos de investir en servizos públicos, pero non sabemos cal é o beneficio real.

Si sabemos cal é indirectamente o sector máis prexudicado da sociedade. Sabémolo porque malia que despois da crise financeira comezou a subir o produto interior bruto, por exemplo,



a desigualdade social seguiu consolidándose, porque sabemos que trimestre a trimestre a enquisa estrutural dos fogares o que nos di é que un de cada dous galegos constantemente —pode variar un pouco a porcentaxe un mes ou outro— teñen dificultade ou moita dificultade para chegar á fin de mes.

Ese non é o país que queremos desde o Bloque Nacionalista Galego. Nós non queremos un país no que un de cada dous galegos teña que pasalo mal para chegar a fin de mes. Nós queremos un país no que realmente haxa unha redistribución da riqueza. Polo tanto, pedimos hoxe que se retire esta proposta.

E o pasado 12 de outubro conmemorabamos desde o Bloque Nacionalista Galego o Aniversario das Mártires de Nebra, unhas mulleres valentes que no ano 1916 se rebelaron en Porto do Son contra unha serie de impostos inxustos que quería arbitrar o concello para pagar unha débeda da que elas non eran responsables coa Deputación da Coruña. Esas mulleres rebelábase contra eses señores feudais que vivían a corpo de rei grazas ao seu sobreesforzo.

E cambiou moito o mundo desde 1916, pero hoxe segue habendo señores feudais neste país vestidos doutra maneira e dándose abrazos como o de Iberdrola co expresidente da Xunta. Pero, desde logo, nós temos claro que ese non é o modelo social que queremos.

Nós temos claro que por elas, sexan as mártires de Nebra, sexan as que limpan ou sexan todas aquelas mulleres e homes que están vivindo no día de hoxe unha situación de risco e exclusión social, merecemos que este país se dea a oportunidade de responder a esta crise dunha maneira diferente ás anteriores, con xustiza social, con equilibrio social e con medidas que realmente sexan o contrario do que está propoñendo o Partido Popular.

Polo tanto, apelamos con escasa esperanza a que teñan un pouco de responsabilidade, un pouco de capacidade de diálogo e a que hoxe acepten retirar ese pelotazo fiscal e negociar coas forzas da oposición un novo modelo fiscal e de xustiza para este país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Grazas, señor presidente.

A Galicia que os socialistas queremos é unha Galicia do benestar, é unha Galicia da igualdade de oportunidades, é unha Galicia que pensa en cada un dos galegos e das galegas do noso país. Nós queremos unha Galicia con posibilidade de futuro para a xente, unha Galicia na que cremos na liberdade política dos cidadáns, pero na que tamén sabemos da importancia do Estado do benestar e dos servizos públicos.

É por iso que cando falamos hoxe desta proposición aquí no Parlamento de Galicia estamos confrontando dous modelos distintos de sociedade e de estado: o da dereita e o da esquerda.



Estamos confrontando dúas formas de razoar como queremos construír unha sociedade mellor, na que poidamos loitar por aqueles que teñen máis dificultades. E eu quérolle dicir ao Partido Popular que sen impostos non hai servizos públicos nin hai Estado do benestar, que sen xustiza fiscal non hai xustiza social. E tamén lles quero lembrar que a desigualdade da riqueza no noso país é maior que a desigualdade da renda. A dereita está nun camiño no que non sabemos cara a onde quere ir.

E cando a inflación en Galicia está por riba do 10 por cento e temos unha das inflacións máis altas do Estado, o Partido Popular afronta o debate dos impostos porque non ten capacidade de apoiar a economía do país e de dar solución ao problema da inflación. Porque o debate da política fiscal non soluciona os problemas inflacionarios que existen na nosa economía, nin aqueles inducidos pola situación da guerra de Ucraína, nin tampouco aqueles que se convertan nun factor estrutural do noso país.

É necesario redefinir a política económica e hai que facelo cando a política monetaria está cambiando de senso porque a Reserva Federal e o Banco Central marcaron un novo tempo de suba acelerada dos tipos de interese, coa que temos que estar tamén moi pendentes. Porque se a ortodoxia dos estatutos dos Banco Central Europeo, que teñen como único obxectivo a inflación, volve marcar a política monetaria, volveremos ter unha saída deste momento de recuperación con menor xeración de emprego e con máis problemas para o crecemento, como xa aconteceu na anterior crise que vostedes xestionaron.

E a carón desa política monetaria é necesario adoptar unha política fiscal que permita dotar o Estado dos suficientes recursos para poder apoiar a cidadanía, para poder apoiar a xente.

E eu escoitei na última comparecencia do señor Rueda aquí na sede parlamentaria un discurso fondamente preocupante. O actual presidente da Xunta de Galicia veu ao Parlamento de Galicia facer un discurso neothatcheriano, un discurso no que chegou a dicir que onde mellor están os cartos é nas mans dos cidadáns, un discurso no que acusou o Estado do benestar de debilitar a sociedade e a economía galega. E eu quérolles dicir aos señores do Partido Popular que pensen que cando hai que pagar un tratamento de cancro, hai que aboar noventa mil euros de media; que cando hai que escolarizar un neno ou unha nena, custa oito mil euros por cada un dos anos que teñen no ensino público; que cando hai que apoiar a dependencia, milleiros de euros para eses cidadáns, e que para iso fan falla fondos públicos, impostos, recursos.

É certo que hai un debate que se está producindo con serenidade, que é o tema de deflatar determinados impostos. Eu creo que é un tema que se pode afrontar e debater, se cambiar as tarifas e ver en que niveis situalos. Pero tamén lles quero recordar que a pesar de que cando hai maior inflación iso implica que a través do IVE ou a través do salto no IRPF hai unha maior recadación, tamén os custos que ten o Goberno galego para financiar os servizos públicos son maiores. Porque para poñer a funcionar un colexio en Galicia ou pagar o combustible das ambulancias ou para facer tantos servizos públicos son necesarios máis cartos.

E o Goberno do Partido Popular ten a hipocrisía política de estar sempre dicíndolle ao Goberno do Estado que non lle manda os fondos que quere, pero non exercendo as competen-





cias que ten o deber de exercer. Aquilo, señor Puy, que se chama «corresponsabilidade fiscal», que é propio tamén dun estado autonómico, dun estado federal como o español; dun estado no que cremos nas autonomías, pero no que as autonomías teñen que ser tamén corresponsables.

Eu entendo os debates en profundidade pero non podo compartir a folla de ruta do señor Rueda e do Partido Popular en Galicia. Porque admitindo o debate sobre tantas cuestións fiscais e impositivas, botando en cara a este Goberno da Xunta que está minorando e prexudicando o Estado do benestar, botándolle á cara ao Goberno da Xunta do Partido Popular que fan unha hipocrisía política e económica recadando fondos ao Goberno de España, pero non contribuindo ás arcas do Estado, téñolles que dicir que por onde non podemos pasar é que nun momento de tantas dificultades o Goberno Rueda se dedique a chegar onde non se atreveu a chegar o Goberno do señor Feijóo.

Porque falar neste momento de rebaixar o imposto de patrimonio a unha minoría de millonarios galegos é unha indecencia política, é unha falla de respecto ás familias que tan mal o están pasando, é un regalo fiscal de catro mil euros a sete mil setecentos galegos, cando vostedes non están traballando para reducir as listas de espera en sanidade, cando hai problemas na escolarización ou cando non soben o complemento autonómico das pensións non contributivas; ao que votaron non en comisión parlamentaria para subirlles agora un 5 por cento, de 206 a 220 euros. E para iso levan gobernando dende o ano 2009, cando o Goberno de España sobe as pensións de todos os pensionistas galegos nun oito e pico por cento.

Esa é a sensibilidade social do Goberno do señor Rueda, que segue a estela da señora Ayuso, do señor Feijóo, (*Aplausos.*) dun Partido Popular que é a dereita pura, a dereita que non quere falar de impostos e que, ademais, aplica reformas de impostos para beneficiar unha parte minoritaria dos galegos.

O señor Rueda, na súa intervención, facía referencia a que había que seguir a senda de redución de impostos de distintas economías. E, nomeadamente, poñía o exemplo británico; o exemplo británico que está xa nos paradigmas do que é o fracaso da política económica de redución de impostos e que teremos que impartir docencia en todas as aulas. Vostede tamén, señor Puy —que é un bo profesor de Facenda na Facultade de Dereito—, explicando como fracasa a política de redución de impostos que aplica o Goberno de Liz Truss no Reino Unido. ¿É que non se dan conta? O Goberno británico anunciou un paquete fiscal de redución de impostos por 50.000 millóns de libras, e o castigo dos mercados foi tan brutal que tivo que dar marcha atrás, que tivo que cambiar o ministro de Economía do Reino Unido. E cando o cambiou, tivo que dar marcha atrás en toda esa redución impositiva. E hoxe mesmo a primeira ministra británica acaba de pedir desculpas por esa redución impositiva na que baixaba o tipo impositivo aos máis ricos e que o novo ministro de Economía dixo que foi un erro.

E eu téñolle que dicir ao Partido Popular que rectifique, que pida desculpas, que dea marcha atrás nesa redución do imposto de patrimonio, que sei que avergoña a tantos membros do Partido Popular, que o Partido Popular en Galicia o tivo que facer pola porta de atrás, porque o marcou Ayuso, porque seguiu Moreno Bonilla e porque Rueda foi o alumno último de Feijóo que aplicou esa reforma. E cando vostedes a ocultan están ocultando parte do que están fa-



cendo. Feijóo chegou a reducir o 25 por cento; vostedes, o 50 por cento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Pero cren que van ben vostedes? (*Murmurios.*) E se van ben preguntariálles: se tan ben van, ¿por que non o fixo o señor Feijóo? ¿É que o señor Rueda vai máis alá do señor Feijóo? ¿É que o señor Rueda ten que rectificar as políticas do señor Feijóo? En definitiva, ¿están dicindo que hai que facer políticas redistributivas fiscais para beneficiar a minoría millonaria galega con máis forza do que o fixo xa o señor Feijóo? Baixen dese cabalo, rectifiquen esa política. Quérollelo dicir porque Galicia merece algo máis.

Lembren vostedes que a presión fiscal en España está no 37,5 por cento, mentres na zona euro está no 41,8 por cento. Poderíamos degraer outros moitos indicadores, tamén os que soe utilizar a dereita para intentar encubrir este dato, que é o máis relevante de todos. Queden con ese dato: sen impostos non hai Estado do benestar, sen recadación non temos para financiar. E cando hai problemas para financiar servizos públicos, e dínnolo vostedes nas proposicións e os membros do Goberno, aplíquense o conto.

Eu creo que con esta reforma do imposto do patrimonio Galicia retrocede en igualdade, en progresividade; vai cara a un discurso neothatcherista que non nos beneficia. Pero quérolles dicir máis. Hoxe presentaban vostedes os orzamentos da Xunta que van entrar no Parlamento de Galicia. E hoxe mesmo o señor Feijóo pide que o Goberno do Estado retire os orzamentos xerais do Estado, porque asumen un crecemento para a economía galega dun 2,1 por cento. Os orzamentos da Xunta de Galicia predín un crecemento do PIB para o ano que vén do 3,6 por cento, cando o servizo de estudos do BBVA acaba de dicir que o crecemento estimado para o ano que vén é do 1 por cento.

Se o señor Feijóo lle pide retirar os orzamentos ao presidente do Goberno, xa saben o que teñen que facer aquí vostedes cuns orzamentos que favorecen as minorías, que fan unha reforma fiscal perversa, indecente, para regalar catro mil euros aos millonarios de Galicia, e que, en cambio, predí os ingresos da Xunta de Galicia a través dun crecemento que está máis de dous puntos por riba do estimado hoxe mesmo polo servizo de estudos dun dos bancos máis prestixiosos do Estado.

Así que lles quero dicir, para acabar: é tempo de que poñan as pilas nunha nova etapa; non vale crer que a inflación vai desaparecer coas reformas fiscais e necesitamos un Estado non para loitar pola igualdade exacta, pero si pola igualdade de oportunidades. Aos socialistas a igualdade de oportunidades é o que nos move, é o que nos dá a razón de ser, e para que haxa igualdade de oportunidades é necesario que haxa servizos públicos e Estado do benestar. Para financiar eses servizos públicos, fágano con política fiscal progresiva, gravando os millonarios de Galicia e non facéndolles regalos fiscais de 4.000 euros a sete mil galegos que teñen millóns de euros. Ese non é o camiño, eles poden pagar eses euros e moitos galegos necesitan mellores servizos públicos para ter mellores escolas, para ter un pediatra en cada centro de saúde e para ter unha Galicia mellor. Ese é o reto que lles pedimos: rectifiquen a política fiscal e traballen para a maioría en vez de para a minoría.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** A esquerda deixou un bolígrafo vermello aquí no atril, non sei se é do señor... (*Murmurios.*) ¿É seu? Xa sabe que a dereita é honrada e devolve o que non é seu. (*Aplausos.*)

Señor presidente, ben, como levo aquí moitos anos, eu sei que o Parlamento ten unha certa compoñente de teatralización. De feito, fíxome graza que falara a propoñente dunha obra de teatro para comezar a súa intervención.

Efectivamente, ten que haber unha alternativa e aquí teatralízase a alternativa; este é o xogo da democracia; despois, cada un xulga como actúan na obra de teatro cada un dos actores, sobre todo o público, que é o que vota. Pero certamente eu creo que polo menos nesta teatralización que é o Parlamento debemos de ter coidado con dúas cousas. A primeira é ter certo respecto á realidade, á evidencia; e, en segundo lugar, cando se fala sobre todo de cuestións que teñen un ámbito técnico, tamén certo rigor técnico cando un fala.

E os impostos eu coincido co señor Caballero en que é un tema moi serio. Oliver Wendell Holmes dicía que era o prezo que hai que pagar pola civilización e un prezo que desde logo estamos todos dispostos a pagar, pero sempre recordando que os cartos os gaña a xente e que son o froito do esforzo do traballo de moitas familias que conseguen os recursos para, precisamente, ter unha mellor vida.

Hai poucos días o profesor Santiago Lago dicía nun artigo que estes debates teñen un compoñente técnico e que lamentablemente moitas veces se impón a ideoloxización, esquecendo o tema técnico, que tamén é importante.

Eu comparto, como dixo vostede, como profesor de facenda pública, pois certa desazón por ver como ás veces se abordan os debates fiscais nesta cámara. Porque eu creo que é conveniente falar de rigor e dicir que con 34 millóns de euros non se poden contratar setecentos médicos de atención primaria e facer as contas e seguir repetindo día tras día, como se fixo nesta cámara mesmo onte por parte do grupo propoñente; ou dicir que, por exemplo, tamén se arregla toda a dependencia, cando a dependencia se arregla facilmente simplemente con que o Estado cumpra coa súa parte, ¿non?, cos 200 millóns de euros cos que deixa de contribuír este ano.

E tamén na PNL, porque a PNL non fala exclusivamente do imposto do patrimonio. Fala, por exemplo, e piden explicitamente que se eleve o mínimo exento ao 10 por cento no imposto sobre a renda das persoas físicas. É que resulta que, ademais de que iso sería unha parte básica — polo tanto, competencia estatal —, que non podería facer a Xunta, é que resulta que desde o ano 2006 un goberno socialista suprimiu o mínimo exento. Pídenos que subamos un mínimo exento que non existe na declaración da renda, cousa que lle pode preguntar ao seu asesor fiscal, porque, se non sabe que non existe, é porque non fan vostedes mesmos a súa, evidentemente. (*Aplausos.*)



Entón, eu tratarei modestamente de manter un pouco os conceptos, porque o concepto é o concepto, e o concepto en política fiscal é particularmente relevante e importante.

En primeiro lugar, hai que recordar —isto xa o expuxemos aquí e o informe dos expertos para a reforma fiscal de España tamén o di— que, cando falamos de equidade e de redistribución, a desigualdade se reduce unha terceira parte pola vía dos ingresos e dúas terceiras partes pola vía do gasto. É conveniente recordar iso cando se critican uns orzamentos que gastan tres de cada catro euros en política social e ademais son os presupostos máis altos en política social da historia da Comunidade Autónoma. É aí onde está o fundamentalmente redistributivo.

En segundo lugar, que os tributos, os impostos, teñen unha serie de obxectivos. Uns son obvios. O de financiar o gasto público hai que facelo con sostibilidade; non se pode estar nun 6 por cento dun déficit estrutural, que é o que temos hoxe, 3 por cento no ano 2020. E tamén obxectivos de política social e económica. A eficiencia é crear máis riqueza; a equidade, conseguir máis igualdade; e tamén a estabilidade.

Por certo, iso é o que non temos hoxe con estas taxas de inflación e, certamente, como todo fiscalista sabe, a mellor forma de combater o dano que lles fai a inflación ás rendas medias e baixas é deflactando a tarifa, como, por certo, están a facer tantas comunidades autónomas gobernadas pola esquerda ou tantos países europeos gobernados tamén pola esquerda. (*Aplausos.*)

Tamén é conveniente recordar que estamos nun contexto de globalización, globalización que produce noticias tan interesantes como que os portugueses abarrotan as gasolineiras de Galicia aproveitando o desconto estatal —a xente móvese por pagar menos tributos—, que fai que o presidente de Portugal, o presidente socialista de Portugal, diga: *El Gobierno socialista portugués, sin complejos para atraer fortunas. Aquí no hay impuesto de patrimonio.* Porque, efectivamente, a xente móvese e, polo tanto, cando un fala de política fiscal, o que ten é que falar do contexto no que se producen as políticas fiscais.

E, finalmente, hai que ter en conta os principios que inspiran a imposición. E certamente a parte, en principio, do beneficio —e recordo os orzamentos que aprobou o Goberno esta mañá—, os tributos que veñen polo principio do beneficio, que son as taxas e os prezos públicos, están conxelados, como levan conxeladas as taxas universitarias desde o ano 2009, demostrando o compromiso social do Goberno do Partido Popular; o resto dependen non do principio de beneficio, senón do principio da capacidade de pago. E o principio da capacidade de pago faise gravando tres elementos: a renda —para iso está o imposto da renda e o imposto de sociedades—, o consumo, o IVE e a riqueza.

E a riqueza ten distintas formas de tributar. Grávase a propiedade en si mesma; está o imposto sobre o patrimonio, está o imposto municipal sobre os bens inmoables e están os impostos que gravan a circulación da riqueza, que son o imposto de sucesións e doazóns, o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Moi ben, pois se un fai un repaso desta tributación no seu conxunto de renda/riqueza, porque en consumo non temos capacidade tributaria, a conclusión á que podemos chegar —e



vou dar datos— é que a Xunta non fai unha política regresiva, como di a esquerda, senón que fai unha política progresiva. Tendo en conta que o concepto progresivo é un concepto que é importante, que é unha relación entre como evolucionan as bases tributarias coas cotas que se pagan, non é pagar máis impostos. Porque moitas veces a xente entende que progresividade é pagar moito. Non, progresividade é que, conforme a base crece, a cota crece máis proporcionalmente que a base. Por exemplo, pódese facer máis progresividade baixando os impostos, que é o que está a facer a Xunta. Por exemplo, no IRPF. Ademais de que o 90 por cento dos beneficios fiscais son de índole social, os impostos que se deflactan, os tres primeiros tramos, de tal maneira que nos tres primeiros tramos, que son as rendas ata 35.000 euros, son as rendas que menos tributan no tramo autonómico polo IRPF de España, na segunda posición. Estase incrementando a produtividade do sistema. Se un mantén a tributación das rendas altas e baixa as das máis baixas, o imposto é máis progresivo, non regresivo.

Claro, nisto chegamos aos 35.000, en Valencia o Goberno Socialista deflacta ata 60.000. Iso é unha cuestión que xa é distinta.

Eu sinceramente, señor Caballero, cando le titulares como: *El único de los grandes del euro que sube presión fiscal es España*, ¿non lle chama a atención? Ben, nós, efectivamente, temos outra forma de entender que parece que vai máis acorde co que fan incluso gobernos socialistas por Europa.

Falemos agora da circulación da riqueza. O imposto de transmisións patrimoniais. ¿Que fixo a Xunta desde o ano 2009? Do 9 por cento, que é o xeral para os inmobles, baixou ao 7 por cento para a compra de vivenda habitual, axuda á vivenda; o 3 por cento para vivenda habitual de discapacitados, familias numerosas, menores de 36 anos e vítimas de violencia de xénero; todas elas cun límite polo patrimonio que ten quen adquire o ben. ¿Isto é regresivo? Eu creo que é moi progresivo.

En sucesións. Certamente un millón de euros é o límite polo cal entre pais e fillos non se tributa. Estamos a falar de seiscientos setenta e cinco mil galegos que herdaron dos seus pais sen ter que pagar tributos. En cambio, o grupo 3, por suposto o grupo 1, que tributan por máis dun millón de euros en sucesións, que é riqueza, e, por suposto, todos aqueles que están lonxe dese grao pois non tributan nada.

E chegamos a patrimonio, que é o exemplo máis característico de confusión da esquerda en España. Primeiro, quitárono, no ano 2000; primeiro era provisional; o propio Fuentes Quintana dicía que era pouco frecuente, de baixa recadación e, polo tanto, un imposto en decadencia. Iso dicíao o que puxo o imposto, nos anos oitenta. Recada pouco, é un quinto do imposto de transmisións patrimoniais, ten moitos problemas de xestión e, sobre todo, como di a OCDE, é un imposto que dificulta o aforro, desfavorece o aforro e, polo tanto, o investimento, que é xusto o que o país precisa.

Pois ben, no ano 2011, atendendo a estes argumentos teóricos e doutrinarios, o Goberno socialista sácao. Enseguida, cando veu a crise, no 2011, teno que recuperar. Primeiro quitárono e despois recuperárono.





Hoxe non hai ningún país da Unión Europea que teña un imposto sobre o patrimonio, ningún. O tipo máximo en España é do 3,75. O tipo máximo nos outros dous países europeos, non da Unión Europea, que teñen este imposto, en Noruega é do 0,15, aquí o 3,75 de Estremadura, e Suíza oscila entre o 0,03 e o 1,9. Portugal non o ten. Ten un imposto local sobre o patrimonio onde está exento un mínimo de 600.000 euros se é unha persoa e, se é un matrimonio, 1.200.000 euros. O BNG o que nos pide na súa proposición é que poñamos o mínimo exento en 300.000 euros. E este é o Goberno socialista portugués.

En Galicia comezamos coa rebaixa deste imposto hai un ano. Non estamos facendo seguimento. Eu xa lles dixen doutra vez: será ao revés; será que seguen a Galicia, porque o ano pasado baixamos ao 25, anunciouse que ía baixar e baixar paulatinamente, do 25 por cento en catro anos, e este ano o que toca é o segundo cuarto da rebaixa.

Ben, todas estas cuestións son técnicas, pero o que me levan é a unha conclusión. Hai un famoso dito en materia fiscal, autoría de Colbert —quen fora ministro de Economía do Rei Sol, que inaugura o mercantilismo, a nacionalización das empresas e a creación de monopolios estatais, etc.—, e dixo unha frase, que fixo fortuna, que di que os impostos, a arte dos impostos, é como desplumar un ganso: trátase de sacarlle moitas plumas, pero de que berre moi pouco. (*Murmurios.*)

Ben, chegados a este punto, eu creo que o modelo do Partido Popular, primeiro, é transparente; estamos debatendo as baixadas de impostos e explicándoas. Son rebaixas progresivas, son redistributivas. O informe de EAPN o que di é que somos das cinco comunidades que melloramos na taxa AROPE e que estamos por baixo da media en pobreza económica, cando somos unha comunidade con renda por baixo da media. É unha tributación que ademais favorece a eficiencia no gasto e ademais conseguímolos con menor endebedamento que o resto das comunidades autónomas.

Eu creo que a filosofía política fiscal do Partido Popular é sacarlle ao ganso as plumas exclusivamente necesarias para manter os servizos públicos de calidade. ¿Que vimos hoxe? Pois o modelo colbertiano puro. O do Rei Sol é o Goberno socialista; sácalle moitas plumas pero sen que grazne o ganso. ¿Por que?

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor PUY FRAGA:** Porque o fai coa inflación. Aos pensionistas sóbelles o 2,5, pero desa suba do 2,5 deste ano o 40 por cento volve, porque co deslizamento cara á progresividade do imposto, ao non deflactar as tarifas, volve polo imposto da renda á caixa do Estado. Sácalle os cartos á cidadanía e procura que o ganso non grite moito.

O Bloque, en cambio, é o auténtico. Xa dixo a propoñente que o que queren é cargarse o sistema no seu conxunto...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...e, polo tanto, o que tratan é de desplumar o ganso. E o triste é que non lles importe que grazne ou non grazne.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Ben, en primeiro lugar, quería agradecer os puntos en común que houbo co voceiro dos Socialistas de Galicia.

E ben, señor Puy, como non lle gustou demasiado a referencia teatral que escollín, aínda que eu aproveito para recomendarlle que vaia ver, se non foi, esta obra de teatro, vou escoller outra máis clásica, a ver se lle gusta máis, se nos poñemos de acordo, que é de Valle-Inclán, *Luces de Bohemia*, cando creo que era Max que lle dicía a Latino: *Nuestra tragedia no es una tragedia*, porque precisamente insistía en que non era digna de denominarse cun apelativo cunha descrición dun xénero tan honroso como a traxedia, e definía o que se estaba vivindo como un esperpento.

Pois a nós pásanos un pouco iso con vostedes cando temos algún debate de política económica ao fío dos orzamentos. Tamén cando vostedes negan a realidade que vivimos no noso contexto, como facían nos orzamentos anteriores e como fan agora, que non queren ver a realidade social que hai neste país.

E o debate técnico que temos aquí é o seguinte: se detraemos 34 millóns de euros dos ingresos públicos para beneficiar as sete mil persoas máis ricas deste país, o que facemos é ter menos recursos económicos para tomar medidas como repoñer (*Aplausos.*) a Tarxeta Básica. E insisto na ferramenta: a Tarxeta Básica, porque é paradigmática de como vostedes están na súa torre de marfil e non queren dialogar con ninguén, porque é unha ferramenta que crearon vostedes, que a oposición reconece que foi unha ferramenta útil e necesaria e unha ferramenta das que as entidades do terceiro sector están a reivindicar a súa recuperación, que están a dicir que axudou a que os índices de pobreza non se agravaran e que, polo tanto, hai que mantela, porque a situación económica segue a ser complicada non, complicadísima, e a empeorar, e vostedes pois tapan os oídos.

Quero dicir que xa non é unha cuestión de que non lles gusten as propostas da oposición, é que non lles gustan as propostas nin da oposición nin do terceiro sector, nin da maioría da sociedade, que está insistindo en (*Aplausos.*) elementos que incluso saíron da súa creación e que vostedes prefiren deostalos e poñelos de lado.

Iso non debe ser ideoloxía, iso debe ser inspiración divina, pero a cuestión é que iso alimenta un sistema económico desigual, que, por suposto, o Bloque Nacionalista Galego non comulgamos con el e queremos transformalo e seguiremos insistindo nas nosas emendas nas próximas semanas. Porque con eses recursos económicos que se van detraer do financiamento dos servizos públicos e da política económica que é capaz de fomentar a Xunta de Galiza cos orzamentos, que é a ferramenta máis poderosa que ten, pois tamén podería destinarse para outros elementos como incrementar esas pensións non contributivas, como recuperar a gra-titude dos libros de texto, etc., etc.



Porque vostedes si que despluman realmente o ganso, tomando a súa metáfora, porque non é redistributiva unha reforma que o que fai é rebaixar oitenta e oito veces máis os impostos aos sete mil máis ricos do que aos setecentos mil máis pobres. Iso vostede cualifícao de transparente e redistributivo. Nós, desde logo, redistributivo non llo compramos, xa expliquei o porqué. E transparente, tampouco, porque incluso o Consello de Contas insiste en que vostedes recoñecen nas respostas que fan nas súas delegacións que non hai planificación estratéxica, porque realmente ese é o seu modelo económico: ir detraendo recursos do público fortalecendo o ámbito privado, as rendas máis privilexiadas e sen estratexia. Corrixo: agora teñen unha estratexia, que é facer seguidismo da que decida o señor Feijóo a nivel da súa campaña electoral madrileña. Pero é que niso Galiza o que fai é seguir perdendo e seguir perdendo oportunidades de fortalecer os servizos públicos.

E iso tamén se ve facendo retrospectiva de cal é o prezo desas sucesivas rebaixas fiscais e dese modelo económico ao longo dos últimos anos. E volvo remitirme a informes obxectivos do Consello de Contas. Por exemplo, vostedes dedicáronse a desplumar o ensino público. ¿Que nos di o informe do Consello de Contas, que nos dicía que Galiza foi a cuarta autonomía que máis reduciu o seu persoal público entre 2009 e 2019? Que vostedes financiaron na educación pública non universitaria unha perda de dúas mil cincocentas persoas menos. ¡Caramba para o desplume do ganso do ensino público!

Pois así fixeron vostedes con todo e nós, desde logo, non avalamos ese modelo económico, polo cal a través dos pelletazos fiscais de hoxe hipotecamos os servizos públicos de hoxe e, sobre todo, de mañá. Desde logo, ese non é o modelo social nin económico que defendemos desde o BNG. E igual que citaba as mártires de Nebra e aquel feudalismo, pois seguiremos insistindo neste debate orzamentario en que a nós non nos vale tampouco este neofeudalismo que vostedes pretenden aplicar por vía destes pelletazos fiscais.

Desde logo, insistiremos nas nosas propostas en evidenciar que hai unha alternativa e, sobre todo, en que o que vostedes están facendo nun contexto económico como este, o que van facer, é seguir hipotecando máis e máis os nosos servizos públicos e afogando máis e máis a quen menos ten.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

O bolígrafo, o bolígrafo.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Pois rematados os debates das proposicións non de lei, procedemos á votación.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta.

Votamos.



*Votación da Proposición non de lei autoemendada do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María del Carmen Rodríguez Dacosta e catro deputados/as máis, sobre as actuación que debe lear a cabo a Xunta de Galicia para loitar contra o despoboamento e a masculinización do rural*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don José Alberto Pazos Couñago.*

*Había unha proposta de transacción. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Non hai transacción.*

*Votamos.*

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para o cumprimento do cofinanciamento do 50 % da Lei de dependencia e para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno sexa equitativa*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 31.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández.*

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*Non, non se acepta a votación por puntos.*

*Votamos.*

*Votación da Proposición non de lei autoemendada do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Rosana Pérez Fernández e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para defender a frota galega da pesca de artes de fondo*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*



**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de don José Manuel Balseiro.

Acéptase o punto 3 da emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Votamos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Si? ¿Acepta a votación por puntos, señor Balseiro? ¿Perdón? Que si. ¿Que puntos quere separar? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Votamos, en primeiro lugar, o punto número 3.

Votamos.

*Votación do punto 3 da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa información e o seguimento da situación do viaduto do Castro, na autovía A-6*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o punto 3 desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o resto dos puntos da proposición non de lei.

Votamos.

¡Vaia! A ver agora. *(Murmurios.)* Non vai. Imos facer outro intento. ¿Agora vai?

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, agás o punto xa votado, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España en relación coa información e o seguimento da situación do viaduto do Castro, na autovía A-6*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona Patricia Otero.

Hai unha proposta de transacción; non sei se a coñecen todos os grupos; ¿coñécena?

Votamos.





*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para demandar do Parlamento Europeo o rexeitamento da inclusión da quenlla na Convención sobre o comercio internacional de especies ameazadas de fauna e flora silvestre*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora, por último, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por iniciativa de dona Noa Presas.*

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Si? ¿Pide votación por puntos? ¿Que puntos quere separar? O 1 e o 2. ¿Acéptalle vostede? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Ben, entón votamos en primeiro lugar o punto 1 e 2. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Ah!, ¿son dous? Perdón. Entón, votamos o punto número 1.*

*Votamos.*

*Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa súa política fiscal*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o punto 1 desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos o punto número 2.*

*Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa súa política fiscal*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 40; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o punto 2 desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Suspendemos a sesión ata mañá ás 10 da mañá. Boa noite.*


*Suspéndese a sesión ás oito e vinte e oito minutos do serán*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abelairas Rodríguez, María Isaura	(S)	39. Otero Rodríguez, Patricia	(S)
2. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	41. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
4. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	42. Pérez López, Daniel	(BNG)
5. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	43. Pérez López, Noelia	(P)
6. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	44. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
7. Armada Pérez, José Antonio	(P)	45. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
8. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	46. Porro Martínez, María Corina	(P)
9. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	47. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
10. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	48. Prado del Río, Paula	(P)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Puy Fraga, Pedro	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Rey Varela, José Manuel	(P)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
18. Cores Tourís, José Manuel	(P)	56. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
19. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	57. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
20. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
21. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	59. Rodríguez González, Román	(P)
22. Fernández Alfonso, Ramón	(BNG)	60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
23. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
24. Fernández Prado, Martín	(P)	62. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
25. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. Francisco Rivera, Juan Carlos	(S)	64. Sanz Arias, Cristina	(P)
27. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	65. Seco García, Martín	(S)
28. García Martínez, Fabiola	(P)	66. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
29. González Albert, María	(BNG)	67. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
30. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	68. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
31. González Vázquez, José	(P)	69. Torrado Quintela, Julio	(S)
32. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	70. Vázquez Almuíña, Jesús	(P)
33. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Martínez García, Valeriano	(P)	72. Vázquez Mejuto, María Ángeles	(P)
35. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	73. Vázquez Mourelle, Ethel María	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	75. Vereá Fraiz, Borja	(P)
38. Ortega Otero, Marina	(S)		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

